

# INFORME SOBRE A EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE EN GALICIA

Colección Informes 2/21



## INFORME SOBRE A EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE EN GALICIA

Colección Informes 2/21





# **INFORME SOBRE A EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE EN GALICIA**

**Colección Informes 2/21**

# INFORME SOBRE A EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE EN GALICIA

© Consello Económico e Social de Galicia

Informe 2/21, aprobado polo Pleno do CES o 27 de maio de 2021

## Edición:

Consello Económico e Social de Galicia

## Autores:

Juan Ares Fernández

Iria Dios Murcia

Alberto Meixide Vecino

Yolanda Pena Boquete

*AYeconomics / IDEGA / USC*

## Impresión:

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Este documento pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)

ISBN: 978-8-09-31321-1

Depósito legal: C 908-2021

# Índice

|       |                                                                                                               |     |
|-------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 1     | Introdución.....                                                                                              | 10  |
| 2     | O mercado de traballo xuvenil galego no contexto global .....                                                 | 11  |
| 3     | Evolución do mercado de traballo xuvenil en Galicia: recesión de 2008, recuperación e crise do Covid-19 ..... | 13  |
| 3.1   | A inactividade.....                                                                                           | 13  |
| 3.1.1 | A poboación xuvenil inactiva en Galicia .....                                                                 | 13  |
| 3.2   | O acceso ao mercado de traballo. A educación fronte a busca de emprego .....                                  | 21  |
| 3.3   | A poboación activa .....                                                                                      | 23  |
| 3.3.1 | Os activos e as taxas de actividade .....                                                                     | 23  |
| 3.4   | A poboación ocupada.....                                                                                      | 27  |
| 3.4.1 | A ocupación e as taxas de emprego .....                                                                       | 27  |
| 3.4.2 | A ocupación xuvenil por grandes sectores económicos .....                                                     | 32  |
| 3.4.3 | O nivel formativo da ocupación xuvenil en Galicia .....                                                       | 36  |
| 3.4.4 | Os asalariados e a temporalidade .....                                                                        | 43  |
| 3.4.5 | O tempo parcial e a súa involuntariedade .....                                                                | 50  |
| 3.4.6 | As afiliacións á Seguridade Social.....                                                                       | 53  |
| 3.4.7 | As afiliacións á Seguridade Social nos diferentes réximes. O especial comportamento dos autónomos. ....       | 55  |
| 3.4.8 | Os contratos. Evolución das súas tipoloxías.....                                                              | 60  |
| 3.5   | O desemprego .....                                                                                            | 64  |
| 3.5.1 | O desemprego estimado e rexistrado. Taxas de desemprego absolutas e relativas. ....                           | 64  |
| 3.5.2 | A experiencia laboral da poboación parada en Galicia .....                                                    | 71  |
| 3.5.3 | A formación e as taxas de paro .....                                                                          | 72  |
| 3.5.4 | A duración do desemprego .....                                                                                | 77  |
| 3.5.5 | Os demandantes de emprego que no SISPE non son parados. Aproximación aos traballadores en ERTes.....          | 78  |
| 3.5.6 | Beneficiarios das prestacións por desemprego .....                                                            | 81  |
| 4     | Distribución territorial do desemprego e emprego xuvenil.....                                                 | 85  |
| 5     | Descomposición das dinámicas do emprego xuvenil.....                                                          | 94  |
| 5.1   | Segregación sectorial .....                                                                                   | 94  |
| 5.2   | Metodoloxía .....                                                                                             | 99  |
| 5.3   | Resultados .....                                                                                              | 101 |

|       |                                                                                                                                                  |     |
|-------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 5.3.1 | Efecto dos ERTES sobre a descomposición .....                                                                                                    | 105 |
| 5.4   | Adaptación das habilidades de cara a unha potencial transferencia de traballadores dos sectores afectados polo Covid-19 .....                    | 108 |
| 6     | Os fluxos migratorios .....                                                                                                                      | 116 |
| 6.1   | Empregabilidade e inserción laboral.....                                                                                                         | 120 |
| 6.2   | A inserción laboral dos titulados universitarios .....                                                                                           | 120 |
| 6.2.1 | A inserción laboral dos graduados do Sistema Universitario de Galicia. ....                                                                      | 121 |
| 6.2.2 | A inserción laboral dos titulados en Másteres do Sistema Universitario de Galicia.. .....                                                        | 128 |
| 6.2.3 | A inserción laboral dos graduados en ensinanzas de Formación Profesional .....                                                                   | 132 |
| 6.2.4 | A inserción laboral nos ciclos Formativos de Grado Medio .....                                                                                   | 133 |
| 6.2.5 | A inserción laboral nos ciclos formativos de Grado Superior .....                                                                                | 137 |
| 6.2.6 | A inserción laboral na Formación Profesional Básica. ....                                                                                        | 143 |
| 7     | A actuación do sector público para combater o desemprego xuvenil.....                                                                            | 144 |
| 7.1   | As políticas de emprego xuvenil no marco orzamentario da Unión Europea 2014-2020. ....                                                           | 144 |
| 7.2   | A posta en práctica das actuacións. ....                                                                                                         | 145 |
| 7.3   | As actuacións de fomento do mercado de traballo xuvenil doutros organismos ou institucións .....                                                 | 152 |
| 8     | Resumo e Conclusións.....                                                                                                                        | 157 |
| 9     | Bibliografía .....                                                                                                                               | 168 |
| 10    | Anexo.....                                                                                                                                       | 171 |
| 10.1  | Cadros e gráficos extraídos do Informe da AIReF): <i>Evaluación del Gasto Público, 2018. Estudio Programa Políticas Activas de Empleo.</i> ..... | 171 |
| 10.2  | Agregación EPA .....                                                                                                                             | 174 |

## Gráficos

|                                                                                                                                                                       |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Gráfico nº 1: Evolución das taxas de paro dos menores de 25 anos en Galicia e España e nos países con maior xeración de PIB e que non pertencen á Unión Europea ..... | 11 |
| Gráfico nº 2: Taxa de paro (menos de 25 anos) na UE en 2008 e 2019.....                                                                                               | 12 |
| Gráfico nº 3: Porcentaxe dos inactivos que se declaran estudantes .....                                                                                               | 16 |
| Gráfico nº 4: Miles de persoas de idade entre 16 e 24 anos inactivos que non estudan en Galicia .....                                                                 | 17 |
| Gráfico nº 5: Inactivos totais e activos potenciais en Galicia .....                                                                                                  | 19 |
| Gráfico nº 6: Activos potenciais en Galicia de 16 e 24 anos .....                                                                                                     | 19 |
| Gráfico nº 7: Activos potenciais en Galicia por sexo.....                                                                                                             | 20 |

|                                                                                                                                                          |    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Gráfico nº 8: Inactivos en Galicia, segundo traballaron anteriormente e cursen estudos de 16 a 29 anos (%) .....                                         | 22 |
| De 16 a 24 anos (%) .....                                                                                                                                | 22 |
| De 25 a 29 anos (%) .....                                                                                                                                | 22 |
| Gráfico nº 9: Evolución trimestral das taxas de actividade en Galicia por grupos de idade .....                                                          | 25 |
| Gráfico nº 10: Evolución da taxa de actividade de homes e mulleres de 16 a 24 anos .....                                                                 | 26 |
| Gráfico nº 11: Evolución da taxa de actividade de homes e mulleres de 25 a 29 anos .....                                                                 | 26 |
| Gráfico nº 12: Evolución trimestral da taxa de emprego xuvenil en Galicia, España e UE-27 .....                                                          | 30 |
| Gráfico nº 13: Evolución trimestral das taxas de emprego en Galicia por grupos de idade .....                                                            | 31 |
| Gráfico nº 14: Evolución do peso relativo da ocupación de entre 16 e 29 anos en Galicia por grandes sectores económicos.....                             | 34 |
| Gráfico nº 15: Evolución do peso relativo de ocupación total en Galicia por grandes sectores económicos .....                                            | 35 |
| Gráfico nº 17: Evolución da poboación en Galicia entre 16 e 29 anos por nivel formativo .....                                                            | 40 |
| Gráfico nº 18: Distribución porcentual dos ocupados de 16 a 29 por nivel educativo e sexos .....                                                         | 43 |
| Gráfico nº 19: Peso relativo dos traballadores temporais de 16 a 24 anos sobre a ocupación ....                                                          | 48 |
| Gráfico nº 20: Evolución da taxa de temporalidade en Galicia por distintos grupos de idade .....                                                         | 49 |
| Gráfico nº 21: Diferenzas intertrimestrais na taxa de temporalidade en Galicia.....                                                                      | 49 |
| Gráfico nº 22: Evolución da taxa de temporalidade de homes e mulleres de 16 a 24 anos .....                                                              | 50 |
| Gráfico nº 23: Evolución da taxa de temporalidade de homes e mulleres de 25 a 29 anos .....                                                              | 50 |
| Gráfico nº 24: Evolución da taxa a tempo parcial por grupos de idade .....                                                                               | 52 |
| Gráfico nº 25: Peso dos ocupados a tempo parcial que desexaban traballar a tempo completo (%) .....                                                      | 52 |
| Gráfico nº 26: Evolución da taxa de tempo parcial de homes e mulleres de 16 a 24 anos.....                                                               | 53 |
| Gráfico nº 27: Evolución da taxa de tempo parcial de homes e mulleres de 25 a 29 anos.....                                                               | 53 |
| Gráfico nº 28: Taxa de variación dos afiliados á Seguridade Social en media mensual dos datos do último día de cada mes .....                            | 55 |
| Gráfico nº 29: Afiliados á Seguridade Social (16-29 anos) por réximes en media mensual dos datos do último día de cada mes. ....                         | 57 |
| Gráfico nº 30: Taxa de variación dos afiliados á Seguridade Social (de 16 a 29 anos) por réximes en media anual dos datos do último día de cada mes..... | 58 |
| Gráfico nº 31: Evolución das afiliacións totais á SS (2008=100) .....                                                                                    | 59 |
| Gráfico nº 32: Evolución das afiliacións ao réxime xeral da SS (2008=100= .....                                                                          | 59 |
| Gráfico nº 33: Evolución das afiliacións ao réxime de autónomos da SS (2008=100) .....                                                                   | 59 |
| Gráfico nº 34: Evolución das afiliacións ao réxime agrario da SS (2008=100) .....                                                                        | 59 |
| Gráfico nº 35: Evolución dos contratos iniciais en Galicia por tramos de idade .....                                                                     | 61 |
| Gráfico nº 36: Evolución en Galicia do paro rexistrado (SEPE) e do estimado (EPA) .....                                                                  | 66 |
| Gráfico nº 37: Liña de tendencia da evolución en Galicia do paro rexistrado (SEPE) e do estimado (EPA) .....                                             | 66 |

|                                                                                                                                                                                    |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Gráfico nº 38: Evolución trimestral das taxas de desemprego en Galicia por grupos de idade ....                                                                                    | 68  |
| Gráfico nº 39: Diferenzas intertrimestrais na taxa de desemprego en Galicia .....                                                                                                  | 68  |
| Gráfico nº 40: Evolución da taxa de desemprego de homes e mulleres de 16 a 24 anos .....                                                                                           | 69  |
| Gráfico nº 41: Evolución da taxa de desemprego de homes e mulleres de 25 a 29 anos .....                                                                                           | 69  |
| Gráfico nº 42: Taxa relativa de desemprego xuvenil de 16 a 29 anos fronte á de 30 a 64 anos ..                                                                                     | 70  |
| Gráfico nº 43: Evolución do desemprego xuvenil relativo .....                                                                                                                      | 71  |
| Gráfico nº 44: Peso relativo dos parados de 16 a 29 anos en Galicia por nivel formativo .....                                                                                      | 73  |
| Gráfico nº 45: Peso dos parados en Galicia de 16 a 29 anos que teñen educación superior.....                                                                                       | 76  |
| Gráfico nº 46: Demandantes de emprego que son parados rexistrados .....                                                                                                            | 79  |
| Gráfico nº 47: Peso relativo dos demandantes de emprego que non se inclúen no paro rexistrado sobre a demanda de emprego total .....                                               | 80  |
| Gráfico nº 48: Taxa de variación interanual dos demandantes de emprego que non se inclúen no paro rexistrado.....                                                                  | 80  |
| Gráfico nº 49: Porcentaxe de emprego de cada grupo socioeconómico por sector en 2019.....                                                                                          | 95  |
| Gráfico nº 50: Distribución de emprego por actividade económica dependendo da idade e o sexo en 2019.....                                                                          | 97  |
| Gráfico nº 51: Índice de disimilitude de Duncan por idade e sexo .....                                                                                                             | 99  |
| Gráfico nº 52: Descomposición das variacións do emprego das persoas entre 16 e 29 anos desde o primeiro cuadrimestre de 2008 ao terceiro cuadrimestre de 2020 .....                | 102 |
| Gráfico nº 53: Descomposición das variacións do emprego das persoas entre 16 e 29 anos por sexo .....                                                                              | 103 |
| Gráfico nº 54: Descomposición das variacións do emprego das persoas entre 30 e 65 anos desde o primeiro cuadrimestre de 2008 ao terceiro cuadrimestre de 2020 .....                | 104 |
| Gráfico nº 55: Descomposición das variacións do emprego de maiores de 30 anos por sexo...                                                                                          | 105 |
| Gráfico nº 56: Descomposición das variacións do emprego por sexo e idade tendo en conta o efecto dos ERTes .....                                                                   | 107 |
| Gráfico nº 57: Variación no emprego no segundo e terceiro trimestre entre o 2019 e 2020 no total de persoas traballadoras novas .....                                              | 110 |
| Gráfico nº 58: Índice de disimilitude dos Servizos de comidas e bebidas para o total de persoas traballadoras novas e maiores .....                                                | 112 |
| Gráfico nº 59: Uso de cada habilidades para os sectores que presentan un índice de disimilitude máis baixo a 0,36 co sector Servizos de comidas e bebidas para os máis novos ..... | 113 |
| Gráfico nº 60: Índice de disimilitude do Comercio ao retalho para o total de persoas traballadoras novas e maiores .....                                                           | 114 |
| Gráfico nº 61: Uso de cada tarefa para o Comercio o retalho e os sectores máis afíns .....                                                                                         | 115 |
| Gráfico nº 62: Poboación española residente no estranxeiro con Galicia como CA de inscrición .....                                                                                 | 116 |
| Gráfico nº 63: TVI da poboación española residente no estranxeiro con Galicia como CA de inscrición.....                                                                           | 117 |
| Gráfico nº 64: Emigración en Galicia de 16 a 29 anos .....                                                                                                                         | 118 |

|                                                                                                         |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Gráfico nº 65: Inmigración en Galicia de 16 a 29 anos .....                                             | 118 |
| Gráfico nº 66: Saldo migratorio en Galicia de 16 a 29 anos .....                                        | 119 |
| Gráfico nº 67: Graduados universitarios en Galicia segundo as vías utilizadas para atopar emprego ..... | 127 |
| Gráfico nº 68: Titulados de máster segundo o lugar de traballo en 2019 .....                            | 129 |
| Gráfico nº 69. Esquema global simplificado de financiación do sistema español de emprego ..             | 171 |
| Gráfico nº 70. Gasto por CCAA por demandante de emprego en 2017 .....                                   | 173 |
| Gráfico nº 71. Servizos realizados polas Oficinas de Emprego por tipoloxía e CCAA en 2017 ..            | 173 |

## Cadros

|                                                                                                                        |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Cadro nº 1: Poboación en Galicia .....                                                                                 | 14 |
| Cadro nº 2: Inactivos en Galicia .....                                                                                 | 14 |
| Cadro nº 3: Porcentaxe de inactivos sobre a poboación .....                                                            | 15 |
| Cadro nº 4: Activos potenciais de entre 16 e 24 anos e inactivos totais .....                                          | 18 |
| Cadro nº5: Peso relativo (%) dos activos potenciais de entre 16 e 24 anos sobre os inactivos totais .....              | 18 |
| Cadro nº 6: Taxas de actividade da poboación de 16 a 29 anos .....                                                     | 23 |
| Cadro nº 7: Número de activos en Galicia .....                                                                         | 24 |
| Cadro nº 8: Taxas de actividade .....                                                                                  | 24 |
| Cadro nº 9: Número de ocupados en Galicia.....                                                                         | 29 |
| Cadro nº 10: Taxa de emprego .....                                                                                     | 29 |
| Cadro nº 11: Peso relativo por idades das ocupadas na ocupación total (%) .....                                        | 32 |
| Cadro nº 12: Evolución dos ocupados de 16 a 29 anos por grandes sectores económicos (miles de persoas).....            | 32 |
| Cadro nº 13: Peso relativo das ocupadas de 16 a 29 anos na ocupación total galega (%) .....                            | 36 |
| Cadro nº 14: Evolución da poboación ocupada en Galicia entre 16 e 29 anos por nivel formativo (miles de persoas) ..... | 38 |
| Cadro nº 15: Evolución da poboación ocupada en Galicia entre 16 e 24 anos por nivel formativo (miles de persoas) ..... | 39 |
| Cadro nº 16: Evolución da poboación ocupada en Galicia entre 25 e 29 anos por nivel formativo (miles de persoas) ..... | 39 |
| Cadro nº 17: Taxa de emprego de 16 a 29 anos por nivel de formación alcanzado .....                                    | 41 |
| Cadro nº 18: Taxa de emprego de 16 a 24 anos por nivel de formación alcanzado .....                                    | 41 |
| Cadro nº 19: Taxa de emprego de 25 a 29 anos por nivel de formación alcanzado .....                                    | 42 |
| Cadro nº 20: Número de asalariados en Galicia .....                                                                    | 44 |
| Cadro nº 21: Taxa de asalarización .....                                                                               | 45 |
| Cadro nº 22: Taxa de temporalidade en Galicia .....                                                                    | 46 |

|                                                                                                                                      |     |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Cadro nº 23: Asalariados temporais e indefinidos, por tramos de idade, nos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020.....             | 47  |
| Cadro nº 24: Afiliación á Seguridade Social da poboación galega de entre 16 e 29 anos.....                                           | 53  |
| Cadro nº 25: Taxas de variación dos afiliados á Seguridade Social de 16 a 29 anos por réximes .....                                  | 56  |
| Cadro nº 26: Taxa de variación interanual dos contratos iniciais asinados en Galicia por idade ..                                    | 62  |
| Cadro nº 27: Contratos rexistrados en Galicia .....                                                                                  | 63  |
| Cadro nº 28: Número de parados en Galicia .....                                                                                      | 65  |
| Cadro nº 29: Taxa de desemprego en Galicia .....                                                                                     | 67  |
| Cadro nº 30: Poboación parada con experiencia laboral (miles de persoas) .....                                                       | 71  |
| Cadro nº 31: Peso relativo dos traballadores parados sen experiencia laboral previa (%).....                                         | 72  |
| Cadro nº 32: Evolución da poboación parada en Galicia entre 16 e 29 anos por nivel formativo (miles de persoas) .....                | 74  |
| Cadro nº 33: Taxa de paro de 16 a 29 anos por nivel de formación alcanzado .....                                                     | 75  |
| Cadro nº 34: Taxa de paro de 20 anos ou máis por nivel de formación alcanzado .....                                                  | 75  |
| Cadro nº 35: Nº traballadores parados (EPA) de 16 a 29 anos por tempo de búsqueda (miles)..                                          | 77  |
| Cadro nº 36: Nº traballadores parados (EPA) de 16 a 29 anos por tempo de búsqueda (%) .....                                          | 77  |
| Cadro nº 37: Nº traballadores parados (SEPE) de 16 a 24 anos por tempo de búsqueda (miles)                                           | 78  |
| Cadro nº 38: Nº traballadores parados (SEPE) de 16 a 24 anos por tempo de búsqueda (%) ....                                          | 78  |
| Cadro nº 39: Diferenza entre a demanda total pendente de emprego no SISPE e o paro rexistrado .....                                  | 81  |
| Cadro nº 40: Beneficiarios por prestación por desemprego .....                                                                       | 83  |
| Cadro nº 41: Aproximación á taxa de cobertura dos beneficiarios por prestacións por desemprego .....                                 | 84  |
| Cadro nº 44: Situación laboral en 2019 dos graduados universitarios do curso 2013-2014 en Galicia .....                              | 121 |
| Cadro nº 45: Graduados universitarios en Galicia segundo o seu lugar de residencia en 2019.                                          | 122 |
| Cadro nº 46: Graduados universitarios do curso 2013-2014 segundo a súa situación profesional e ámbito de estudo en 2019 .....        | 122 |
| Cadro nº 47: Graduados universitarios segundo o tipo de xornada laboral en 2019 .....                                                | 123 |
| Cadro nº 48: Graduados que traballan por sexo e ocupación .....                                                                      | 123 |
| Cadro nº 49: Graduados que traballan por sexo e sector de actividade .....                                                           | 124 |
| Cadro nº 50: Graduados universitarios en Galicia segundo o número de empregadores para os que traballaron despois de titularse ..... | 124 |
| Cadro nº 51: Graduados universitarios en Galicia segundo área na que traballa .....                                                  | 125 |
| Cadro nº 52: Graduados universitarios en Galicia segundo a utilidade da súa titulación para atopar traballo .....                    | 125 |
| Cadro nº 53: Graduados universitarios en Galicia segundo o salario mensual neto en 2019.....                                         | 126 |
| Cadro nº 54: Graduados universitarios en Galicia segundo tempo traballado .....                                                      | 126 |

|                                                                                                                                                                                         |     |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Cadro nº 55: Graduados universitarios en Galicia desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda e o momento de inicio da búsqueda .....                                              | 127 |
| Cadro nº 56: Titulados de máster no curso 2013-2014 segundo a súa situación laboral en 2019 .....                                                                                       | 128 |
| Cadro nº 57: Titulados de máster segundo a situación profesional en 2019.....                                                                                                           | 129 |
| Cadro nº 58: Titulados de máster segundo o tipo de xornada laboral en 2019.....                                                                                                         | 130 |
| Cadro nº 59: Titulados de máster segundo a súa ocupación en 2019 .....                                                                                                                  | 130 |
| Cadro nº 60: Titulados de máster segundo a actividade económica principal da empresa na que traballa en 2019.....                                                                       | 131 |
| Cadro nº 61: Titulados de máster segundo o tempo transcurrido ata que atoparon o primeiro emprego .....                                                                                 | 131 |
| Cadro nº 62: Titulados de máster desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda de emprego .....                                                                                     | 132 |
| Cadro nº 63: Titulados de máster segundo salario mensual neto .....                                                                                                                     | 132 |
| Cadro nº 64: Indicadores de afiliación. Formación Profesional de grao medio. Taxa de afiliación media (%) .....                                                                         | 133 |
| Cadro nº 65: Distribución dos afiliados. Formación Profesional de grao medio. Curso 2014-2015. Cuarto ano (%) .....                                                                     | 134 |
| Cadro nº 66: Porcentaxe de afiliados por conta allea con contrato indefinido. Formación Profesional de grao medio. Curso 2014-2015.....                                                 | 135 |
| Cadro nº 67: Distribución dos afiliados por conta allea segundo o tipo de xornada. Formación Profesional de grao medio. Curso 2014-2015. Cuarto ano .....                               | 135 |
| Cadro nº 68: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio do curso 2013-2014 en Galicia e que están traballando en 2019.....                                                            | 136 |
| Cadro nº 69: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio en Galicia que traballaban en 2019 segundo consideren que recibiron suficiente formación para desempeñar o seu traballo ..... | 136 |
| Cadro nº 70: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio en Galicia segundo o salario mensual neto en 2019.....                                                                        | 137 |
| Cadro nº 71: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio en Galicia do curso 2013-2014 desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda de emprego .....                              | 137 |
| Cadro nº 72: Afiliación por sexo e período de análise. F.P. Grao superior. Curso 2014-2015. Taxa de afiliación media (%) .....                                                          | 138 |
| Cadro nº 73: Distribución dos afiliados por sexo e réxime. F.P. Grao superior. Curso 2014-2015. Cuarto ano.....                                                                         | 139 |
| Cadro nº 74: Porcentaxe de afiliados por conta allea con contrato indefinido. F.P. Grao superior. Curso 2014-2015.....                                                                  | 139 |
| Cadro nº 75: Distribución dos afiliados por conta allea segundo tipo de xornada F.P. Grao superior. Curso 2014-2015. Cuarto ano.....                                                    | 140 |
| Cadro nº 76: Situación laboral en 2019 dos titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior en Galicia. Curso 2013-2014.....                                                             | 140 |
| Cadro nº 77: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior do curso 2013-2014 en Galicia segundo a súa situación profesional en 2019.....                                             | 140 |

|                                                                                                                                                                                 |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Cadro nº 78: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior en Galicia segundo a actividade económica principal da empresa na que traballa en 2019 .....                       | 141 |
| Cadro nº 79: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior que traballaban en 2019 segundo consideren que recibiron suficiente formación para desempeñar o seu traballo ..... | 141 |
| Cadro nº 80: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior. Salario mensual neto en 2019 .....                                                                                | 142 |
| Cadro nº 81: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior do curso 2013-2014 en Galicia que estaban desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda .....                  | 142 |
| Cadro nº 82: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior en Galicia segundo o número de empregadores para os que traballaron despois de titularse en 2014 .....             | 143 |
| Cadro nº 83: Inserción laboral para os titulados da Formación Profesional básica .....                                                                                          | 143 |
| Cadro nº 84: Sistema de Garantía Xuvenil (ninis). Incidencia en Galicia .....                                                                                                   | 145 |
| Cadro nº 85: Distribución do tipo de actuacións. Total do período 2013-2017 .....                                                                                               | 147 |
| Cadro nº 86: Ratio de inserción laboral aos 12 meses .....                                                                                                                      | 147 |
| Cadro nº 87: Distribución da enquisa de actuacións de formación en Galicia .....                                                                                                | 147 |
| Cadro nº 88: Calidade do emprego dos enquisados aos 12 meses do fin da actuación en Galicia .....                                                                               | 148 |
| Cadro nº 89: Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral en 2019. Número de accións formativas, importe económico e distribución dos participantes .....        | 150 |
| Cadro 90. Visión global das PAE por países .....                                                                                                                                | 171 |
| Cadro 91. Orzamento de gasto en PAE por CCAA en 2017 .....                                                                                                                      | 172 |

## Mapas

|                                                                                                                                              |    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Mapa nº 1: Peso das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos nos sectores esenciais en 2019 e 2020 .....                                      | 86 |
| Mapa nº 2: Peso das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos nos sectores máis afectados en 2019 e 2020 .....                                 | 87 |
| Mapa nº 3: Peso relativo das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos sobre as maiores de 30 nos sectores esenciais en 2019 e 2020 .....      | 88 |
| Mapa nº 4: Peso relativo das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos sobre as maiores de 30 nos sectores máis afectados en 2019 e 2020 ..... | 89 |
| Mapa nº 5: Proxy da taxa de paro dos traballadores entre 16 e 29 anos en 2019 e 2020 .....                                                   | 90 |
| Mapa nº 6: Proxy da taxa de paro das traballadoras entre 16-29 anos en 2019 e 2020 .....                                                     | 91 |
| Mapa nº 7: Proxy da taxa de paro dos traballadores de 16 a 29 anos relativa a dos traballadores de 30 e máis anos en 2019 e 2020 .....       | 92 |
| Mapa nº 8: Proxy da taxa de paro das traballadoras de 16 e 29 anos relativa a das traballadoras maiores de 30 anos en 2019 e 2020 .....      | 93 |

# 1 Introducción

O problema do desemprego xuvenil ten importantes efectos económicos e sociais que, entre outros, afectan negativamente ao crecemento económico, á eficiencia, a produtividade, a distribución da renda ou a desigualdade. Ademais dos impactos macroeconómicos, non son menos importantes os efectos microeconómicos relacionados cos danos permanentes que, situacións prolongadas de desemprego, provocan na carreira profesional dos traballadores máis novos.

E ben coñecida a elevada sensibilidade cíclica do emprego e o paro xuvenil ante as flutuacións económicas. Os efectos da mesma manifestáronse con toda a súa gravidade na recesión económica de 2008 e, de novo, están a manifestarse na crise recente asociada ao COVID-19. Ao longo das últimas décadas, España ven sendo un dos países da Unión Europea onde a gravidade dos desequilibrios no mercado de traballo xuvenil son máis acusados e Galicia comparte os principais problemas asociados ao funcionamento do mesmo. As iniciativas desenvolvidas desde diferentes instancias (supranacionais, dos Estados, de ámbito rexional ou local) para mellorar a empregabilidade e reducir o paro xuvenil están sendo moi numerosas nos últimos anos, pero con resultados moi desiguais e, con frecuencia, pouco satisfactorios.


Neste contexto, o obxectivo deste estudo é o de ofrecer un diagnóstico rigoroso dos problemas relacionados coa empregabilidade e o paro xuvenil en Galicia e das políticas desenvolvidas na etapa máis recente. O horizonte temporal do traballo abarca desde a crise iniciada en 2008 ata a crise máis recente, asociada á pandemia provocada polo COVID-19. Dado que aínda estamos inmersos nesta segunda crise e cun horizonte cheo de incertezas, o noso diagnóstico respecto da mesma está condicionado polos datos dispoñibles no momento da súa elaboración. Porén, o feito de que a análise abarque as dúas crises proporciona unha perspectiva temporal ampla que permite identificar mellor os desequilibrios que caracterizan o funcionamento do mercado de traballo xuvenil.

O estudo estrutúrase da seguinte maneira. Na primeira parte, faise unha diagnose pormenorizada da situación actual e da traxectoria mostrada ao longo do período mencionado polo mercado laboral dos novos. A tales efectos analízase con detalle o comportamento das principais variables do mesmo: a poboación activa e inactiva, a ocupación e o desemprego. A continuación faise unha análise específica da distribución territorial do desemprego xuvenil e da descomposición das dinámicas do emprego (segregación sectorial). Neste primeiro bloque faise tamén unha reflexión sobre a adaptación das habilidades diante da posible transferencia intersectorial provocada polo COVID-19. Cunha referencia aos fluxos migratorios, péchase o primeiro apartado. O segundo, se centra na inserción laboral, cun análise detallado dos principais grupos por nivel de estudo: Titulados universitarios (Grado e Máster) e Graduados en ensinanzas de Formación profesional (Básica, Media e Superior). O seguinte bloque aborda o papel do sector público e as políticas de emprego xuvenil. O último apartado resume e establece as principais conclusións do traballo.

## 2 O mercado de traballo xuvenil galego no contexto global

A situación do mercado de traballo da xente moza en Galicia dista de ser satisfactoria. A traxectoria seguida polas principais variables que permiten avaliar o comportamento do mercado laboral, desde o inicio da crise económica en España en 2008, é sensiblemente diferente á seguida non só pola maioría das economías do noso contorno, senón tamén pola maior parte dos países do mundo. Baste, para mostralo, a comparación dos resultados, entre países e áreas económicas do mundo, dun dos indicadores máis ilustrativo: a taxa de desemprego. A taxa galega das persoas menores de 25 anos, que xa era elevada en 2008 (21,1%), foi crescendo sistematicamente en sintonía coa española ata alcanzar o 49,9% en 2013 (55,5% en España), porcentaxe que a situaba entre as máis altas do mundo. Co inicio da recuperación, esta taxa foi paulatinamente descendendo, aínda que a alcanzada en 2019 (27,8%), 6,7 puntos inferior á de 2008, mantíñase moi lonxe da das principais economías do mundo. A crise do COVID-19 freou bruscamente esta última traxectoria descendente e, polos primeiros resultados publicados, as diferenzas cos outros países vanse de novo a incrementar malia que a pandemia está, obviamente, afectando negativamente a todo o planeta.


Gráfico nº 1: Evolución das taxas de paro dos menores de 25 anos en Galicia e España e nos países con maior xeración de PIB e que non pertencen á Unión Europea



Fonte: Eurostat, INE e IGE

Dos países ou territorios, non pertencentes á Unión Europea, que encabezan o ranking na xeración de PIB no mundo, ningún mostrou as taxas da contía das españolas e galegas, sendo relevante a desaceleración experimentada en Estados Unidos e Reino Unido pero, especialmente, en Xapón. Pola contra, os datos de India e Brasil son cada vez máis preocupantes.

Gráfico nº 2: Taxa de paro (menos de 25 anos) na UE en 2008 e 2019



Fonte: IGE-INE

Respecto aos 27 países da Unión Europea (UE), a taxa de paro das persoas de menos de 25 anos en Galicia só é superada, en 2019, ademais pola do conxunto de España, pola grega e italiana, territorios nos que se produciu un deterioro considerable do mercado de traballo na última década. Isto contrasta coa recuperación experimentada polos países de Europa do leste, Hungría e Polonia, e tamén, aínda que en menor grado, polo noso veciño Portugal, que en seis anos (de 2013 a 2019) logrou reducir en case 20 puntos esta taxa de paro, ao pasar do 38,1% ao 18,2%, cifra, esta última, aínda moi elevada e máis si considérase a taxa de paro con todas as idades (6,5%). A proximidade e a confluencia de interese económicos galegos cos da Rexión Norte requirirían seguir máis de cerca esta evolución, aínda que a decidida aposta polo sector turístico no conxunto do país luso confírelle, ante a pandemia, dunha vulnerabilidade semellante á que se observa na economía española.

En todo caso, as diferenzas na taxa de paro xuvenil das persoas menores de 25 anos son moi acusadas na Unión Europea, xa que mentres que en Alemaña e a República Checa non superan o 6%, en Grecia, Italia e España sobrepasan o 30% e a taxa galega está próxima a esta última porcentaxe.

### 3 Evolución do mercado de traballo xuvenil en Galicia: recesión de 2008, recuperación e crise do Covid-19

#### 3.1 A inactividade

##### 3.1.1 A poboación xuvenil inactiva en Galicia

Para visualizar o comportamento da oferta de traballo no mercado xuvenil galego é relevante coñecer como evolucionaron, por unha banda, as variables demográficas que inciden na contía desa poboación e, por outro, a decisión da mocidade galega entre ser inactiva ou incorporarse ao mercado de traballo.

En 2019 había en Galicia 131.098 persoas menos de 16 a 29 anos que en 2008. Ante unha estabilización na contía da poboación galega total, esta caída supuxo que de representar este colectivo o 18,7% da poboación en idade de traballar pasase ao 13,6% en 2019, o seu peso relativo tamén descende con respecto ao colectivo entre 30 e 64 anos, ao pasar a representar un 24,7% do mesmo ao 19%. Esta notable crise demográfica restrinxen a oferta de traballo, o que nun principio contribuiría a aliviar as tensións do mercado laboral xuvenil grazas a unha menor poboación potencialmente activa.

Ademais, xunto coa sensible caída da poboación nova obsérvase que, en valor absoluto, o número de persoas inactivas de 16 a 24 anos practicamente permaneceu estabilizado entre 2008 e 2019 o que implicou, como se observará máis adiante, un descenso na súa taxa de actividade. A porcentaxe de inactivos neste segmento de idade era en 2019 do 71%, fronte ao 55,1% en 2008. Así, unha cada vez menor poboación xuvenil (-21,8% en 2019 con respecto a 2008) xunto con case un mesmo número de inactivos (0,8%) claramente suxire que, en termos relativos, conforme foi transcorrendo a década pasada, cada vez máis persoas entre 16 a 24 anos estaban optando, por circunstancias diversas, a non participar no mercado de traballo.

Algo diferente, con todo, é o resultado para o segmento entre os de 25 a 29 anos. Aínda que en 2019, con respecto a 2008, Galicia contaba cun 38,6% de persoas menos neste segmento de idade, a poboación inactiva caía nun 13,6%. Neste caso a vontade moi maioritaria parecía ser a de participar no mercado de traballo, ata tal punto que en 2008 só un 14% desta poboación eran inactivos, porcentaxe que pasou ao 19,7% en 2019 e nun contexto de crecemento continuado.

Os resultados destas variables nos tres primeiros trimestres de 2020, nos que se deberían recoller os efectos do shock do confinamento, o estado de alarma e o cese ou retardación de múltiples sectores económicos (especialmente a partir do segundo trimestre), poden sorprender se non son interpretados tomando en consideración a metodoloxía que se segue para a súa elaboración. Neste período, o número de inactivos situouse no 53,9% da poboación total de 16 a 29 anos, cun aumento tanto do segmento de 16 a 24 anos como da de 25 a 29 anos, de tal modo que as taxas situáronse no 73,2% e no 22,1%

respectivamente. Esta situación dunha menor presenza xuvenil no mercado de traballo aínda que, por unha banda, débese ao desánimo ante a dificultade de incorporarse ao mercado ante esta conxuntura, tamén o é pola imposibilidade de intentar buscar traballo nunha situación de confinamento e de colapso de sectores importantes da economía.

Cadro nº 1: Poboación en Galicia

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total     | Peso relativo da poboación de 16 a 29 anos sobre a de 16 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-----------|--------------------------------------------------------------------|
| 2008              | 249.815         | 198.913         | 448.729         | 1.365.380          | 2.401.086 | 24,7                                                               |
| 2009              | 241.540         | 189.581         | 431.121         | 1.380.674          | 2.406.969 | 23,8                                                               |
| 2010              | 233.153         | 179.441         | 412.594         | 1.390.063          | 2.406.864 | 22,9                                                               |
| 2011              | 225.310         | 168.939         | 394.249         | 1.395.767          | 2.403.501 | 22,0                                                               |
| 2012              | 218.020         | 159.173         | 377.193         | 1.398.120          | 2.395.153 | 21,2                                                               |
| 2013              | 210.917         | 150.280         | 361.197         | 1.394.277          | 2.382.287 | 20,6                                                               |
| 2014              | 204.577         | 142.270         | 346.847         | 1.386.430          | 2.368.614 | 20,0                                                               |
| 2015              | 200.282         | 136.259         | 336.541         | 1.379.702          | 2.358.203 | 19,6                                                               |
| 2016              | 196.901         | 130.775         | 327.676         | 1.372.183          | 2.349.795 | 19,3                                                               |
| 2017              | 195.094         | 126.800         | 321.894         | 1.363.658          | 2.341.862 | 19,1                                                               |
| 2018              | 194.341         | 124.176         | 318.517         | 1.355.336          | 2.334.005 | 19,0                                                               |
| 2019              | 195.443         | 122.188         | 317.631         | 1.350.816          | 2.335.298 | 19,0                                                               |
| 2020 (I,II,III,T) | 198.104         | 120.407         | 318.511         | 1.347.524          | 2.338.793 | 19,1                                                               |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 2: Inactivos en Galicia

|                    | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total     | Peso relativo dos inactivos de 16 a 29 anos sobre os de 16 a 64 anos |
|--------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-----------|----------------------------------------------------------------------|
| 2008               | 137.694         | 27.801          | 165.495         | 348.457            | 1.086.312 | 32,2                                                                 |
| 2009               | 134.293         | 27.861          | 162.154         | 344.511            | 1.087.475 | 32,0                                                                 |
| 2010               | 139.163         | 29.285          | 168.447         | 341.552            | 1.102.482 | 33,0                                                                 |
| 2011               | 138.558         | 24.444          | 163.002         | 321.256            | 1.086.946 | 33,7                                                                 |
| 2012               | 134.924         | 20.196          | 155.120         | 314.668            | 1.077.460 | 33,0                                                                 |
| 2013               | 136.733         | 21.630          | 158.364         | 317.070            | 1.091.358 | 33,3                                                                 |
| 2014               | 133.996         | 21.988          | 155.984         | 313.914            | 1.094.740 | 33,2                                                                 |
| 2015               | 136.187         | 23.858          | 160.045         | 305.864            | 1.097.525 | 34,4                                                                 |
| 2016               | 134.800         | 22.347          | 157.147         | 298.516            | 1.093.717 | 34,5                                                                 |
| 2017               | 133.964         | 23.091          | 157.055         | 294.327            | 1.093.563 | 34,8                                                                 |
| 2018               | 136.526         | 23.562          | 160.088         | 284.541            | 1.090.536 | 36,0                                                                 |
| 2019               | 138.849         | 24.034          | 162.883         | 280.055            | 1.094.248 | 36,8                                                                 |
| 2020 (I,II, III,T) | 144.952         | 26.669          | 171.621         | 291.184            | 1.118.752 | 37,1                                                                 |

Fonte: IGE-INE


Cadro nº 3: Porcentaxe de inactivos sobre a poboación

|                  | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total |
|------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-------|
| 2008             | 55,1            | 14,0            | 36,9            | 25,5               | 45,2  |
| 2009             | 55,6            | 14,7            | 37,6            | 25,0               | 45,2  |
| 2010             | 59,7            | 16,3            | 40,8            | 24,6               | 45,8  |
| 2011             | 61,5            | 14,5            | 41,3            | 23,0               | 45,2  |
| 2012             | 61,9            | 12,7            | 41,1            | 22,5               | 45,0  |
| 2013             | 64,8            | 14,4            | 43,8            | 22,7               | 45,8  |
| 2014             | 65,5            | 15,5            | 45,0            | 22,6               | 46,2  |
| 2015             | 68,0            | 17,5            | 47,6            | 22,2               | 46,5  |
| 2016             | 68,5            | 17,1            | 48,0            | 21,8               | 46,5  |
| 2017             | 68,7            | 18,2            | 48,8            | 21,6               | 46,7  |
| 2018             | 70,3            | 19,0            | 50,3            | 21,0               | 46,7  |
| 2019             | 71,0            | 19,7            | 51,3            | 20,7               | 46,9  |
| 2020 (I,II,IIIT) | 73,2            | 22,1            | 53,9            | 21,6               | 47,8  |

Fonte: IGE-INE

Unha gran maioría das persoas inactivas en Galicia entre 16 e 24 anos o son por estar dedicados exclusivamente á súa formación, sen participar no mercado laboral. A porcentaxe de inactivos que se declaran estudantes neste segmento de idade superaba o 90% tanto en 2008 como en 2019 e, en todo este período, tan só en 2013 e 2014 esta taxa caeu por baixo do 90% e iso debido á dureza da crise neses anos co conseguinte desánimo que invadiu aos traballadores novos en desemprego que pasaron á poboación inactiva e non optaron polo estudo como alternativa. Salvo esta excepción, a taxa de estudantes no grupo de persoas inactivas mantívose relativamente estable ata 2018, ano en que experimentou un incremento dun 4,8%, situación que se perpetuou en 2019 e inclusive en 2020. De feito, o IIIT de 2020 mostra unha taxa dun 94,5%, a cifra máis alta de todo o período e, posiblemente, das últimas décadas en Galicia. Esta última porcentaxe, similar nos homes (94,2) e nas mulleres (94,8%), pode responder ou ben á decisión dos mozos e mozas de adquirir formación para intentar no futuro lograr un maior éxito no mercado de traballo do que alcanzaría na actualidade ou ben a refuxiarse no ensino ante as expectativas pouco optimistas que albisca no mercado laboral.

Gráfico nº 3: Porcentaxe dos inactivos que se declaran estudantes



Fonte: IGE-INE

A opción dos estudos entre a xente moza inactiva de 25 a 29 anos non é tan maioritaria como nos segmentos de idade inferior, no que inflúe a elevada taxa de actividade e a finalización para moitos da ensinanza regulada. Malia iso, a dedicación á formación é a actividade máis importante que xustifica a situación destes inactivos, aínda que tamén hai outras cun certo peso. É de interese indicar que nos últimos anos a porcentaxe de estudantes inactivos e inactivas oscilou entre o 48,6% e o 60% do total neste segmento de idade, coa excepción da caída deste peso en 2013 por motivos similares aos xa sinalados anteriormente e o aumento, en 2017 e 2018, debido a que un mellor comportamento do mercado de traballo reduciu o número de persoas desanimadas,<sup>1</sup> polo que elevouse a proporción daqueles mozos e mozas que desexaban continuar coa súa formación. Curiosamente, en 2019 produciuse un retroceso no número de estudantes nun 15,2%, situación que se recuperou en 2020, o que non evitou que o seu peso relativo diminúa a pesar do crecemento, debido a que os traballadores anteriormente parados, ao non buscar emprego en tempos de pandemia, pasaron a engrosar a cifra de inactivos.


Entre as persoas inactivas máis novas que non estudan en Galicia (entre 16 a 24 anos), a actividade que declaran como a máis determinante é a realización das labores domésticas (inclúense aos que teñen responsabilidades persoais ou os que coidan a familiares dependentes) e iso verifícase tanto en homes como en mulleres, aínda que o

<sup>1</sup> Na metodoloxía da EPA as persoas desanimadas son os desempregados que non buscan traballo, polo tanto non son parados senón que forman parte da poboación inactiva, e cando se lles pregunta polo motivo responden "cre que non atopará" sobre estas posibles opcións:

Cre que non atopará. Está afectado por unha regulación de emprego. Por enfermidade ou incapacidade propia. Coidado de nenos ou adultos doentes, discapacidade ou maiores. Ten outras responsabilidades familiares ou persoais. Está cursando estudos ou recibindo formación. Está xubilado. Outras razóns. Non sabe.

peso relativo destas últimas é algo maior. É destacable o feito da volatilidade dos datos anuais dos que están nesta situación. Na última década, o máximo alcanzouse en 2013 con 12.800 mozos e mozas con esta dedicación dos que 5.900 eran homes e 6.900 mulleres. O último dato dispoñible ao redactar este Informe, IIIT de 2020, reduce esta cifra a tan só 3.200, dos que 1.000 eran homes e 2.200 mulleres. Tamén se observa que o número de persoas inactivas debido á imposibilidade de traballar por motivos de saúde é moi baixo. Tan só 600 persoas, que se distribúen a partes iguais entre homes e mulleres.

Gráfico nº 4: Miles de persoas de idade entre 16 e 24 anos inactivos que non estudan en Galicia



Fonte: IGE-INE

Sobre o total de persoas inactivas, os resultados obtidos pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) permítenos diferenciar, para o colectivo entre 16 e 24 anos, ás persoas activas potenciais, ou sexa “aqueles inactivos e inactivas que están dispoñibles para traballar pero non buscan emprego, excluindo a quen non o buscan por estar xubilado, por estar cursando estudos, por enfermidade, por ter que coidar a persoas dependentes ou por ter outras responsabilidades persoais ou familiares. Dentro destes activos potenciais un grupo de interese é o das persoas desanimadas, que son “persoas sen traballo, dispoñibles para traballar nun período de dúas semanas e que non buscaron emprego nas catro últimas semanas porque creen que non o atoparán”. Ou sexa, que os podemos entender como aquel conxunto dentro da xente moza que, dadas as circunstancias polas que atravesa o mercado de traballo, afástanse del pero ao que facilmente poderían retornar axiña que melloren as súas condicións.

En suma, estámonos referindo ao grupo de persoas mozas que nin estuda nin traballa e que está en condicións de incorporarse rapidamente ao mercado de traballo. Pois ben, este colectivo, que oscilou na pasada década entre o 1,4% dos inactivos totais en 2017 e 2019 e o 2,6% en 2015, alcanzou nese último ano o seu valor máximo, cun total de 3.500

persoas. Eles e elas teñen que ser o obxectivo das políticas activas de emprego que faciliten a súa incorporación ao mercado laboral. Constatase que ata 2015 era maior o número de persoas desanimadas que o resto da mocidade potencialmente activa, situación que cambia nos últimos anos da década, quedando reducido o número de desanimados a 800 persoas en 2019.

Como cabería agardar, a composición da poboación potencialmente activa cambiou radicalmente coa pandemia, en especial no segundo trimestre de 2020, período no que se contabilizaban 5.400 mozos e mozas que non están desanimados e son potencialmente activos, o que contrasta cos 700 detectados no trimestre anterior. Iso debeuse, como xa indicamos, á imposibilidade das persoas paradas de ser buscadoras activas de emprego, circunstancia que parece corrixiarse no trimestre seguinte cando as estatísticas retoman unha certa normalidade con resultados similares aos anos anteriores o que reflicte o escaso impacto, nesta variable, da crise económica pola que estamos atravesando. O valor moi baixo dos desanimados e desanimadas no IIIT de 2020, 400 persoas, suxire un cambio de actitude dese colectivo máis proclive a participar no mercado de traballo.

Cadro nº 4: Activos potenciais de entre 16 e 24 anos e inactivos totais

| Anos     | Poboación inactiva | Activos potenciais: Total | Activos potenciais: Desanimados | Activos potenciais: Resto |
|----------|--------------------|---------------------------|---------------------------------|---------------------------|
| 2010     | 139,2              | 2,8                       | 1,9                             | 0,9                       |
| 2011     | 138,6              | 3,1                       | 2,0                             | 1,1                       |
| 2012     | 134,9              | 2,8                       | 1,9                             | 0,9                       |
| 2013     | 136,7              | 3,1                       | 2,3                             | 0,8                       |
| 2014     | 134,0              | 2,9                       | 1,6                             | 1,2                       |
| 2015     | 136,2              | 3,5                       | 2,0                             | 1,5                       |
| 2016     | 134,8              | 2,5                       | 1,3                             | 1,2                       |
| 2017     | 134,0              | 1,9                       | 0,9                             | 1,1                       |
| 2018     | 136,5              | 2,3                       | 0,9                             | 1,3                       |
| 2019     | 138,8              | 1,9                       | 0,8                             | 1,1                       |
| 2020/I   | 142,4              | 1,2                       | 0,5                             | 0,7                       |
| 2020/II  | 149,6              | 6,2                       | 0,8                             | 5,4                       |
| 2020/III | 142,8              | 2,3                       | 0,4                             | 1,9                       |


Fonte: IGE-INE

Cadro nº5: Peso relativo (%) dos activos potenciais de entre 16 e 24 anos sobre os inactivos totais

| Anos     | Poboación inactiva | Activos potenciais: Total | Activos potenciais: Desanimados | Activos potenciais: Resto |
|----------|--------------------|---------------------------|---------------------------------|---------------------------|
| 2010     | 100,0              | 2,0                       | 1,4                             | 0,6                       |
| 2011     | 100,0              | 2,2                       | 1,4                             | 0,8                       |
| 2012     | 100,0              | 2,1                       | 1,4                             | 0,7                       |
| 2013     | 100,0              | 2,3                       | 1,7                             | 0,6                       |
| 2014     | 100,0              | 2,2                       | 1,2                             | 0,9                       |
| 2015     | 100,0              | 2,6                       | 1,5                             | 1,1                       |
| 2016     | 100,0              | 1,9                       | 1,0                             | 0,9                       |
| 2017     | 100,0              | 1,4                       | 0,7                             | 0,8                       |
| 2018     | 100,0              | 1,7                       | 0,7                             | 1,0                       |
| 2019     | 100,0              | 1,4                       | 0,6                             | 0,8                       |
| 2020/I   | 100,0              | 0,8                       | 0,4                             | 0,5                       |
| 2020/II  | 100,0              | 4,1                       | 0,5                             | 3,6                       |
| 2020/III | 100,0              | 1,6                       | 0,3                             | 1,3                       |


Fonte: IGE-INE

Gráfico nº 5: Inactivos totais e activos potenciais en Galicia



Fonte: IGE-INE


Gráfico nº 6: Activos potenciais en Galicia de 16 e 24 anos



Fonte: IGE-INE

As diferenzas por sexo en canto ás persoas activas potenciais desanimadas son moi evidentes no conxunto da poboación total inactiva galega en idade de traballar, cunha desigualdade notable a favor dos homes. En 2010, as mulleres desanimadas triplicaban, en número, aos homes o que non só se corrixiu parcialmente conforme avanzou a década, de tal modo que en 2019 aínda se duplicaba. Nos trimestres de pandemia non se modificou esta situación. Pola contra, no caso dos mozos e mozas, as diferenzas por sexo non son tan acusadas xa que, de feito as estatísticas reflicten un certo equilibrio en todos os anos obxecto de estudo.

Gráfico nº 7: Activos potenciais en Galicia por sexo



Fonte: IGE-INE


### 3.2 O acceso ao mercado de traballo. A educación fronte a busca de emprego

As estatísticas dispoñibles permítenos coñecer a distribución en cada trimestre da xente moza inactiva, considerando a posibilidade de estar cursando estudos ou que tiveron algunha experiencia laboral. Esta información sintetízase no gráfico 8. En canto á totalidade das persoas inactivas novas, ou sexa, no grupo de 16 a 29 anos, obsérvase que unha ampla maioría de persoas está cursando estudos sen traballar e sen experiencia laboral previa. Esta porcentaxe, que en 2010 era do 65%, pasou ao 75,3% en 2015 e descendeu ao 71,5% en 2019, debido ao incremento relativo de estudantes que, nalgún momento, participaron no mercado de traballo. Apréciase que, aínda que entre 2015 e 2019 o peso dos estudantes no conxunto de inactivos é o mesmo, a diferenza está que máis mozos puideron atopar un emprego nos anos de recuperación que nos de crise. En canto aos dous grupos de inactivos que non estaban estudando, obsérvase un cambio entre 2010 e 2019, xa que, mentres en 2010 primaba o colectivo de mozos que traballaron anteriormente e non cursaban estudos, en 2019 predominaban os mozos que nin traballaran algunha vez nin realizaban estudos. Estes dous colectivos, na súa maioría potencialmente activos e suxeitos principais das políticas de emprego, presentan as máis elevadas porcentaxes no grupo de 25 a 29 anos. Alcanzaba ao 44,1% dos inactivos, 4,3 puntos máis que en 2017.


Nos círculos do gráfico 8 que corresponden ao grupo de 16 a 24 anos, obsérvase como nos anos de crise descende (7,1 puntos porcentuais) o colectivo que, tendo traballado anteriormente, cursa estudos, o que pon de manifesto a falta de oportunidades laborais neste período, posibilidades de emprego que de novo parecen alcanzarse nos últimos anos da pasada década, cando volve subir este colectivo pero sen alcanzar os niveis do inicio da crise.

En canto ao grupo de 25 a 29 anos, idade na que habitualmente xa se remataron os estudos universitarios ou a formación profesional, cabe destacar, por un lado, o peso elevado dos estudantes (en 2019, o 55,8%) e, polo outro, vese que os que teñen unha experiencia laboral previa e non cursan estudos superan aos que non a teñen. Nesta idade apreciase a intensidade da prolongación do período de formación, que se mantén en porcentaxes elevadas en todo o período. En canto ao resto das persoas inactivas, ademais do que xa se comentou anteriormente, vese un aumento porcentual significativo, ao longo desta década, do colectivo dentro de este grupo que nin traballou anteriormente nin estuda, unha situación non desexable nin para a maioría destes mozos e mozas nin tampouco para a sociedade galega.


Gráfico nº 8: Inactivos en Galicia, segundo traballaron anteriormente e cursen estudos de 16 a 29 anos (%)



De 16 a 24 anos (%)



De 25 a 29 anos (%)



Lenda:



Fonte: IGE-INE

### 3.3 A poboación activa

#### 3.3.1 Os activos e as taxas de actividade

A primeira cuestión que habitualmente adóitase tratar á hora de analizar o comportamento dun mercado de traballo é a actividade. Ou sexa, que parte da poboación, que ten idade legal para traballar, desexa participar no mercado laboral. En 2010, esa porcentaxe para o colectivo de 16 a 29 anos era 3,7 puntos superior en Galicia ao da media da UE-27 e, con todo, era 4,9 puntos inferior a de España. A taxa de 2010 do 59,2%, inferior como se observa no cadro 6 á de 2008 e 2009, era relativamente homoxénea nas catro provincias e, como indicamos, estaba en liña coa que en promedio se alcanzaba na UE. Non obstante, conforme foi avanzando a década, a taxa de actividade caeu sistematicamente, de modo que, se foi afastando da UE aínda que, con altibaixos, mantivo o diferencial coa do conxunto de España.

O descenso da taxa de actividade xuvenil en Galicia de 10,5 puntos en tan só nove anos (de 2010 a 2019) evidencia que, nun contexto demográfico descendente, os mozos galegos optaron, cada vez en maior medida, por permanecer fora do mercado de traballo por múltiples motivos: para conseguir máis formación; por crer estar abocados ao desemprego; ou a ocupación pola que poderían optar non é suficientemente satisfactoria, xa sexa pola remuneración obtida ou polas condicións laborais da mesma. En sentido inverso, cabe tamén supoñer que a xente moza séguense formando ante as expectativas pouco favorables que atopan no mercado de traballo.

En canto á distribución por provincias, si en 2010, A Coruña e Pontevedra foron as que presentaron as taxas xuvenís máis altas, ao longo da década, foi nestas dúas provincias da fachada atlántica (onde se concentra a maioría da poboación e da actividade económica galega), onde máis descendeu a taxa de actividade xuvenil.

Cadro nº 6: Taxas de actividade da poboación de 16 a 29 anos

|          | UE-27 | España | Galicia | Diferenza UE-Galicia | Diferenza España-Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
|----------|-------|--------|---------|----------------------|--------------------------|----------|------|---------|------------|
| 2010     | 55,5  | 64,1   | 59,2    | -3,7                 | 4,9                      | 58,7     | 58,2 | 58,0    | 60,4       |
| 2015     | 54,4  | 57,0   | 52,4    | 2,0                  | 4,6                      | 53,2     | 54,9 | 50,5    | 51,3       |
| 2018     | 54,7  | 54,9   | 49,7    | 5,0                  | 5,2                      | 50,3     | 50,1 | 50,4    | 48,8       |
| 2019     | 54,7  | 54,4   | 48,7    | 6,0                  | 5,7                      | 47,4     | 53,5 | 51,3    | 48,0       |
| 2020/I   | 53,6  | 52,6   | 47,8    | 5,8                  | 4,8                      | 46,4     | 47,1 | 46,8    | 49,7       |
| 2020/II  | 52,0  | 47,9   | 43,3    | 8,7                  | 4,6                      | 41,7     | 41,5 | 43,1    | 45,6       |
| 2020/III | -     | 53,1   | 47,3    |                      | 5,8                      | 44,1     | 51,1 | 47,5    | 49,7       |

Fonte: Eurostat- INE-IGE

Nos tres primeiros trimestres de 2020, aprécianse uns resultados do segundo trimestre moi diferentes aos do primeiro e terceiro. A sensible caída da taxa de actividade na primavera, tanto en Galicia como é España, debeuse, en parte, e como xa se indicou, á contabilización como inactivos de moitos parados que deixaron de buscar emprego nunha situación como a que se viviu no confinamento e nos sucesivos estados de alarma.

Cadro nº 7: Número de activos en Galicia

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total     | Peso relativo dos activos de 16 a 29 anos sobre os de 16 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-----------|--------------------------------------------------------------------|
| 2008              | 112.122         | 171.112         | 283.233         | 1.016.923          | 1.314.775 | 21,8                                                               |
| 2009              | 107.247         | 161.719         | 268.966         | 1.036.163          | 1.319.494 | 20,6                                                               |
| 2010              | 93.991          | 150.156         | 244.147         | 1.048.511          | 1.304.382 | 18,9                                                               |
| 2011              | 86.752          | 144.495         | 231.247         | 1.074.511          | 1.316.555 | 17,7                                                               |
| 2012              | 83.096          | 138.978         | 222.074         | 1.083.452          | 1.317.693 | 17,0                                                               |
| 2013              | 74.184          | 128.650         | 202.834         | 1.077.208          | 1.290.929 | 15,8                                                               |
| 2014              | 70.581          | 120.282         | 190.863         | 1.072.517          | 1.273.874 | 15,1                                                               |
| 2015              | 64.095          | 112.401         | 176.496         | 1.073.838          | 1.260.678 | 14,1                                                               |
| 2016              | 62.101          | 108.428         | 170.529         | 1.073.667          | 1.256.078 | 13,7                                                               |
| 2017              | 61.130          | 103.709         | 164.839         | 1.069.331          | 1.248.299 | 13,4                                                               |
| 2018              | 57.816          | 100.614         | 158.429         | 1.070.796          | 1.243.469 | 12,9                                                               |
| 2019              | 56.594          | 98.154          | 154.748         | 1.070.760          | 1.241.050 | 12,6                                                               |
| 2020 (I,II,III,T) | 53.151          | 93.738          | 146.889         | 1.056.340          | 1.220.041 | 12,2                                                               |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 8: Taxas de actividade

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total | Diferenza da taxa entre 16 a 29 anos e de 30 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-------|--------------------------------------------------------|
| 2008              | 44,9            | 86,0            | 63,1            | 74,5               | 54,8  | -11,4                                                  |
| 2009              | 44,4            | 85,3            | 62,4            | 75,0               | 54,8  | -12,7                                                  |
| 2010              | 40,3            | 83,7            | 59,2            | 75,4               | 54,2  | -16,3                                                  |
| 2011              | 38,5            | 85,5            | 58,7            | 77,0               | 54,8  | -18,3                                                  |
| 2012              | 38,1            | 87,3            | 58,9            | 77,5               | 55,0  | -18,6                                                  |
| 2013              | 35,2            | 85,6            | 56,2            | 77,3               | 54,2  | -21,1                                                  |
| 2014              | 34,5            | 84,5            | 55,0            | 77,4               | 53,8  | -22,3                                                  |
| 2015              | 32,0            | 82,5            | 52,4            | 77,8               | 53,5  | -25,4                                                  |
| 2016              | 31,5            | 82,9            | 52,0            | 78,2               | 53,5  | -26,2                                                  |
| 2017              | 31,3            | 81,8            | 51,2            | 78,4               | 53,3  | -27,2                                                  |
| 2018              | 29,7            | 81,0            | 49,7            | 79,0               | 53,3  | -29,3                                                  |
| 2019              | 29,0            | 80,3            | 48,7            | 79,3               | 53,1  | -30,5                                                  |
| 2020 (I,II,III,T) | 26,8            | 77,9            | 46,1            | 78,4               | 52,2  | -32,3                                                  |

Fonte: IGE-INE


No cadro 8 debuxase un mercado de traballo galego en 2019 moi diferente ao de 2008. En todo este período, o número de persoas activas descendeu sistematicamente, ata o extremo de que para o segmento de 16 a 24 anos, en 2019 reduciuse á metade e cunha taxa de actividade 25,9 puntos máis baixa que a de 2008. Por tanto, mentres en 2008, de cada 100 mozos e mozas de 16 a 24 anos, case 50 desexaban estar no mercado de traballo, en 2019 ese desexo tan só mostrábanos 29. A caída de persoas activas no grupo de 25 a 29 anos de 2008 a 2019 tamén foi sistemática e notable. En 2019 contabilizábanse un 42,6% menos que en 2008. Agora ben, neste caso está situación é máis explicable pola demografía que pola decisión de non permanecer no mercado. A taxa de actividade deste colectivo caeu en 5,7 puntos nestes 11 anos, pero aínda era máis elevada que a do grupo de 30 a 64 anos. Neste caso, de cada 100 persoas entre 25 e 29 anos, si, en 2008 un total de 86 desexaban estar no mercado de traballo, en 2019 este desexo manifestábanos 80,3 persoas. Estas cifras mostran a notable diferenza entre os dous grupos de idade xuvenil.

Ante a perda de activos xuvenís, o peso relativo do grupo de 34 a 64 anos respecto do de 16 a 64 pasou do 78,2% en 2008 ao 87,8% en 2019, porcentaxes que colocan pola súa falta de efectivos, nun lugar un tanto marxinal ao mercado xuvenil e, en especial, ao segmento de 16 a 24 anos. Fronte ás caídas de activos xuvenís, no colectivo de 30 a 64

anos incrementouse, entre estes dous anos o número de persoas activas nun 5,3%, o que permitiu alcanzar unha taxa de actividade do 79,3% en 2019, as máis elevada de todo o período analizado.

No gráfico 9, móstrase a evolución trimestral da taxa de actividade nos diferentes grupos de idade. As dúas máis elevadas son, como xa se sinalou, a dos colectivos de 25 a 29 anos e a de 30 a 64 anos. Esta última mostrou unha traxectoria inequivocamente crecente e sen verse influída pola estacionalidade. Obviamente, esta evolución trúncase temporalmente no segundo trimestre de 2020. En canto ao grupo de 25 a 29 anos, a estacionalidade é máis evidente que no anterior caso e aínda que a súa traxectoria é descendente mantívose unha certa estabilidade na taxa co transcorrer dos trimestres. Doutra banda, o peso da poboación de máis de 64 anos en Galicia e a súa escasa presenza no mercado de traballo, motiva que a taxa de actividade total, cunha traxectoria moi similar á do grupo de 30 a 64 anos, sexa moi inferior á dos dous anteriores grupos. Finalmente, no gráfico 9 obsérvase unha traxectoria descendente e volátil da taxa de actividade entre 16 e 24 anos. Os picos do gráfico evidencian a estacionalidade dos meses de verán, momento en que as taxas aumentan significativamente. Así, no segundo trimestre de 2019 o seu valor era do 28,4% e pasou ao 32,6 % na tempada de verán.

Gráfico nº 9: Evolución trimestral das taxas de actividade en Galicia por grupos de idade



Fonte: IGE-INE

En 2008 a diferenza entre a taxa de actividade do home e da muller entre 16 a 24 anos era de 13,8 puntos. Iso suxire que nos anos anteriores á crise os varóns estimaban que as posibilidades de participar con éxito no mercado de traballo eran sensiblemente superiores ás mulleres grazas, sobre todo, á conxuntura favorable da construción e a industria, sectores nos que como a continuación veremos, prima a ocupación masculina. Coa crise, produciuse un proceso de converxencia debido á caída na taxa de actividade

masculina ante o desánimo que xeraba a situación do mercado de traballo e ante o feito de que a construción e a industria foron os dous sectores máis afectados pola desaceleración. En 2012 a diferenza reduciuse a 2,5 puntos e todo apuntaba a que en poucos anos estas dúas taxas coincidirían, pero non foi así xa que, coa recuperación, tanto a taxa masculina como a feminina foron descendendo paulatinamente ante a pouca confianza que proporcionaba o mercado de traballo á mocidade ante a alternativa dunha maior formación. Este descenso intensificouse no caso das mulleres nos últimos anos e, en especial, nos meses de crise sanitaria.

En 2008, o grupo de 25 a 29 anos presentaba unha taxa de actividade no mercado de traballo galego superior á de o grupo de 30 a 64 anos, cun valor da dos homes (86,7%) similar ao das mulleres (85,4%). Todo apuntaba a que, ao fin, a paulatina incorporación secular da muller ao mercado de traballo conseguía igualar a taxa feminina coa masculina. Sen embargo, o proceso de converxencia, neste colectivo de idade, freouse coa crise se ben a diferenza entre os dous grupos mantívose estable ata 2019, ano en que a brecha foi de 7,6 puntos cando no ano anterior era de 1 punto. Este brusco cambio, en tan só un ano, situación que tamén se mantivo nos tres primeiros trimestres de 2020, debeuse a unha caída de 3.244 de mulleres da poboación activa, explicable por unha menor ocupación nos servizos que contrastou co incremento da ocupación masculina neste sector.

Gráfico nº 10: Evolución da taxa de actividade de homes e mulleres de 16 a 24 anos





Gráfico nº 11: Evolución da taxa de actividade de homes e mulleres de 25 a 29 anos



Fonte: IGE-INE

## 3.4 A poboación ocupada

### 3.4.1 A ocupación é as taxas de emprego

Os resultados da EPA sobre a ocupación reflicten como a crise económica no 2008 deste século incidíu, por encima de calquera outro colectivo, nos mozos e mozas, sendo incapaz o mercado laboral, nos últimos anos cunha certa bonanza económica, de recuperar a situación previa a crise a 2009. Unha gran parte dos empregos que ocupaban os mozos e mozas desapareceron na última década, período no que os resultados alcanzados, que comentaremos a continuación, son moi determinantes. En termos absolutos, obsérvase que en 2019, con respecto a 2008, o segmento entre 16 a 24 anos contaba con 47.681 persoas ocupadas menos, recorte que equivale a unha caída na taxa de variación do 53,9%. Non foi mellor a evolución do grupo de ocupados e ocupadas entre 25 e 29 anos. A perda en Galicia nestes anos foi de 71.592 persoas, cunha taxa de variación negativa do 46,8%. Así, a caída na ocupación xuvenil foi de 119.273 persoas, o que practicamente supón a metade das persoas ocupadas existentes en 2008, situación que contrasta co incremento de 12.308 persoas do colectivo entre 30 e 64 anos. Realmente a este grupo vanse incorporando, paulatinamente conforme transcorren os anos, os traballadores e traballadoras do segmento de idade anterior, o que implica que aínda que estes puideron manter o seu emprego non se renovou a ocupación xuvenil do modo que se viña facendo na primeira década do presente século.

En todo caso, estes resultados mostran que a crise destruíu unha cantidade inxente de emprego xuvenil. De 2008 a 2014 pasouse de 241.599 persoas ocupadas a 118.336 cunha traxectoria moi descendente e cunha destrución de emprego cada ano, en promedio, dun 11,2%. A partir de 2015, se ben conseguíuse frear a redución na ocupación, o mercado mantívose estable e foi incapaz de recuperar o perdido nos anos da crise. Desde 2015 a 2019 o crecemento promedio foi de tan só un 0,9%. Esta traxectoria implicou que de representar os mozos e mozas en 2008 un 20,4% da ocupación entre os traballadores cun emprego de 16 a 64 anos, pasouse a un 12% en 2014, porcentaxe que caeu ao 11,3% en 2019.

Os resultados sobre ocupación nos tres primeiros trimestres de 2020 volven a poñer de manifesto que os mozos e mozas son, de novo, o colectivo máis vulnerable nesta nova crise económica, motivada pola situación sanitaria. Coa masiva utilización dos expedientes de regulación temporal de emprego conseguíuse, polo momento, manter a situación do traballador regulado como ocupado. Estes expedientes por forza maior alcanzaban en Galicia a 150.241 persoas traballadoras a 30 de abril de 2020, o que supón un 12,7% do total de ocupados menores de 65 anos. Un mes máis tarde, co retorno a unha nova normalidade, o número de traballadores e traballadoras en ERTE por forza maior baixou en Galicia a 118.258 e o último resultado dispoñible, no momento de redactar este Informe, a 31 de outubro antes do pico da segunda ola que levou á pechadura da restauración e hostalaría nos municipios galegos máis poboados, era de 15.024 persoas traballadoras. A aplicación desta figura evitou un brusco incremento na taxa de paro e permitiu dotar de capacidade adquisitiva a persoas cun posto de traballo vulnerable ante a crise sanitaria.

Nunha enquisa realizada recentemente<sup>2</sup> no ámbito español indicábase que, no confinamento, un terzo da xente moza (ata 29 anos) viuse afectado por un ERTE ou perdeu o seu traballo. Case a metade declararon perder neste período oportunidades de emprego. O teletraballo foi habitual no 58% das persoas ocupadas sendo máis frecuente no colectivo con educación superior. Deste grupo, aproximadamente a metade tiveron dificultades por faltas de conexión, espazo ou non poder realizar tarefas que requirían a presenza física. Non obstante, 8 de cada 10 manifestaron que puideron cumprir coas súas obrigas laborais. Galicia non debe quedar moi afastada destes datos do conxunto de España.

Non obstante, poderíamos estimar que a utilización do instrumento dos ERTes agrandou a brecha xa existente entre as persoas ocupadas máis novas con respecto aos de maior idade ao non alcanzar a todos os colectivos de igual xeito. Seguindo a EPA, en promedio, o número dos ocupados e ocupadas nos tres primeiros trimestres de 2020 no grupo de 30 a 64 anos descendeu un 1,2%, cifra baixa tendo en conta a situación tan especial como a que estamos atravesando. Pola súa banda, a ocupación xuvenil neste período retornou ás taxas de destrución de emprego dos peores anos da crise. O número de ocupados caeu un 10,8 %, debido a unha variación negativa do 12,4% no grupo entre 16 e 24 anos e dun 10,0% no de 25 a 29 anos. Esta evolución fixo que as persoas mozas xa só representen o 10,3% dos traballadores ocupados entre 16 a 64 anos, porcentaxe que practicamente xa é a metade que en 2008. Aínda así, a situación é máis complexa xa que ademais desta caída na ocupación, cos microdatos do EPA obsérvase que a porcentaxe de ocupados en Galicia que no segundo trimestre de 2020 traballaron menos horas das habituais ou ningunha representaba en torno ao 34% dos traballadores e traballadoras, cando no grupo de 30 a 64 anos alcanzaba ao 25%. Estas porcentaxes do colectivo xuvenil situaban a Galicia no cuarto lugar das comunidades autónomas españolas só superada polas que presentan unha gran dependencia do sector turístico, Baleares, Canarias e, tamén, por Cataluña. A porcentaxe media española neste trimestre non alcanzaba o 30%.

Estes resultados, que se pode relativizar pola caída demográfica e, tamén polas vantaxes de alcanzar coa inactividade unha maior formación e, con iso, un mellor capital humano, son, en calquera caso, moi negativos e reflicten unha acusada dicotomía entre persoas mozas e o resto dos traballadores, nun mercado cada vez máis ocupado por xente de maior idade.

Coa observación da traxectoria da taxa de emprego, que reflicte o peso relativo das persoas ocupadas dun colectivo sobre a poboación total dese grupo, obtéñense idénticas conclusións. Así, mentres o segmento entre 30 a 64 anos xa en 2018 recuperara a taxa existente en 2008, en 2019 e nos nove primeiros meses de 2020 conseguía incrementala situándoa en torno ao 70%, nas persoas mozas descendeu en 16 puntos de 2008 a 2020, tanto no grupo de 25 a 29 anos como no de 16 a 24. As diferenzas con 2008 mostran unha situación actual moi diferente á de fai 12 anos. Si por entón a taxa de emprego dos de 25 a 29 anos era case 8 puntos máis alta que a dos de 30 a 64 anos, os últimos datos

<sup>2</sup> Sanmartín, A., Ballesteros, J.C., Calderón, D., Kuric, S. (2020) De puertas adentro y de pantallas afuera. Jóvenes en confinamiento. Madrid. Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud, Fad.DOI: 10.5281/zenodo.4054836.

mostran como a taxa de emprego deste último colectivo supera en case 9 puntos á de 25 a 29 anos.

Cadro nº 9: Número de ocupados en Galicia

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total     | Peso relativo dos ocupados de 16 a 29 anos sobre os de 16 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-----------|---------------------------------------------------------------------|
| 2008              | 88.517          | 153.082         | 241.599         | 945.334            | 1.201.192 | 20,4                                                                |
| 2009              | 74.686          | 134.173         | 208.858         | 932.370            | 1.155.393 | 18,3                                                                |
| 2010              | 60.714          | 117.439         | 178.153         | 914.753            | 1.104.500 | 16,3                                                                |
| 2011              | 54.045          | 107.663         | 161.707         | 916.987            | 1.089.318 | 15,0                                                                |
| 2012              | 45.517          | 98.310          | 143.828         | 891.550            | 1.047.155 | 13,9                                                                |
| 2013              | 37.186          | 89.090          | 126.276         | 869.351            | 1.006.366 | 12,7                                                                |
| 2014              | 36.381          | 81.955          | 118.336         | 869.414            | 998.028   | 12,0                                                                |
| 2015              | 36.220          | 81.593          | 117.813         | 889.261            | 1.017.236 | 11,7                                                                |
| 2016              | 37.066          | 82.580          | 119.646         | 909.277            | 1.040.646 | 11,6                                                                |
| 2017              | 40.050          | 81.895          | 121.946         | 916.935            | 1.052.696 | 11,7                                                                |
| 2018              | 39.037          | 82.048          | 121.085         | 942.632            | 1.077.604 | 11,4                                                                |
| 2019              | 40.836          | 81.490          | 122.326         | 957.642            | 1.095.159 | 11,3                                                                |
| 2020 (I,II,III,T) | 35.626          | 73.589          | 109.215         | 946.477            | 1.071.981 | 10,3                                                                |

Fonte: IGE-INE

Realmente, a fenda na taxa de emprego entre os dous colectivos, novos e de maior idade, desde o inicio da crise non fixo máis que aumentar, ata o punto de que nos tres primeiros trimestres de 2020 era de 35,9 puntos fronte aos 15,4 de 2008, o que significa que mentres no grupo de mozos e mozas estaban ocupadas 34 persoas por cada 100 persoas novas nos tres primeiros trimestres do 2020, no colectivo de 30 a 64 anos esta relación era de 70 persoas. Máis adiante analizaranse os sectores económicos e os grupos de traballadores máis afectados por estas profundas transformacións.

Cadro nº 10: Taxa de emprego


|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total | Diferenza da taxa entre 16 a 29 anos e de 30 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-------|--------------------------------------------------------|
| 2008              | 35,4            | 77,0            | 53,8            | 69,2               | 50,0  | -15,4                                                  |
| 2009              | 30,9            | 70,8            | 48,4            | 67,5               | 48,0  | -19,1                                                  |
| 2010              | 26,0            | 65,4            | 43,2            | 65,8               | 45,9  | -22,6                                                  |
| 2011              | 24,0            | 63,7            | 41,0            | 65,7               | 45,3  | -24,7                                                  |
| 2012              | 20,9            | 61,8            | 38,1            | 63,8               | 43,7  | -25,6                                                  |
| 2013              | 17,6            | 59,3            | 35,0            | 62,4               | 42,2  | -27,4                                                  |
| 2014              | 17,8            | 57,6            | 34,1            | 62,7               | 42,1  | -28,6                                                  |
| 2015              | 18,1            | 59,9            | 35,0            | 64,5               | 43,1  | -29,4                                                  |
| 2016              | 18,8            | 63,1            | 36,5            | 66,3               | 44,3  | -29,8                                                  |
| 2017              | 20,5            | 64,6            | 37,9            | 67,2               | 45,0  | -29,4                                                  |
| 2018              | 20,1            | 66,1            | 38,0            | 69,5               | 46,2  | -31,5                                                  |
| 2019              | 20,9            | 66,7            | 38,5            | 70,9               | 46,9  | -32,4                                                  |
| 2020 (I,II,III,T) | 18,0            | 61,1            | 34,3            | 70,2               | 45,8  | -35,9                                                  |

Fonte: IGE-INE

No gráfico 12 reflíctese a evolución trimestral da taxa de emprego xuvenil desde 2008 por distintas cohortes de idades en Galicia e compárase coa de dous territorios nos que a economía galega está integrada, España e a Unión Europea. Nesta última considérase, durante todo o período, os 27 países actuais. Nesta visión comparada apréciase con claridade a asimetría entre as traxectorias de España e Galicia, que son moi similares, e a da Unión Europea. Como é obvio, as diferenzas nas taxas de emprego entre os dous

grupos de idade son moi notables nos tres territorios, debido ao diferente grado de incorporación no mercado de traballo de ambos colectivos.

Gráfico nº 12: Evolución trimestral da taxa de emprego xuvenil en Galicia, España e UE-27




Fonte: IGE-INE

Varias son as cuestións que convén destacar. Neste gráfico 12 compróbase como en 2008 as taxas de emprego nos tres territorios eran moi semellantes nos dous grupos de idade. Conforme transcorrían os primeiros anos da crise, a fenda de España e Galicia, con respecto á Unión Europea, foise paulatinamente agrandando nos dous grupos de idade. Sen embargo, mentres a volatilidade, froito da estacionalidade, era máis acusada en Galicia que na Unión Europea e España non segmento de 25 a 29 anos, no de 16 a 24 anos obsérvase con nitidez esa volatilidade nos tres territorios. Iso é un fiel reflexo dunha estrutura económica estacional, na que a taxa de emprego aumenta sensiblemente nos meses de verán. Se ben, unha maior taxa de emprego no terceiro trimestre de cada ano é moi evidente non grupo de 16 a 24 anos nos tres espazos xeográficos, na UE a tendencia na traxectoria trimestral mantense relativamente estable, mentres que nas outras dúas economías, Galicia e España, esta tendencia presenta un perfil descendente.

No gráfico 12 constátase a existencia dunha fenda na taxa de emprego entre a UE por unha banda e o mercado galego e o do conxunto de España polo outro, que se inicia e vaise incrementando nos primeiros anos de crise e que coa recuperación non se amplía pero tampouco chega a corrixirse. Ademais, neste gráfico 12 chama a atención a peculiar traxectoria da taxa de emprego no grupo de 25 a 29 anos, máis volátil en Galicia que en España nos meses de verán. Isto suxire unha estacionalidade na contratación, máis acentuada en Galicia a pesar do menor peso relativo, que no doutras comunidades autónomas españolas, das actividades vinculadas co turismo. Doutra banda, neste mesmo gráfico tamén se recollen as caídas das taxas de emprego xuvenil nos datos trimestrais dispoñibles de 2020.

Gráfico nº 13: Evolución trimestral das taxas de emprego en Galicia por grupos de idade



Fonte: IGE-INE

As elevadas variacións trimestrais nas taxas de emprego dos máis novos con respecto aos de maior idade percíbense con claridade no gráfico 13. Os dentes de serra que se observan nas dúas taxas xuvenís (de 16 a 24 anos e de 25 a 29 anos) non se aprecian coa mesma intensidade no colectivo de 30 e máis anos. Iso é o froito da repercusión do peso da contratación temporal na xente moza e cunhas relacións laborais diferentes ás existentes nos ocupados de maior idade.

Unha última cuestión que compre sinalar é o peso relativo dos homes e as mulleres na ocupación total. Esta distribución non é similar entre o grupo máis mozo que o de 25 a 29 anos. Neste último, o reparto case foi ao 50% nos últimos anos, polo menos ata 2016 e, a partir de aí, os homes volven a alcanzar un maior peso que as mulleres. Situación algo distinta é a do colectivo de 16 a 24 anos, no que os mozos, que partían antes da crise cunha porcentaxe do 60,3%, debido, como xa se indicou, ao empuxe das ocupacións moi masculinizadas. Na crise, a participación na ocupación foise equilibrando ata 2018 en que de novo a brecha favoreceu aos homes, situación que se agudizou nos primeiros trimestres de 2020. No gráfico 13 pódese observar que a porcentaxe do terceiro trimestre, un 37,6% é máis baixa que a de 2008. Por tanto, coa pandemia incrementáronse as diferenzas debido tanto á maior precariedade do emprego feminino como á maior ocupación a tempo parcial, situacións que permitiron rescindir con maior facilidade os contratos de traballo.

Cadro nº 11: Peso relativo por idades das ocupadas na ocupación total (%)

|        | Entre 16 e 24<br>anos | Entre 25 e 29<br>anos | Entre 30 e 64<br>anos | Entre 16 e 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total |
|--------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|--------------------|-------|
| 2008   | 39,7                  | 48,8                  | 43,7                  | 45,5                  | 43,7               | 44,0  |
| 2009   | 43,3                  | 49,8                  | 44,9                  | 47,5                  | 44,9               | 45,4  |
| 2010   | 43,0                  | 50,1                  | 45,0                  | 47,7                  | 45,0               | 45,4  |
| 2011   | 43,9                  | 49,1                  | 45,9                  | 47,4                  | 45,9               | 46,1  |
| 2012   | 47,1                  | 50,7                  | 46,6                  | 49,6                  | 46,6               | 47,0  |
| 2013   | 47,6                  | 49,7                  | 47,1                  | 49,1                  | 47,0               | 47,3  |
| 2014   | 46,5                  | 49,4                  | 47,4                  | 48,5                  | 47,3               | 47,5  |
| 2015   | 48,8                  | 49,6                  | 46,8                  | 49,3                  | 46,8               | 47,1  |
| 2016   | 44,2                  | 49,5                  | 47,1                  | 47,9                  | 47,2               | 47,2  |
| 2017   | 47,9                  | 47,6                  | 47,6                  | 47,7                  | 47,6               | 47,6  |
| 2018   | 44,2                  | 48,6                  | 47,9                  | 47,2                  | 47,9               | 47,8  |
| 2019   | 42,7                  | 47,2                  | 48,0                  | 45,7                  | 47,8               | 47,6  |
| 2020T1 | 41,4                  | 45,1                  | 47,5                  | 43,9                  | 47,3               | 46,9  |
| 2020T2 | 42,9                  | 46,4                  | 47,7                  | 45,3                  | 47,6               | 47,4  |
| 2020T3 | 37,6                  | 47,3                  | 47,2                  | 44,2                  | 47,0               | 46,7  |

Fonte: IGE-INE

### 3.4.2 A ocupación xuvenil por grandes sectores económicos

Cadro nº 12: Evolución dos ocupados de 16 a 29 anos por grandes sectores económicos (miles de persoas)

|                   | Agricultura e<br>pesca |           |             |          |       |
|-------------------|------------------------|-----------|-------------|----------|-------|
|                   | Total                  | Industria | Construción | Servizos |       |
| 2010              | 178,2                  | 8,4       | 25,9        | 20,2     | 123,7 |
| 2015              | 117,8                  | 5,7       | 17,2        | 5,9      | 89,0  |
| 2019              | 122,3                  | 5,7       | 19,6        | 4,5      | 92,5  |
| 2020 (I,II,III,T) | 109,2                  | 5,2       | 21,4        | 4,4      | 78,2  |

| TVI       |       |       |       |       |       |
|-----------|-------|-------|-------|-------|-------|
| 2015/2010 | -33,9 | -32,1 | -33,6 | -70,8 | -28,1 |
| 2019/2010 | -31,4 | -32,1 | -24,3 | -77,7 | -25,2 |
| 2020/2010 | -38,7 | -37,7 | -17,2 | -78,2 | -36,8 |
| 2019/2015 | 3,8   | 0,0   | 14,0  | -23,7 | 3,9   |
| 2020/2019 | -10,8 | -11,3 | 13,2  | -0,8  | -16,1 |

Fonte: IGE-INE

Na caída dun terzo da ocupación xuvenil entre 2010 e 2015 contribuíron, en maior ou menor medida, todos os grandes sectores económicos. O máis notable foi o derrube na construción, xa que de 20.200 persoas ocupadas pasouse a 5.900, o que supuxo un descenso do 70,8%. Agora, en termos absolutos as maiores perdas alcanzáronse no

terciario, sector no que o emprego xuvenil descendeu nese período en 34.700 mozos e mozas. Tampouco foi positiva a evolución na agricultura e pesca en canto aos mozos ocupados, sector que en 2015 tiña a mesma dimensión que a construción e que tan só empregaba a 5.700 persoas mozas dun total de 63.700 traballadores no conxunto do primario galego, o que supón un 8,9%. Doutra banda, a crise industrial, que afectou a Galicia con intensidade do mesmo xeito que a construción, tamén supuxo que en 2015 houbera 1 traballador menos de cada 4 existentes en 2010.

Coa paulatina recuperación da economía galega de 2015 a 2019, o máis notable e positivo foi a recuperación do emprego industrial xuvenil. Aínda que, en termos absolutos só haxa en 2019 un total de 2.400 persoas ocupadas de 16 a 29 anos máis que en 2015, nestes 5 anos a industria conseguiu crear en total, case 20.000 novos empregos en Galicia. Neste sentido, é unha excelente noticia que se recupere un sector que nas últimas décadas foi decaendo a costa dos servizos, nun contorno dunha economía mundial moi globalizada e cada vez máis especializada na produción de bens no continente asiático. Esta especialización en servizos, sector en que a ocupación das persoas mozas galegas excedía o 71% en 2019, leva os riscos inherentes a que a actividade realizada polos máis novos tenda a concentrarse nas ramas de servizos non especializadas. Así, o incremento, aínda que modesto, na actividade industrial implica vantaxes en canto á cualificación dos ocupados, maiores salarios e mellores empregos en sectores con efectos de arrastre e creadores de valor engadido. En todo caso, a ocupación nos servizos tamén mellorou neste período aínda que a unha taxa de incremento, 3,9%, menor que a alcanzada pola industria, 14%.

En canto aos aspectos máis negativos, obsérvase que de 2015 a 2019 as persoas mozas non só non retornaron en Galicia á actividade da construción, senón que esta actividade practicamente eliminou do seu persoal aos traballadores máis novos. En 2019 só se cuantificaban 4.400 ocupados sobre un total de 70.100 traballadores e traballadoras no sector galego, cifra de emprego xa inferior á da agricultura e pesca, actividades nas que se mantiveron os 5.700 ocupados que xa se contabilizaban en 2015.


Ante a crise sanitaria de 2020 percíbense cambios na evolución dos grandes sectores económicos galegos que afectan á traxectoria do mercado de traballo xuvenil. Nos tres primeiros trimestres de 2020, con respecto ao mesmo período de 2019, obsérvase que a caída do 10,8% nos ocupados entre 16 e 29 anos debeuse, sobre todo, ao negativo comportamento nos servizos, un comportamento que non ten que sorprenden ante o brusco freo da actividade nas ramas do terciario nas que se concentra unha maior cantidade de emprego e sendo os mozos o colectivo máis vulnerable á hora de prescindir dun posto de traballo. Tampouco estraña a estabilización na ocupación xuvenil na construción, xa que poucos máis ocupados poderíanse perder trala elevada desaceleración nos anos de crise e a súa estabilización nos exercicios posteriores. Si, pola contra, pode resultar máis sorprendente a caída dun 11,3% na ocupación no sector primario, actividade que, a priori, non debería de minguar nestes meses en exceso a súa produción. Seguramente resentíuse ante o freo no consumo dos fogares ou pola recomposición da demanda ante o brusco parón da restauración. Finalmente, a noticia máis positiva na difícil situación económica de 2020 é a nova repunta na ocupación xuvenil na industria, con 2.500 mozos e mozas máis incorporados a esta actividade grazas aos resultados do segundo trimestre de 2020 que, desafortunadamente, non se

mantiveron nos meses de verán, trimestre no que a EPA rexistra unha perda de 3.000 persoas traballadoras respecto ao período anterior.

Nos gráficos 14 e 15 móstrase a evolución do peso relativo da ocupación por grandes sectores económicos dos traballadores de 16 a 29 anos e do total da poboación ocupada en Galicia. A tendencia desde 2010 foi, en ambos casos, a un progresivo aumento no peso relativo dos servizos, a costa da perda de peso da construción, no grupo da xente moza, e do primario e a construción na ocupación total. Tense que observar tamén que o peso relativo dos servizos é máis elevado na ocupación xuvenil, grupo no que a destrución do emprego na construción colocou a esta actividade no último lugar entre os grandes sectores económicos de Galicia.


A maior terciarización do emprego xuvenil fronte ao total ao longo da década anterior alcanzou a súa diferenza relativa máxima en 2015 con 4,7 puntos, fenda que se mantivo ata 2019. Coa pandemia e o incremento da ocupación industrial dos máis novos produciuse unha aproximación na distribución porcentual da ocupación entre ambos colectivos. De feito, no seguro trimestre de 2020, a diferenza do peso relativo dos servizos nos dous grupos reduciuse ata os 1,2 puntos, gañando nos mozos protagonismo a industria, que ao longo da década mantivo unha taxa relativamente estable en torno ao 15%-16%, e neste período absorbeu o 21,2% dos empregos (fronte ao 17,5% do total de ocupados). Como xa se indicou, o incremento na porcentaxe da industria non se mantivo no terceiro trimestre de 2020, período no que volveu ter un maior papel o sector terciario, previsiblemente motivado polo incremento do emprego estacional ante o retorno da hostalaría e a restauración nos meses de verán.

Gráfico nº 14: Evolución do peso relativo da ocupación de entre 16 e 29 anos en Galicia por grandes sectores económicos



Fonte: IGE-INE

Gráfico nº 15: Evolución do peso relativo de ocupación total en Galicia por grandes sectores económicos



Fonte: IGE-INE

Por outra banda, soe ser habitual na maioría das economías de que o sector servizos estea ocupado maioritariamente por mulleres mentres os tres restantes están masculinizados. Isto tamén se cumpre no mercado de traballo galego no grupo de 16 a 29 anos. No cadro 13 obsérvase que a presenza das mozas na construción é moi escasa e en 2019 tan só representaban o 4,4% da ocupación do sector. Coa intensa caída na actividade nos anos da crise na construción a muller case deixou de ter presenza neste sector ante o peche de moitas empresas e o seu papel máis ligado a actividades técnicas e burocráticas que de obra. Nos anos de recuperación o seu peso relativo aumentou, volvendo a caer en 2019. Por outra banda, case pódese afirmar que a muller moza xa non traballa no sector primario, sendo agora estas tarefas case exclusivamente masculinas. O cadro 13 reflicte unha sistemática caída da porcentaxe feminina, que de contar cun 27,4% das ocupadas en 2010 pasou a un 3,3% no terceiro trimestre de 2020 (15,8% en 2019). Así, un sector primario que non deixa de perder efectivos, case desapareceu o traballo feminino. Pola súa banda, durante os últimos anos, sobre a cuarta parte dos ocupados xuvenís na industria galega eran mulleres. Esta taxa experimentou certas oscilacións e aumentou no segundo trimestre de 2020 co confinamento. Finalmente, como xa se indicou, nos servizos predominan as mulleres sobre os homes, se ben en 2019 houbo unha aproximación ante a perda de ocupación feminina e unha ganancia na masculina. A porcentaxe aproximouse ao 50%, situación que se mantivo nos primeiros trimestres de 2020.

Cadro nº 13: Peso relativo das ocupadas de 16 a 29 anos na ocupación total galega (%)

|          | Agricultura<br>e pesca | Industria | Construción | Servizos |
|----------|------------------------|-----------|-------------|----------|
| 2010     | 27,4                   | 25,5      | 6,9         | 60,4     |
| 2011     | 26,4                   | 24,2      | 8,7         | 58,8     |
| 2012     | 19,7                   | 27,6      | 5,9         | 60,5     |
| 2013     | 18,5                   | 23,6      | 3,0         | 59,6     |
| 2014     | 13,8                   | 19,8      | 2,7         | 60,1     |
| 2015     | 15,8                   | 23,8      | 11,9        | 58,9     |
| 2016     | 14,5                   | 26,5      | 9,7         | 57,2     |
| 2017     | 12,9                   | 25,0      | 8,9         | 57,1     |
| 2018     | 15,3                   | 20,3      | 8,7         | 57,1     |
| 2019     | 15,8                   | 26,0      | 4,4         | 53,6     |
| 2020/I   | 11,1                   | 25,2      | 6,1         | 52,8     |
| 2020/II  | 7,8                    | 33,3      | 9,1         | 53,1     |
| 2020/III | 3,3                    | 28,4      | sen dato    | 54,3     |


Fonte: IGE-INE

### 3.4.3 O nivel formativo da ocupación xuvenil en Galicia

A xente moza ocupada no mercado de traballo galego ten, conforme transcorren os anos, un maior nivel formativo. Os resultados anuais dispoñibles cunha metodoloxía homoxénea só se teñen desde 2014. Esta información pon de manifesto que mentres nese ano, o 40,5% dos ocupados e ocupadas entre 16 e 29 anos estaban en posesión dunha titulación de educación superior (estudos universitarios ou ciclos formativos de formación profesional de grado superior ou equivalente), en 2020 (tres primeiros trimestres) esta porcentaxe incrementouse en 7,1 puntos (5,5 puntos en 2019). Iso foi a costa dunha sensible caída no peso relativo das persoas ocupadas cuxo nivel de estudos alcanzaba a educación secundaria en primeira etapa mentres que o peso dos ocupados con estudos de educación secundaria en segunda etapa mantíñase relativamente estabilizado. Neste período e a diferenza das décadas anteriores, a presenza de traballadores e traballadoras analfabetas ou con estudos primarios no mercado xuvenil é meramente testemuñal ante o feito de que calquera ocupado desa idade tivo que estar escolarizado para recibir, polo menos, a educación obrigatoria. Así, grosso modo, considerando o nivel formativo dos ocupados novos, a distribución actual resúmese en que case a metade dos traballadores e traballadoras cun emprego teñen unha educación superior, mentres que o nivel máximo da formación dun terzo dos ocupados é o de educación secundaria de segunda etapa, na que se inclúen os que posúen un título de formación profesional de grado medio ou o bacharelato, mentres que un quinto dos ocupados ten unha formación de educación secundaria de primeira etapa.

Agora ben, unha cuestión é que a formación do traballador novo galego sexa cada vez dun maior nivel educativo e outra, moi distinta, é si a produtividade que poida xerar co traballo que realiza correspóndese con ese nivel de cualificación recibida. Sobre este punto, a información dispoñible non é moi precisa xa que non se facilitan datos minimamente fiables sobre esta forma de subemprego, a cal adoita ser máis habitual neste colectivo que noutros de maior idade. Sobre outra das modalidades de subemprego, o traballar menos horas das que se desexaría, referirémonos a ela máis adiante, aínda que sen distinguir entre os distintos niveis de formación.

Gráfico nº 16: Peso relativo dos ocupados de 16 a 29 anos en Galicia por nivel formativo



Fonte: IGE-INE

No cadro 14, no que se presenta o número de persoas ocupadas por nivel educativo, apréciase a traxectoria xa comentada da oferta de traballo existente que, sen dúbida, ademais do que require a demanda, tamén está en consonancia cunha maior dotación de capital humano previa á incorporación ao mercado de traballo. Así, tralos duros anos de crises, a ocupación xuvenil desde 2014 a 2019 mantívose, como xa se observou noutros apartados, practicamente estabilizada. En todo este período aumentou un 3,4 % e, neste grupo de anos, o incremento promedio anual foi do 0,67%. Ante esta estabilización, a oferta se recompuxo coa presenza de menos traballadores e traballadoras de educación secundaria de primeira etapa (nese período produciuse un descenso do 23,9%) e con máis dos outros dous sectores educativos de maior nivel, crecendo ambos a unhas taxas relativamente parecidas (16,6% os traballadores con educación secundaria de segunda etapa e un 17,5% os de educación superior).

Se nos tres primeiros trimestres de 2020 produciuse unha caída no emprego dun 10,8% con respecto ao mesmo período do ano anterior, a cuestión neste punto é observar como afectou a crise sanitaria ao tecido ocupacional xuvenil por nivel formativo. Pois ben, aínda

que neste ano en todos os segmentos significativos perdeuse emprego cunha certa intensidade, o grupo máis vulnerable foi o dos ocupados con menor formación que, como se observa no cadro 14, perderon a 1 de cada 5 ocupados e iso afectou, dentro do colectivo de 16 a 29 anos, tanto ás persoas traballadoras máis novas como aos de maior idade. Mellor parados saíron os outros dous colectivos con máis formación, aínda que en ambos casos o número de ocupados descendeu en torno a 4.000 traballadores e traballadoras.

A diferenza de calquera das outras variables que se estudan neste Informe, a presentación agregada (de 16 a 29 anos) dos ocupados por nivel formativo contén un nesgo evidente dada a imposibilidade de que as persoas traballadoras máis novas poidan presentarse no mercado de traballo cunha formación de grado superior por carecer da idade para poder alcanzala. Obviamente, un grado universitario non se alcanza normalmente, como mínimo, ata os 22 anos.

Polo tanto, neste caso, máis que en ningún outro, convén distinguir entre o colectivo de 16 a 24 anos do de 25 a 29 anos. No primeiro, obsérvase unha repunta moi alta no emprego total, un 12,1%, grazas á dinámica seguida no período 2017-2019. O seu crecemento concentrouse nos traballadores e traballadoras con educación secundaria en segunda etapa e fronte a estes, os da primeira etapa caeron con forza. De feito, este colectivo pasou de conseguir o maior número de postos de traballo en 2014 a contar con menos ocupados que os que teñen os dous niveis educativos superiores en 2019. En consecuencia, as cifras do cadro 15 suxiren que cada ano é máis difícil a inserción laboral do colectivo que conta como nivel formativo máximo a ESO ou a formación profesional básica. Doutra banda, foi positiva a evolución da ocupación dos titulados superiores.

En canto ao grupo de 25 a 29 anos, no que predomina maioritariamente a persoa ocupada con educación superior, tamén no período 2014-2019 resentíuse moito o emprego daquelas persoas que contan con formación secundaria de primeira etapa, mentres se mantivo estabilizado o número de contratados con educación secundaria de segunda etapa. O incremento dun 17,5% do emprego de traballadores e traballadoras con educación superior suxire que as diferenzas entre os colectivos agrandaranse nos próximos anos.

Cadro nº 14: Evolución da poboación ocupada en Galicia entre 16 e 29 anos por nivel formativo (miles de persoas)

|                  | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014             | 118,3 | 3,2                             | 36,0                                 | 31,3                                | 47,9               |
| 2015             | 117,8 | 2,9                             | 32,7                                 | 32,9                                | 49,3               |
| 2016             | 119,6 | 4,7                             | 30,2                                 | 31,6                                | 53,1               |
| 2017             | 121,9 | 4,8                             | 27,2                                 | 33,1                                | 56,8               |
| 2018             | 121,1 | 4,7                             | 26,0                                 | 35,8                                | 54,6               |
| 2019             | 122,3 | 2,1                             | 27,4                                 | 36,5                                | 56,3               |
| 2020 (I,II,IIIT) | 109,2 | 2,2                             | 22,4                                 | 32,6                                | 52,0               |

| TVI       |       |       |       |       |      |
|-----------|-------|-------|-------|-------|------|
| 2016/2014 | 1,1   | 46,9  | -16,1 | 1,0   | 10,9 |
| 2019/2014 | 3,4   | -34,4 | -23,9 | 16,6  | 17,5 |
| 2020/2019 | -10,8 | 1,5   | -20,4 | -10,8 | -6,4 |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 15: Evolución da poboación ocupada en Galicia entre 16 e 24 anos por nivel formativo (miles de persoas)

|                  | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014             | 36,4  | 1,6                             | 14,3                                 | 10,4                                | 10,1               |
| 2015             | 36,2  | 1,8                             | 12,4                                 | 11,6                                | 10,4               |
| 2016             | 37,1  | 1,9                             | 10,6                                 | 12,2                                | 12,4               |
| 2017             | 40,1  | 1,7                             | 11,4                                 | 13,5                                | 13,5               |
| 2018             | 39,1  | 1,6                             | 11,8                                 | 14,4                                | 11,3               |
| 2019             | 40,8  | 1,0                             | 11,1                                 | 16,1                                | 12,6               |
| 2020 (I,II,IIIT) | 35,6  | 0,8                             | 9,5                                  | 13,9                                | 11,4               |

| TVI       |       |       |       |       |      |
|-----------|-------|-------|-------|-------|------|
| 2016/2014 | 1,9   | 18,8  | -25,9 | 17,3  | 22,8 |
| 2019/2014 | 12,1  | -37,5 | -22,4 | 54,8  | 24,8 |
| 2020/2019 | -12,5 | -36,1 | -16,4 | -12,0 | -7,1 |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 16: Evolución da poboación ocupada en Galicia entre 25 e 29 anos por nivel formativo (miles de persoas)

|                  | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014             | 81,9  | 1,6                             | 21,7                                 | 20,9                                | 37,8               |
| 2015             | 81,6  | 1,1                             | 20,3                                 | 21,3                                | 38,9               |
| 2016             | 82,5  | 2,8                             | 19,6                                 | 19,4                                | 40,7               |
| 2017             | 81,8  | 3,1                             | 15,8                                 | 19,6                                | 43,3               |
| 2018             | 82,0  | 3,1                             | 14,2                                 | 21,4                                | 43,3               |
| 2019             | 81,5  | 1,1                             | 16,3                                 | 20,4                                | 43,7               |
| 2020 (I,II,IIIT) | 73,6  | 1,4                             | 12,9                                 | 18,6                                | 40,6               |

| TVI       |      |       |       |      |      |
|-----------|------|-------|-------|------|------|
| 2016/2014 | 0,7  | 75,0  | -9,7  | -7,2 | 7,7  |
| 2019/2014 | -0,5 | -31,3 | -24,9 | -2,4 | 15,6 |
| 2020/2019 | -9,9 | 48,3  | -23,1 | -9,8 | -6,2 |


Fonte: IGE-INE

Sobre ao sucedido nos tres primeiros trimestres de 2020, nun contexto de caída da ocupación en todos os niveis formativos e nos dous segmentos (de 16 a 24 anos e de 25 a 29 anos), as persoas traballadoras con educación superior resistiron mellor os avatares desta crise, sendo os que contan con educación secundaria de primeira etapa os máis prexudicados en especial no colectivo de 25 a 29 anos.

No gráfico 17 apréciase a traxectoria de 2014 a 2020 da poboación ocupada de 16 a 29 anos por niveis educativos. Nela visualízase o sistemático descenso dos traballadores con educación secundaria de primeira etapa os cales superaban aos da segunda etapa en 2014. Este descenso corrixiuse levemente en 2019, pero non tivo continuidade ante a caída xeneralizada da ocupación en 2020. Doutra banda, tanto o emprego das persoas con educación superior como as de educación secundaria de segunda etapa mantiveron,

polo xeral, unha traxectoria ascendente cunha sensible fenda a favor dos traballadores con educación superior que se conservou ao longo de todo o período.

Gráfico nº 17: Evolución da poboación en Galicia entre 16 e 29 anos por nivel formativo



Fonte: IGE-INE

Finalmente, o cálculo da taxa de emprego por niveis de idade permite visualizar, desde outra perspectiva, a posición das persoas mozas no mercado de traballo considerando o seu nivel formativo. No cadro 17 apréciase que dos galegos e galegas entre 16 e 29 anos con educación superior (fundamentalmente unha formación profesional de grado superior ou un grado universitario) tiñan unha ocupación (de calquera característica) o 54,6% dos titulados en 2014 e o 61,9% en 2019, porcentaxe que aínda foi crescendo sistematicamente ata 2018, experimentou en 2019 unha lixeira desaceleración. Esta taxa de emprego duplicou á das persoas mozas con educación secundaria de primeira e segunda etapa e foi catro veces maior que a de quen non alcanzou estes niveis formativos. Este cadro 17 mostra, por conseguinte, a dificultade dos mozos e mozas, que carecen de educación superior, de obter un traballo xa que 2 de cada 3 mozos galegos con educación secundaria de segunda etapa ou están parados ou son inactivos, proporción que aumenta a 3 de cada 4 para os mozos con educación secundaria de primeira etapa e a 4 de cada 5 aos que teñen estudos primarios. Obsérvase, de novo, que a fenda entre a educación superior e o resto dos niveis formativos é moi elevada.

Cadro nº 17: Taxa de emprego de 16 a 29 anos por nivel de formación alcanzado

|                                | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|--------------------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014                           | 34,1  | 15,3                            | 28,8                                 | 27,7                                | 54,6               |
| 2015                           | 35,0  | 18,7                            | 27,7                                 | 28,9                                | 55,2               |
| 2016                           | 36,5  | 23,3                            | 27,5                                 | 29,5                                | 58,7               |
| 2017                           | 37,9  | 22,9                            | 26,9                                 | 30,5                                | 62,5               |
| 2018                           | 38,0  | 25,4                            | 25,9                                 | 31,8                                | 63,0               |
| 2019                           | 38,5  | 15,4                            | 27,4                                 | 32,3                                | 61,9               |
| 2020/Tres primeiros trimestres | 34,3  | 17,9                            | 22,9                                 | 27,9                                | 56,7               |

Fonte: IGE-INE

As baixas taxas de emprego, sobre todo nos dous niveis educativos de educación secundaria do colectivo entre 16 e 24 anos, reflicte, por unha banda, as dificultades para atopar unha ocupación e, pola outra, o posible atraso na entrada ao mercado de traballo daqueles que neste tramo de idade están intentando alcanzar un nivel educativo máis alto. En todo caso e, en concreto no grupo de persoas mozas xa con educación superior, contrasta a taxa de emprego do segmento de 16 a 24 anos, que aínda que se incrementou no período de 2014 a 2019 non superaba o 45% en 2019, coa do colectivo entre 25 e 29 anos, un 69,9%. A fenda de máis de case 25 puntos, evidencia, como veremos máis adiante ao analizar as características dos parados, as dificultades deste colectivo máis novo xa titulado de lograr unha ocupación. Tampouco parece que o teñan máis doado os mozos e mozas con titulacións de menor nivel, cuxa taxa de emprego quédase moi lonxe dos de educación superior.

Cadro nº 18: Taxa de emprego de 16 a 24 anos por nivel de formación alcanzado

|                                | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|--------------------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014                           | 17,8  |                                 | 17,2                                 | 13,2                                | 36,9               |
| 2015                           | 18,1  |                                 | 15,1                                 | 14,9                                | 36,6               |
| 2016                           | 18,8  |                                 | 13,6                                 | 16,1                                | 40,4               |
| 2017                           | 20,6  |                                 | 15,1                                 | 17,4                                | 46,2               |
| 2018                           | 20,1  |                                 | 15,1                                 | 18,0                                | 45,2               |
| 2019                           | 20,9  |                                 | 14,5                                 | 19,9                                | 44,2               |
| 2020/Tres primeiros trimestres | 18,0  |                                 | 12,5                                 | 16,3                                | 40,6               |

Fonte: IGE-INE

Nos cadros 18 e 19 aprécianse a asimetría entre as taxas de emprego dos mozos e mozas ata os 24 anos e do colectivo de 25 e 29 anos. Para estes últimos, as tres taxas de emprego por nivel educativo son relativamente homoxéneas, coa peculiaridade que a que

experimentou a maior aceleración no período de 2014 a 2019 é a do colectivo de educación secundaria de primeira etapa, ao crecer 17,6 puntos e ata case conseguir igualar á taxa das persoas mozas que contan con educación superior, que neste período aumentou 7,3 puntos. Estes resultados poderían suxerir que a ocupación nestes anos de recuperación, trala crise, dirixiuse cara a postos de traballo que requirían dunha menor cualificación, o cal non é correcto. No cadro 19, no que figura a poboación en valor absoluto, mostrábase que o emprego, neste grupo, diminuíu entre 2014 e 2019 un 29,9%, co cal a explicación sobre o alto valor desta taxa atópase no feito de que a poboación galega desa idade e con esa formación caeu en maior contía que o emprego. En efecto, nese período fíxoo nun 43,9%, porcentaxe moi superior á caída na poboación coa cualificación de educación secundaria de segunda etapa (8,4%). A diferenza destes dous grupos, produciuse un aumento na poboación con estudos superiores dun 3,5%, o que contribuíu a amortecer o crecemento da súa taxa de emprego e malia iso creceu en 7,3 puntos neste período.

Por outra banda, a taxa de emprego que experimentou a maior caída durante os primeiros trimestres da crise sanitaria foi a dos de educación secundaria de primeira etapa, o que confirma a súa maior vulnerabilidade.

Cadro nº 19: Taxa de emprego de 25 a 29 anos por nivel de formación alcanzado


|                                | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|--------------------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014                           | 57,6  |                                 | 52,0                                 | 60,2                                | 62,6               |
| 2015                           | 59,9  |                                 | 56,5                                 | 59,7                                | 63,9               |
| 2016                           | 63,1  |                                 | 61,6                                 | 61,6                                | 68,1               |
| 2017                           | 64,5  |                                 | 61,7                                 | 62,8                                | 70,2               |
| 2018                           | 66,1  |                                 | 62,8                                 | 65,0                                | 70,2               |
| 2019                           | 66,7  |                                 | 69,7                                 | 64,2                                | 69,9               |
| 2020/Tres primeiros trimestres | 61,1  |                                 | 58,7                                 | 59,2                                | 63,8               |

Fonte: IGE-INE

Finalmente, no gráfico 18 obsérvase a distribución por sexos da ocupación por nivel educativo. Sobresae o notable predominio nas mulleres que contan con educación superior, peso relativo que, do mesmo xeito que as que dispoñen da educación secundaria de segunda etapa, incrementouse nos últimos anos a costa da educación secundaria de primeira etapa. O mesmo sucedeu no colectivo masculino, coa diferenza de que a distribución entre os tres niveles educativos está máis equilibrada. Neste caso, o peso dos ocupados e ocupadas en 2020 con educación superior foi o máis alto, alcanzando unha porcentaxe que aínda está 6,1 puntos por baixo da taxa feminina. En 2014 predominaban nas ocupacións xuvenís masculinas as persoas cun nivel educativo de secundaria na súa primeira etapa. Representaban un 38,4% do total, porcentaxe que caeu ata o 26% en 2020. Todo isto parece suxerir que as maiores dificultades das

mulleres para atopar emprego fan que se acaban formando mías para así aumentar as súas posibilidades.

Gráfico nº 18: Distribución porcentual dos ocupados de 16 a 29 por nivel educativo e sexos



Fonte: IGE-INE

### 3.4.4 Os asalariados e a temporalidade

Unha gran maioría dos mozos ocupados en Galicia de 16 a 29 anos son traballadores por conta allea. En 2008, do total de ocupados, os asalariados representaban o 88,4%, (taxa de asalarización). Nos primeiros anos da crise e nun contexto, como xa comentamos anteriormente, dunha perda sistemática e elevada na ocupación, esta porcentaxe superou o 90%, debido a unha maior caída dos ocupados por conta propia, nun contexto económico que dificultaba o emprendemento, xa que a evolución da economía freaba as posibilidades de poñer en marcha iniciativas que previsiblemente puidesen alcanzar un éxito empresarial. Ante estas expectativas negativas, tanto para realizar novos investimentos como para manter os xa existentes, os reaxustes no persoal incidiron, por encima de calquera outro colectivo, nos traballadores novos.

Eles son os que contan cunha menor experiencia, xeran un menor custo na extinción dos seus contratos e existe á convención implícita de que, en caso de crise, os empregadores deben atesourar o traballo que xera máis produtividade, xa que de desprenderse deles, serían máis elevados os custos de rotación.

Por todo o anterior, as persoas mozas foron o colectivo máis vulnerable na pasada crise. Así, mentres o número de asalariados de 30 ou máis anos apenas variou de 2008 a 2011 e de feito incrementouse nun 0,4%, os asalariados entre 16 e 29 anos caeron nun 33,5%, ou sexa, neste curto período prescindíuse de 1 de cada 3 traballadores asalariados de menor idade. Esta situación tan negativa afectou sensiblemente tanto aos asalariados

máis novos (de 16 a 24 anos,) cuxa taxa de variación negativa foi do 39,3%, como aos de 25 a 29 anos, segmento no que os asalariados descenderon un 30,2%.

Foi a partir de 2012 cando comezou a descender o número de asalariados de 30 a 64 anos, aínda que a caída nos asalariados máis novos non cesou. Sen embargo, mentres o emprego asalariado recuperouse en 2014 no colectivo de 30 a 64 anos, nos máis novos estabilizouse nunha contía que supuxo a metade do emprego que se dispoñía ao comezo da crise. Así, chegouse ao ano 2019 no que, con relación a 2008, o emprego asalariado de máis idade aumentou un 7,9% mentres que o máis novo caeu nun 51,6% para o colectivo de 16 a 24 anos e o 45,3% para o de 25 a 29 anos. Estas porcentaxes tan alarmantes mostran cuantitativamente o pouco éxito de calquera iniciativa de política activa destinada á empregabilidade dese colectivo. Tamén, obviamente, esta traxectoria motivou un notable envellecemento do persoal. De contar estas, en 2008, cun promedio de 3 asalariados con menos de 30 anos por cada 10 entre 16 e 64 anos, en 2019 pasouse a tan só 1,3 asalariados.

A crise sanitaria foi un novo e grave factor que empeorou moito máis as cifras dos asalariados xuvenís. Así, mentres nos tres primeiros trimestres de 2020 apenas si variou en Galicia o número de asalariados de 30 anos ou máis (creceron un 0,2%) grazas á flexibilidade, como xa indicamos, que supuxo a utilización dos expedientes de regulación de emprego por forza maior, o emprego asalariado xuvenil parece que transitou por outros camiños xa que neste período, con relación aos tres primeiros trimestres de 2019, o descenso total situouse nun 10,1% froito da caída do 14,5% no grupo de 16 a 24 anos e do 7,9% no de 25 a 29 anos. Ao contrario do que sucedía cos asalariados de maior idade, os empregadores non valoraron do mesmo xeito a posibilidade de conservar este emprego e optaron por prescindir del. Esta situación xerou, como analizaremos máis adiante, un sensible incremento na taxa de paro deste grupo de asalariados.

Cadro nº 20: Número de asalariados en Galicia

|                 | Entre 30 e 64 anos |                 |                 |         |         | Peso relativo dos asalariados de 16 a 29 anos sobre os de 30 a 64 anos |
|-----------------|--------------------|-----------------|-----------------|---------|---------|------------------------------------------------------------------------|
|                 | De 16 a 24 anos    | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | anos    | Total   |                                                                        |
| 2008            | 77.865             | 135.778         | 213.643         | 703.211 | 920.929 | 30,4                                                                   |
| 2009            | 68.438             | 120.546         | 188.984         | 704.184 | 898.001 | 26,8                                                                   |
| 2010            | 54.654             | 106.319         | 160.972         | 700.171 | 865.393 | 23,0                                                                   |
| 2011            | 47.283             | 94.750          | 142.033         | 705.713 | 852.326 | 20,1                                                                   |
| 2012            | 39.541             | 87.445          | 126.986         | 678.188 | 810.143 | 18,7                                                                   |
| 2013            | 33.080             | 78.835          | 111.915         | 659.505 | 775.311 | 17,0                                                                   |
| 2014            | 31.761             | 71.614          | 103.375         | 672.031 | 779.503 | 15,4                                                                   |
| 2015            | 32.824             | 68.973          | 101.797         | 694.993 | 800.211 | 14,6                                                                   |
| 2016            | 33.417             | 73.452          | 106.869         | 706.890 | 817.881 | 15,1                                                                   |
| 2017            | 36.873             | 73.579          | 110.452         | 712.406 | 827.280 | 15,5                                                                   |
| 2018            | 36.968             | 74.107          | 111.076         | 745.220 | 862.377 | 14,9                                                                   |
| 2019            | 37.716             | 74.204          | 111.919         | 758.985 | 878.331 | 14,7                                                                   |
| 2020 (I,II,III) | 32.330             | 68.475          | 100.804         | 758.893 | 867.542 | 13,3                                                                   |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 21: Taxa de asalarización

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total | Diferenza da taxa entre 16 a 29 anos e de 30 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-------|--------------------------------------------------------|
| 2008              | 88,0            | 88,7            | 88,4            | 74,4               | 76,7  | 14,0                                                   |
| 2009              | 91,6            | 89,8            | 90,5            | 75,5               | 77,7  | 15,0                                                   |
| 2010              | 90,0            | 90,5            | 90,4            | 76,5               | 78,4  | 13,8                                                   |
| 2011              | 87,5            | 88,0            | 87,8            | 77,0               | 78,2  | 10,9                                                   |
| 2012              | 86,9            | 88,9            | 88,3            | 76,1               | 77,4  | 12,2                                                   |
| 2013              | 89,0            | 88,5            | 88,6            | 75,9               | 77,0  | 12,8                                                   |
| 2014              | 87,3            | 87,4            | 87,4            | 77,3               | 78,1  | 10,1                                                   |
| 2015              | 90,6            | 84,5            | 86,4            | 78,2               | 78,7  | 8,3                                                    |
| 2016              | 90,2            | 88,9            | 89,3            | 77,7               | 78,6  | 11,6                                                   |
| 2017              | 92,1            | 89,8            | 90,6            | 77,7               | 78,6  | 12,9                                                   |
| 2018              | 94,7            | 90,3            | 91,7            | 79,1               | 80,0  | 12,7                                                   |
| 2019              | 92,4            | 91,1            | 91,5            | 79,3               | 80,2  | 12,2                                                   |
| 2020 (I,II,III,T) | 90,7            | 93,0            | 92,3            | 80,2               | 80,9  | 12,1                                                   |

Fonte: IGE-INE

Unha das claves da anterior asimetría entre a traxectoria dos asalariados máis novos e os de maior idade está no tipo de contrato predominante nun e noutro colectivo. Así, mentres nos máis novos (de 16 a 24 anos), e nos últimos anos no grupo de 25 a 29 anos, a forma de contratación máis habitual é mediante un contrato temporal, nos traballadores de maior idade (de 30 a 64 anos) predomina a contratación indefinida. Iso marca, sobre todo en tempos de crises, a evolución da ocupación.

No cadro 22 obsérvase a notable diferenza entre os tres grupos de idade. No caso dos asalariados entre 16 a 24 anos, en 2008 resultaba que 2 de cada 3 tiñan un contrato temporal. Esta situación, similar á de España pero moi diferente á do resto da Unión Europea, podería ter a súa xustificación, entre outras causas, ao feito de que este colectivo está iniciando a súa participación no mercado de traballo e a súa falta de experiencia motiva que os empregadores non estean dispostos a asumir os custos e os riscos que para eles supón a contratación indefinida. Tamén cabo supoñer que unha boa parte destes traballadores novos participen, nun contexto de dualidade dos mercados, no segmento dos mercados secundarios que esixen baixas produtividades e con futuro laboral moi incerto, con contratos en precariedade e nos que os asalariados son facilmente intercambiábeis uns por outros. Nese ano 2008, a taxa de temporalidade do grupo de 25 a 29 anos é case 20 puntos menor ao do colectivo anterior pero aínda así segue sendo moi alta e ambas se sitúan a considerable distancia do grupo de 30 a 64 anos, colectivo no que aínda que predomina a contratación fixa tamén resulta preocupante que a súa taxa de temporalidade sexa do 23,3%.

Na primeira década deste século, os analistas sinalaban como un dos máis importantes problemas do mercado de traballo galego e español a súa elevada taxa de temporalidade, a cal alcanzaba taxas alarmantes no mercado xuvenil. Os inconvenientes desta situación (entre outros, baixas produtividades, falta de motivación e incentivos para a formación, poucas posibilidades de obtención de experiencia) son bastante evidentes.

Tralo inicio da crise, unha das súas primeiras consecuencias foi o descenso na taxa de temporalidade en todos os segmentos de idade. Esta redución, especialmente intensa nos traballadores de 16 a 29 anos, non se debeu á conversión de temporais en

indefinidos, senón á redución do persoal prescindindo, sobre todo, dos asalariados temporais máis novos no caso de manter aberta as empresas. Esta afirmación corrobóora a evolución no número de traballadores que se mostra no cadro 22.

Cadro nº 22: Taxa de temporalidade en Galicia

|                  | Entre 16 e<br>24 anos | Entre 25 e<br>29 anos | Entre 30 e<br>64 anos |
|------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 2008             | 66,2                  | 47,0                  | 23,3                  |
| 2009             | 62,8                  | 42,5                  | 20,4                  |
| 2010             | 64,7                  | 44,5                  | 19,0                  |
| 2011             | 66,8                  | 46,5                  | 18,8                  |
| 2012             | 64,4                  | 45,0                  | 17,8                  |
| 2013             | 68,2                  | 45,4                  | 17,9                  |
| 2014             | 70,9                  | 49,6                  | 18,5                  |
| 2015             | 76,7                  | 52,7                  | 20,4                  |
| 2016             | 74,6                  | 54,5                  | 21,1                  |
| 2017             | 73,9                  | 58,1                  | 21,5                  |
| 2018             | 71,4                  | 55,8                  | 21,6                  |
| 2019             | 75,0                  | 53,2                  | 21,6                  |
| 2020 (I,II,IIIT) | 70,4                  | 50,1                  | 19,7                  |

Fonte: IGE-INE

Coa recuperación volveuse de novo a recorrer aos contratos temporais, especialmente como forma de contratación das persoas mozas, de tal modo que a taxa de temporalidade dos asalariados entre 16 e 24 anos xa se situou en 2019 no 75% (8,8 puntos máis alta que en 2008) e a de 26 a 29 anos no 53,2% (6,2 puntos máis elevada, malia que nese ano reduciuse con respecto aos exercicios anteriores). A fenda, con respecto aos asalariados de 30 a 64 anos, agrandouse xa que a taxa de temporalidade deste grupo foi, tanto nos anos de crises como nos de recuperación, sempre inferior á de 2008 e roldou en torno ao 17,8-21,6%. A porcentaxe máis alta alcanzouse en 2018 e 2019 e foi 1,7 puntos inferior á de 2008.

Como cabería agardar, nos tres primeiros trimestres de 2020 caeu con forza a taxa de temporalidade nos colectivos máis novos. A expulsión de traballadores temporais fronte aos indefinidos explica esta evolución. No cadro 23, ademais de recoller a evolución en 2020 con respecto a 2019 do número de asalariados, obsérvase, a diferenza entre indefinidos e temporais nos tres tramos de idade. No devandito cadro 23 pódese apreciar a contía de asalariados, a diferente evolución no número de asalariados temporais e a dicotomía existente entre os traballadores máis novos e os de maior idade.

O peso relativo dos asalariados temporais de 16 a 24 anos sobre o total de ocupados en España e Galicia é moi superior ao da media da Unión Europea de 27 países. Si en 2019 nesta área xeográfica a porcentaxe alcanzaba o 46,9% en España ascendía ata o 65,6% e en Galicia ao 69,1%. Iso suxire que en España recórrese en exceso a esta figura contractual a cal xera situacións de inestabilidade que afecta ao modo de vida e ás expectativas de futuro dos traballadores. España lidera esta taxa na Unión Europea

seguida de Portugal (59,5%) e de Italia (56,8%). As taxas máis baixas alcanzáronse en Letonia (10,3%), Lituania (7,2%) e Romanía (3,5%), todos eles países da Europa do leste cunha estrutura do mercado de traballo diferente á española e a galega.

Cadro nº 23: Asalariados temporais e indefinidos, por tramos de idade, nos tres primeiros trimestres de 2019 e 2020

***Asalariados indefinidos (persoas)***

|         | Entre 16 e 24<br>anos | Entre 25 e 29<br>anos | Entre 30 e 64<br>anos |
|---------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 2019    | 8.875                 | 34.215                | 599.862               |
| 2020    | 9.554                 | 34.170                | 615.982               |
| TVI (%) | 7,7                   | -0,1                  | 2,7                   |


***Asalariados temporais (persoas)***

|         | Entre 16 e 24<br>anos | Entre 25 e 29<br>anos | Entre 30 e 64<br>anos |
|---------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 2019    | 28.947                | 40.096                | 164.668               |
| 2020    | 22.776                | 34.305                | 150.756               |
| TVI (%) | -14,5                 | -7,9                  | 0,3                   |

Fonte: IGE-INE

No gráfico 19 compárase, desde 2008, a traxectoria do peso relativo das persoas asalariadas temporais sobre a ocupación en España, Galicia e no conxunto da Unión Europea. A evolución de Galicia e España é moi similar tendo, en ambos casos, experimentado esta taxa un crecemento a partir dos anos de recuperación da anterior crise. En 2008 a taxa española era 3,2 puntos máis alta que a galega. Esta fenda foise recortando e en 2019 esta taxa superaba en Galicia á española en 3,6 puntos e, en ambos mercados, descendeu nos tres primeiros trimestres de 2020. A persistencia de taxas de temporalidade tan altas evidencia un problema estrutural no mercado de complexa solución, malia os intentos das políticas activas de emprego que tratan de reducir esta taxa aos parámetros da media europea.

Gráfico nº 19: Peso relativo dos traballadores temporais de 16 a 24 anos sobre a ocupación




Fonte: IGE-INE

Finalmente, no gráfico 20 móstrase a evolución trimestral da taxa de temporalidade, medida polo cociente entre as persoas con contrato temporais e o total de persoas asalariadas, para diferentes grupos de idade. Cabe engadir dúas observacións ao xa comentado anteriormente sobre a distinta situación no modo de contratación dos diferentes colectivos por grupos de idades no mercado de traballo galego. En primeiro lugar, o gráfico 20 mostra a asimetría existente na estacionalidade entre os grupos máis novos e os de maior idade. Os cambios trimestrais son moi volátiles no grupo de 16 a 24 anos e tamén son moi evidentes no de 25 a 29 anos. As maiores taxas rexístranse, polo xeral, nos meses de verán, período no que se incrementa a contratación temporal de persoal mozo, sobre todo nos servizos. Esta taxa cae no cuarto trimestre, aínda que neste período segue mostrando valores moi elevados. Este feito que, en parte, debe obedecer á contratación de novos estudantes para labores pouco cualificadas no período estival, retornando os seus estudos ao comezo do outono, tamén reflicte a debilidade dun mercado sometido a unha alta estacionalidade. Isto obsérvase no grupo de 16 a 24 anos con máis precisión no gráfico 20, no que os maiores picos, cando as diferenzas intertrimestrais son negativas, refírense ao cuarto trimestre de cada ano e cando son positivas, polo xeral, corresponden cos terceiros trimestres. Nesta mesma gráfica tamén se mostran as diferenzas intertrimestrais no segmento de 25 a 29 anos, no que a estacionalidade dos meses de verán, sendo menor, é tamén evidente.

En segundo lugar, no gráfico 20 apréciase a tendencia contraposta entre os dous grupos de idade máis nova fronte ao colectivo de 30 a 64 anos. Mentres que neste último a taxa de temporalidade mantívose, desde 2008, na crise, a recuperación e os últimos trimestres de pandemia, relativamente estable e inclusive experimentou un lixeiro descenso, nos outros dous grupos, en especial o de 16 a 24 anos, mantivo unha traxectoria crecente. Iso de novo mostra a diferente situación dos tres colectivos no mercado de traballo, con


perspectivas non moi optimistas ante o feito de que a fenda entre as taxas xuvenís e as de maior idade sexan cada vez máis amplas.

Gráfico nº 20: Evolución da taxa de temporalidade en Galicia por distintos grupos de idade



Fonte: IGE-INE

Gráfico nº 21: Diferenzas intertrimestrais na taxa de temporalidade en Galicia



Fonte: IGE-INE

Finalmente, tense que constatar que tanto o valor como a traxectoria da taxa de temporalidade foi similar para homes e mulleres tanto no colectivo de 16 a 24 anos como no de 25 a 29 anos. No gráfico 22, as liñas deste último grupo case se solapan mentres que no de 16 a 24 anos entrelázanse xa que uns anos é maior a taxa de temporalidade masculina e noutros a feminina.

Gráfico nº 22: Evolución da taxa de temporalidade de homes e mulleres de 16 a 24 anos





Gráfico nº 23: Evolución da taxa de temporalidade de homes e mulleres de 25 a 29 anos



Fonte: IGE-INE

### 3.4.5 O tempo parcial e a súa involuntariedade

A distinción entre os contratos a tempo completo e parcial é outra característica diferencial entre o mercado de traballo xuvenil e o resto. É obvio que o tempo parcial é unha alternativa preferible para determinadas persoas ocupadas que desexan traballar menos horas, para así cubrir ou poder atender outras necesidades. Así, cabe intuír que moitas persoas mozas prefiran incorporarse ao mercado laboral sen dedicación a tempo completo para simultaneamente poder realizar outras tarefas como poidan ser as actividades formativas. Sexa polos motivos que se consideren, a posibilidade de participar no mercado de traballo a tempo parcial pode resultar interesante tanto para o empregador o empregadora como para determinados traballadores e traballadoras, como se comproba no gráfico 24, contrátase por esta modalidade a moitos menos persoas que a tempo completo. Tamén, como estudaremos máis adiante, está contratación é posible que só lle interese aos empregadores ou empregadoras e o traballador ou traballadora ten que aceptala, aínda cando ese non sexa o seu desexo.

No gráfico 24 móstrase a traxectoria da taxa de tempo parcial en Galicia considerando as persoas asalariadas e as non asalariadas, e ponderados pola ocupación total galega para cada segmento de idade. Pois ben, mentres esta taxa apenas variou no grupo de 30 a 64 anos desde 2008, mostrando ao longo destes últimos anos una certa estabilidade, no grupo de persoas mozas, como anteriormente intuíase, presenta un comportamento máis volátil, sendo ademais máis elevadas. No colectivo de 25 a 29 anos apréciase que partía no primeiro trimestre de 2008 cunha taxa de tempo parcial do 9,8%, a mesma que a do grupo entre 30 e 64 anos. Coa crise ambas taxas seguiron unha traxectoria diverxente.


Debido tanto a un maior despedimento de traballadores e traballadoras a tempo completo como por unha maior utilización dos contratos a tempo parcial, coa crise e posterior recuperación, está variable, con altibaixos, iniciou unha traxectoria ascendente ata o extremo que no primeiro trimestre de 2019 a taxa, un 28,6%, foi a mesma que a do grupo de 16 a 24 anos, un segmento que tradicionalmente mantiña a porcentaxe máis elevada. Esa aproximación, que non se mantivo nos trimestres posteriores, suxire como máis adiante corroborarase, que se estaba utilizando un tipo de contratación no colectivo de 25 a 29 anos de modo moi similar ao do grupo de 16 e 24 anos, cando as preferencias de ambos colectivos son diferentes. En todo caso, a opción ao tempo parcial acelerouse nos anos de crises no mercado de traballo xuvenil, de modo que as porcentaxes actuais practicamente dobran ás existentes en 2008.

No gráfico 24 tamén se observa a volatilidade e estacionalidade existente neste tipo de contratación, que en termos relativos tivo un menor peso nos tres primeiros trimestres de 2020 o que mostra como a pandemia afectou moi negativamente as persoas contratadas a tempo parcial. Así, de ser o valor da taxa un 37,1% no colectivo de 16 a 24 anos, pasou ao 29,9% no terceiro trimestre de 2020. Un descenso de menor contía pero tamén significativo observouse nas persoas contratadas entre 25 e 29 anos, do 20% pasouse ao 15,3%, porcentaxe similar ao dos primeiros anos da crise. Iso contrasta coa caída de 1,2 puntos da taxa dos traballadores e traballadoras de 30 a 64 anos.

Os grandes prexudicados pola contratación a tempo parcial foron o colectivo entre 25 e 29 anos. Os microdatos da EPA permiten calcular, por cohortes de idade, o número de traballadores e traballadoras a tempo parcial que desexarían en realidade estar a tempo completo e os resultados sintetízanse no gráfico 25. A primeira cuestión é que a insatisfacción é alta e foi aumentando a partir de 2008 conforme avanzaba a crise para, a partir da recuperación, ir diminuíndo para caer aínda máis nos trimestres de crise sanitaria. Como xa indicabamos, o máis substantivo, ao noso xuízo, é o número tan elevado de traballadores e traballadoras entre 25 e 29 anos que declaran que en realidade son falsos tempos parciais. Este colectivo que xa supoñía a metade das persoas ocupadas no primeiro trimestre de 2014, representaba ao 86,4% no terceiro trimestre de 2014, ou sexa, case todas e posteriormente coa recuperación e a mellor situación do mercado de traballo foi descendendo este número de decepcionados para de novo medrar en 2019.


En canto aos outros dous colectivos (de 16 a 24 anos e de 30 a 64 anos), a porcentaxe de falsos tempos parciais é similar e na maioría dos trimestres superaba o 50% dos traballadores e traballadoras. O feito de que as taxas de ambos sexan semellantes e inferiores ás do grupo de 25 a 29 anos, pon de manifesto que no grupo das persoas traballadoras máis novos, unha porcentaxe significativa elixe realmente estar a tempo parcial o que se contrapón coa vontade manifestada polos ocupados e ocupadas do colectivo de 25 a 29 anos que, nunha gran maioría ata os meses de pandemia, víronse obrigados a aceptar este tipo de contrato

Gráfico nº 24: Evolución da taxa a tempo parcial por grupos de idade



Fonte: IGE-INE

Gráfico nº 25: Peso dos ocupados a tempo parcial que desexaban traballar a tempo completo (%)



Fonte: IGE-INE

O peso da ocupación a tempo parcial é moito máis acusado nas mulleres que nos homes. Nos gráficos 26 e 27 apréciase unha traxectoria paralela nas taxas masculinas e femininas tanto no colectivo de 16 a 24 anos como o de 25 a 29. Considerando o elevado número de falsos tempos parciais, sobre todo no grupo de 25 a 29 anos, a situación das mulleres neste eido é menos favorable que as dos homes.

Gráfico nº 26: Evolución da taxa de tempo parcial de homes e mulleres de 16 a 24 anos





Gráfico nº 27: Evolución da taxa de tempo parcial de homes e mulleres de 25 a 29 anos



Fonte: IGE-INE

### 3.4.6 As afiliacións á Seguridade Social.

Ademais da información que proporciona a EPA, un modo complementario de seguir desde 2008 a traxectoria dos ocupados e ocupadas no mercado de traballo xuvenil é a través da evolución no número de traballadores e traballadoras afiliadas á Seguridade Social en Galicia.

A evolución das afiliacións corrobora, como non podía ser doutro xeito, os resultados da EPA. No cadro 24 contrapóñense, para o grupo de 16 a 29 anos, dous das crises máis notables na sociedade galega: a demográfica e a do mercado de traballo xuvenil. Grosso modo, pódese dicir que, desde 2008 a 2020, Galicia perdeu un terzo da poboación xuvenil en idade de traballar e a metade dos afiliados novos á Seguridade Social. Estes datos reflicten unha preocupación alarmante, tanto polo futuro das xeracións máis novas como polo discorrer da sociedade galega no seu conxunto.

Cadro nº 24: Afiliación á Seguridade Social da poboación galega de entre 16 e 29 anos

|                                  | 2008    | 2009    | 2010    | 2011    | 2012    | 2013    | 2014    | 2015    | 2016    | 2017    | 2018    | 2019    | 2020 (ata setembro) |
|----------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|---------------------|
| Poboación                        | 458.876 | 441.580 | 423.698 | 404.647 | 387.011 | 370.256 | 354.782 | 341.930 | 332.119 | 325.690 | 321.436 | 319.547 | 319.929             |
| Afiliados a SS                   | 213.824 | 182.573 | 162.734 | 145.948 | 126.213 | 113.984 | 112.696 | 112.708 | 113.102 | 114.600 | 116.599 | 117.333 | 107.265             |
| TVI                              |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |                     |
| Poboación                        |         | -3,8    | -4,0    | -4,5    | -4,4    | -4,3    | -4,2    | -3,6    | -2,9    | -1,9    | -1,3    | -0,6    | 0,1                 |
| Afiliados a SS                   |         | -14,6   | -10,9   | -10,3   | -13,5   | -9,7    | -1,1    | 0,0     | 0,3     | 1,3     | 1,7     | 0,6     | -8,6                |
| % de Afiliados sobre a poboación | 46,6    | 41,3    | 38,4    | 36,1    | 32,6    | 30,8    | 31,8    | 33,0    | 34,1    | 35,2    | 36,3    | 36,7    | 33,5                |
| TV de cada ano sobre 2020        |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |         |                     |
| Poboación                        |         | -30,3   | -27,5   | -24,5   | -20,9   | -17,3   | -13,6   | -9,8    | -6,4    | -3,7    | -1,8    | -0,5    | 0,1                 |
| Afiliados a SS                   |         | -49,8   | -41,2   | -34,1   | -26,5   | -15,0   | -5,9    | -4,8    | -4,8    | -5,2    | -6,4    | -8,0    | -8,6                |


Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, IGE e INE

O descenso na afiliación foi especialmente intenso no período de 2009 a 2013, con taxas de variación negativas de dous díxitos en case todos os anos e cun mercado de traballo que, en tan só cinco anos, perdía á metade das súas persoas afiliadas. Esta espectacular caída, xa comentada cos datos EPA, freouse en 2014 aínda que nos anos de recuperación non se conseguiu recuperar a afiliación perdida nos anos de crises. A maiores, a crise sanitaria volve complicar está xa delicada situación ante un descenso da afiliación xuvenil, ata setembro de 2020, do 8,6%. En termos absolutos pasouse de contar con 213.824 afiliados en 2008 (en media mensual) a 107.265 en 2020 (en media mensual ata setembro) polo que todo apunta a que teñen que pasar moitos anos para volver alcanzar as cifras de 2008.

A esta recuperación terá que contribuír unha reversión nas variables demográficas. Dun modo non tan volátil como a traxectoria das afiliacións xuvenís, a poboación veu caendo sistematicamente ano tras ano e, aínda que nos últimos exercicios, estes descensos non son tan acusados, en promedio anual, entre 2008 a 2020 a caída foi do 3% fronte ao 5,6% das afiliacións xuvenís. Isto supuxo que mentres en 2008 a porcentaxe de afiliadas e afiliados novos sobre a poboación fose do 46,6%, en 2020 (nove primeiros trimestres) pasouse ao 33,5%, o que supón unha caída de 13,1 puntos.

No gráfico 28, no que se reflicte a taxa de variación anual dos afiliados á Seguridade Social por idades, recóllense evolucións diferentes nos dous grupos xuvenís que contrasta coa traxectoria máis estable na variación do número de afiliados e afiliadas con idade superior a 29 anos. Así, mentres as maiores perdas de afiliacións nos anos da crise producíronse no grupo máis novo, entre 16 e 24 anos, na recuperación, este colectivo foi o grupo que alcanzou a taxa de crecemento máis alta. En canto o grupo de 25 a 29 anos, que se ben non experimentara unha menor desaceleración que o colectivo máis novo nos anos de crises, posteriormente na recuperación, as afiliacións case non variaron, e de feito en todos os anos a taxa de variación foi negativa salvo en 2017 e 2018, período nos que o crecemento nas afiliacións foi moi moderado, 0,2% e 1,1% respectivamente. Neste gráfico 28 tamén se aprecia a desaceleración na afiliación en 2020 en todos os grupos de idade.

Gráfico nº 28: Taxa de variación dos afiliados á Seguridade Social en media mensual dos datos do último día de cada mes



Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE

### 3.4.7 As afiliacións á Seguridade Social nos diferentes réximes. O especial comportamento dos autónomos.

O seguimento da evolución das afiliacións por réximes permítenos apreciar, máis en concreto, a situación das persoas mozas que no mercado de traballo optaron por ser autónomos e, tamén, os que cotizan no sector agrario e no do mar. Tense que ter en conta que nas estatísticas que se presentan, os traballadores por conta propia do sector agrario (unha maioría en Galicia) contabilízanse no réxime de autónomos e desde 2012 os traballadores do sector agrario por conta allea incorporáronse ao réxime xeral cun sistema especial. Son estes últimos os que se presentan nas estatísticas deste informe. Doutra banda, pola súa pequena dimensión no conxunto das persoas mozas afiliadas e, ante os cambios normativos dos últimos anos que fan que as series non sexan homoxéneas, exclúese do cadro 24 aos afiliados no réxime especial de empregados de fogar, aínda que si inclúese este réxime nos gráficos seguintes. Pola súa banda, no réxime especial do mar considéranse tanto aos traballadores e traballadoras por conta propia como allea e, nese caso, hai excepcións ao principio xeral de territorialidade ao incluírse neste réxime aos residentes que traballan en sociedades mixtas e tamén aos que traballan en buques con bandeira de países da UE ou daqueles países cos que España asine un convenio bilateral no que se recolla a excepción ao principio de territorialidade.

En todo caso, en 2019, o réxime xeral, excluídos os traballadores e traballadoras por conta allea do sector agrario e os do fogar, absorbía o 87,8% das afiliacións totais de 16 a 29 anos mentres o réxime de autónomos representaba o 9,2%. Coa suma de ambos se alcanzaría o 97% do total. As estatísticas dispoñibles non nos permiten diferenciar, dentro dos autónomos, a aqueles afiliados e afiliadas que polo seu traballo sería máis lóxico que fosen traballadores e traballadoras por conta allea, ou sexa, a que coloquialmente enténdese por falsos autónomos.

No cadro 25 visualízase, desde 2008, a sensible perda de afiliados e afiliadas, á vez que se perciben diferentes etapas no comportamento das afiliacións. Nos anos de crise, todos os réximes experimentaron unha sensible caída nos seus traballadores e traballadoras xuvenís, sendo especialmente intensa a do réxime xeral, que descendeu de 2008 a 2013, en media anual de cada ano, o 12,5%. Menor foi o impacto nos autónomos cuxa caída media foi aproximadamente a metade. Os traballadores e traballadoras por conta allea do sector agrario, que apenas superan os 1.000, conseguiron manter mellor a súa ocupación neste período de crise, mentres que non sucedía o mesmo cas persoas traballadoras (por conta propia e allea) do mar, sector no que a afiliación caeu un 5,9%.

Nos anos de recuperación, en consonancia co xa indicado anteriormente, os traballadores e traballadoras xuvenís por conta allea mantiveron relativamente estabilizada a súa participación no mercado de traballo, xa que se alcanzou desde 2014 a 2019 un incremento medio anual do 1,9%. Pola contra, os traballadores e traballadoras por conta propia incorporados ao réxime de autónomos mantiveron unha dinámica similar de perdas que nos anos de crise. Iso suxire unha renuncia ao emprendemento e á realización de novas iniciativas empresariais por parte dos mozos e mozas malia todo o paquete de axudas públicas que se dedican a tal finalidade. A maior preferencia das persoas mozas de ser traballador ou traballadora por conta allea, aínda en períodos dun certo dinamismo económico (de pertencer en 2014 ao réxime de autónomos o equivalente a un 13% dos afiliados ao réxime xeral, en 2019 pasouse, como xa se sinalou, ao 9,2%) evidencia que a cultura empresarial non acaba de calar na mocidade galega. Pola súa banda, mentres o réxime agrario mantívose estable nestes anos de certo crecemento económico, o do mar mantivo unha liña descendente agardando para os próximos meses o que resultará, entre outras incertezas, da saída definitiva da Unión Europea do Reino Unido.

Cadro nº 25: Taxas de variación dos afiliados á Seguridade Social de 16 a 29 anos por réximes

|                                  | Total  | Réxime xeral<br>(excl. Agrario<br>e Fogar) | Réxime<br>especial<br>agrario | Réxime<br>especial de<br>autónomos | Réxime<br>especial do<br>mar |
|----------------------------------|--------|--------------------------------------------|-------------------------------|------------------------------------|------------------------------|
| TV promedio anual 2008-2019      | -5,3%  | -5,3%                                      | -0,7%                         | -5,4%                              | -4,0%                        |
| TV promedio anual 2008-2013      | -11,8% | -12,5%                                     | -2,1%                         | -6,6%                              | -5,9%                        |
| TV promedio anual 2014-2019      | 0,8%   | 1,9%                                       | -0,8%                         | -5,8%                              | -2,8%                        |
| TVI 2019-2008                    | -45,1% | -45,3%                                     | -7,6%                         | -45,8%                             | -36,4%                       |
| TVI 2020-2019 (xaneiro-setembro) | -8,9%  | -9,4%                                      | -1,6%                         | -6,0%                              | -7,5%                        |

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE. Elaboración propia


En suma, trala evolución descrita anteriormente, a comparación do mercado de traballo xuvenil en canto ás afiliacións en 2019 fronte a 2008 en todos os réximes non pode ser máis negativa. O descenso de traballadores e traballadoras nos réximes xeral e de autónomos superou o 45%, mentres que o réxime do mar non se quedou moi atrás cunha caída do 36,4%. Mellor parado quedou o sector agrario, aínda que, como xa indicamos antes, estámonos referindo a 1.000 persoas traballadoras.

Entre xaneiro e setembro de 2020, con respecto aos mesmos meses de 2019, apreciouse unha maior perda relativa de afiliacións no réxime xeral que nos autónomos, iso motivado pola maior saída de persoas traballadoras novas temporais ante o reaxuste de persoal que provocou a crise sanitaria. Evidentemente, o momento económico actual non parece o máis idóneo para que florezca o emprendemento.

Nos tres círculos que se presentan no gráfico 29 obsérvase, entre 2008 e 2019 e agora en valores absolutos, a sensible diferenza na afiliación en todos os réximes salvo no especial agrario e, tamén, a nova situación ante a crise de 2020.


Para completar a análise das afiliacións á Seguridade Social, no gráfico 29 móstranse os cambios anuais que nos últimos anos experimentaron os diferentes réximes no tramo de idade de 16 a 29 anos. Evidentemente, as taxas totais e as do réxime xeral son coincidentes debido a que a maioría dos afiliados están no réxime xeral. Estas dúas traxectorias son, por tanto, as que tamén figuran no gráfico 30. Nos restantes réximes, os sectores agrario e do mar mostran unha gran volatilidade destacando, como negativo no sector agrario, a sensible caída de 2011 a 2013, e, como positivo, a recuperación posterior. En canto aos autónomos, a crise impactou neste colectivo con forza en 2009 e a partir de aí os resultados foron progresivamente mellores aínda que as taxas de variación ata 2013 mantivéronse negativas. É, curiosamente, nos anos de recuperación cando este colectivo mostra unha peor resposta, cunha traxectoria claramente descendente e taxas de variación negativas.

Gráfico nº 29: Afiliados á Seguridade Social (16-29 anos) por réximes en media mensual dos datos do último día de cada mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE

Gráfico nº 30: Taxa de variación dos afiliados á Seguridade Social (de 16 a 29 anos) por réximes en media anual dos datos do último día de cada mes



Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE

Finalmente, con 2008 como ano base, nos gráficos 31, 32, 33 e 34 móstrase o resultado dun índice simple no que, en tanto por cento, exprésase o peso relativo da afiliación nos diferentes réximes en cada ano con respecto ao valor do ano base. Obviamente, o resultado do índice en 2008 é 100. O exercicio efectúase para a afiliación total nos diferentes segmentos de idade (gráfico 31) e compárase a traxectoria dos afiliados de 16 a 24 anos e os de 25 e 29 anos do réxime xeral (gráfico 32), o de autónomos (gráfico 33) e o agrario (gráfico 34).

Pois ben, a evolución deste índice por grupos de idade, considerando a afiliación total, volve corroborar o expresado noutros apartados deste mesmo epígrafe. Compróbase que o impacto da crise no grupo de 30 anos e máis foi moito menor que nos máis novos. Así no colectivo do grupo de traballadores de maior idade este índice descendeu de forma sistemática pero dun modo relativamente suave desde 2008 a 2013. A partir dese ano, no que alcanzou o valor máis baixo de toda a serie, 93,1, comezou a recuperarse e en 2017 xa superaba o valor 100. No grupo de 16 a 24 anos, no período 2008-2013, produciuse unha vertixinosa perda de afiliados e afiliadas. O valor do índice en 2013 era de 43,1, nada menos que 50 puntos inferior ao dos traballadores e traballadoras de 30 e máis anos. Tras este afundimento na afiliación, nos exercicios posteriores non se produciu unha sensible recuperación. De 2013 a 2019, o valor máis alto, 50, alcanzouse neste último ano, cando os do colectivo de maior idade alcanzaban un índice de 104,6. Ou sexa a diferenza xa era de 54,6 puntos. Pola súa banda, os índices do grupo de 25 a 29 anos, aínda que superiores aos dos máis novos e moi inferiores aos de maior idade, presentan a particularidade de que non medran nos anos de recuperación, senón ao contrario, seguen descendendo levemente desde 2013 para xa nos últimos anos da serie manterse estabilizados. En suma, este grupo de persoas mozas non recuperou nos anos

de crecemento do PIB da década pasada o emprego perdido na crise. Nótese que, neste caso, o índice máis baixo alcanzouse en 2016 cun valor de 57,3 e o índice en 2019 só se incrementou en cinco décimas. En 2020, a crise sanitaria intensifica a caída deste índice nos dous grupos de idade xuvenil. O seu valor no colectivo de 25 a 29 anos é o máis baixo de toda a serie, 50,2%, polo que contábase coa metade dos afiliados existentes en 2008.

A evolución que se acaba de describir, distinguindo aos dous colectivos de mozos e mozas do resto dos de maior idade, é moi coincidente coa traxectoria que se describe no gráfico 28, no que se presenta a evolución do valor anual deste índice aplicado aos afiliados ao réxime xeral en dous tramos de idade (16 a 29 anos e máis de 29 anos). O índice que resulta da agregación dos dous colectivos máis novos, sitúa a representación gráfica nunha zona intermedia entre a de ambos grupos. Se ben a traxectoria seguida mantén un certo paralelismo coa de ambos colectivos, a diferenza está en que se observa un certo crecemento nos anos de recuperación grazas ao comportamento do índice no grupo de 16 a 24 anos.

Gráfico nº 31: Evolución das afiliacións totais á SS (2008=100)




Gráfico nº 32: Evolución das afiliacións ao réxime xeral da SS (2008=100=)




Gráfico nº 33: Evolución das afiliacións ao réxime de autónomos da SS (2008=100)





Gráfico nº 34: Evolución das afiliacións ao réxime agrario da SS (2008=100)



Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE

Os valores deste índice das afiliacións ao réxime xeral agrario, por tramos de idade (16 a 29 anos e 30 ou máis anos) non son similares aos alcanzados no total de afiliacións. Sen embargo, con respecto a ese total atopamos, durante os anos de crise, unha certa similitude coa evolución do réxime especial de autónomos e unha diverxencia no período de recuperación. Así, mentres de 2008 a 2013 o índice dos autónomos descendía con certa brusquidade no grupo de 16 a 29 anos, apréciase que tamén caía pero máis moderadamente no colectivo de 30 anos ou máis. O valor mínimo neste período alcánzase en 2013 cun 71,2 no de menor idade e de 92,2 no de maior idade. Desde 2008 contabilízanse 20 puntos de diferenza. Tras 2013 e coa progresiva recuperación, como xa se comentou con outros indicadores, o índice dos afiliados e afiliadas xuvenís ao réxime especial de autónomos seguiu caendo mentres o de maior idade mantívose estable. En 2019, mentres o valor do índice no grupo máis novo era 54,2 (17 puntos menos que en 2013) no de maior idade era de 92,1, só unha décima de diferenza con respecto ao de 2013. Con estes datos corrobórase a pertinencia das afirmacións sobre o emprendemento que se fixeron anteriormente.


Pola contra, o comportamento do índice aplicado ao réxime xeral agrario non manifesta grandes diverxencias entre os dous colectivos nos anos de crise económica. Realmente, de 2008 a 2010 o índice mantívose estabilizado en ambos grupos de idade e desde entón subiu sensiblemente ata 2012. A partir de aí, mentres que nas afiliacións, traballadores e traballadoras por conta allea, do sector agrario no tramo xuvenil apreciase unha tendencia decrecente, no colectivo de máis idade mantivo unha traxectoria moi ascendente. De modo que de obter en 2012 un índice, no grupo máis mozo, de 105,1 e no de maior idade 107,3, os resultados de 2019 foron 92,4 e 136,1 respectivamente, ou sexa 43,7 puntos de diferenza. Curiosamente nos nove primeiros meses de 2020, o índice, con respecto a 2019, mellorou nos dous colectivos.

### 3.4.8 Os contratos. Evolución das súas tipoloxías

O número de contratos asinados cada ano e a súa evolución por tipoloxías aportan unha información adicional de interese para completar a avaliación da traxectoria do mercado de traballo xuvenil en Galicia.

Con datos dispoñibles desde 2012, no gráfico 35 compárase o número de contratos iniciais asinados por traballadores entre 16 a 29 anos con respecto aos realizados polos de 30 anos e máis. Así, fronte á estabilización no número de contratos nos últimos anos da crise, desde 2014 obsérvase, nos dous grupos de idade, un crecemento continuado ata 2019. Tamén, neste gráfico 35, apréciase a perda de dinamismo nos dez primeiros meses de 2020.

Gráfico nº 35: Evolución dos contratos iniciais en Galicia por tramos de idade



Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE

O crecemento sistemático no número de contratos iniciais asinados por mozos de 2012 a 2019 aporta novos argumentos para apreciar a dualidade existente entre o mercado de traballo xuvenil con respecto ao dos traballadores de maior idade. Case todos os contratos iniciais foron temporais. A taxa no conxunto do mercado laboral galego dos contratos indefinidos iniciais sobre os temporais era do 7,5% en 2012 e do 8,1% en 2019. No mercado xuvenil, polas súas características, esta taxa ten que ser sensiblemente inferior. Así, lémbrese que en 2012 contábase con 64.825 persoas ocupadas temporais entre 16 a 29 anos e, doutra banda, asináronse, entre indefinidos e temporais, 241.2651 novos contratos de traballo neste colectivo. A proporción sería, polo tanto, de 3,7 a 1. En 2019 contábase con 67.802 traballadores e traballadoras temporais e asináronse un total de 358.783 novos contratos. A proporción pasou de 5,3 a 1. Esta proporción para o grupo de 30 e máis anos era de 3,7 a 1 en 2012, ou sexa a mesma que no mercado xuvenil, mentres que en 2019 era de 4,3 a 1, un punto inferior. Iso suxire unha maior rotación das persoas mozas nos postos de traballo, o que suxire unha menor duración dos contratos e coas conseguíntes consecuencias nas relacións laborais no que supón a permanencia nas ocupacións, a implicación persoal co posto de traballo e a perda de incentivos para o logro dunha maior produtividade.

No cadro 26, no que se presentan as taxas de crecemento interanual dos contratos iniciais asinados en Galicia por tipoloxía de idade, obsérvanse as taxas anuais moi elevadas de incremento no grupo de 16 a 19 anos o que confirma, considerando a contía das persoas ocupadas, como a rotación incrementábase sensiblemente conforme transcorren os anos. Pola súa banda os aumentos anuais no colectivo de 20 a 24 anos tamén son moi significativos, sendo menores os do grupo de 25 a 29 anos. Sen embargo, non existen

grandes diferenzas entre a proporción de contratos que se asinan en relación cos ocupados temporais nos diferentes tramos de idade.

Ante a dificultade de obter a desagregación dos contratos rexistrados en Galicia por idade e tipoloxía, seleccionáronse, entre os contratos totais asinados en Galicia e dentro da contratación temporal, dúas modalidades nas que maioritariamente predominan as persoas traballadoras novos: os contratos en prácticas e de formación. Os resultados recóllense no cadro 27. Os primeiros destinados a titulados universitarios, técnicos de formación profesional ou traballadores e traballadoras que contan co certificado de profesionalidade, oriéntanse á realización de prácticas dentro da súa profesión co fin de mellorar a súa formación. Aos menores de 30 anos non se lles esixe o requisito de que non poidan transcorrer máis de 5 anos (7 no caso de traballadores ou traballadoras con discapacidade) desde a finalización dos estudos para asinar este contrato. Pola súa banda, o contrato de formación diríxese a aqueles traballadores aos que se lle desexa proporcionar unha formación que carecen para ese posto de traballo e vai dirixido a mozos e mozas entre 16 e 25 anos aos que os seus estudos previos non teñen nada que ver co traballo que van realizar.

Cadro nº 26: Taxa de variación interanual dos contratos iniciais asinados en Galicia por idade

|              | Total | De 16 a 19 anos | De 20 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Máis de 29 anos |
|--------------|-------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 2013         | 1,8   | -18,2           | -2,1            | 1,6             | -1,1            | 3,4             |
| 2014         | 12,0  | 13,0            | 5,8             | 7,6             | 7,2             | 14,5            |
| 2015         | 11,7  | 21,4            | 11,8            | 7,4             | 9,9             | 12,6            |
| 2016         | 7,8   | 16,3            | 12,8            | 6,1             | 9,4             | 7,0             |
| 2017         | 8,2   | 29,6            | 10,8            | 7,6             | 10,3            | 7,2             |
| 2018         | 4,9   | 21,7            | 5,6             | 1,5             | 4,6             | 5,0             |
| 2019         | 0,0   | 15,6            | 2,5             | -2,3            | 1,2             | -0,6            |
| Xan-Out 2020 | -33,2 | -46,5           | -39,5           | -34,4           | -37,8           | -30,8           |

Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social. Elaboración propia

No cadro 27 compróbase que, nestas dúas modalidades de contratos, os resultados foron asimétricos. En 2008 predominaban os contratos de formación sobre os de prácticas, pero en 2019 o resultado foi o inverso. Pódese dicir nese ano que mentres os contratos de formación case desapareceron, os de prácticas presentaron nos últimos anos (salvo en 2019) uns resultados mellores que os alcanzados nos anos de maior crecemento económico durante a primeira década deste século. Sen embargo, nesta crise sanitaria o uso destas dúas modalidades caeu notablemente ata o extremo de que as contratacións para formación apenas si existiron.

A evolución experimentada na contratación previsiblemente obedeza ao cambio na demanda de traballo xuvenil que veu experimentando a economía galega nos últimos anos. Díciase anteriormente que as persoas mozas ocupadas en Galicia tiñan cada vez un maior nivel formativo e iso apunta a unha maior utilización dos contratos en prácticas fronte aos de formación no posto de traballo, contratación, de todos os xeitos, de gran

interese para os mozos e mozas cunha escasa formación e que, con eles, as empresas poden proporcionar unha cualificación e mellores habilidades.

En resumo, mentres o número de contratos en prácticas descendeu notablemente nos anos de crise, coa recuperación chegaron a superar aos asinados en 2008. Fronte a eles, os contratos de formación tamén caeron nos anos de crises e aínda que de 2013 a 2015 experimentaron un incremento moi elevado, a partir dese último ano o seu uso freouse radicalmente (de 11.987 de 2015 pasouse a 3.550 en 2016).

Cadro nº 27: Contratos rexistrados en Galicia

| Anos         | Contratos rexistrados |           |           | Taxa de variación anual |           |           | Índice 2008 = 100 |           |           |
|--------------|-----------------------|-----------|-----------|-------------------------|-----------|-----------|-------------------|-----------|-----------|
|              | Contratos totais      | Prácticas | Formación | Contratos totais        | Prácticas | Formación | Contratos totais  | Prácticas | Formación |
| 2008         | 895.908               | 5.260     | 9.080     |                         |           |           | 100,0             | 100,0     | 100,0     |
| 2009         | 763.230               | 3.427     | 6.650     | -14,8                   | -34,8     | -26,8     | 85,2              | 65,2      | 73,2      |
| 2010         | 760.801               | 3.141     | 6.020     | -0,3                    | -8,3      | -9,5      | 84,9              | 59,7      | 66,3      |
| 2011         | 750.925               | 3.028     | 4.872     | -1,3                    | -3,6      | -19,1     | 83,8              | 57,6      | 53,7      |
| 2012         | 736.374               | 2.327     | 5.258     | -1,9                    | -23,2     | 7,9       | 82,2              | 44,2      | 57,9      |
| 2013         | 784.488               | 2.738     | 8.355     | 6,5                     | 17,7      | 58,9      | 87,6              | 52,1      | 92,0      |
| 2014         | 868.640               | 3.629     | 10.000    | 10,7                    | 32,5      | 19,7      | 97,0              | 69,0      | 110,1     |
| 2015         | 969.293               | 5.121     | 11.987    | 11,6                    | 41,1      | 19,9      | 108,2             | 97,4      | 132,0     |
| 2016         | 1.047.329             | 6.134     | 3.550     | 8,1                     | 19,8      | -70,4     | 116,9             | 116,6     | 39,1      |
| 2017         | 1.130.921             | 6.029     | 3.189     | 8,0                     | -1,7      | -10,2     | 126,2             | 114,6     | 35,1      |
| 2018         | 1.196.544             | 6.281     | 3.610     | 5,8                     | 4,2       | 13,2      | 133,6             | 119,4     | 39,8      |
| 2019         | 1.203.164             | 5.056     | 2.585     | 0,6                     | -19,5     | -28,4     | 134,3             | 96,1      | 28,5      |
| Xan-Set 2019 | 912.197               | 4.034     | 871       |                         |           |           |                   |           |           |
| Xan-Set 2020 | 631.250               | 2.262     | 600       | -30,8                   | -43,9     | -31,1     |                   |           |           |

Fonte: SEPE- Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE. Elaboración propia

## 3.5 O desemprego

### 3.5.1 O desemprego estimado e rexistrado. Taxas de desemprego absolutas e relativas.

Mentres o número de persoas ocupadas de idade comprendida entre 16 a 29 anos pasaba, no mercado galego, de 241.599 en 2008 a 122.326 en 2019, o de persoas desempregadas estimadas pola EPA facíao de 41.634 a 32.422 persoas. Así, trala crise e a posterior recuperación contabilizáronse neste colectivo 3.960 parados menos. Estas persoas xunto cos desanimados que se recollían nun epígrafe anterior, conforman un grupo moi numeroso e cunhas expectativas de futuro, ante a nova crise de 2020, non moi favorables. De feito, nos tres primeiros trimestres de 2020 con respecto ao mesmo período de 2019 contabilizáronse 5.243 parados xuvenís máis, incremento no paro que non se rexistraba desde 2013. Esta cifra que, en termos relativos, supón unha subida do 16,2% en tan só nove meses, mostra unha dinámica diferente á que se observa no colectivo de 30 a 64 anos. Neste grupo, o desemprego neste período descendeu en 3.255 persoas debido, como xa se indicou, ao efecto dos ERTes e á consideración de que certos desempregados e desempregadas pasaban a ser inactivos por non poder ser buscadores activos de emprego ante a imposibilidade de realizar un proceso de búsqueda nos sucesivos estados de alarma. Esta situación, un tanto ficticia e que suaviza os efectos negativos da crise do COVID-19 no mercado de traballo, si motivou que o número de persoas desempregadas caía no colectivo de maior idade, pero non tivo o suficiente impacto no mercado de traballo xuvenil como para poder evitar que o número de parados e paradas de 16 a 29 anos aumentase sensiblemente. Estes resultados alimentan o argumento de que ao ser os mozos nos que se concentran os contratos precarios e a temporalidade, como xa comprobamos anteriormente, moitos deles foron despedidos sen recorrer a outras figuras para poder, logo da crise sanitaria, manter ese emprego. Ademais, sinalouse anteriormente que a porcentaxe das persoas que traballaron menos horas ou ningunha foi superior ao do colectivo de 30 a 64 anos.

A traxectoria en canto á evolución do número de persoas desempregadas entre 16 e 29 anos seguiu unha tendencia moi similar á dos de 30 a 64 anos. A caída máis brusca en ambos colectivos foi en 2009 e posteriormente proseguíu un aumento sistemático no número de desempregados e desempregadas, que, en maior ou menor grado, perdurou ata 2013 no grupo de maior idade e ata 2012 nas persoas mozas. A partir de aí observouse un descenso ininterrompido ata 2019 destacando a caída no número de persoas desempregadas no colectivo de 16 a 29 anos en 2015, 13.843 persoas, e no grupo de 30 a 64 anos en 2018, 24.232 persoas. En todo caso, a perda de peso a todos os niveis no mercado traballo galego do colectivo xuvenil levou a que mentres, en 2008, a porcentaxe de mozas con respecto aos parados de 16 a 64 anos era o 36,8% en 2019 esta taxa caera ao 22,3%. Non cabe entender que esta evolución débese a un mellor comportamento do mercado de traballo xuvenil. É xustamente o contrario se se observa a traxectoria xa comentada polas persoas ocupadas e os inactivas.

Se se compara, en valores absolutos no mercado de traballo xuvenil, a evolución no número de desempregados e desempregadas entre o colectivo de 16 a 24 anos e o de 25 a 29 anos apréciase, observando o cadro 28, a singularidade de que mentres en 2008

o número de parados máis novos superaba ao de 25 a 29 anos, en 2019 ocorría o contrario. En ambos tramos a traxectoria foi moi similar, aínda que os cambios demográficos e a evolución da poboación activa en cada grupo motivaron estes resultados. En todo caso, nos dous colectivos, como no conxunto do mercado galego, en 2009 acelerouse bruscamente o número de persoas desempregadas (37,9 % no 16 a 24 anos e o 52,8% de incremento no de 25 a 29 anos) caídas que proseguiron ata 2012. A partir de aí produciuse un sistemático descenso ata 2019. Con estes resultados, o número de desempregados e desempregadas aumentou entre 2008 e 2012 a unha taxa de variación media anual do 12,3% no grupo máis novo e do 22,6% no de 25 a 29 anos. Estas taxas no período de 2013 a 2019 foron o -13,3% e -13,4%, ou sexa, en promedio anual, as caídas foron moi similares. Polo tanto, a diferenza máis notoria na traxectoria de ambos colectivos prodúcese nos peores momentos da crise, anos nos que ante a sensible perda de ocupación, o colectivo de 25 a 29 anos intentaba permanecer no mercado de traballo, mentres que o grupo máis novo, malia un descenso medio anual maior de ocupación (-15,3% fronte a -10,5%) preferiu, en maior grado, non permanecer no mercado de traballo. No cadro 28 tamén se aprecia que esta dinámica persistiu nos tres primeiros trimestres de 2020, xa que mentres a ocupación caeu, en termos relativos, máis no grupo de 16 a 24 anos (como xa indicamos un -12,4% fronte a un -10%), o crecemento medio anual no número de persoas desempregadas foi moito maior no colectivo de 25 a 29 anos (un 10,9% fronte a un 21,2%).

Cadro nº 28: Número de parados en Galicia

**Parados (EPA)**

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total   | Peso relativo dos parados de 16 a 29 anos sobre os de 16 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|---------|--------------------------------------------------------------------|
| 2008              | 23.605          | 18.030          | 41.634          | 71.589             | 113.583 | 36,8                                                               |
| 2009              | 32.561          | 27.547          | 60.108          | 103.793            | 164.102 | 36,7                                                               |
| 2010              | 33.276          | 32.717          | 65.993          | 133.758            | 199.881 | 33,0                                                               |
| 2011              | 32.707          | 36.832          | 69.539          | 157.525            | 227.237 | 30,6                                                               |
| 2012              | 37.579          | 40.667          | 78.246          | 191.902            | 270.538 | 29,0                                                               |
| 2013              | 36.999          | 39.559          | 76.558          | 207.857            | 284.563 | 26,9                                                               |
| 2014              | 34.200          | 38.327          | 72.527          | 203.103            | 275.846 | 26,3                                                               |
| 2015              | 27.875          | 30.808          | 58.684          | 184.576            | 243.442 | 24,1                                                               |
| 2016              | 25.035          | 25.848          | 50.883          | 164.390            | 215.432 | 23,6                                                               |
| 2017              | 21.079          | 21.814          | 42.893          | 152.396            | 195.603 | 22,0                                                               |
| 2018              | 18.779          | 18.566          | 37.345          | 128.164            | 165.865 | 22,6                                                               |
| 2019              | 15.758          | 16.665          | 32.422          | 113.118            | 145.892 | 22,3                                                               |
| 2020 (I,II,III T) | 17.525          | 20.149          | 37.674          | 109.863            | 148.060 | 25,5                                                               |

**Parados (SEPE)**

|                        | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Peso relativo dos parados de 16 a 29 anos sobre os parados de 16 a 64 anos |
|------------------------|-----------------|--------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| 2008                   | 36.304          | 126.208            | 22,3                                                                       |
| 2009                   | 48.800          | 157.445            | 23,7                                                                       |
| 2010                   | 51.149          | 175.088            | 22,6                                                                       |
| 2011                   | 49.829          | 191.494            | 20,6                                                                       |
| 2012                   | 52.031          | 218.484            | 19,2                                                                       |
| 2013                   | 46.867          | 229.140            | 17,0                                                                       |
| 2014                   | 39.564          | 217.396            | 15,4                                                                       |
| 2015                   | 33.074          | 200.375            | 14,2                                                                       |
| 2016                   | 28.297          | 184.261            | 13,3                                                                       |
| 2017                   | 25.260          | 169.168            | 13,0                                                                       |
| 2018                   | 22.291          | 152.360            | 12,8                                                                       |
| 2019                   | 20.779          | 142.440            | 12,7                                                                       |
| 2020 (xaneiro-outubro) | 24.599          | 153.998            | 13,8                                                                       |

Fonte: SEPE- Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE.

No cadro 28 confróntanse os resultados do paro estimado a través da EPA fronte ao paro rexistrado que publica mensualmente o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Aprécianse grandes diferenzas, o que non debe estrañar ante as metodoloxías de contabilización tan distintas que se aplican en cada caso. Atopar similitudes entre os datos de paro estimado<sup>3</sup> e rexistrado<sup>4</sup> pode resultar improcedente, máis sobre todo no colectivo xuvenil en tanto que o SEPE, seguindo a Orde Ministerial de 11 de marzo de 1985 na que se establecen os criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado logo modificada coa entrada en vigor o 3 de maio de 2005 do modelo de xestión SISPE (Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego), a todos os “estudantes de ensino oficial regulada, sempre que sexan menores de 25 anos ou demandantes de primeiro emprego, e alumnos de formación profesional ocupacional, cando as súas horas lectivas superen as vinte semanais, teñan unha beca de manutención e sexan demandantes de primeiro emprego” e ademais, con respecto ao traballo a tempo parcial, exclúe aos traballadores que demandan unha xornada semanal inferior a 20 horas.

Pola súa banda, na metodoloxía que se utiliza na elaboración da EPA considéranse parada a unha persoa que está sen traballo na semana de referencia, que está buscando traballo con algunha acción concreta no último mes e que está dispoñible para traballar polo menos dentro de dúas semanas. A estas persoas engádenselle, tamén como paradas, as que xa atoparon traballo e non se incorporaron aínda ao mesmo. Nesta metodoloxía especificase que si a persoa satisfai as condicións anteriores considerárase parada “aínda que compatibilice esta situación con outras como a de estudante ou as labores do fogar”.

Gráfico nº 36: Evolución en Galicia do paro rexistrado (SEPE) e do estimado (EPA)





Gráfico nº 37: Liña de tendencia da evolución en Galicia do paro rexistrado (SEPE) e do estimado (EPA)



Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, IGE e INE

No gráfico 36 preséntase a evolución do número de persoa paradas tanto de 16 a 29 anos como de 30 a 64 anos segundo as dúas metodoloxías. A intensidade da crise e a posterior recuperación débuxase perfectamente no grupo de maior idade mentres que non resulta tan evidente no paro xuvenil, en particular no rexistrado. Sen embargo, tense que

<sup>3</sup> A metodoloxía para medir o desemprego estimado pódese ver en:

<https://www.ine.es/inebaseDYN/epa30308/docs/resumetepa.pdf> (páxina 16).

<sup>4</sup> A metodoloxía para medir o desemprego rexistrado pódese ver en:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/estadisticas/datos-avance/conceptos.html> ou tamén en <https://www.ine.es/metodologia/t22/t22a061p.pdf>

considerar o efecto escala ante a variación absoluta do número de parados nun e outro colectivo. Así, malia a menor contía do paro rexistrado, a liña de tendencia da serie débúxanos no mercado xuvenil un paralelismo entre ambas formas de medición, situación que xa non é tan evidente no desemprego do grupo de 30 a 64 anos.

En calquera referencia sintética ao comportamento dun mercado de traballo, a variable máis utilizada, a distancia de calquera outra, é a taxa de desemprego ou de paro. A evolución do peso relativo porcentual que a poboación parada ten sobre a activa no mercado de traballo galego desde 2008 preséntase no cadro 29.

Cadro nº 29: Taxa de desemprego en Galicia

|                   | De 16 a 24 anos | De 25 a 29 anos | De 16 a 29 anos | Entre 30 e 64 anos | Total | Diferenza da taxa entre 16 a 29 anos e de 30 a 64 anos |
|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------------------|-------|--------------------------------------------------------|
| 2008              | 21,1            | 10,5            | 14,7            | 7,0                | 8,6   | 7,7                                                    |
| 2009              | 30,4            | 17,0            | 22,3            | 10,0               | 12,4  | 12,3                                                   |
| 2010              | 35,4            | 21,8            | 27,0            | 12,8               | 15,3  | 14,3                                                   |
| 2011              | 37,7            | 25,5            | 30,1            | 14,7               | 17,3  | 15,4                                                   |
| 2012              | 45,2            | 29,3            | 35,2            | 17,7               | 20,5  | 17,5                                                   |
| 2013              | 49,9            | 30,7            | 37,7            | 19,3               | 22,0  | 18,4                                                   |
| 2014              | 48,5            | 31,9            | 38,0            | 18,9               | 21,7  | 19,1                                                   |
| 2015              | 43,5            | 27,4            | 33,2            | 17,2               | 19,3  | 16,1                                                   |
| 2016              | 40,3            | 23,8            | 29,8            | 15,3               | 17,2  | 14,5                                                   |
| 2017              | 34,5            | 21,0            | 26,0            | 14,3               | 15,7  | 11,8                                                   |
| 2018              | 32,5            | 18,5            | 23,6            | 12,0               | 13,3  | 11,6                                                   |
| 2019              | 27,8            | 17,0            | 21,0            | 10,6               | 11,8  | 10,4                                                   |
| 2020 (I,II,III T) | 33,0            | 21,5            | 25,6            | 10,4               | 12,1  | 15,2                                                   |


Fonte: IGE-INE

Vimos como a taxa de paro xuvenil galega, en liña coa española, é unha das máis elevadas da Unión Europea. Tamén, no cadro 29 apréciase a sensible diferenza entre a taxa xuvenil coa total e coa de 30 a 64 anos. A fenda da do grupo de 16 a 24 anos con respecto a esta última, en 2014, foi de case 20 puntos. A crúa situación é que a taxa de paro xuvenil atópase, desde o inicio da crise, en valores tan elevados que dificilmente serían asumibles nunha gran maioría dos países desenvolvidos do mundo e que en Galicia e España, ante o seu persistencia, parecen xa ser normais. Nótese que desde 2012 a 2016 as taxas de paro superaron o 40% no colectivo de 16 a 24 anos, mentres que sobrepasaron o 30%, no bienio 2013-2014, no grupo de 25 a 29 anos. Finalmente, cando as taxas alcanzadas nos últimos anos insinuaban que, aínda que lentamente, podían irse aproximando ás de 2008, a crise do coronavirus freou bruscamente esta recuperación e as taxas dos tres primeiros trimestres de 2020 anticipan o retorno á os peores anos da crise. As taxas de paro tan elevadas, como se observan no cadro 29, suxiren, por outra parte, a escasa efectividade das políticas activas de emprego e dos instrumentos utilizados polas diferentes administracións públicas para poder reverter esta complexa situación.

Ao mostrar no gráfico 36 a evolución trimestral das taxas de paro por grupos de idade apréciase a traxectoria cíclica seguida por esta variable desde 2008 e as diferenzas entre as liñas dos grupos máis novos fronte aos de maior idade. Tamén se observa un lento retorno cara ás taxas de 2008 que non chegaron a alcanzarse, obxectivo que se ve dificultado ante a situación de 2020. Neste gráfico apréciase a volatilidade desta variable


así como a súa estacionalidade xa que é nos meses de verán onde se alcanzan os valores máis baixos de cada ano. No gráfico 38 (similar ao que se presentaba coa taxa de temporalidade) obsérvase con máis precisión o antes comentado ademais de comprobar unha volatilidade maior na poboación xuvenil que na de 30 a 64 anos.

Gráfico nº 38: Evolución trimestral das taxas de desemprego en Galicia por grupos de idade



Fonte: IGE-INE

Gráfico nº 39: Diferenzas intertrimestrais na taxa de desemprego en Galicia



Fonte: IGE-INE

Por outra banda, nos gráficos 40 e 41 non se constatan grandes diferenzas entre as taxas de desemprego masculinas e femininas, tanto no colectivo de 16 a 24 anos como no de 25 a 29. En ambos gráficos a traxectoria é a dunha uve invertida e no grupo de

16 a 24 anos se solapan unha curva con outra. Algo distinta foi a evolución das taxas de desemprego no grupo de 25 a 29 anos, xa que nos anos da pasada década anteriores á recuperación a taxa de desemprego masculina foi máis alta que a feminina para equilibrarse na recuperación. Nos últimos trimestres despunto a taxa feminina tanto en ambos grupos de idade.

Gráfico nº 40: Evolución da taxa de desemprego de homes e mulleres de 16 a 24 anos





Gráfico nº 41: Evolución da taxa de desemprego de homes e mulleres de 25 a 29 anos




Fonte: IGE-INE

A continuación preséntanse nos gráficos 42 e 43 a traxectoria de dous indicadores que nos permiten visualizar certos aspectos, desde unha perspectiva comparada, do desemprego xuvenil.

Enténdese que a taxa relativa de desemprego xuvenil é o cociente, no noso caso, entre as taxas de paro de 16 a 29 anos (numerador) e de 30 a 64 anos (denominador). Polo tanto, este índice indícanos canto multiplica a taxa de paro xuvenil á de maior idade. Pois ben, no gráfico 42 obsérvase que este multiplicador mantívose relativamente estable en todos os trimestres desde 2009 a 2016 e é a partir de 2016 cando denota unha pequena volatilidade. O valor deste índice subliña a percepción da existencia dunha diferenza estrutural entre ambas taxa de paro polo que non se corrixe nin en épocas de crises nin nas de recuperación. Curiosamente, os índices máis altos alcázanse nos trimestres de 2018 cando as taxas de paro, en ambos grupos, son as máis baixas de todo o período. Desde 2009 ata 2019 o valor promedio trimestral foi de 2, cunha desviación máxima de 1,6 (primeiro trimestre de 2017) e de 2,3 (terceiro e cuarto trimestre de 2019) e cunha desviación típica desta distribución de tan só 0,16. O valor de 2,3 en 2019 volve suxerir que este multiplicador é máis alto cando mellora o PIB da economía no seu conxunto. Esta tendencia parece crebarse nos dous trimestres de crise sanitaria dos que se dispoñe de información. O valor do multiplicador no terceiro trimestre de 2020 foi de 2,9 e no anterior de 2,5. Iso reflexa, polos motivos xa sinalados, unha caída no paro distinta en ambos grupos e moito máis intensa no mercado xuvenil. Estas taxas, as máis altas de todo o período analizado, non elevan a media da serie pero modifican en cinco centésimas a súa desviación típica.

Gráfico nº 42: Taxa relativa de desemprego xuvenil de 16 a 29 anos fronte á de 30 a 64 anos



Fonte: IGE-INE

Un segundo indicador, que se denomina do desemprego xuvenil relativo, non é outro, que o peso relativo, en porcentaxe, dos parados novos galegos sobre o número total de desempregados. No gráfico 43, este índice preséntase para os dous grupos de idade xuvenil, de 16 a 24 anos e de 25 a 29 anos.

Tralos resultados dispares do inicio da crise, este índice presenta unha traxectoria claramente descendente en todo o período, acorde á particular evolución no número de parados na que non só inflúe a traxectoria dos diferentes segmentos do mercado de traballo, senón tamén ao efecto da crise demográfica nos distintos colectivos. Ata 2015, o peso relativo do grupo de parados de 25 a 29 anos sobre o total é máis elevado que o do colectivo de 16 a 24 anos, pero a partir dese ano esa porcentaxe equilíbriase. Ese peso en 2019 nos dous grupos é sensiblemente inferior ao de 2008. En 2020, polos motivos xa mencionados de forma reiterada, este índice experimenta un considerable aumento e, de novo, a taxa do grupo de 25 a 29 anos volve superar á de 16 a 24 anos.

Gráfico nº 43: Evolución do desemprego xuvenil relativo



Fonte: IGE-INE

### 3.5.2 A experiencia laboral da poboación parada en Galicia

Unha característica, habitualmente diferenciadora do paro xuvenil do de adulto, é a experiencia laboral do desempregado. Xa que a procura do primeiro emprego adóitase producir entre os 16 a 29 anos, é obvio que neste aspecto as diferenzas entre os dous grupos de idade teñen que ser moi elevadas, situación que as estatísticas dispoñibles corroboran. O non ter un emprego previo no proceso de búsqueda de traballo é un tradicional obstáculo que xera un círculo vicioso. O persoal mozo que non traballou nunca, non ten experiencia laboral e, polo tanto, non é un candidato idóneo para múltiples empregos nos que na selección de persoal prima a experiencia previa.

Cadro nº 30: Poboación parada con experiencia laboral (miles de persoas)

|                   | De 16 a 24<br>anos | De 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Entre 30 e<br>64 anos | Total |
|-------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-----------------------|-------|
| 2010              | 23,6               | 29,9               | 53,5               | 130,5                 | 184,0 |
| 2011              | 22,7               | 33,4               | 56,1               | 153,5                 | 209,6 |
| 2012              | 25,5               | 35,5               | 61,0               | 188,4                 | 249,4 |
| 2013              | 22,8               | 35,3               | 58,1               | 203,5                 | 261,6 |
| 2014              | 19,4               | 33,3               | 52,7               | 197,8                 | 250,5 |
| 2015              | 14,2               | 26,9               | 41,1               | 179,2                 | 220,3 |
| 2016              | 14,3               | 21,9               | 36,2               | 159,8                 | 196,0 |
| 2017              | 11,1               | 18,1               | 29,2               | 148,2                 | 177,4 |
| 2018              | 9,8                | 15,2               | 25,0               | 124,8                 | 149,8 |
| 2019              | 9,5                | 13,7               | 23,2               | 110,7                 | 133,9 |
| 2020 (I,II,III T) | 12,2               | 17,8               | 30,0               | 108,0                 | 138,0 |

Fonte: IGE-INE

Así, se no cadro 30 preséntanse, en valores absolutos, ao número de persoas desempregadas con experiencia laboral, no cadro 31 expónse a porcentaxe que representan os parados sen experiencia laboral previa sobre o total. Os resultados do colectivo de 16 a 29 anos fronte aos entre 30 e 64 son moi diferentes xa que mentres, neste grupo, a práctica totalidade dos parados xa tiveron algunha experiencia, non sucede o mesmo no colectivo xuvenil, en especial, no grupo de 16 a 24 anos. En 2015 case eran a metade das persoas desempregadas.

Esta análise suxire que mentres nun período de crise como ao principio da segunda década deste século, as persoas mozas carecían de incentivos para entrar no mercado de traballo na procura do primeiro emprego, conforme a economía foise recuperando, maior, en termos relativos, foi o número de mozos e mozas que desexou participar por primeira vez no mercado de traballo, en especial, no colectivo de 16 a 24 anos. Este incremento trúncase en 2019, ano no que o número de desempregados e desempregadas neste grupo é practicamente o mesmo que en 2018, aínda que o desemprego total deste colectivo de idade caeu en 3.000 persoas mentres a ocupación aumentou en 1.799 empregos. Á marxe da transición dun grupo de idade a outro, estes resultados suxiren o abandono do mercado de traballo de persoas mozas paradas que xa traballaran previamente.

Nos tres primeiros meses de 2020 prodúcese un descenso xeneralizado neste peso relativo en todos os segmentos de idade, o que é facilmente comprensible pola caída na ocupación ante a crise sanitaria.

Cadro nº 31: Peso relativo dos traballadores parados sen experiencia laboral previa (%)

|                  | De 16 a 24<br>anos | De 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Entre 30 e<br>64 anos | Total |
|------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-----------------------|-------|
| 2010             | 29,1               | 8,6                | 18,9               | 2,4                   | 7,9   |
| 2011             | 30,6               | 9,3                | 19,3               | 2,6                   | 7,8   |
| 2012             | 32,1               | 12,7               | 22,0               | 1,8                   | 7,8   |
| 2013             | 38,4               | 10,8               | 24,1               | 2,1                   | 8,1   |
| 2014             | 43,3               | 13,1               | 27,3               | 2,6                   | 9,2   |
| 2015             | 49,1               | 12,7               | 30,0               | 2,9                   | 9,5   |
| 2016             | 42,9               | 15,3               | 28,9               | 2,8                   | 9,0   |
| 2017             | 47,3               | 17,0               | 31,9               | 2,8                   | 9,3   |
| 2018             | 47,8               | 18,1               | 33,1               | 2,6                   | 9,7   |
| 2019             | 39,7               | 17,8               | 28,4               | 2,1                   | 8,2   |
| 2020 (I,II,IIIT) | 30,6               | 11,7               | 20,5               | 1,7                   | 6,8   |

Fonte: IGE-INE


### 3.5.3 A formación e as taxas de paro

Dun modo paralelo á análise efectuada sobre a cualificación das persoas ocupadas, neste epígrafe indágase polo nivel formativo dos parados xuvenís en Galicia e preséntase a

evolución, desde a perspectiva da educación, do perfil do desempregado xuvenil nos últimos anos.

No gráfico 44 obsérvase que o peso relativo dos parados por nivel formativo cambiou sensiblemente desde 2014. Si nese ano o prototipo de persoa desempregada entre 16 a 29 anos era un mozo ou moza cun nivel formativo que non superaba a educación secundaria na primeira etapa, cinco anos máis tarde o peso relativo deste prototipo de persoa parada variou cara aos desempregados con educación secundaria de segunda etapa ou superior e xa nos tres primeiros trimestres de 2020, o maior número de desempregados e desempregas xuvenís concéntrase no colectivo que posúe educación superior.

Gráfico nº 44: Peso relativo dos parados de 16 a 29 anos en Galicia por nivel formativo



Fonte: IGE-INE

Esta evolución, que se aprecia con nitidez no cadro 32, é o resultado da reconfiguración que experimentou o mercado de traballo xuvenil en tan breve período de tempo. A cualificación das persoas activas de 16 a 29 anos, como xa se indicou, cambiou sensiblemente. Así, a redución, desde 2014 a 2019, dun 44,8% das persoas activas con educación secundaria de primeira etapa, xunto cunha menor caída dos que contan cunha maior formación, supuxo, en termos absolutos, unha mingua na ocupación do colectivo cun menor nivel educativo (de 36.000 pasouse a 27.400), pero aínda máis na poboación parada, que de 30.800 pasouse a 9.500 desempregados, o que suxire que en 2019 con relación a 2014, ademais de reflectirse o cambio demográfico, no mercado de traballo a posibilidade de lograr un novo emprego para o colectivo xuvenil menos formado é menor. Isto conduce a un maior retraso na participación neste mercado, coa finalidade de lograr unha maior formación e, con ela, poder alcanzar con máis éxito unha colocación acorde co desexado.

As estatísticas confirman a bondade da formación para alcanzar un maior éxito nun mercado de traballo xuvenil, como o galego, cada vez máis raquítrico. Agora ben, en termos cuantitativos, as diferenzas observadas entre o grupo de educación secundaria, segunda etapa e o de educación superior, non son moi significativas. Como xa se sinalou, en ambos colectivos aumentou a ocupación entre 2014 e 2019 e o número de parados e paradas practicamente, nos dous grupos, reduciuse á metade. Non obstante, aínda que o mercado non sexa capaz de reter ao persoal mozo educado en Galicia, actualmente, estar máis formado, supón unha maior posibilidade incorporarse ao mercado de traballo e unha menor probabilidade de estar desempleado.

Cadro nº 32: Evolución da poboación parada en Galicia entre 16 e 29 anos por nivel formativo (miles de persoas)

|                   | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|-------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014              | 72,5  | 3,5                             | 30,8                                 | 17,2                                | 21,0               |
| 2015              | 58,7  | 4,0                             | 23,0                                 | 13,7                                | 18,0               |
| 2016              | 50,9  | 5,9                             | 17,4                                 | 12,1                                | 15,5               |
| 2017              | 42,9  | 5,2                             | 14,4                                 | 10,3                                | 13,0               |
| 2018              | 37,3  | 4,1                             | 11,5                                 | 10,9                                | 10,7               |
| 2019              | 32,4  | 3,2                             | 9,5                                  | 8,6                                 | 11,1               |
| 2020 (I,II,III,T) | 37,7  | 2,7                             | 11,0                                 | 10,1                                | 13,9               |

| TVI       |       |       |       |       |       |
|-----------|-------|-------|-------|-------|-------|
| 2016/2014 | -29,8 | 68,6  | -43,5 | -29,7 | -26,2 |
| 2019/2014 | -55,3 | -8,6  | -69,2 | -50,0 | -47,1 |
| 2020/2019 | 16,4  | -20,8 | 15,8  | 12,6  | 31,0  |

Fonte: IGE-INE

A traxectoria seguida ata 2019 en canto ao desemprego xuvenil trúncase en 2020. Nos tres primeiros trimestres deste ano, o aumento no número de persoas desempregadas incidíu máis nos titulados superiores, salvagardando en maior grado aos traballadores e traballadoras con menor formación, aínda que neste caso, tendo en conta a variación na educación primaria na primeira etapa, a ocupación descendeu en 5.000 persoas e o desemprego en tan só 500, o que suxire que se optou maioritariamente por pasar a ser inactivos.

As evidencias empíricas xerais que se adoitan recoller na literatura económica confirman as vantaxes de posuír formación orientada a mellorar a produtividade, o que se entende como unha ganancia en capital humano, xa que con iso non só se logran maiores remuneracións, senón tamén proporciona máis posibilidades de acceso a unha ocupación no mercado de traballo. Habitualmente, os colectivos de maior cualificación presentan unha menor taxa de desemprego. No cadro 33 compróbase que inclusive nos mercados tan singulares como o galego, en todos os niveis formativos, tamén se verifica a hipótese de que canto menor é a cualificación máis elevada é a taxa de paro.

Agora, como se aprecia no cadro 33, as taxas de paro xuvenil galegas son, en todos os anos e en calquera dos niveis educativos, moi altas a pesar do descenso sistemático, que se produzo desde 2014 a 2019, grazas tanto á evolución da ocupación como do número de persoas desempregadas. En 2014, o valor total da taxa de paro xuvenil de 16 a 29 anos, un 38%, tiña o seu máximo no grupo de estudos primarios cun 52,2% e o seu mínimo na educación superior cun 30,5%, taxas, todas elas, moi elocuentes. É significativo que coa recuperación, en tan só cinco anos, a taxa total de desemprego xuvenil reducírase en 17 puntos e coa de educación superior no 16,5%. Esta porcentaxe case foi a metade que o de 2014, pero aínda permaneceu a 10,2 puntos da taxa de paro galega de máis de 29 anos que, para ese nivel formativo, era do 6,3%. Nos cadros 33 e 34, aprécianse as notables diferenzas nos dous grupos de idade nas taxas de paro de todos os niveis formativos. En devanditos cadros tamén se observa como o colectivo máis novo é o que se viu máis afectado nos meses de crise sanitaria. As medidas urxentes tomadas para intentar amortecer os efectos das restricións se serviron para evitar a caída na taxa de paro en todos os niveis formativos para os traballadores e traballadoras de máis de 30 anos, pero acelerou a taxa de desemprego en todos os grupos xuvenil coa excepción dos de menor formación. En tan só uns meses estas taxas perderon todo o recuperado nos tres últimos anos

Cadro nº 33: Taxa de paro de 16 a 29 anos por nivel de formación alcanzado

|                                | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|--------------------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014                           | 38,0  | 52,2                            | 46,1                                 | 35,5                                | 30,5               |
| 2015                           | 33,2  | 58,0                            | 41,3                                 | 29,4                                | 26,7               |
| 2016                           | 29,8  | 55,7                            | 36,6                                 | 27,7                                | 22,6               |
| 2017                           | 26,0  | 52,0                            | 34,6                                 | 23,7                                | 18,6               |
| 2018                           | 23,6  | 46,6                            | 30,7                                 | 23,3                                | 16,4               |
| 2019                           | 21,0  | 60,4                            | 25,7                                 | 19,1                                | 16,5               |
| 2020/Tres primeiros trimestres | 25,6  | 54,8                            | 32,9                                 | 23,7                                | 21,1               |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 34: Taxa de paro de 20 anos ou máis por nivel de formación alcanzado


|                                | Total | Analfabetos e estudos primarios | Educación secundaria. Primeira etapa | Educación secundaria. Segunda etapa | Educación superior |
|--------------------------------|-------|---------------------------------|--------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|
| 2014                           | 18,8  | 26,4                            | 24,2                                 | 18,4                                | 12,3               |
| 2015                           | 17,0  | 25,0                            | 21,0                                 | 16,7                                | 12,2               |
| 2016                           | 15,2  | 27,4                            | 18,5                                 | 14,7                                | 10,5               |
| 2017                           | 14,1  | 23,9                            | 17,8                                 | 13,1                                | 9,9                |
| 2018                           | 11,9  | 21,3                            | 15,4                                 | 11,7                                | 7,8                |
| 2019                           | 10,4  | 22,4                            | 13,3                                 | 11,9                                | 6,3                |
| 2020/Tres primeiros trimestres | 10,3  | 19,2                            | 12,0                                 | 11,4                                | 7,8                |

Fonte: IGE-INE

O peso relativo das persoas desempregadas de 16 a 29 anos en Galicia que contan con formación superior, sobre o total, roldaba en torno ao 30% de 2014 a 2018. Como se aprecia no gráfico 45 esta porcentaxe é, en todos estes anos, moito máis alto nas mulleres que nos homes. O menor número de parados en todos os niveis formativos, salvo no de educación superior, elevou en 2019 esta porcentaxe tanto en homes como en mulleres, aínda que a fenda ao redor dos 10 puntos mantívose. Agora ben, a maior carga nas mulleres no peso das que contan con educación superior sobre o total, non ten que ocultar que, en 2019 e en termos absolutos, había un número moi parecido de homes e mulleres en paro (5.400 homes e 5.600 mulleres) e a taxa de paro masculina, un 17,4 % superaba en dous puntos á feminina, un 15,4%. A distribución na ocupación era de 30.700 mulleres fronte a 25.600 homes. Non se aprecia, con estas cifras, unha discriminación en canto ao acceso ao emprego, aínda que estes datos nada indican sobre unha posible discriminación polo tipo de ocupación que desenvolven as persoas de cada sexo.

Doutra banda, no gráfico 45 apréciase o salto porcentual do peso relativo das mulleres con educación superior, sobre o total, de 2019 nos tres primeiros trimestres de 2020. Neste contexto non cabe dúbida de que as mulleres contan con ocupacións máis vulnerables que as dos homes. Do terceiro trimestre de 2019 ao mesmo de 2020, mentres o emprego masculino xuvenil diminuíu en 1.200 persoas o das mulleres facíao en 4.500. Por iso o incremento na taxa de paro explícase, sobre todo, pola situación da muller no mercado de traballo xuvenil e reforza o percepción dunha maior inestabilidade laboral fronte ao colectivo masculino.

Gráfico nº 45: Peso dos parados en Galicia de 16 a 29 anos que teñen educación superior



Fonte: IGE-INE

### 3.5.4 A duración do desemprego

A duración do desemprego é outro trazo estrutural determinante do comportamento de calquera mercado de traballo. O seu funcionamento non é o mesmo cando existe unha continua rotación no desemprego que cando o tempo de procura dunha gran parte dos desempregados prolóngase indefinidamente.

En valores absolutos, no mercado de traballo xuvenil galego, coa crise, produciuse o que cabería agardar. Ante unha situación do desemprego e coa imposibilidade de atopar no curto prazo unha ocupación, o tempo de procura prolóngase. No cadro 35 (no que se recollen os parados estimados) apréciase o progresivo embolsamento xa que os parados dun ano pasan a ser desempregados con maior tempo de búsqueda ao ano seguinte. Apréciase que ata 2014 incrementábase en termos absolutos e relativos o paro de longa duración e, máis en especial, o de dous anos ou máis. Na recuperación produciuse a boa noticia dunha caída progresiva deste tipo de desemprego a costa dunha maior concentración no colectivo de parados no que o tempo de procura transcorrido é menor a 6 meses. Esta situación agudizouse nos tres primeiros trimestres de 2020, obviamente ao entrar neste período no paro un sensible número de traballadores e traballadoras novas.

En todo caso, que no mercado xuvenil se pase de 20.700 persoas desempregadas que levan efectuando un proceso de búsqueda de máis de dous anos en 2014 a 4.900 en 2019 é unha boa noticia, á marxe dos posibles abandonos por parte dos desanimados ou o cambio dun mesmo desempregado ou desempregada a outro grupo de idade. Tamén é un dato positivo o feito de que descendese de 17.600 en 2013 a 4.300 en 2019, o número de traballadores que levaban entre un e dous anos buscando emprego.

Cadro nº 35: Nº traballadores parados (EPA) de 16 a 29 anos por tempo de búsqueda (miles)

|               | De seis             |                |                   |                   |                    |
|---------------|---------------------|----------------|-------------------|-------------------|--------------------|
|               | Menos de seis meses | meses a un ano | De un a dous anos | Máis de dous anos | Xa atopou traballo |
| 2010          | 27,4                | 14,6           | 13,8              | 6,6               | 3,6                |
| 2011          | 27,4                | 12,4           | 15,3              | 9,8               | 4,7                |
| 2012          | 26,0                | 14,8           | 17,4              | 16,4              | 3,6                |
| 2013          | 23,5                | 13,3           | 17,6              | 18,8              | 3,4                |
| 2014          | 22,7                | 11,1           | 13,5              | 20,7              | 4,5                |
| 2015          | 18,4                | 8,1            | 11,0              | 18,0              | 3,2                |
| 2016          | 17,1                | 7,0            | 9,6               | 13,6              | 3,6                |
| 2017          | 17,5                | 6,0            | 6,5               | 9,4               | 3,6                |
| 2018          | 16,1                | 6,0            | 5,3               | 6,3               | 3,7                |
| 2019          | 14,3                | 4,5            | 4,3               | 4,9               | 4,4                |
| 2020/I,II,III | 16,4                | 6,4            | 5,2               | 4,5               | 5,2                |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 36: Nº traballadores parados (EPA) de 16 a 29 anos por tempo de búsqueda (%)

|               | De seis             |                |                   |                   |                    |
|---------------|---------------------|----------------|-------------------|-------------------|--------------------|
|               | Menos de seis meses | meses a un ano | De un a dous anos | Máis de dous anos | Xa atopou traballo |
| 2010          | 41,5                | 22,1           | 20,9              | 10,0              | 5,5                |
| 2011          | 39,4                | 17,8           | 22,0              | 14,1              | 6,8                |
| 2012          | 33,2                | 18,9           | 22,3              | 21,0              | 4,6                |
| 2013          | 30,7                | 17,4           | 23,0              | 24,5              | 4,4                |
| 2014          | 31,3                | 15,3           | 18,6              | 28,6              | 6,2                |
| 2015          | 31,3                | 13,8           | 18,7              | 30,7              | 5,5                |
| 2016          | 33,6                | 13,8           | 18,9              | 26,7              | 7,1                |
| 2017          | 40,8                | 14,0           | 15,2              | 21,9              | 8,4                |
| 2018          | 43,2                | 16,1           | 14,2              | 16,9              | 9,9                |
| 2019          | 44,1                | 13,9           | 13,3              | 15,1              | 13,6               |
| 2020/I,II,III | 43,5                | 16,9           | 13,8              | 11,9              | 13,7               |

Fonte: IGE-INE

Cadro nº 37: Nº traballadores parados (SEPE) de 16 a 24 anos por tempo de búsqueda (miles)

|                       | Menos de seis meses | De seis meses a un ano | Máis de un ano |
|-----------------------|---------------------|------------------------|----------------|
| 2010                  | 12,9                | 4,8                    | 1,7            |
| 2011                  | 16,5                | 4,5                    | 2,7            |
| 2012                  | 15,6                | 4,2                    | 2,8            |
| 2013                  | 14,6                | 3,8                    | 3,3            |
| 2014                  | 13,9                | 3,3                    | 3,5            |
| 2015                  | 11,6                | 2,9                    | 2,8            |
| 2016                  | 9,9                 | 2,5                    | 2,1            |
| 2017                  | 8,2                 | 2,2                    | 1,6            |
| 2018                  | 7,2                 | 2,2                    | 1,3            |
| 2019                  | 6,8                 | 2,0                    | 1,2            |
| 2020/ Xaneiro-outubro | 6,1                 | 1,9                    | 1,0            |

Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social

Cadro nº 38: Nº traballadores parados (SEPE) de 16 a 24 anos por tempo de búsqueda (%)

|               | Menos de seis meses | De seis meses a un ano | Máis de un ano |
|---------------|---------------------|------------------------|----------------|
| 2010          | 81,0                | 30,1                   | 10,7           |
| 2011          | 76,5                | 20,7                   | 12,4           |
| 2012          | 70,7                | 19,2                   | 12,8           |
| 2013          | 69,9                | 18,1                   | 16,0           |
| 2014          | 65,1                | 15,3                   | 16,3           |
| 2015          | 63,1                | 15,6                   | 15,4           |
| 2016          | 65,3                | 16,1                   | 14,1           |
| 2017          | 67,4                | 17,9                   | 13,2           |
| 2018          | 69,5                | 20,8                   | 12,9           |
| 2019          | 72,0                | 21,2                   | 12,3           |
| 2020/I,II,III | 72,6                | 22,5                   | 12,2           |

Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social

Coa utilización do paro rexistrado, compróbase que o tempo de procura de menos de seis meses é o período que concentra ao maior número de desempregados e desempregadas xuvenís (entre 16 e 24 anos) aínda que o peso relativo neste colectivo das persoas parados de longa duración (máis dun ano de procura) mantívose relativamente estable en toda a década anterior o que indica que sempre hai un grupo de parados (entre un 12% e un 16% do total) que, nese grupo de idade, mantén a procura máis dun ano.

### 3.5.5 Os demandantes de emprego que no SISPE non son parados. Aproximación aos traballadores en ERTes.


Tanto os servizos públicos de emprego estatais como autonómicos, a través do instrumento de xestión SISPE, facilitan información sobre os demandantes de emprego, as prestacións por desemprego e as políticas de emprego. No momento polo que atravesamos o mercado de traballo xuvenil na actualidade é de interese seguir a traxectoria dos demandantes de emprego novos que non se consideran, ante a normativa vixente, de persoas rexistradas, xa que nos meses de crise sanitaria boa parte dos traballadores e traballadoras, co traballo suspendido por forza maior ante a pandemia, incorporáronse a este colectivo.

Mentres anteriormente estudamos a evolución do paro rexistrado xuvenil, no gráfico 46 preséntase a traxectoria mensual dos e das demandantes de emprego que non cumpren os requisitos para ser consideradas persoas desempregadas. Nótese que unha parte dese colectivo de demandantes de emprego non están realmente ocupados e constitúen, agregados ao paro rexistrado, o que se denomina Denos (demandantes de emprego non ocupados).

En liñas xerais, do total de demandantes de emprego galegos inscritos no SEPE, desde setembro de 2019 ao mesmo mes de 2020, duplicouse o número de ocupados que solicitaban unha demanda de emprego e multiplicouse por 5 o que sen estar nese momento traballando mantiñan unha relación laboral.

Neste contexto xeral, no gráfico 46 apréciase o brusco cambio experimentado no último ano nas cifras das oficinas de emprego dos demandantes de emprego novos. Nas tres liñas inferiores móstrase a traxectoria mensual dos tres grupos de idade, mentres que a liña superior non é máis que a agregación das tres liñas inferiores. A traxectoria desta variable foi relativamente estable ao longo dos anos de auxe, crise e recuperación, aínda que na gráfica reflíctese a temporalidade dos períodos de verán motivado pola incorporación de estudantes a un mercado de traballo que sendo demandantes dun emprego tecnicamente non son considerados como parados. Tamén nesta gráfica obsérvase, o incremento nos anos máis duros da crise do colectivo de 20 a 24 anos fronte ao de 25 a 29 anos, pero, sobre todo, percíbese o efecto da crise sanitaria nestes dous segmentos de idade e a incidencia, moito menor, no grupo de 16 a 29 anos.


Gráfico nº 46: Demandantes de emprego que son parados rexistrados



Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social

Se no gráfico 46 preséntase en valores absolutos os demandantes de emprego xuvenés que non se inclúen no paro rexistrado, o gráfico 47 permite observar como evolucionou nos últimos anos esta variable con respecto ao paro rexistrado en cada grupo de idade. Así, mentres nos colectivos máis novos o peso dos e das demandantes de emprego que non son parados é cada vez maior, no 25 a 29 anos, eliminando a estacionalidade, esta proporción mantívose relativamente estable, salvo obviamente, en 2020. Iso suxire que mentres o grupo de 16 a 24 anos conforme transcorreron os últimos anos eran solicitantes de emprego sen cumprir os requisitos de ser considerados como persoas desempregadas, non sucedía o mesmo cos de 25 a 29 anos, seguramente debido a finalizar a súa formación e non desexar un traballo a tempo parcial.


Gráfico nº 47: Peso relativo dos demandantes de emprego que non se inclúen no paro rexistrado sobre a demanda de emprego total



Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social

En terceiro lugar, no gráfico 48 móstrase a taxa de variación interanual desta variable por segmentos de idade, coa salvidade do problema de escala que xera a anómala situación de 2020, período no que os efectos da pandemia son máis intensos, en canto ao colectivo de traballadores e traballadoras que se integrou como demandante de emprego non parado no grupo de 25 a 29 anos, que nos resultados totais galegos. Este efecto incidiu, con todo moito menos no grupo dos de 16 a 19 anos. Este comportamento está en consonancia co que reflicten outras variables analizadas neste informe, que mostran peores resultados no colectivo de 26 a 29 anos que no conxunto dos traballadores e traballadoras galegas.

Gráfico nº 48: Taxa de variación interanual dos demandantes de emprego que non se inclúen no paro rexistrado



Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social

O cadro 39 complementa aos tres gráficos anteriores xa que permite visualizar a diferenza absoluta e relativa, por tramos de idade, entre as demandas totais pendentes de emprego e o paro rexistrado e achéganos á dimensión da crise laboral provocada polo COVID-19. No resultado destas variables tamén se ten que considerar unha certa subvaloración nos demandantes que non son parados debido a todo o problema burocrático administrativo nas inscricións que xerou a pandemia. En todo caso, partimos do suposto de que de non existir este grave problema, o comportamento, en canto ao número de traballadores demandantes de emprego non parados en 2020, non debería desviarse en exceso, mes a mes, do valor promedio nese mes do período 2015-2019, ou sexa, nos anos da recuperación da economía trala crise. Pois ben, mentres ata marzo de 2020 a serie segue as pautas esperadas, xa que o peso relativo desta variable sobre o paro rexistrado non varía con respecto ao valor medio dos anos anteriores, a partir de abril as diferenzas dispáranse, de modo que o colectivo de demandantes de emprego non parados rexistrados adquire un peso tan elevado que xa supera amplamente, en todos os grupos de idade, ao do paro rexistrado. No cadro 39 compróbase que o impacto de abril acrecéntase en maio e xuño, para xa ser inferior nos meses seguintes. A pesar do descenso observado nos meses de verán nesta variable, as diferenzas relativas distan de ser similares ás do promedio dos catro mesmos meses anteriores.

Cadro nº 39: Diferenza entre a demanda total pendente de emprego no SISPE e o paro rexistrado

|                                        | Diferenza absoluta |                    |                    |                    |                    | Diferenza relativa |                    |                    |                    |                    |
|----------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
|                                        | Total              | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Total              | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos |
| Media (2015-2019)                      | 60.086,9           | 1.943,8            | 7.188,0            | 5.157,5            | 14.289,3           | 0,24               | 0,51               | 0,48               | 0,24               | 0,36               |
| Media (2015-2020 Tres primeiros meses) | 60.127,8           | 1.947,7            | 7.137,3            | 5.135,3            | 14.220,3           | 0,24               | 0,52               | 0,48               | 0,24               | 0,36               |
| Media (Xaneiro - marzo 2020)           | 60.945,7           | 2.025,0            | 6.123,3            | 4.692,3            | 12.840,7           | 0,26               | 0,57               | 0,48               | 0,25               | 0,37               |
| Media Abril (2015-2019)                | 60.195,4           | 1.928,4            | 7.302,2            | 5.301,0            | 14.531,6           | 0,23               | 0,50               | 0,46               | 0,24               | 0,34               |
| 2020/Abril                             | 183.115,0          | 2.950,0            | 14.220,0           | 18.854,0           | 36.024,0           | 0,49               | 0,64               | 0,64               | 0,52               | 0,57               |
| Media Maio (2015-2019)                 | 59.287,2           | 1.963,4            | 7.112,6            | 5.226,2            | 14.302,2           | 0,23               | 0,51               | 0,47               | 0,24               | 0,35               |
| 2020/Maio                              | 230.787,0          | 3.105,0            | 16.362,0           | 23.630,0           | 43.097,0           | 0,55               | 0,66               | 0,67               | 0,57               | 0,61               |
| Media Xuño (2015-2019)                 | 61.796,8           | 2.334,4            | 8.131,0            | 5.424,2            | 15.889,6           | 0,25               | 0,56               | 0,53               | 0,26               | 0,40               |
| 2020/Xuño                              | 238.064,0          | 3.260,0            | 16.340,0           | 23.878,0           | 43.478,0           | 0,56               | 0,67               | 0,68               | 0,58               | 0,62               |
| Media Xullo (2015-2019)                | 60.733,2           | 2.076,4            | 7.165,8            | 5.135,4            | 14.377,6           | 0,25               | 0,54               | 0,52               | 0,27               | 0,39               |
| 2020/Xullo                             | 143.498,0          | 2.941,0            | 11.030,0           | 13.346,0           | 27.317,0           | 0,45               | 0,64               | 0,61               | 0,47               | 0,53               |
| Media Agosto (2015-2019)               | 58.236,4           | 1.885,6            | 6.668,4            | 4.740,0            | 13.294,0           | 0,24               | 0,53               | 0,49               | 0,25               | 0,37               |
| 2020/Agosto                            | 119.686,0          | 2.770,0            | 9.512,0            | 10.488,0           | 22.770,0           | 0,40               | 0,62               | 0,57               | 0,40               | 0,48               |
| Media Setembro (2015-2019)             | 58.116,2           | 2.016,2            | 7.015,8            | 4.914,4            | 13.946,4           | 0,24               | 0,54               | 0,49               | 0,25               | 0,37               |
| 2020/Setembro                          | 93.828,0           | 2.678,0            | 8.394,0            | 7.565,0            | 18.637,0           | 0,35               | 0,60               | 0,53               | 0,33               | 0,43               |
| Media Outubro (2015-2019)              | 57.587,2           | 1.918,0            | 6.856,2            | 4.850,6            | 13.624,8           | 0,23               | 0,51               | 0,47               | 0,23               | 0,35               |
| 2020/Outubro                           | 79.371,0           | 2.651,0            | 7.907,0            | 5.923,0            | 16.481,0           | 0,30               | 0,59               | 0,50               | 0,27               | 0,39               |

Fonte: SEPE - Ministerio de Trabajo e Economía Social. Elaboración propia.

### 3.5.6 Beneficiarios das prestacións por desemprego

Finalmente, a situación e traxectoria dos desempregados xuvenís en Galicia complétase cos resultados das prestacións por desemprego dos traballadores e traballadoras por conta allea en todas as súas modalidades. Os beneficiarios pertencen a un grupo ou outro en función do cumprimento dos requisitos legais establecidos. Así, tras cotizar o requirido

á Seguridade Social pódense percibir prestacións contributivas ou, de non ser así, e cotizar, por exemplo por un período inferior a un ano, poderase optar por un subsidio de desemprego que o seu tempo en vigor dependerá dos meses cotizados e as responsabilidades familiares. De non ter dereito a estas prestacións poderíase optar por unha renda activa de inserción no caso de ser un buscador activo de emprego (suposto relaxado neste período de pandemia). Finalmente, o programa específico de activación para o emprego tiña un carácter temporal e dirixíase a persoas desempregadas de longa duración coa finalidade de facilitarlles unha axuda económica nun contexto de políticas activas de emprego e intermediación laboral. Como vemos no cadro 40 a súa vixencia foi limitada e apenas incidiu no colectivo xuvenil.

Os principais traballadores e traballadoras beneficiados por estas prestacións son os que xa teñen unha ocupación no mercado laboral, polo que iso recorta moito a incidencia no colectivo de 16 a 19 anos e, obviamente, é máis intensa no de 25 a 29 anos. Un feito diferenciado con respecto ao colectivo de 30 a 64 anos é que mentres no grupo de persoas mozas priman os beneficiados con prestacións contributivas, no de máis idade fano os subsidios por desemprego. Se se observa a relación entre o desemprego xuvenil con experiencia laboral previa e o desemprego de 30 a 64 anos nesta categoría, en todo o conxunto de prestacións resulta que esta porcentaxe situouse, no período 2017-2019, en torno ao 19,7%-21%. O peso relativo das prestacións contributivas oscilaron entre o 16,6%-17%, taxa que denota unha certa aproximación na cobertura dos dous grupos, mentres que nos subsidios por desemprego esta franxa situouse entre o 5,6%-6,3%, porcentaxes que subliñan a pouca incidencia desta prestación no colectivo xuvenil. Pola súa banda a renda activa de inserción tivo unha incidencia moi baixa neste grupo.

Cadro nº 40: Beneficiarios por prestación por desemprego

| <b>Beneficiarios por prestacións por desemprego (todas as modalidades)</b> |                    |                    |                    |                    |                    |         |
|----------------------------------------------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|---------|
|                                                                            | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total   |
| 2017                                                                       | 135                | 2.168              | 6.001              | 8.304              | 84.346             | 92.650  |
| 2018                                                                       | 143                | 2.176              | 6.010              | 8.329              | 77.708             | 86.037  |
| 2019                                                                       | 155                | 2.250              | 6.106              | 8.512              | 79.670             | 88.182  |
| 2020 (ata setembro)                                                        | 559                | 5.833              | 13.095             | 19.487             | 132.436            | 151.922 |

| <b>Beneficiarios por prestacións contributivas</b> |                    |                    |                    |                    |                    |        |
|----------------------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------|
|                                                    | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total  |
| 2017                                               | 36                 | 1.356              | 4.138              | 5.531              | 33.314             | 38.845 |
| 2018                                               | 44                 | 1.419              | 4.319              | 5.782              | 32.721             | 38.503 |
| 2019                                               | 51                 | 1.549              | 4.570              | 6.169              | 34.291             | 40.460 |
| 2020 (setembro)                                    | 414                | 4.947              | 11.336             | 16.698             | 82.961             | 99.659 |

| <b>Beneficiarios de subsidio por desemprego</b> |                    |                    |                    |                    |                    |        |
|-------------------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------|
|                                                 | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total  |
| 2017                                            | 84                 | 724                | 1.699              | 2.507              | 39.635             | 42.142 |
| 2018                                            | 85                 | 676                | 1.547              | 2.308              | 35.388             | 37.695 |
| 2019                                            | 90                 | 626                | 1.431              | 2.147              | 38.566             | 40.713 |
| 2020 (setembro)                                 | 128                | 812                | 1.654              | 2.594              | 43.329             | 45.923 |

| <b>Renta activa de inserción</b> |                    |                    |                    |                    |                    |        |
|----------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------|
|                                  | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total  |
| 2017                             | 14                 | 82                 | 117                | 213                | 10.090             | 10.303 |
| 2018                             | 14                 | 73                 | 101                | 188                | 8.286              | 8.474  |
| 2019                             | 15                 | 75                 | 106                | 196                | 6.808              | 7.004  |
| 2020 (setembro)                  | 16                 | 74                 | 105                | 195                | 6.145              | 6.340  |

| <b>Programa de Activación para o Emprego</b> |                    |                    |                    |                    |                    |       |
|----------------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-------|
|                                              | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total |
| 2017                                         | 0                  | 6                  | 46                 | 53                 | 1.306              | 1.359 |
| 2018                                         | 0                  | 8                  | 43                 | 52                 | 1.313              | 1.365 |
| 2019                                         | 0                  | 0                  | 0                  | 0                  | 5                  | 5     |
| 2020 (setembro)                              | 0                  | 0                  | 0                  | 0                  | 1                  | 1     |

Fonte: SEPE - Ministerio de Traballo e Economía Social.

En canto ao resultado da taxa de cobertura das prestacións por desemprego, entendida como o cociente entre o total de beneficiarios e beneficiarias por prestacións por desemprego e o número de persoas desempregadas con experiencia laboral, expresada en tanto por cento, o SEPE publica esta información para o conxunto dos desempregados e desempregadas galegos, tomando con referencia no denominador a información que xera, ou sexa, o paro rexistrado con experiencia laboral. O resultado foi que en 2017 a cobertura incidiu no 52,1% dos parados e en 2019 ascendeu ao 59,1% dos mesmos. Si se replica este exercicio pero co paro estimado con experiencia laboral, resulta que en

2017 o valor do indicador é case o mesmo que co paro SEPE, un 52,2%, aínda que o de 2019 é máis elevado, un 65,9%

Cadro nº 41: Aproximación á taxa de cobertura dos beneficiarios por prestacións por desemprego

|      | de 16 a 19<br>anos | de 20 a 24<br>anos | de 25 a 29<br>anos | De 16 a 29<br>anos | Máis de 30<br>anos | Total |
|------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-------|
| 2017 | 9,0                | 22,6               | 33,2               | 28,4               | 56,9               | 52,2  |
| 2018 | 9,5                | 26,2               | 39,5               | 33,3               | 62,3               | 57,4  |
| 2019 | 12,9               | 27,1               | 44,6               | 36,7               | 72,0               | 65,9  |

Fonte: Elaboración propia.

No cadro 41 apréciase que as prestacións de desemprego cobren moito menos as posibles necesidades das persoas mozas que ás dos adultos. En 2019, a taxa dos de máis de 30 anos practicamente dobra á de 16 a 29 anos, o que, sen dúbida, é un obstáculo máis para lograr que os mozos e mozas de hoxe poidan afrontar o futuro con máis optimismo e mellores perspectivas.

## 4 Distribución territorial do desemprego e emprego xuvenil

Posto que a nivel comarcal non contamos con datos de enquisas do mercado laboral como a EPA, empregaremos datos baseados en rexistros, como son as persoas afiliadas á seguridade social ou persoas inscritas como demandantes de emprego. Por iso, calcularemos indicadores alternativos que aproximen a taxa de paro ou a taxa de ocupación para describir os principais resultados do mercado de traballo xuvenil nas comarcas galegas

En primeiro lugar, analizaremos o peso dos afiliados tendo en conta as actividades que dalgún xeito tiveron un papel relevante neste período. Por unha banda, teranse en conta as actividades esenciais, que se mantiveron operativas a pesar das restricións derivadas do COVID-19. Considéranse esenciais aquelas actividades incluídas no Anexo do Real Decreto-Lei 10/2020, de 29 de marzo, incluíndo distintos tipos de establecementos de comercio (bens de primeira necesidade, alimentación, de tipo médico, farmacéutico e hixiénico, venda de combustible, de equipos tecnolóxicos, prensa, estancos); servizos financeiros; servizos profesionais (avogacía, xestorías, psicoloxía, tradución, notarías, ...); servizos de limpeza e mantemento; outros servizos (perruqueiros, tinturarías, funerarias,...); actividades que participen na cadea de abastecemento do mercado (alimentación, bebidas, hixiene, ...) e no abastecemento de produtos sanitarios e tecnolóxicos; servizos de hostaleira a domicilio e comercio por internet; transporte de mercadorías e pasaxeiros, tránsito aduaneiro e correos; subministro de enerxía e similares; centros sanitarios, servizos á dependencia e á atención de vítimas de violencia de xénero, Centros de Acolida a Refuxiados; actividades de mantemento das esenciais e produtivas; actividades de seguridade e protección civil; actividades de abastecemento e saneamento.

A partir desta serie de actividades esenciais identificamos as correspondencias con grupos agregados da CNAE. As actividades dos sectores de Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (grupo A); a Industria da alimentación e Fabricación de bebidas (subgrupos 10 e 11 do grupo C); os grupos DE, que son o Subministro de enerxía eléctrica, gas vapor e aire acondicionado, Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación; e o grupo Q, de Actividades sanitarias e de servizos sociais.


Os datos de afiliación cos que contamos con desagregación por idades e comarcal permítenos só identificar 10 grupos de actividades económicas, debido ao segredo estatísticos, e polo tanto algunhas actividades esenciais non se poden incluír na análise porque cos datos dispoñibles non somos capaces de identificalas. Por exemplo, no caso do Comercio os datos dispoñibles inclúen actividades esenciais e outras especialmente afectadas, polo que decidimos excluír este grupo. Cabe destacar que posteriormente veremos que o subgrupo do Comercio ao retalho, cun peso de máis do 50% sobre o total do comercio en Galicia, será unha das actividades máis afectadas en termos de perda de emprego. Outro caso que se exclúe da análise sería o Transporte, no que aínda que se considera esencial o de mercadorías e servizos mínimos para pasaxeiros, veuse fortemente afectado (Banco de España, 2020), e resulta imposible distinguir entre ambos

grupos. Tampouco teremos en conta o grupo O da Administración Pública porque non contamos con datos de afiliación de mutualidades, so á Seguridade Social, polo que non dispoñemos de datos para este sector de actividade.

Posteriormente, realizarase a mesma análise para os sectores máis afectados durante esta crise, con caídas significativas da actividade dende a entrada en vigor do estado de alarma (Banco de España 2020), que incluíría fundamentalmente o grupo I da CNAE, Hostalería, e grupos RS da CNAE, que corresponden coas Actividades artísticas, recreativas e de entretemento, e Outros servizos. En ambos casos, o período da análise corresponderá ao segundo trimestre do 2019 e do 2020.

Os sectores esenciais mantiveron a súa actividade, e eran excepcións as restricións establecidas dende o Goberno no 2020 en particular durante a corentena. Isto supuxo, como reflexa o mapa 1, que o peso destas actividades sobre o total aumentou en numerosas comarcas do 2019 ao 2020. Concretamente, no segundo trimestre do 2020 supoñen máis do 25% sobre o total en 10 comarcas, mentres que no 2019 so se daba en 6 comarcas. O peso incrementa especialmente na zona da Costa da Morte e no sur da provincia de Lugo, que no 2020 superan o 20% sobre o total de afiliación.

Mapa nº 1: Peso das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos nos sectores esenciais en 2019 e 2020




Elaboración propia a partir de datos do IGE

No caso das actividades que se viron especialmente afectadas no segundo trimestre do 2020, o mapa 2 mostra como o peso na afiliación reduciuse en case todas as comarcas,

especialmente na Baixa Limia, en Terra de Caldas e Tabeirós-Terra de Montes, cunha redución de máis do 40%. No segundo trimestre do 2020, so no Salnés o peso é superior ao 38%, fronte a 6 comarcas no 2019.

Mapa nº 2: Peso das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos nos sectores máis afectados en 2019 e 2020




Elaboración propia a partir de datos do IGE

Os mapas 1 e 2 teñen en conta unicamente a afiliación das persoas máis novas. Para identificar se os cambios sectoriais afectaron especialmente as persoas novas ou se é unha característica sectorial do mercado laboral da comarca, a continuación mostrarase a afiliación relativa sobre as persoas de máis de 30 para os sectores esenciais e máis afectados. Polo tanto, para aquelas comarcas que teñen valores superiores a 1 significa que o peso que teñen os traballadores de 16-29 nese sector relativo o total do seu emprego é superior a das persoas de 30 e máis anos, se o índice fose superior a 2 entón o peso relativo dos novos neses sectores sería o dobre do peso dos maiores de 30 anos neses mesmos sectores.

Como mostra o mapa 3, o peso relativo dos máis novos nos sectores esenciais é inferior ao peso que supoñen estes sectores para os traballadores de máis de 30. So en Baixa Limia, A Ulloa e Terra de Caldelas o peso dos máis novos nos sectores esenciais é similar o superior a dos maiores de 30 no segundo trimestre do 2019, e o índice toma valores superior a 0,9. Este peso dos máis novos nas actividades esenciais relativo o que teñen os traballadores de máis de 30 aumenta no 2020, superando este valor de 0,9 nun total de

11 comarcas. Isto prodúcese en maior medida polo forte aumento que tiveron os máis novos destas actividades ao perderse moitos máis empregos no resto de sectores.


Mapa nº 3: Peso relativo das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos sobre as maiores de 30 nos sectores esenciais en 2019 e 2020



Elaboración propia a partir de datos do IGE

Paralelamente, o peso dos máis novos nas actividades relativas á Hostalería, Actividades artísticas, recreativas e de entretemento, e Outros servizos é moito máis elevado que o que teñen os maiores de 30, superando o valor 2 en practicamente todas as comarcas, é dicir que é mais do dobre. Destacan cun peso dos novos nas actividades máis afectadas os casos das Mariñas Central e Occidental, as comarcas correspondentes ás capitais de provincia, Valdeorras, Terra de Celanova, Barbanza e Chantada, con pesos 3 veces máis altos que os maiores de 30. No 2020, como tamén ocorre no mapa 2, o índice redúcese en xeral en todas as comarcas. Isto débese, como xa dixemos antes a forte caída dos traballadores novos nas actividades afectadas pola COVID-19, que tivo efectos máis acusados que nos traballadores maiores de 30 anos.

Mapa nº 4: Peso relativo das persoas afiliadas de entre 16 e 29 anos sobre as maiores de 30 nos sectores máis afectados en 2019 e 2020




Elaboración propia a partires de datos do IGE

Outra das variables fundamentais para coñecer a situación dos novos é a taxa de paro. Para aproximar a taxa de paro calcularemos o cociente entre as persoas desempregadas rexistradas e a poboación activa, que abrangue ás persoas afiliadas tanto da seguridade social como mutualistas así como as persoas paradas rexistradas.<sup>5</sup> Para coñecer o impacto da crise derivada do COVID-19 sobre as persoas traballadoras máis novas por comarcas, realizaremos unha comparación da proxy da taxa de paro media do segundo e terceiro trimestre do 2019 e do 2020 para os traballadores e traballadoras a nivel comarcal en Galicia.<sup>6</sup> Realizaremos a análise separada por sexo comezando pola evolución da taxa de paro xuvenil masculina (mapa 5).

<sup>5</sup> Posto que aínda non están dispoñibles os datos de mutualistas para o ano 2020, neste caso non se inclúen na poboación activa para manter a comparación entre 2019 e 2020.

<sup>6</sup> Debido a que os efectos do COVID-19 empezaron a notarse no segundo trimestre do 2020, excluimos o primeiro trimestre para calcular a proxy da taxa de paro, pois diluiríase o efecto da pandemia. Non incluimos os datos do último trimestre do 2020 porque os datos aínda non están dispoñibles.

Mapa nº 5: Proxy da taxa de paro dos traballadores entre 16 e 29 anos en 2019 e 2020




Elaboración propia a partir de datos do IGE

Como podemos observar nos mapas, a taxa de paro dos traballadores entre 16 e 29 anos aumenta do 2019 ao 2020 de maneira importante en practicamente todas as comarcas galegas, o que mostra que os efectos do COVID-19 se estenden por todo o territorio aínda que con distinta intensidade. No ano 2019 soamente dúas comarcas, Verín e Ferrol, contaban cunha taxa de paro xuvenil masculina superior ao 18%, mentres que en 2020 son 16 as comarcas que superan esta taxa. Cabe destacar que no 2020 as provincias con maior incidencia do desemprego xuvenil masculino, Lugo e Pontevedra, eran as provincias coas taxas máis baixas en 2019. Algunhas comarcas, da provincia de Lugo principalmente, seguen contando en 2020 con taxas de paro inferiores a un 10%, que en gran medida corresponden con ser zonas de alto peso da afiliación no réxime especial agrario que é un dos sectores menos afectados polos efectos do COVID-19. Concretamente, en A Ulloa, Meira, Chantada e a Terra Chá o peso dos afiliados a este réxime é superior ao 3% do total de afiliación. É un peso máis importantes de actividades esenciais como vimos antes.

En xeral, como podemos ver no mapa 6, a taxa de desemprego das mulleres de 16 a 29 anos en 2019 era superior á dos homes da mesma idade en todas as comarcas galegas. De feito son 6 e non 2, como no caso anterior, as comarcas galegas que teñen unha taxa de desemprego superior ao 18%. A situación no mercado laboral das mulleres novas relativa aos homes empeorou aínda máis coa crise do COVID-19, e no 2020 o 68% das

comarcas a taxa de desemprego xuvenil feminina supera o 18%, e delas, Verín, Ourense, Ferrol e A Mariña Oriental, taxa é superior ao 25%. A incidencia é moi alta e afecta as catro provincias galegas, aínda que novamente zona rural de Lugo mostras unas taxas relativamente menores.

Mapa nº 6: Proxy da taxa de paro das traballadoras entre 16-29 anos en 2019 e 2020




Elaboración propia a partires de datos do IGE

Os resultados da análise da taxa de desemprego xuvenil indica que os efectos sobre o mercado laboral da crise derivada do COVID-19 está afectando a todas as comarcas galegas, aínda que con menor intensidade en aquelas comarcas que dependen en maior medida do sector agrario. Os efectos tamén son máis importantes para o mercado laboral xuvenil feminino que para o masculino.

Para obter unha imaxe máis completa e poder identificar se o COVID-19 tivo efectos máis importantes sobre o emprego xuvenil ou o sobre o resto do mercado (traballadores e traballadoras de 30 e máis anos), calculamos a taxas de paro das persoas entre 16 e 29 anos relativas ás de 30 e máis anos, novamente para o mesmo período do 2019 e 2020 tanto para homes como para mulleres. Para aquelas comarcas que teñen valores superiores a 1 significa que a taxa de paro xuvenil é superior a das persoas de 30 e máis anos, se o índice fose superior a 2 entón a taxa de paro xuvenil sería o dobre da taxa de paro dos maiores de 30 anos.

Para ambos sexos a taxa relativa é máis acusada no 2020 que en 2019, con ao redor de 20 comarcas que superan un valor do índice do 1,3. No caso dos homes (mapa 7), a proxy da taxa de desemprego relativa presenta valores especialmente altos, de máis dun 1,7, en diferentes comarcas de Lugo (As Mariñas Occidentais e Oriental, Quiroga e Lugo) e Santiago. A evolución da taxa relativa mostra como a crise pode estar afectando en maior medida aos traballadores de 16 e 29 anos en comparación cos maiores de 30.


Mapa nº 7: Proxy da taxa de paro dos traballadores de 16 a 29 anos relativa a dos traballadores de 30 e máis anos en 2019 e 2020



Elaboración propia a partires de datos do IGE

No caso das mulleres, as traballadoras de 16 a 29 anos tamén sofren en maior medida a crise do COVID-19 cas traballadoras de 30 e máis anos en termos relativos, e os valores dos índices no 2020 son máis altos en comparación ao 2019. As comarcas con valores máis altos da taxa en 2020 son Terra de Caldelas, Santiago e Lugo, tamén con valores superiores ao 1,7, é dicir a taxa de paro das traballadoras de 16 a 29 case duplica a taxa de paro das traballadoras de máis de 30 anos. Cabe destacar que no caso de Terra de Caldelas o índice é o máis elevado pero diminúe moito do 2019 ao 2020, pasando dun 2,26 a un 1,85.

Mapa nº 8: Proxy da taxa de paro das traballadoras de 16 e 29 anos relativa a das traballadoras maiores de 30 anos en 2019 e 2020



Elaboración propia a partires de datos do IGE

Esta análise a nivel comarcal mostra as diferenzas entre subáreas e a súa evolución recente nas dinámicas de emprego das persoas traballadoras máis novas. Os datos suxiren que efectivamente as persoas de 16 a 29 anos están sendo máis afectadas pola crise actual derivada do COVID-19 en comparación coas persoas traballadoras de 30 e máis anos.

O seguinte paso será descompoñer as dinámicas temporais do emprego, e deste xeito comprobar se os cambios para todo o mercado de traballo son debidos aos efectos sectoriais no que se atopa cada subgrupo ou pola contra polas propias dinámicas dos ciclos económicos que tenden a expulsar do mercado os traballadores e traballadoras máis precarios con contratos temporais, como poden ser os menores de 29 anos.


## 5 Descomposición das dinámicas do emprego xuvenil

Os diferentes grupos socioeconómicos concéntranse en diferentes sectores dependendo do seu sexo ou idade e, como resultado, as crises económicas tenden a afectar o seu emprego nunha magnitude diferente. Nesta sección intentaremos analizar os efectos no mercado laboral sufridos entre a Gran Recesión e a pandemia COVID-19 ao descompoñer os cambios de emprego xuvenil tanto para homes e mulleres comparado cos efectos sufridos polos traballadores e traballadoras de 16 e máis anos. Con esta descomposición identificaranse os efectos sectoriais dos efectos propiamente dos ciclos económicos. Isto pode axudar a deseñar políticas dirixidas aos grupos que máis o precisan. Para a análise desta sección, utilizaremos os microdatos da EPA cunha desagregación sectorial a dous díxitos. Posto que para algúns dos sectores non suficiente datos para que os datos de emprego sexan representativos para os traballadores e traballadoras de 16 e 29 anos. A agregación utilizada aparece ao final.

### 5.1 Segregación sectorial

Antes de realizar a descomposición dos efectos de emprego analizaremos ata que punto os traballadores e traballadoras tanto entre 16 e 29 anos como de 30 e máis anos se concentran en sectores particulares. Por iso, primeiro analizamos a porcentaxe de homes e mulleres tanto de 16 e 29 anos como maiores de 30 anos e máis para cada un dos sectores en 2019, é dicir antes da crise (Gráfico 49).


Gráfico nº 49: Porcentaxe de emprego de cada grupo socioeconómico por sector en 2019



Elaboración propia a partires de datos da EPA

O emprego xuvenil ten un peso no mercado de traballo inferior ao de maiores de 30 anos posto que é un grupo poboacional máis pequeno, e por iso na maioría das actividades o peso do emprego xuvenil non chega ao 20%. Non obstante, é claro ver que hai sectores onde o peso do emprego xuvenil é alto, é maior o peso que ten este grupo demográfico no mercado laboral. Os sectores nos que se observa a maior presenza de persoas novas son as actividades deportivas (dun 18% para cada un dos grupos tanto homes como mulleres), seguido dos servizos de hostalería (que conforman os servizos de comidas e bebidas e os de aloxamento, CNAE 55 e 56) e a venda e reparación de vehículos. Para todos os casos excepto o último a proporción de homes e mulleres de entre 16 e 29 anos é similar. De feito, obsérvase precisamente unha proporción elevadísima de traballadores novos nos servizos de venda e reparación de vehículos (19%) fronte a un 1% da traballadoras de 16 e 29 anos. Esta segregación por sexo nesta actividade tamén se mantén para os maiores de 30 (69% homes fronte a un 11% mulleres). Outras actividades amplamente realizadas por homes maiores de 30 anos serían as industrias extractivas (grupos do 05 ao 09), as relacionadas coa enerxía, auga e reciclaxe (grupos do 35 a 39) ou a construción (41-43). As actividades que pola contra presenta un maior número de mulleres están relacionadas co téxtil (grupos 13-15).

Gráfico nº 50: Distribución de emprego por actividade económica dependendo da idade e o sexo en 2019



Elaboración propia a partir de datos da EPA

A porcentaxe de emprego de cada grupo demográfico por actividade económica depende do peso que cada un destes grupos ten no mercado laboral, e por iso o seu peso non é comparable en valores absolutos e ten que ser relativo ao seu peso no mercado. No gráfico 50 preséntanse as distribucións por actividades económicas da idade e do sexo, o cal permite comparar esas distribucións laborais. En xeral, os homes, e en particular os de 30 e máis anos, distribúense dun xeito máis uniforme cas mulleres.

Destaca o peso do traballadores entre 16 e 29 anos no sector da restauración, mentres que os maiores de 30 e máis anos están en maior proporcións nas actividades relacionadas coa construción, transporte e Administracións Públicas. No caso das mulleres obsérvase maior especialización nalgúns actividades, e polo tanto menor diversidade. As diferenzas por idade son máis notables, cun número máis elevado de traballadoras no comercio ao retalho e na restauración, mentres que as maiores están máis presentes nas Administracións Públicas e no traballo doméstico. Esta última actividade presenta case unha especialización total das mulleres (98% sobre o total de persoas empregadas no sector).

Non obstante para ver se a concentración ou segregación de traballadores e traballadoras segundo a idade e sexo necesitamos construír un indicadores que nos sintetice toda esta información e que nos permita ver como evolucionou ao longo dos últimos anos.

Por iso, adaptaremos o índice de disimilitude de Duncan, construído para a segregación ocupacional, a segregación sectorial. O índice calculase para ver a diferenza dous a dous entre os distintos grupos demográficos por idade e sexo. Este índice interprétase, por exemplo se o calculamos para os traballadores e traballadoras de 16 e 29 anos respecto a aqueles maiores de 30, como a proporción de persoas traballadoras novas e maiores que deben trasladarse a diferentes sectores para que ambos grupos teñan a mesma distribución do emprego.

Formalmente o índice de disimilitude de Duncan (ID) para o ano  $t$  adaptado aos sectores, que compare a poboación xuvenil coa poboación de 30 anos é máis calcúlase da seguinte maneira:

$$ID_t = \frac{1}{2} \sum |m_{it} - n_{it}|$$

$$m_{it} = \frac{M_{it}}{\sum M_{it}}$$

$$n_{it} = \frac{N_{it}}{\sum N_{it}}$$


Onde  $m_{it}$  e  $n_{it}$  son as proporcións (en porcentaxe) da poboación empregada en cada sector  $i$  relativo ao total de emprego do seu grupo poboacional nun ano  $t$ , é dicir de maiores de 30 e novos (16 e 29) respectivamente.

O valor índice está comprendido entre 0 e 100, sendo 0 cando a distribución é igual en persoas traballadoras novas e maiores, e 100 se está totalmente segmentado por idades en categorías diferenciadas. Este índice ten a problemática de que non permite distinguir se é debido a cambios estruturais nas actividades ou a cambios na proporción de persoas traballadoras novas e maiores. Ademais, a redistribución das persoas traballadoras implicaría necesariamente cambios na estrutura sectorial.

No gráfico 51 móstrase o índice de disimilitude aos diferentes grupos de idade (16 e 29 anos e maiores de 30 anos) e sexo (homes e mulleres) dous a dous. Podemos observar que os índices de disimilitude mostran valores superiores ao 20% para todos os pares de subgrupos, confirmando que os traballadores e traballadoras están concentrados en diferentes sectores dependendo da súa idade e sexo. O índice foi particularmente alto

para os homes de 16 e 29 anos relativos a mulleres de 16 e 29 anos, aínda que diminuíu en máis de 10 puntos porcentuais. Polo contrario, o índice de disimilitude de homes de 16-29 anos versus os homes maiores de 30 anos estívese incrementando dende 2012, o cal significa que as estruturas dos homes maiores e menores de 30 anos se están volvendo máis e máis distintas co paso do tempo. Temos que ter en conta as debilidades que mostra este indicador para medir a segregación industrial, por exemplo, que as medidas de diferenza absoluta son sensíbeis ao número de industrias incluídas no cálculo, ou que as medidas convencionais de segregación poden verse influídas polo grao de participación dos distintos grupos na forza de traballo (Blackburn and Jarman 2005; Bianchi 2001; Semuonov and Jones 1999).

Gráfico nº 51: Índice de disimilitude de Duncan por idade e sexo



Elaboración propia a partir de datos da EPA

## 5.2 Metodoloxía

A metodoloxía empregada para explicar as dinámicas do emprego xuvenil baséase na descomposición realizada por Humphries (1988, rev. 2012), onde se distinguen tres efectos diferenciados: o efecto crecemento, no que os cambios no emprego xuvenil se explicarían a través dos cambios no emprego total en cada sector, mantendo a proporción de novos en cada sector constante; o efecto proporción, onde os cambios no emprego xuvenil derivan dos experimentados na proporción de novos en cada industria, mantendo

o total de emprego por sector constante; e o efecto interacción, derivado da interacción dos cambios anteriores.

Formalmente, a descomposición se describe co seguinte modelo:

$$\Delta N_t = \underbrace{\Sigma(T_{it} - T_{it-4})p_{it-4}}_{\text{(efecto crecemento)}} + \underbrace{\Sigma(p_{it} - p_{it-4})T_{it-4}}_{\text{(efecto proporción)}} + \underbrace{\Sigma(p_{it} - p_{it-4})(T_{it} - T_{it-4})}_{\text{(efecto interactivo)}}$$

Onde:

$N_t$ : emprego xuvenil no período  $t$  (cuadrimestral neste caso)

$p_{it}$ : proporción de emprego xuvenil no sector  $i$  no período  $t$

$T_{it}$ : emprego total no sector  $i$  no período  $t$

Se o efecto proporción mostra valores positivos nos períodos de auxe e negativos nas crises, a literatura indica que o grupo analizado, neste caso os traballadores e traballadoras de 16 a 29 anos, podería actuar como unha forza de traballo "amortecedora". Segundo esta hipótese, este grupo sería considerado como unha reserva flexible para ser contratado en período de crecemento e despedidos en recesións. Pola contra, se o efecto proporción é positivo nas recesións e negativo durante os períodos de crecemento, os resultados poderían ser consistentes coa hipótese de substitución. Esta hipótese propón que o grupo analizado (por exemplo, as mulleres ou os mozos) considérase unha forza de traballo menos cara, polo que nas recesións substituirán a outros grupos xa que as empresas aforran custos.

O efecto crecemento pódese descompoñer adicionalmente en efecto escala, efecto ponderación e efecto residual. Polo tanto, Partindo de que o emprego total pode explicarse como  $T_{it} = W_{it}\tau_t$  onde  $W_{it} = \frac{T_{it}}{\Sigma T_{it}}$

O efecto crecemento se pode descompoñer á súa vez nos seguintes efectos:

$$\Sigma(W_{it}T_{it} - W_{it-4}T_{it-4})p_{it-4} = \underbrace{\Sigma(T_{it} - T_{it-4})W_{it-4}p_{it-4}}_{\text{(efecto crecemento)}} + \underbrace{\Sigma(W_{it} - W_{it-4})T_{it-4}p_{it-4}}_{\text{(efecto escala)}} + \underbrace{\Sigma(W_{it} - W_{it-4})(T_{it} - T_{it-4})p_{it-4}}_{\text{(efecto proporción)}} + \underbrace{\Sigma(W_{it} - W_{it-4})(T_{it} - T_{it-4})p_{it-4}}_{\text{(efecto residual)}}$$

O **efecto escala** sostén que os cambios derivan dos que se experimentan no número total de traballadores, mantendo o peso relativo dos sectores constante. Os cambios polo **efecto ponderación** veñen explicados polos cambios no peso relativo dos sectores, mantendo o número de traballadores constante. Por último, o **efecto residual** explica que os cambios derivan da interacción entre os cambios dos efectos anteriores.

Se o efecto ponderación ten valores positivos ou próximos a cero na recesión, podería ser consistente co efecto de segregación actuando de xeito positivo, é dicir, algúns grupos demográficos concéntranse nalgúns sectores menos afectados polas crises. Por exemplo, algúns autores apoian que as mulleres se concentran tradicionalmente en

sectores relativamente estables no ciclo económico, como o sector servizos, é iso fai que poida perder menos emprego durante as crises.


### 5.3 Resultados

Os seguintes gráficos mostran os resultados da descomposición para o emprego xuvenil tanto para homes e mulleres en Galicia, comparando a Gran Recesión e a crise actual derivada do COVID-19. A efectos comparativos tamén se realizan os cálculos para os traballadores e traballadoras de 30 anos e máis. En cada gráfico, o panel (a) mostra a descomposición do cambio de emprego e no panel (b) descompoñemos aínda máis o efecto de crecemento que aparece panel (a) tal e como se explica na metodoloxía. Na análise dos resultados, débese ter en conta que para poder apreciar plenamente a descomposición do efecto crecemento non matemos a escala entre os dous paneis.

Comezamos a análise cos traballadores e traballadoras novos (16-29 anos) que soe ser un dos grupos máis afectados pola dinámica do ciclo económico segundo a literatura económica. Tal e como observamos no gráfico 4, os cambios no emprego xuvenil están principalmente impulsados polo efecto proporción, negativo nas recesións, é dicir, durante a Gran Recesión e a pandemia COVID-19 e positivo na pequena recuperación entre crises. Este comportamento do emprego xuvenil, diminuíndo a seu “peso” durante as crises e aumentándoo durante as recuperacións, confirma que o emprego xuvenil está a ser usado como forza de traballo “amortecedora” como se mencionou anteriormente. Isto pode ser a importante proporción de mozos con contratos temporais que permite que os axustes do ciclo económico estean moi vinculados as súas contratacións e despidos.

O efecto crecemento explica o resto da caída do emprego que sofren os traballadores e traballadoras mozos tanto na Gran Recesión como durante os primeiros trimestres da pandemia COVID-19. Ao mesmo tempo, e como será para todos os grupos analizados neste traballo, o efecto de interacción é próximo a cero durante todo o período. Para ter unha mellor comprensión dos cambios industriais detrás do efecto de crecemento, podemos descompoñelo aínda máis, panel (b) do gráfico 52. Deste xeito, esta análise en profundidade do efecto crecemento móstranos a primeira diferenza entre a Gran Recesión e as crise COVID-19 que explican os cambios no emprego xuvenil. Aínda que o efecto de crecemento está dirixido principalmente polo efecto de escala nos dous casos, pola contra o efecto ponderación segue unha evolución positiva durante a Gran Recesión e resulta negativo na pandemia COVID-19. Polo tanto, a concentración do traballo xuvenil en algúns sectores protexeu o seu emprego durante a Gran Recesión, non obstante na crise actual derivada da pandemia COVID-19 o traballo do mozos atópanse concentrados nos sectores máis afectados pola crise, o que fai que a perda de emprego sexa relativamente maior que a doutros grupos demográficos.


Gráfico nº 52: Descomposición das variacións do emprego das persoas entre 16 e 29 anos desde o primeiro cuadrimestre de 2008 ao terceiro cuadrimestre de 2020



Elaboración propia a partir de datos da EPA

Para afondar nas dinámicas de emprego xuvenil, realizamos a análise de descomposición tamén por sexo (Gráfico 53). A principal diferenza na descomposición entre mulleres e homes mozos é que para as primeiras os cambios de emprego están explicados en menor medida polo efecto de crecemento, especialmente durante a Gran Recesión, é dicir, o efecto de proporción explica a maior parte dos cambios en emprego das mulleres. As razóns detrás dun efecto de crecemento relativamente menor para as mulleres que os homes para explicar os cambios no emprego vense aínda máis claras cando o descompoñemos o efecto crecemento (panel b do gráfico 5). Así, o efecto ponderación nas mulleres durante a primeira fase da Gran Recesión é notablemente alto e positivo, mentres que negativo para os homes neste período. Como resultado, o efecto positivo do efecto ponderación nese período compensa o efecto escala negativo, dando un efecto de crecemento “neto” relativamente inferior. Isto é coherente coa hipótese da segregación, xa que a primeira etapa da Gran Recesión afectou principalmente ao sector da construción, sobrerrepresentado por homes. Na segunda etapa, a crise estendeuse a outros sectores, polo que o efecto ponderación vai cara a cero. Non obstante, durante a pandemia COVID-19, a segregación das mulleres non parece axudar a compensar a perda de emprego e o efecto ponderación mostra valores negativos para ambos grupos, sendo aínda maior para as traballadoras novas.


Gráfico nº 53: Descomposición das variacións do emprego das persoas entre 16 e 29 anos por sexo



Elaboración propia a partir de datos da EPA

En canto ao grupo demográfico de 30 ou máis anos, o efecto de crecemento provoca principalmente cambios no emprego, mentres que o efecto proporción funciona en sentido contrario en ambas as crises. A evolución deste efecto corrobora a hipótese da substitución, é dicir, dado que os traballadores máis novos perderon o traballo nunha proporción maior que os maiores de 30 a proporción deste grupo medra durante a recesión e substitúe aos traballadores máis novos. Os traballadores de máis de 30 anos son o grupo principal no mercado de traballo e polo tanto o que dirixe o efecto total, como resultado, o efecto escala está explicando case totalmente polo efecto crecemento. Así, para comprender mellor os cambios neste grupo é importante a análise por sexo.


Gráfico nº 54: Descomposición das variacións do emprego das persoas entre 30 e 65 anos desde o primeiro cuadrimestre de 2008 ao terceiro cuadrimestre de 2020



Elaboración propia a partir de datos da EPA

Do mesmo xeito que na gráfico anterior, o efecto de participación é positivo en ámbolos grupos nas recesións (Gran recesión e pandemia COVID-19) e negativo nas recuperacións (Gráfico 55), de acordo coa hipótese da substitución. Os principais cambios neste grupo por sexo están dentro da descomposición do efecto de crecemento. De feito, que o efecto ponderación estea preto de cero durante todo o período para os traballadores de máis de 30 anos, como se pode observar no gráfico 55, débese aos patróns opostos en mulleres e homes. As mulleres teñen en xeral valores positivos durante a primeira crise, debido a estar segregadas en sectores menos afectados pola crise, mentres que son negativos para os homes. Non obstante, para a crise en curso, a situación invértese e os sectores máis afectados polo COVID-19 son onde se concentran as mulleres (e a mocidade como vimos anteriormente).

Gráfico nº 55: Descomposición das variacións do emprego de maiores de 30 anos por sexo



Elaboración propia a partir de datos da EPA

### 5.3.1 Efecto dos ERTES sobre a descomposición

Ao comezo do confinamento en marzo de 2020, o goberno español implantou un sistema de protección do emprego, chamado Expediente de Regularización de Emprego Temporal (ERTE).<sup>7</sup> O ERTE é o mecanismo que permite ás empresas suspender temporalmente a súa actividade como consecuencia de cuestións económicas, técnicas,

<sup>7</sup> Artigo 22 do BOE, “Real Decreto-Ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19”, 17 Marzo (73).

organizativas ou produtivas, e por tanto, suspender os contratos de traballadores ou reducir a súa xornada laboral. O período válido para solicitar o ERTE ampliouse ata maio de 2021. Durante o ERTE, o traballador estará cuberto por subsidios por desemprego (ao 70% dos seus salarios) pero non aparecen como desempregados nas estatísticas.


Desde o punto de vista do mercado de traballo, estes traballadores estaban clasificados e empregados mentres recibían o seu "salario" pero traballaban 0 horas como podería ocorrer en baixas por enfermidade ou vacacións.<sup>8</sup> Se a economía se recuperase completamente antes de que remate o ERTE e todas as empresas fosen capaces de manter aos empregados, a longo prazo os efectos da pandemia COVID-19 serán os que vimos na sección anterior. Espérase que os ERTes suavicen a perda de emprego, pero non é probable que se poidan manter todos os empregos. Por este motivo, repetimos a descomposición anterior pero sen contar como empregados a todos os que reportan 0 horas traballadas, é dicir, excluindo por exemplo tamén a persoas que están en vacacións ou de baixa. Hai entre o 3% e o 7% das persoas que traballan cero horas en cada trimestre, sendo tradicionalmente agosto o que presentan maiores porcentaxes debido ás vacacións de verán. Supoñemos que estas porcentaxes son bastante estables por trimestres, polo que non serán relevantes para os cambios de emprego que estamos a calcular. Non obstante, os ERTes si tiveron un importante impacto cando comezaron no segundo trimestre de 2020. A proporción de persoas que informaron 0 horas é superior ao 30% para todos os grupos demográficos.

Así, o gráfico 56 mostra a descomposición para cada efecto demográfico sen contabilizar as persoas que traballan cero horas. Isto significará que estamos supoñendo que as persoas en ERTE estarán desempregadas, polo que sería o peor escenario posible supoñendo que o ERTE non chegou a existir ou non tería ningún efecto. Para todos os grupos, o efecto do peche sería enorme sen ERTes. O resto dos efectos que mencionamos nas seccións anteriores e que explican as diferenzas por grupos manteranse pero con menor magnitude. A recuperación no terceiro trimestre débese principalmente á finalización de ERTE para numerosas empresas.

Os traballadores novos tamén presentan unha acusada diminución do efecto ponderación, demostrando que esta crise afectou maioritariamente a sectores cunha importante presenza de mozos, por exemplo ao sector hoteleiro e ao de restauración.

<sup>8</sup> O efecto será completamente diferente do punto de vista da produción.

Gráfico nº 56: Descomposición das variacións do emprego por sexo e idade tendo en conta o efecto dos ERTES



Elaboración propia a partir de datos da EPA

## 5.4 Adaptación das habilidades de cara a unha potencial transferencia de traballadores dos sectores afectados polo Covid-19

Como vimos no apartado anterior, os traballadores e traballadoras de 16 a 29 anos foron dos grupos que máis emprego perderon, en particular as mulleres. Isto foi debido a que por un lado as persoas empregadas deste último grupo de idade son usadas como forza de traballo de reserva, que se contrata cando a economía medra, pero son as primeiras en perder o traballo nas recesións. Por outro lado, a crise do COVID-19 afectou particularmente aos sectores que máis empregaban traballo xuvenil. Posto que a curto prazo pode non ser factible recuperar todo o emprego dos sectores máis danados pola pandemia COVID-19, a política debería identificar as habilidades dos grupos máis afectados e intentar axudalos a incorporarse a outro sector con habilidades similares onde o emprego pode ter medrado ou medrará a curto prazo ou a sectores con perspectiva de crecemento que poidan absorber traballadores no futuro. Debido ao crecente peso da venda por internet, espérase que aumenten os servizos imprescindibles para a comercialización destes produtos (transporte, loxística e reparación de vehículos). Tamén se podería esperar que debido ao aumento do teletraballo e ocio na casa se demanden máis servizos relacionados coa información e comunicación e coa reparación de ordenadores (Anghel, Lacuesta e Regil, 2020)

Cadro nº 42: Índice de Intensidade de uso de habilidades por ocupación

|                                     | Habilidades TIC | Planificación | Discrecionalidade das tarefas | Capacidade de influencia | Competencias numéricas | Lectura | Escritura | Aprendizaxe no posto | Esfuerzo físico |
|-------------------------------------|-----------------|---------------|-------------------------------|--------------------------|------------------------|---------|-----------|----------------------|-----------------|
| <b>Ocupacións militares</b>         | 2,08            | 2,49          | 1,78                          | 2,81                     | 1,87                   | 2,52    | 2,66      | 2,53                 | 3,18            |
| <b>Directores e xerentes</b>        | 2,62            | 2,66          | 2,58                          | 2,80                     | 2,59                   | 2,62    | 2,57      | 2,22                 | 2,40            |
| <b>Profesionais</b>                 | 2,19            | 2,24          | 2,1                           | 2,47                     | 2,2                    | 2,61    | 2,38      | 2,22                 | 2,25            |
| <b>Técnicos de apoio</b>            | 2,12            | 2,1           | 2,11                          | 2,18                     | 2,27                   | 2,33    | 2,36      | 2,15                 | 2,58            |
| <b>Empregados de oficina</b>        | 2,07            | 1,76          | 1,92                          | 1,79                     | 2,08                   | 2,07    | 2,18      | 1,92                 | 2,04            |
| <b>Traballadores dos servizos</b>   | 1,41            | 1,8           | 1,85                          | 1,96                     | 1,77                   | 1,73    | 1,86      | 2                    | 3,68            |
| <b>Cualificados sector primario</b> | 1,39            | 1,98          | 2,44                          | 1,48                     | 1,57                   | 1,7     | 1,26      | 1,79                 | 4,58            |
| <b>Cualificados da industria</b>    | 1,46            | 1,85          | 1,88                          | 1,65                     | 1,86                   | 1,66    | 1,73      | 1,93                 | 4,28            |
| <b>Operadores</b>                   | 1,12            | 1,61          | 1,51                          | 1,37                     | 1,64                   | 1,45    | 1,66      | 1,68                 | 4,02            |
| <b>Ocupacións elementais</b>        | 1,11            | 1,53          | 1,62                          | 1,37                     | 1,47                   | 1,16    | 1,29      | 1,71                 | 4,35            |


Fonte: Anghel, Lacuesta e Regil (2020)

Polo tanto para analizar como se parecen as competencias requiridas en media por cada sector, partimos dos indicadores levados a cabo no traballo de Brindusa et al. (2020) onde identificaremos as capacidades necesarias para realizar as tarefas nas diferentes actividades. As habilidades que corresponden a cada ocupación aparecen no cadro 42, e son as mesmas que figuran no artigo de Anghel, Lacuesta e Regil (2020). Os indicadores creados permiten ver as habilidades máis empregadas en cada ocupación, como son as TIC, planificación, comprensión lectora, escritura, competencias numéricas, etc. en base ao Programa para a Avaliación Internacional das Competencias de Adultos (PIAAC polas siglas en inglés) da OCDE. Posteriormente, realízase unha análise de similitudes e diferenzas do indicador de habilidades medias para sectores que gañan e perden emprego (cos datos da EPA). Para comparar se as habilidades dun sector se parecen ás de outro o que facemos é sumar o cadrado da diferenza de cada unha das habilidades medias e así calcularíamos o índice de disimilitude de habilidades. Canto máis preto estea o indicador de 0, máis se parecen as habilidades entre sectores e máis factible será a transferencia de traballadores e traballadoras dun a outro sector. O cálculo do índice de disimilitude entre sectores realízase para 2019 para que as habilidades que usa o sector en media non estean afectas pola perda de emprego debido ao COVID-19 que poidan condicionar certas habilidades temporalmente.

Deste xeito, fixarémonos nos sectores que máis perderon emprego xuvenil durante o segundo e terceiro trimestre de 2020 respecto aos mesmos trimestres de 2019, e identifícanse as habilidades que permitan aos mozos e mozas que perderon o emprego incorporarse a outros sectores que gañaron emprego ou que poidan gañalo a curto prazo. Como indica o gráfico 57, os Servizos de comidas e bebidas foi o sector que experimentou unha caída máis pronunciada durante o segundo e terceiro trimestre do 2020 (suma da perda dos dous trimestres respecto ao mesmo período de 2019) para o total das persoas traballadoras mozas. A perda de emprego neste sector foi de 16.813 postos de traballo, seguida do comercio ao retalho, cunha perda de 15.402 postos. A suma destes dous sectores máis as actividades deportivas e os servizos de aloxamento supón un 56% da caída total de emprego neste período, aínda que afectou en diferente medida aos traballadores e ás traballadoras novas. Por esta razón, a continuación farase unha análise máis polo miúdo para as actividades nas que a caída do emprego foi máis acusada, distinguindo o sexo da persoa traballadora.

No cadro 43 podemos ver que os homes de 16 a 29 anos perderon máis emprego nos sectores de Servizos de comidas e bebidas, Comercio por xunto, Venda e reparación vehículos de motor e Metalurxia e produtos metálicos, mentres que a perda traballos entre as mulleres de 16 a 29 anos se produciu nos sectores de Comercio ao retalho, Servizos de comidas e bebidas, Actividades culturais e artísticas e Actividades deportivas.

Gráfico nº 57: Variación no emprego no segundo e terceiro trimestre entre o 2019 e 2020 no total de persoas traballadoras novas



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA

Cadro nº 43: Sectores onde máis traballadores xuvenís perderon o posto de traballo

| Sectores que máis perde empregos xuvenís (16-29) masculinos |                   | Sectores que máis perde empregos xuvenís (16-29) femininos |                   |
|-------------------------------------------------------------|-------------------|------------------------------------------------------------|-------------------|
| Sector                                                      | Perda de empregos | Sector                                                     | Perda de empregos |
| Servizos de comidas e bebidas                               | -10.229           | Comercio ao retalho                                        | -12.699           |
| Comercio por xunto                                          | -3.411            | Servizos de comidas e bebidas                              | -6.583            |
| Venda e reparación vehículos de motor                       | -3.354            | Actividades culturais e artísticas                         | -3.483            |
| Metalurxia e produtos metálicos                             | -2.838            | Actividades deportivas                                     | -3.182            |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA

A continuación realizaremos unha análise pormenorizada das habilidades medias requiridas dos sectores de servizos de comidas e bebidas e de comercio ao retallo que acumularían máis do 40% da perda do emprego xuvenil debido ao COVID-19 e a similitude que teñen coas habilidades de outros sectores onde o emprego puido aumentar.


No gráfico 58 móstranse as posibilidades de transferencia de traballadores do sector que máis perdeu emprego xuvenil durante o segundo e terceiro trimestre da crise do COVID-19, o sector de comidas e bebidas. No eixe de ordenadas mostramos os sectores aos que se poderían transferir as persoas traballadoras ordenados dos que requiren unhas habilidades máis parecidas ao sector de servizos de comidas e bebidas (menor índice de disimilitude) aos sectores que teñen unha maior diferenza de habilidades. No eixo das x está o valor do índice de disimilitude entres as habilidades do sector que estamos analizando e o resto de sectores. Canto menor sexa o seu valor máis se parecerán as habilidades necesarias para realizar as tarefas nese sector relativo ao que se está analizando. As liñas de puntos marcan os valores de 0,09 e 0,36 como referencia. O valor de 0,09 sería o resultado do cálculo do índice de disimilitude (como indicamos, sería a suma ao cadrado da diferenza de cada unha das habilidades medias) cun máximo de 0,1 de diferenza por habilidade, e 0,36 suporía un máximo de 0,2. Non hai un valor óptimo estándar a partir da cal se considera que ás habilidades requiridas son similares, por iso tomamos dous valores de referencia. Para reflexar a diminución ou aumento de emprego xuvenil durante o COVID-19, móstrase o valor do índice en laranxa ou violeta respectivamente. Só aqueles que aumentaron de emprego son susceptibles de ser considerados para recibir traballadores que estaban en outros sectores.

Inicialmente, calculamos o índice de disimilitude de habilidades entre dous sectores a partir do das ocupacións ocupadas por menores de 30, asumindo que a falta de experiencia pode impedir a transferencia de traballadores ou traballadoras novas ocupacións ocupadas por traballadores de máis de 30. Non obstante, para ter en conta esa potencial promoción dos traballadores novos no mesmo sector, analizamos tamén o índice de disimilitude entre sectores para traballadores maiores de 30. Como podemos ver no gráfico 58, existen importantes diferenzas na transferencia entre os máis novos e os maiores. Mentres para os traballadores de 30 anos ou máis a actividade máis similar ao sector de comidas e bebidas son o Comercio ao retallo, para os máis novos é a Fabricación de vehículos de motor. En ambos casos a seguinte actividade máis similar, con valor por debaixo de 0,09 é Alimentación, bebidas e tabaco.

Non obstante, ningún dos sectores máis similares tiveron un comportamento do emprego positivo nin son dos que teñen máis potencial de crecemento no futuro. De feito, non hai moitos sectores que tiveran un crecemento do emprego durante o COVID-19 e polo tanto poucos son susceptibles de recibir persoas traballadoras doutros sectores. Entre eles os únicos sectores que teñen habilidades similares aos Servizos de comida e bebida para os novos serían as Actividades domésticas e as Industrias extractivas. A principal dificultade de transferencia a estes sectores reside en que son actividades cunha participación case total dun único sexo, de mulleres no caso de Actividades domésticas e de homes para as Industrias extractivas. No caso dos maiores, o único sector no que se poderían transferir traballadores é o de Enerxía, auga e reciclaxe. Este sector ten

ademais a particularidade de ser intensivo en capital, con dificultades para absorber moitos traballadores, aínda que relativamente estea gañando emprego durante a crise.


Gráfico nº 58: Índice de disimilitude dos Servizos de comidas e bebidas para o total de persoas traballadoras novas e maiores



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA

Para ver dun xeito máis claro as similitudes entre os sectores en termos de habilidades, no seguinte gráfico móstrase o peso de cada habilidade para sector de servizos de comida e bebidas respecto e os sectores que están por debaixo dun índice de disimilitude de 0,36 e que polo tanto mostran máis semellanzas. No gráfico 59 observamos que destacan as habilidades físicas para este conxunto de sectores no caso dos novos, cun peso superior ao 20% sobre o total de tarefas, mentres que para os maiores danse máis sectores con valores por debaixo do 20%. As demais habilidades supoñen ao redor do 10%, e as TIC son ás que se usan menos en media. Como podemos ver aqueles a sectores que superan o índice de disimilitude de 0,09 comezan a ter porcentaxes moito máis dispares que co sector de servizos e comidas. Para os novos, as Actividades domésticas e as Industrias extractivas, sectores que creceron no período e polo tanto poderían absorber persoal, mostran un maior uso das habilidades físicas que os Servizos de comidas e bebidas, e no caso das Industrias tamén se realizan en maior medida tarefas numéricas e de lectura e escritura que nas Actividades domésticas. Para os maiores, como o sector da Enerxía, auga e reciclaxe supera o valor de 0,09, tamén mostra diferenzas relevantes, cun peso inferior das habilidades físicas.


Gráfico nº 59: Uso de cada habilidades para os sectores que presentan un índice de disimilitude máis baixo a 0,36 co sector Servizos de comidas e bebidas para os máis novos



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA

Facemos a mesma análise para o Comercio ao retallo, a segunda actividade con máis perda de emprego no período para as persoas traballadoras novas e maiores. Neste caso, a situación é incluso máis complicada, xa que so contamos cun sector que gañase emprego e teña habilidades similares para os novos, o Transporte (Gráfico 60). Para o caso das persoas de 30 anos ou máis, os sectores que poderían absorber novos traballadores serían novamente o de Enerxía, auga e reciclaxe, a Fabricación de maquinaria e equipamento, e o de Petróleo, química e produtos farmacéuticos.


Gráfico nº 60: Índice de disimilitude do Comercio ao retallo para o total de persoas traballadoras novas e maiores



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA

No caso do Comercio ao retallo, atopamos novamente que as habilidades físicas teñen un peso elevado sobre o total, sobre todo para os novos, aínda que atopamos máis sectores no conxunto con valores inferiores ao 20% en ambos casos. Para o sector de transporte, a actividade susceptible de absorber traballadores novos, esta habilidade supoñería un 17,8% sobre o total, inferior ao uso medio no Comercio ao retallo, mentres que teñen un peso lixeiramente superior as habilidades TIC, numéricas, e de lectura e escritura. Á súa vez, para os maiores atopamos que os sectores que creceron neste período, Enerxía, auga e reciclaxe, a Fabricación de maquinaria e equipamento, e o de Petróleo, química e produtos farmacéuticos, tamén fan un uso medio inferior das habilidades físicas e un uso moito máis elevado das tarefas TIC que o Comercio ao retallo.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA




## 6 Os fluxos migratorios

Para o estudo dos fluxos migratorios dos novos dispoñemos de varias fontes estatísticas que, a efectos do noso traballo, non permiten caracterizar os diferentes colectivos implicados tendo en conta a súa posición respecto do mercado de traballo. Tanto o Padrón de españois residentes en el estranxeiro (PERE), coma a Estatística de variacións residenciais do IGE ou a Estadística de Migraciones do INE ofrecen información relevante sobre a poboación galega (e española) residente no estranxeiro por grupos de idade e sobre os fluxos migratorios pero non sobre a situación laboral.

En calquera caso é relevante a efectos do noso estudo, ofrecer unha primeira aproximación a través das variables mencionadas, dos fluxos migratorios dos novos en Galicia, dende a crise de 2008.


Os gráficos 62 e 63, recollen, en termos absolutos e en taxas de variación, a evolución da poboación galega no estranxeiro a partir de 2009, separando o tramo de idade dos novos (15-29 anos). O crecemento da poboación nova foi constante pero de pouca intensidade e acompañou ao da poboación total, de tal xeito que o seu peso relativo apenas variou no intervalo de anos considerado. En 2009 o tramo de 15-29 anos supuña o 16,5% da poboación total residente no estranxeiro e no 2020 o 16%. Esa evolución regular e suave ao longo do tempo se reflexa tamén no gráfico 2 no que, salvo nalgúns anos específicos, a poboación total e a dos novos mostraron unha desaceleración paulatina nas taxas de variación interanual.

Gráfico nº 62: Poboación española residente no estranxeiro con Galicia como CA de inscrición



Fonte: INE

Gráfico nº 63: TVI da poboación española residente no estranxeiro con Galicia como CA de inscrición



Fonte: INE


O gráfico 64 recolle os movementos migratorios desde Galicia a outras comunidades autónomas e ao estranxeiro para o tramo de idade de 16-29 anos. Loxicamente, as fluctuacións observadas están relacionadas coas fortes fluctuacións cíclicas da economía, non so da galega, máis tamén da española e da economía internacional.

Por unha banda, podemos apreciar como, desde o inicio da crise a emigración dos novos a outras CC.AA. cae, con pequenos altibaixos, ata o ano 2016, reflexando as maiores dificultades para atopar emprego en todo o territorio do Estado, como consecuencia da crise económica. Nos anos posteriores se inicia un crecemento suave a medida que se consolida a recuperación económica e o emprego, pero sen alcanzar a intensidade mostrada nos anos previos a crise asociada á burbulla inmobiliaria.

Por outra banda, o fluxo migratorio dos novos ao estranxeiro, de moita menor intensidade, apenas fluctuou ao longo do período analizado, movéndose sempre no entorno dos 2000 emigrantes por ano.


O gráfico 65 recolle os fluxos de entrada a Galicia, tanto de inmigrantes procedentes do estranxeiro, como do resto das CC.AA. A crise de 2008 trouxo unha forte caída dos inmigrantes novos procedentes do estranxeiro ata 2013, seguida dunha recuperación que permite alcanzar a mesma intensidade no fluxo anual en 2019 que antes da crise. Mais suave é o perfil do fluxo migratorio procedente doutras CC.AA., tanto na fase descendente, como na ascendente.

Gráfico nº 64: Emigración en Galicia de 16 a 29 anos



Fonte: INE

Gráfico nº 65: Inmigración en Galicia de 16 a 29 anos




Fonte: INE

Como consecuencia destes fluxos de entrada e saída, o saldo migratorio de Galicia, recollido no gráfico 66 mostra dous perfís claramente diferenciados para os movementos

co estranxeiro e coas outras CC.AA. No primeiro caso, temos que falar dun saldo positivo (os inmigrantes superan aos emigrantes) en todo o período analizado, coa excepción do ano 2013, momento no que a crise se atopaba no momento máis crítico. Entre 2008 e 2013 o saldo se reduce progresivamente e, a partir de 2014 inicia a recuperación, alcanzando en 2019 unha contía parecida a de 2008.

Gráfico nº 66: Saldo migratorio en Galicia de 16 a 29 anos



Fonte: INE

Pola contra, o saldo migratorio coas outras CC.AA. foi negativo en todo o período coa excepción de 2009.

Como comentamos no inicio deste apartado, non dispoñemos de información estatística detallada que nos permita avaliar os fluxos migratorios a partir doutras variables (nivel educativo dos emigrantes, situación respecto do mercado laboral, etc.) polo que so de forma indirecta podemos comentar algunha información ao respecto no epígrafe relacionado coa inserción laboral.

## 6.1 Empregabilidade e inserción laboral

A inserción laboral dos novos, unha vez rematada a súa etapa educativa, é un campo de especial relevancia á hora de emitir un diagnóstico sobre a empregabilidade dos graduados do sistema educativo nas súas diferentes modalidades. Ademais, constitúe un elemento indispensable á hora de avaliar periodicamente a calidade do sistema educativo e a súa adecuación as necesidades do sistema produtivo. Neste sentido, a *Estratexia Educación e Formación 2020* da Unión Europea establece entre os seus obxectivos que, “polo menos o 82% dos titulados (persoas entre 20 y 34 años que terminaron como mínimo o segundo ciclo de ensino secundario) debe ter un emprego nun prazo de non mais de tres anos despois de terminar os estudos”. Este indicador, que constitúe un dos sete que definen dita estratexia, non é mais cun exemplo da importancia que se lle dá á inserción laboral, en xeral e á dos novos en particular.

Centrándonos no caso español e no galego, nos derradeiros anos leváronse a cabo diferentes operacións estatísticas que teñen como finalidade avaliar a empregabilidade dos estudantes unha vez que se incorporan ao mercado laboral, poñendo de manifesto a relevancia que se lle outorga á la mesma á hora de deseñar as políticas educativas e as las políticas activas de emprego.

Neste apartado abordamos a análise da inserción laboral en Galicia dos dous grupos que representan o núcleo básico do sistema educativo e para os que dispoñemos de información: os graduados en ensinos de Formación Profesional (Básica, Media e Superior) e os titulados universitarios (Grados e Másteres). En ambos casos dispoñemos de fontes estatísticas que nos permiten abordar o estudio da inserción laboral nos últimos anos con un certo grado de desagregación.

## 6.2 A inserción laboral dos titulados universitarios

Para o estudio da inserción laboral dos titulados universitarios (Grados e Másteres) contamos con dúas fontes básicas: A *Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios* do INE, e os estudos de inserción laboral que realiza periodicamente a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para os graduados e másteres do Sistema Universitario de Galicia. Neste apartado nos centramos nos resultados máis recentes obtidos por ambas enquisas. No caso da enquisa do INE, que nos proporciona datos para todas as CC.AA., analízase a inserción laboral dos universitarios que finalizaron os seus estudos en Galicia no curso 2013-2014 ao longo dos catro anos posteriores. O mesmo curso académico é o utilizado tamén pola ACSUG nun dos seus estudos de inserción laboral, no caso dos graduados. Ambas fontes se complementan e permiten tirar conclusións relevantes respecto da empregabilidade dos universitarios galegos.

### 6.2.1 A inserción laboral dos graduados do Sistema Universitario de Galicia.

Como se pode apreciar no cadro 44, unha porcentaxe elevada dos graduados de 2014 atopábase traballando en 2019 (83,3%), mentres co 8,1% estaba desempregado e o 8,6% era inactivo. Este balance é algo peor co observado para o conxunto do Estado xa que, neste caso a porcentaxe de empregados en 2019 acadaba o 86,1%, o de parados o 7,5% e o de inactivos o 6,4%. O proceso de inserción dista de ser rápido xa que se necesitan catro anos para acadar o devandito porcentaxe, anos que coinciden coa fase de recuperación logo da crise iniciada en 2008. Na mesma liña, os resultados acadados no estudo da ACSUG, roldan o 80% de graduados traballando pero as cifras refírense a 2017, suxerindo polo tanto unha inserción laboral algo máis rápida. Por outra banda, o cadro 44 recolle diferencias notables na porcentaxe de graduados traballando, por ámbitos de estudo. Así, existen diferencias de máis de 20 puntos porcentuais entre ramas que acadan valores superiores ao 90% e outras no entorno do 70%. Consoante coas cifras de ocupación, os ámbitos de estudo cunha menor proporción de graduados en paro son os de Informática, Enxeñería, industria e construción, e Saúde e servizos sociais, mentres que, Artes e Humanidades ou Ciencias Sociais sitúanse no extremo oposto.

Cadro nº 44: Situación laboral en 2019 dos graduados universitarios do curso 2013-2014 en Galicia

|                                                               | Traballando  | En<br>desemprego | Inactivo   | Total         |
|---------------------------------------------------------------|--------------|------------------|------------|---------------|
| 01 - Educación                                                | 1.148        | 128              | 146        | 1.423         |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 621          | 120              | 94         | 835           |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 492          | 74               | 47         | 613           |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 1.565        | 222              | 361        | 2.147         |
| 06 - Informática                                              | 361          | 14               | 5          | 381           |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 1.720        | 77               | 39         | 1.836         |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 248          | 24               | 20         | 292           |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 1.486        | 67               | 71         | 1.625         |
| 10 - Servizos                                                 | 224          | 25               | 31         | 280           |
| <b>Total</b>                                                  | <b>8.334</b> | <b>806</b>       | <b>862</b> | <b>10.003</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral titulados universitarios

Cando desagregamos por sexo tamén existen diferencias notables, que analizamos polo miúdo máis adiante. Destacar agora que as mulleres representan o 61% dos graduados de 2013-14 que están traballando no 2019, fronte ao 39% dos homes. Pero no total dos graduados en paro, as mulleres aumentan o seu peso relativo (68%) fronte ao 32% dos homes

Cadro nº 45: Graduados universitarios en Galicia segundo o seu lugar de residencia en 2019

|                                                               | Residentes en España | Residentes no estranxeiro | Total         |
|---------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------|---------------|
| 01 - Educación                                                | 1.391                | 31                        | 1.423         |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 728                  | 107                       | 835           |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 561                  | 52                        | 613           |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 2.091                | 56                        | 2.147         |
| 05 - Ciencias                                                 | 523                  | 48                        | 571           |
| 06 - Informática                                              | 316                  | 65                        | 381           |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 1.490                | 346                       | 1.836         |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 273                  | 19                        | 292           |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 1.483                | 142                       | 1.625         |
| 10 - Servizos                                                 | 269                  | 11                        | 280           |
| <b>Total</b>                                                  | <b>9.127</b>         | <b>876</b>                | <b>10.003</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Segundo a enquisa do INE, dos graduados galegos que se atopaban traballando, o 91% residían en España (73,5% en Galicia e 16,5% noutras CC.AA.) e o 9% restante no estranxeiro. Neste último caso as diferencias por ámbitos de estudio volven a ser importantes xa que nalgúns casos, como no relativo a Enxeñería, industria e construción a porcentaxe chega ao 19%, mentres que noutros, como Educación, non é máis co 2%.

Cadro nº 46: Graduados universitarios do curso 2013-2014 segundo a súa situación profesional e ámbito de estudo en 2019

|                                                               | En prácticas, formación ou becario | Asalariado con contrato permanente | Asalariado con contrato temporal | Empresario con asalariados | Traballador independente ou empresario sen asalariados | Axuda familiar | Total traballando |
|---------------------------------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|----------------------------------|----------------------------|--------------------------------------------------------|----------------|-------------------|
| 01 - Educación                                                | 15                                 | 758                                | 319                              | 13                         | 37                                                     | 6              | 1.148             |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 70                                 | 272                                | 196                              | 2                          | 76                                                     | 6              | 621               |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 32                                 | 292                                | 123                              | 4                          | 41                                                     | 0              | 492               |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 33                                 | 1.133                              | 202                              | 45                         | 152                                                    | 0              | 1.565             |
| 05 - Ciencias                                                 | 75                                 | 188                                | 195                              | 0                          | 11                                                     | 0              | 469               |
| 06 - Informática                                              | 0                                  | 332                                | 25                               | 0                          | 5                                                      | 0              | 361               |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 123                                | 1.061                              | 342                              | 49                         | 145                                                    | 0              | 1.720             |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 10                                 | 125                                | 81                               | 4                          | 26                                                     | 3              | 248               |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 207                                | 572                                | 638                              | 13                         | 57                                                     | 0              | 1.486             |
| 10 - Servizos                                                 | 2                                  | 146                                | 66                               | 0                          | 5                                                      | 5              | 224               |
| <b>Total</b>                                                  | <b>566</b>                         | <b>4.879</b>                       | <b>2.188</b>                     | <b>130</b>                 | <b>553</b>                                             | <b>19</b>      | <b>8.334</b>      |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Se temos en conta a situación profesional (cadro 46), o 91,6% dos que atoparon un emprego son asalariados, dos cales o 36% teñen un contrato temporal e o 64% restante un contrato permanente. Isto supón que, transcorridos catro anos desde a finalización dos estudos, a taxa de temporalidade continúa sendo elevada para a cohorte analizada. A nivel desagregado as taxas de temporalidade difiren moito entre si, con ámbitos que acadan o 55% (Saúde e servizos sociais) e outros cun escaso 7% (Informática). Por outra banda, os autónomos representan soamente o 8,1% e se concentran nos ámbitos de Negocios, administración e dereito e Enxeñería, industria e construción

Cadro nº 47: Graduados universitarios segundo o tipo de xornada laboral en 2019

|                                                               | A tempo completo | A tempo parcial | Total traballando |
|---------------------------------------------------------------|------------------|-----------------|-------------------|
| 01 - Educación                                                | 881              | 267             | 1.148             |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 438              | 182             | 621               |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 401              | 91              | 492               |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 1.466            | 99              | 1.565             |
| 05 - Ciencias                                                 | 397              | 72              | 469               |
| 06 - Informática                                              | 352              | 9               | 361               |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 1.683            | 37              | 1.720             |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 233              | 15              | 248               |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 1.278            | 208             | 1.486             |
| 10 - Servizos                                                 | 158              | 66              | 224               |
| <b>Total</b>                                                  | <b>7.288</b>     | <b>1.047</b>    | <b>8.334</b>      |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Tamén se observan diferenzas notables entre os contratos a tempo completo e a tempo parcial, por ámbitos de actividade. Do total dos graduados asalariados, o 87% tiña un contrato a tempo completo e o 13% a tempo parcial. Non obstante, áreas como Servizos (29,5% de contratos a tempo parcial), Artes e humanidades (29%) ou Educación (23%) superan con moito a outras como Enxeñería, industria e construción (2,1%) ou Informática (2,5%).

Xa comentamos que as mulleres superan amplamente aos homes, tanto no número de graduados, como no número dos que están traballando. A enquisa do INE ofrece información desagregada por sexo e ocupación (cadro 48). Cando temos en conta estas dúas variables, podemos comprobar como o peso relativo das mulleres supera ao dos homes en todas as ocupacións cun nivel de emprego elevado excepto na de Directores e xerentes. Este dato ven a confirmar o suxerido por outras fontes estatísticas en relación coa dificultade que teñen as mulleres para acceder aos postos máis elevados na xerarquía ocupación, feito expresivo do denominado “teito de cristal”. Poren, dada a importante diferenza existente no número de graduados por sexo, a favor das mulleres, temos que, subliñar o maior peso relativo das mulleres en ocupacións como as de “Técnicos e profesionais científicos e intelectuais” ou “Técnicos profesionais de apoio”, peso que aumenta máis en ocupacións menos cualificadas como “Contables e administrativos” (67% de mulleres) ou “Servizos de restauración e outros” (76%).

Cadro nº 48: Graduados que traballan por sexo e ocupación

|                                                                                                                                     | Homes        | Mulleres     | Total        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Directores e xerentes                                                                                                               | 137          | 132          | 269          |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                  | 2.001        | 3.194        | 5.194        |
| Técnicos profesionais de apoio                                                                                                      | 529          | 544          | 1.073        |
| Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina                                                                | 321          | 641          | 963          |
| Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e vendedores                                                      | 138          | 444          | 581          |
| Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro                                                       | 13           | 15           | 28           |
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) | 39           | 10           | 49           |
| Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores                                                                               | 26           | 20           | 46           |
| Ocupacións elementais                                                                                                               | 38           | 67           | 105          |
| Ocupacións militares                                                                                                                | 11           | 8            | 19           |
| Non consta                                                                                                                          | 6            | 0            | 6            |
| <b>Total traballando</b>                                                                                                            | <b>3.260</b> | <b>5.074</b> | <b>8.334</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Cadro nº 49: Graduados que traballan por sexo e sector de actividade

|                                                                                                           | Homes        | Mulleres     | Total        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca                                                               | 38           | 57           | 95           |
| Industrias extractivas                                                                                    | 11           | 0            | 11           |
| Industria manufacturera                                                                                   | 326          | 304          | 630          |
| Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado                                         | 48           | 25           | 73           |
| Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación                    | 11           | 8            | 19           |
| Construción e enxeñaría civil                                                                             | 216          | 226          | 442          |
| Comercio al por maior y al por menor                                                                      |              |              |              |
| reparación de vehículos de motor y motocicletas                                                           | 158          | 486          | 644          |
| Transporte, almacenamento                                                                                 | 97           | 40           | 137          |
| Hostelería                                                                                                | 50           | 156          | 207          |
| Información e comunicacións                                                                               | 121          | 98           | 219          |
| Actividades financeiras e de seguros                                                                      | 66           | 77           | 143          |
| Actividades inmobiliarias                                                                                 | 31           | 52           | 83           |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas                                                          | 756          | 580          | 1.336        |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares                                                         | 222          | 294          | 516          |
| Administración Pública e defensa                                                                          | 168          | 320          | 488          |
| Seguridade Social obligatoria                                                                             |              |              |              |
| Educación                                                                                                 | 404          | 1.069        | 1.473        |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais                                                              | 342          | 998          | 1.340        |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento                                                     | 106          | 142          | 248          |
| Outros servizos                                                                                           | 32           | 93           | 125          |
| Particulares como empregadores de persoal doméstico ou como produtores de bens e servizos para uso propio | 0            | 8            | 8            |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais                                               | 5            | 17           | 22           |
| Non consta                                                                                                | 50           | 23           | 73           |
| <b>Total</b>                                                                                              | <b>3.260</b> | <b>5.074</b> | <b>8.334</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

O cadro 49 tamén desagrega por sexo a información relativa a distribución sectorial dos graduados universitarios que traballaban no ano 2019. O 85% do emprego feminino se concentra en 5 actividades (Educación, Sanidade e Servizos sociais, Actividades profesionais, científicas e técnicas, Comercio e Administración pública), mentres que no caso dos homes as 5 actividades principais absorben soamente ao 63%.

O Cadro 50 ilustra ben a rotación no mercado de traballo dos graduados. No intervalo transcorrido entre a finalización dos seus estudos (2014) e 2019, soamente o 18% dos graduados tivera un único empregador, mentres que o 67% tivo entre 2 e 5 empregadores e o 15% restante máis de 6. Estas cifras poñen de manifesto que as taxas de rotación elevadas, asociadas ao peso que teñen os contratos temporais, é un trazo do emprego xuvenil que tamén alcanza aos segmentos máis educados deste colectivo.

Cadro nº 50: Graduados universitarios en Galicia segundo o número de empregadores para os que traballaron despois de titularse

|                                                               | Traballadores independentes |              |                |                       |                        |                         |            |       |
|---------------------------------------------------------------|-----------------------------|--------------|----------------|-----------------------|------------------------|-------------------------|------------|-------|
|                                                               | sen empregadores            | 1 empregador | 2 empregadores | De 3 a 5 empregadores | De 6 a 10 empregadores | Máis de 10 empregadores | Non consta | Total |
| 01 - Educación                                                | 23                          | 352          | 209            | 591                   | 217                    | 18                      | 0          | 1.409 |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 16                          | 125          | 120            | 394                   | 123                    | 15                      | 0          | 792   |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 6                           | 54           | 130            | 333                   | 58                     | 8                       | 0          | 589   |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 90                          | 368          | 529            | 862                   | 132                    | 14                      | 17         | 2.011 |
| 05 - Ciencias                                                 | 0                           | 114          | 147            | 215                   | 64                     | 8                       | 4          | 551   |
| 06 - Informática                                              | 0                           | 101          | 75             | 171                   | 20                     | 8                       | 0          | 376   |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 67                          | 240          | 454            | 900                   | 146                    | 13                      | 0          | 1.819 |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 7                           | 57           | 52             | 109                   | 64                     | 2                       | 0          | 290   |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 27                          | 349          | 425            | 603                   | 195                    | 15                      | 0          | 1.615 |
| 10 - Servizos                                                 | 2                           | 43           | 58             | 130                   | 45                     | 0                       | 0          | 278   |

Fonte: INE

Outro dato relevante en termos de inserción laboral ten que ver coa afinidade entre a área de estudo e os postos de traballo. Neste caso, o 76% dos graduados teñen traballos relacionados coa súa área de estudo, algo que non sucede co resto. Polo tanto, case un de cada catro graduados ten un posto de traballo que non está relacionado cos estudos realizados. Como se pode observar no cadro 51, as diferencias por áreas de estudo son importantes. Complementariamente, un 23% considera que o título universitario non serviu para atopar traballo (cadro 52). Nas áreas de humanidades e ciencias sociais as porcentaxes están por riba do 30%, mentres que noutras como Informática sitúase no 5%. Estes resultados poñen de manifesto unha das deficiencias estruturais do sistema formativo: a falta de adecuación en moitos dos perfís educativos coas cualificacións requiridas polas empresas, desaxuste que moitas veces tradúcese en problemas de sobrecualificación. Sen dúbida, o impacto sectorial que está tendo a crise do Covid-19 e, polo tanto, tamén na estrutura das cualificacións demandadas polas empresas (analizado nun apartado anterior), agudizará este desaxuste si o sistema educativo non reacciona coa suficiente rapidez.

Cadro nº 51: Graduados universitarios en Galicia segundo área na que traballa

|                                                               | Exclusivamente na súa propia área de estudos | A súa propia área de estudos ou algunha relacionada | Unha área de estudos totalmente diferente | Ningunha área de estudos en particular | Non consta | Total traballando |
|---------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-------------------------------------------|----------------------------------------|------------|-------------------|
| 01 - Educación                                                | 316                                          | 508                                                 | 175                                       | 142                                    | 7          | 1.148             |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 64                                           | 277                                                 | 149                                       | 129                                    | 2          | 621               |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 57                                           | 256                                                 | 75                                        | 101                                    | 4          | 492               |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 387                                          | 805                                                 | 178                                       | 195                                    | 0          | 1.565             |
| 05 - Ciencias                                                 | 31                                           | 283                                                 | 79                                        | 69                                     | 7          | 469               |
| 06 - Informática                                              | 95                                           | 205                                                 | 23                                        | 25                                     | 13         | 361               |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 325                                          | 1.007                                               | 241                                       | 146                                    | 2          | 1.720             |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 75                                           | 109                                                 | 38                                        | 22                                     | 5          | 248               |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 897                                          | 463                                                 | 85                                        | 31                                     | 10         | 1.486             |
| 10 - Servizos                                                 | 61                                           | 96                                                  | 43                                        | 23                                     | 0          | 224               |
| <b>Total</b>                                                  | <b>2.308</b>                                 | <b>4.008</b>                                        | <b>1.085</b>                              | <b>884</b>                             | <b>51</b>  | <b>8.334</b>      |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Cadro nº 52: Graduados universitarios en Galicia segundo a utilidade da súa titulación para atopar traballo

|                                                               | O título universitario servíulles para atopar traballo |            | O título universitario non lles serviu para atopar traballo |            | Total        |            |
|---------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|------------|-------------------------------------------------------------|------------|--------------|------------|
|                                                               | Núm.                                                   | %          | Núm.                                                        | %          | Núm.         | %          |
| 01 - Educación                                                | 938                                                    | 13         | 456                                                         | 20         | 1.409        | 14         |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 485                                                    | 7          | 299                                                         | 13         | 792          | 8          |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 390                                                    | 5          | 199                                                         | 9          | 589          | 6          |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 1.409                                                  | 19         | 602                                                         | 27         | 2.011        | 21         |
| 05 - Ciencias                                                 | 382                                                    | 5          | 158                                                         | 7          | 551          | 6          |
| 06 - Informática                                              | 357                                                    | 5          | 19                                                          | 1          | 376          | 4          |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 1.599                                                  | 22         | 190                                                         | 8          | 1.819        | 19         |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 208                                                    | 3          | 72                                                          | 3          | 290          | 3          |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 1.435                                                  | 19         | 174                                                         | 8          | 1.615        | 17         |
| 10 - Servizos                                                 | 210                                                    | 3          | 68                                                          | 3          | 278          | 3          |
| <b>Total</b>                                                  | <b>7.412</b>                                           | <b>100</b> | <b>2.238</b>                                                | <b>100</b> | <b>9.731</b> | <b>100</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

En relación coa remuneración percibida polos graduados universitarios galegos, case a metade tiña un salario neto mensual (transcorridos 4 anos desde a finalización dos estudos de grado en 2014) inferior aos 1500 euros (un 49%, fronte ao 44% no conxunto do Estado). Por ámbitos de actividade, de novo se aprecian notables diferencias (cadro 53). Se o 16% do total de graduados percibía en 2019 un salario mensual neto inferior a

1000 euros, en áreas como Artes e humanidades (33%), Servicios (29%), ou Ciencias sociais (27%) a porcentaxe superaba con moito á de áreas como Informática (4%), Enxeñería, industria e construción (6%) ou Saúde e servicios sociais (9,4%). O segmento con salarios máis elevados (por riba dos 2000 euros) representa o 20% do total, de novo repartido de forma moi desigual entre ámbitos de estudo.

Cadro nº 53: Graduados universitarios en Galicia segundo o salario mensual neto en 2019

|                                                               | Menos de<br>1.000 euros | De 1.000 a<br>1.999 euros | De 200<br>euros en<br>adiante | Non consta | Total<br>traballando |
|---------------------------------------------------------------|-------------------------|---------------------------|-------------------------------|------------|----------------------|
| 01 - Educación                                                | 258                     | 815                       | 55                            | 20         | 1.148                |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 204                     | 330                       | 76                            | 11         | 621                  |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 135                     | 271                       | 62                            | 24         | 492                  |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 303                     | 927                       | 289                           | 46         | 1.565                |
| 06 - Informática                                              | 15                      | 211                       | 127                           | 10         | 361                  |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 103                     | 987                       | 605                           | 27         | 1.720                |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 23                      | 181                       | 34                            | 10         | 248                  |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 141                     | 884                       | 356                           | 106        | 1.486                |
| 10 - Servizos                                                 | 65                      | 131                       | 26                            | 2          | 224                  |
| <b>Total</b>                                                  | <b>1.359</b>            | <b>5.047</b>              | <b>1.658</b>                  | <b>271</b> | <b>8.334</b>         |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

En relación con tempo que tardan os graduados universitarios en atopar o primeiro emprego, o 36% tardan menos de seis meses e o 50% menos dun ano. Máis dun ano tarda en atopar un posto de traballo un terzo dos titulados mentres co 17% restante xa traballaban cando realizaban os estudos. Por outra banda, do total de graduados do curso 2013-14 que estaban desempregados en 2019, o peso relativo das mulleres duplica ao dos homes (68% e 32% respectivamente), pero se concentran no intervalo de tempo de busca máis corto (o 69% das mulleres levan buscando emprego menos de un ano fronte ao 49% dos homes).

Cadro nº 54: Graduados universitarios en Galicia segundo tempo traballado

|                                                                        | Número       |
|------------------------------------------------------------------------|--------------|
| Continuou alomenos 6 meses máis no traballo que tiña mentres estudiaba | 1.628        |
| Menos de tres meses                                                    | 2.307        |
| De 3 a 6 meses                                                         | 1.163        |
| De 6 meses a 1 ano                                                     | 1.391        |
| De 1 ano a ano e medio                                                 | 1.245        |
| De 1 ano e medio a 2 anos                                              | 632          |
| 2 ou máis anos                                                         | 1.314        |
| Non consta                                                             | 51           |
| <b>Traballaron algunha vez</b>                                         | <b>9.731</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios


Cadro nº 55: Graduados universitarios en Galicia desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda e o momento de inicio da búsqueda

| Tempo buscando emprego | Homes      | Mulleres   | Total      |
|------------------------|------------|------------|------------|
| Menos de un ano        | 128        | 381        | 508        |
| De 1 a 2 anos          | 28         | 68         | 96         |
| 2 ou máis anos         | 97         | 97         | 195        |
| Non consta             | 5          | 2          | 7          |
| <b>Total</b>           | <b>257</b> | <b>549</b> | <b>806</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Todos os datos anteriores indican a existencia de importantes diferencias por ámbitos de estudo nos procesos de inserción laboral dos graduados universitarios e nos empregos aos que teñen acceso. Poderíamos simplificar afirmando que coexisten bos e malos traballos concentrados en ámbitos específicos. Nuns predominan os empregos con contratos indefinidos e a tempo completo, mellores salarios, menores taxas de paro e maior adecuación das cualificacións obtidas aos postos de traballo. Noutros, concentrados principalmente en Humanidades e Ciencias sociais, sucede o contrario.

Gráfico nº 67: Graduados universitarios en Galicia segundo as vías utilizadas para atopar emprego



Fonte: ACSUG

Por último, no gráfico 67 recolleemos as diferentes vías utilizadas para atopar emprego polos graduados a partir do estudo realizado pola ACSUG. Chama a atención, aínda que sexa coñecido, o escaso papel xogado polos servizos públicos de emprego na intermediación entre oferta y demanda de traballo, neste caso dos graduados do sistema universitario de Galicia, así como o papel cada vez maior de Internet fronte a outras vías

máis tradicionais que seguen a ter un protagonismo importante, tanto na busca, como na consecución do primeiro emprego.

### 6.2.2 A inserción laboral dos titulados en Másteres do Sistema Universitario de Galicia

Segundo a enquisa do INE, a inserción laboral dos Másteres é algo máis elevada ca dos Grados. Concretamente, en 2019 tiñan un emprego o 88% dos titulados galegos que fixeran o Máster no curso 2013-14, mentres que o 6% estaba parado e outro 6% era inactivo, cifras moi parecidas ás do conxunto do Estado. Existen, con todo, diferencias por ámbitos de actividade que fan oscilar a porcentaxe dos que teñen emprego entre o 77% e o 95% (Cadro 56), diferencias nas que os mellor e peor situados son, basicamente, os mesmos que no caso dos grados analizado anteriormente. Sucede o mesmo cos parados, nos que a porcentaxe oscila entre o 19% en Artes e humanidades e o 3,4% en Educación.


Cadro nº 56: Titulados de máster no curso 2013-2014 segundo a súa situación laboral en 2019

|                                                               | Traballando  | En desemprego | Inactivo   | Total        |
|---------------------------------------------------------------|--------------|---------------|------------|--------------|
| 01 - Educación                                                | 633          | 24            | 45         | 702          |
| 02 - Artes e humanidades                                      | 197          | 49            | 8          | 254          |
| 03 - Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 287          | 31            | 28         | 347          |
| 04 - Negocios, administración e dereito                       | 526          | 18            | 47         | 591          |
| 05 - Ciencias                                                 | 182          | 18            | 31         | 231          |
| 06 - Informática                                              | 21           | 2             | 0          | 22           |
| 07 - Enxeñería, industria e construción                       | 452          | 21            | 12         | 485          |
| 08 - Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 24           | 3             | 4          | 31           |
| 09 - Saúde e servizos sociais                                 | 287          | 18            | 10         | 315          |
| 10 - Servizos                                                 | 223          | 15            | 10         | 248          |
| <b>Total</b>                                                  | <b>2.832</b> | <b>201</b>    | <b>194</b> | <b>3.227</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Cando desagregamos por sexo , tamén neste caso as mulleres teñen un peso maior cos homes (61 e 39% respectivamente). Por outra banda, se temos en conta o lugar de traballo, maioritariamente o fan en Galicia, como mostra o gráfico 68. A porcentaxe dos que traballan no estranxeiro é parecido ao de os graduados.

Gráfico nº 68: Titulados de máster segundo o lugar de traballo en 2019



Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Respecto da situación laboral dos que tiñan emprego, o 87% eran asalariados, e deles o 37% tiñan un contrato temporal, porcentaxe tamén similar ao dos grados e cunhas diferencias nas taxas de temporalidade por ámbitos de estudio parecidas.

Cadro nº 57: Titulados de máster segundo a situación profesional en 2019

|                                                        | Número       |
|--------------------------------------------------------|--------------|
| En prácticas, formación ou becario                     | 90           |
| Asalariado con contrato permanente                     | 1.605        |
| Asalariado con contrato temporal                       | 863          |
| Empresario con asalariados                             | 61           |
| Traballador independente ou empresario sen asalariados | 202          |
| Axuda familiar                                         | 11           |
| <b>Total</b>                                           | <b>2.832</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Segundo o tipo de xornada, o 17% traballaba a tempo parcial, catro puntos porcentuais máis cos grados con diferencias importantes por ámbitos de actividade que nalgúns casos supera o 30% (Artes e Humanidades) e noutros se sitúa no entorno do 9% (Enxeñería, industria e construción).

Cadro nº 58: Titulados de máster segundo o tipo de xornada laboral en 2019

|                                                          | A tempo completo | A tempo parcial | Total        |
|----------------------------------------------------------|------------------|-----------------|--------------|
| Educación                                                | 496              | 137             | 633          |
| Artes e humanidades                                      | 133              | 64              | 197          |
| Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 239              | 48              | 287          |
| Negocios, administración e dereito                       | 460              | 66              | 526          |
| Ciencias                                                 | 159              | 23              | 182          |
| Informática                                              | 15               | 6               | 21           |
| Enxeñería, industria e construción                       | 413              | 39              | 452          |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 16               | 8               | 24           |
| Saúde e servizos sociais                                 | 248              | 39              | 287          |
| Servizos                                                 | 180              | 43              | 223          |
| <b>Total</b>                                             | <b>2.360</b>     | <b>472</b>      | <b>2.832</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Cando desagregamos por ocupacións, como sucedía cos grados, a pesar de que as mulleres supoñen o 60% dos titulados que fixeron un Máster, soamente representan o 36% nos cargos de dirección e xestión. No resto das categorías ocupacionais si se observa unha maior presenza das mulleres y, en moitas delas cun peso que supera o 60%.

Cadro nº 59: Titulados de máster segundo a súa ocupación en 2019

|                                                                                                                                     | Hombres      | Mujeres      | Total        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Directores e xerentes                                                                                                               | 123          | 68           | 191          |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                  | 734          | 1.145        | 1.880        |
| Técnicos profesionais de apoio                                                                                                      | 111          | 191          | 302          |
| Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina                                                                | 81           | 202          | 283          |
| Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e vendedores                                                      | 13           | 51           | 64           |
| Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro                                                       | 0            | 0            | 0            |
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) | 17           | 9            | 25           |
| Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores                                                                               | 6            | 8            | 14           |
| Ocupacións elementais                                                                                                               | 12           | 38           | 50           |
| Ocupacións militares                                                                                                                | 2            | 3            | 5            |
| Non consta                                                                                                                          | 18           | 0            | 18           |
| <b>Total traballando</b>                                                                                                            | <b>1.116</b> | <b>1.716</b> | <b>2.832</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

A presenza maioritaria das mulleres nun reducido grupo de actividades volve a ser un trazo característico, como acontecía coa inserción dos graduados. Dúas terceiras partes das mulleres (65%) que realizaron estudos de Master traballan en catro grupos de actividades (Educación, Sanidade e servizos sociais, Actividades profesionais, científicas e técnicas e Actividades administrativas e servizos auxiliares). Tamén son maioritarias noutras como Comercio, Industria manufactureira ou Administración pública. E si comparamos o seu peso relativo respecto ao dos homes, das 21 actividades recollidas no cadro 60, as mulleres son maioritarias en 14, representando en moitas delas máis de 60% do emprego total.

Cadro nº 60: Titulados de máster segundo a actividade económica principal da empresa na que traballa en 2019

|                                                                                                            | Homes        | Mulleres     | Total        |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca                                                                | 29           | 1            | 30           |
| Industrias extractivas                                                                                     | 0            | 2            | 2            |
| Industria manufacturera                                                                                    | 51           | 100          | 152          |
| Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado                                           | 12           | 11           | 23           |
| Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación                      | 0            | 8            | 8            |
| Construción e enxeñaría civil                                                                              | 75           | 72           | 147          |
| Comercio polo xunto e polo miúdo. Reparación de vehículos de motor e motocicletas                          | 48           | 84           | 133          |
| Transporte, almacenamento                                                                                  | 24           | 27           | 51           |
| Hostelería                                                                                                 | 40           | 22           | 62           |
| Información y comunicacións                                                                                | 40           | 30           | 70           |
| Actividades financeiras e de seguros                                                                       | 60           | 45           | 104          |
| Actividades inmobiliarias                                                                                  | 0            | 20           | 20           |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas                                                           | 155          | 196          | 351          |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares                                                          | 73           | 123          | 196          |
| Administración Pública e defensa. Seguridade Social obrigatoria                                            | 23           | 105          | 128          |
| Educación                                                                                                  | 325          | 549          | 873          |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais                                                               | 59           | 250          | 310          |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento                                                      | 40           | 7            | 47           |
| Outros servizos                                                                                            | 38           | 33           | 72           |
| Particulares como empregadores de personal doméstico ou como produtores de bens e servizos para uso propio | 0            | 15           | 15           |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais                                                | 0            | 8            | 8            |
| Non consta                                                                                                 | 23           | 7            | 30           |
| <b>Total</b>                                                                                               | <b>1.116</b> | <b>1.716</b> | <b>2.832</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Respecto da inserción no mercado de traballo o 43% dos que obtiveron o Máster en 2014 tardaron menos dun ano en atopar o seu primeiro emprego, o 23% máis dun ano e o 34% restante traballaba mentres estudaba. Esta última porcentaxe duplica á dos graduados. No seu caso soamente o 17% compaxinaba os estudos cun traballo. Por outro lado, dos 201 desempregados (78 homes e 122 mulleres), o 46% levaba buscando emprego menos dun ano e o 40% máis de dous anos, o que sitúa aos parados de longa duración nunha cifra moi elevada.

Cadro nº 61: Titulados de máster segundo o tempo transcurrido ata que atoparon o primeiro emprego

|                                                                        | Número       |
|------------------------------------------------------------------------|--------------|
| Continuou alomenos 6 meses máis no traballo que tiña mentres estudiaba | 1.061        |
| Menos de tres meses                                                    | 613          |
| De 3 a 6 meses                                                         | 328          |
| De 6 meses a 1 ano                                                     | 416          |
| De 1 ano a ano e medio                                                 | 263          |
| De 1 ano e medio a 2 anos                                              | 147          |
| 2 ou máis anos                                                         | 302          |
| Non consta                                                             | 51           |
| <b>Total</b>                                                           | <b>3.181</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

Cadro nº 62: Titulados de máster desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda de emprego

|                 | Homes     | Mulleres   | Total      |
|-----------------|-----------|------------|------------|
| Menos de un ano | 31        | 61         | 92         |
| De 1 a 2 anos   | 8         | 7          | 15         |
| 2 ou máis anos  | 39        | 41         | 80         |
| Non consta      | 0         | 13         | 13         |
| <b>Total</b>    | <b>78</b> | <b>122</b> | <b>201</b> |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios

En canto a remuneración percibida, o soldo mensual neto era, para un 17% dos titulados con Máster, inferior aos 1000 euros (13% no conxunto do Estado), porcentaxe que subía ata o 52% para o tramo inferior aos 1500 euros (37% en España). Como sucedía no caso dos graduados, as diferencias entre diferentes ámbitos de estudo son moi importantes. Así, os catro primeiros ámbitos de estudo recollidos no cadro 63 (Educación, Artes e humanidades, Ciencias sociais, xornalismo e documentación, Negocios, administración e dereito) absorben o 70% dos que teñen un salario inferior aos 1000 euros, cando representan o 58% do emprego total.

Cadro nº 63: Titulados de máster segundo salario mensual neto

|                                                          | Menos de 1.000 euros | De 1.000 a 2.000 euros | De 2.000 euros en diante | Non consta | Total traballando |
|----------------------------------------------------------|----------------------|------------------------|--------------------------|------------|-------------------|
| Educación                                                | 111                  | 425                    | 74                       | 23         | 633               |
| Artes e humanidades                                      | 72                   | 116                    | 10                       | 0          | 197               |
| Ciencias sociais, xornalismo e documentación             | 38                   | 158                    | 85                       | 7          | 287               |
| Negocios, administración e dereito                       | 117                  | 328                    | 68                       | 13         | 526               |
| Ciencias                                                 | 30                   | 110                    | 35                       | 8          | 182               |
| Informática                                              | 6                    | 8                      | 8                        | 0          | 21                |
| Enxeñería, industria e construción                       | 47                   | 269                    | 113                      | 23         | 452               |
| Agricultura, gandería, silvicultura, pesca e veterinaria | 9                    | 13                     | 1                        | 1          | 24                |
| Saúde e servizos sociais                                 | 17                   | 157                    | 104                      | 10         | 287               |
| Servizos                                                 | 38                   | 143                    | 43                       | 0          | 223               |
| <b>Total</b>                                             | <b>483</b>           | <b>1.726</b>           | <b>539</b>               | <b>84</b>  | <b>2.832</b>      |

Fonte: INE. Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios.

En xeral, as características que definen o proceso de inserción dos Máster (temporalidade, tipo de xornada, diferencias por, sexo, ámbitos de estudo ou de actividade, desemprego, salarios etc.) non mostran diferencias cualitativas relevantes coas características dos grados universitarios analizadas no epígrafe anterior.

### 6.2.3 A inserción laboral dos graduados en ensinanza de Formación Profesional

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou recentemente un estudo exhaustivo sobre a inserción laboral da F.P. en España (*Inserción laboral de los graduados en enseñanzas de Formación Profesional*), con información relevante por CC.AA. que serve de base á análise que realizamos neste epígrafe. A devandita información céntrase nos Ciclos Formativos de Grado Medio e Superior, abordando

tamén, de forma máis xeral, a inserción laboral na F.P. Básica. Complementariamente utilizaremos a información proporcionada polo INE na *Encuesta de transición educativa-formativa e inserción laboral*. Ambas fontes proporcionan información ata o ano 2019.

As poboacións de referencia corresponden ás cohortes de titulados dos cursos 2011-12 ata 2015-16 e se analiza a situación das mesmas ao longo de varios anos despois da finalización dos estudos (no caso da F.P. Básica soamente se inclúe a cohorte do curso 2015-16). A **taxa de afiliación**, definida como a **porcentaxe de individuos da poboación de referencia en alta laboral**, e o indicador clave no estudo da inserción para os diferentes niveis da Formación Profesional., estudo no que incorporamos unha serie de variables complementarias que permiten caracterizar dun xeito máis exhaustivo o proceso de inserción no mercado de traballo.

#### 6.2.4 A inserción laboral nos ciclos Formativos de Grado Medio

O cadro 64 mostra, para Galicia e España a evolución das taxas de afiliación para as catro cohortes mencionadas durante os catro anos seguintes á data de finalización dos estudos. Como se pode observar nos indicadores de afiliación, se produce unha mellora en termos de inserción, nun dobre sentido: por unha banda, as taxas de afiliación aumentan progresivamente desde a primeira (2011-12) ata a cuarta cohorte (2014-15), reflexando en boa medida a progresiva mellora cíclica do mercado laboral neses anos; por outra banda, para cada cohorte, tamén se produce unha mellora progresiva na taxa de afiliación ao longo dos catro anos posteriores á finalización dos estudos.

Cadro nº 64: Indicadores de afiliación. Formación Profesional de grao medio. Taxa de afiliación media (%)

|                     | Curso 2014-2015 |        | Curso 2013-2014 |        | Curso 2012-2013 |        | Curso 2011-2012 |        |
|---------------------|-----------------|--------|-----------------|--------|-----------------|--------|-----------------|--------|
|                     | Galicia         | España | Galicia         | España | Galicia         | España | Galicia         | España |
| Previo á graduación | 8,1             | 8,7    | 7,1             | 7,3    | 6,7             | 6,7    | 5,7             | 7,1    |
| Primeiro ano        | 40,7            | 38,2   | 35,1            | 32,7   | 28,7            | 26,2   | 27,6            | 23,7   |
| Segundo ano         | 48,1            | 46,6   | 44,8            | 43,1   | 38,5            | 36,5   | 33,9            | 31,8   |
| Terceiro ano        | 57,4            | 56,9   | 54,3            | 52,9   | 51,8            | 47,8   | 46,2            | 42,8   |
| Cuarto ano          | 64,9            | 64,9   | 61,7            | 61,8   | 59,4            | 56,8   | 55,3            | 53,5   |

Fonte: S.G. de Estatística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

Cando comparamos os datos relativos á afiliación en Galicia cos do conxunto do Estado, existen diferencias pouco relevantes que practicamente desaparecen no cuarto ano de inserción no mercado de traballo. Nos dous territorios, entre a primeira e a cuarta cohorte, transcorridos os catro anos, prodúcese unha incremento no entorno dos 25 puntos porcentuais, alcanzando a ultima cohorte no cuarto ano a mesma taxa de afiliación (64,9%) en Galicia e España. É importante subliñar que, cando comparamos estas taxas de inserción coas dos titulados universitarios analizadas nos epígrafes anteriores (situadas por riba do 80%) a diferenza, en media, é substancial.

No estudo do Ministerio de Educación e Formación Profesional mencionado no inicio deste epígrafe, se establece a distinción entre a inserción a corto prazo (os dous primeiros

anos despois de graduarse) e a longo prazo (terceiro e cuarto ano). Pois ben, no caso galego, e nas catro cohortes mencionadas, a inserción a curto prazo se sitúa sempre por debaixo do 50%. Polo tanto, non chegan a metade dos que obteñen o título de F.P. de Grado Medio os que atopan un traballo nos dous primeiros anos e, no terceiro, non se alcanza o 60%. Si recordamos o obxectivo fixado na Estratexia Educación e Formación 2020 da UE, coa que iniciabamos esta sección, está claro que aínda queda un longo camiño por percorrer en termos de inserción laboral.

A desagregación por xénero e réxime de traballo (conta propia ou conta allea) tampouco presenta importantes diferencias entre Galicia e España, como se pode apreciar no cadro 65 onde recolleemos a información relativa a última cohorte (2014-15). O peso maioritario en ambos os dous territorios dos afiliados por conta allea (ao redor do 95%), prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres.

Cadro nº 65: Distribución dos afiliados. Formación Profesional de grao medio. Curso 2014-2015. Cuarto ano (%)

|         | Homes       |              | Mulleres    |              | Total       |              |
|---------|-------------|--------------|-------------|--------------|-------------|--------------|
|         | Conta allea | Conta propia | Conta allea | Conta propia | Conta allea | Conta propia |
| Galicia | 93,6        | 6,4          | 95,5        | 4,5          | 94,5        | 5,5          |
| España  | 94,8        | 5,2          | 96,5        | 3,5          | 95,6        | 4,4          |

Fonte: S.G. de Estatística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

Diferencias máis relevantes aparecen cando comparamos as porcentaxes de traballadores por conta allea cun contrato de traballo indefinido. Tanto en Galicia como en España o peso dos contratos indefinidos no terceiro ano de traballo (44,5% España e 42,5% Galicia) é menor para as mulleres que no caso dos homes (unha diferenza de 6 puntos porcentuais para España e 7,5 para Galicia). Tanto para homes como para mulleres, as porcentaxes de inserción sempre son algo máis elevadas no total estatal que en Galicia. Recordemos que, no caso dos graduados universitarios, a porcentaxe dos que tiñan un contrato indefinido era do 64%, ou sexa 20 puntos porcentuais por riba dos recollidos no cadro 66, se ben esa cifra se alcanzaba 4 anos despois da graduación e non tres como aquí.

Cadro nº 66: Porcentaxe de afiliados por conta allea con contrato indefinido. Formación Profesional de grao medio. Curso 2014-2015

|                 | Galicia | España |
|-----------------|---------|--------|
| <b>Homes</b>    |         |        |
| Primeiro ano    | 30,7    | 32,5   |
| Segundo ano     | 39,2    | 42,5   |
| Terceiro ano    | 45,7    | 47,4   |
| <b>Mulleres</b> |         |        |
| Primeiro ano    | 25,8    | 28,5   |
| Segundo ano     | 34,7    | 37,8   |
| Terceiro ano    | 38,1    | 41,5   |
| <b>Total</b>    |         |        |
| Primeiro ano    | 28,3    | 30,5   |
| Segundo ano     | 37      | 40,1   |
| Terceiro ano    | 42      | 44,5   |

Fonte: S.G. de Estadística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

Cando desagregamos por sexo e tipo de xornada, o resultado é similar. Na cohorte de 2014-15, no cuarto ano, tres de cada catro traballadores galegos o facían a tempo completo e un a tempo parcial (75 e 25%), mentres que en España as porcentaxes eran do 70 e o 30% respectivamente. En ambos os dous casos o tempo parcial ten un peso sensiblemente maior no emprego feminino: 40,1% en España e 35,2% en Galicia fronte a un 19,8% para os homes en España e un 15,6% na nosa comunidade autónoma.

Cadro nº 67: Distribución dos afiliados por conta allea segundo o tipo de xornada. Formación Profesional de grao medio. Curso 2014-2015. Cuarto ano

|                 | España | Galicia |
|-----------------|--------|---------|
| <b>Homes</b>    |        |         |
| Tempo completo  | 80,2   | 84,4    |
| Tempo parcial   | 19,8   | 15,6    |
| <b>Mulleres</b> |        |         |
| Tempo completo  | 59,9   | 64,9    |
| Tempo parcial   | 39,1   | 35,1    |
| <b>Total</b>    |        |         |
| Tempo completo  | 70,3   | 75      |
| Tempo parcial   | 29,7   | 25      |

Fonte :S.G. de Estadística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

Si temos en conta as ocupacións, soamente en dúas as mulleres superan aos homes, Técnicos e profesionais científicos e intelectuais, e Traballadores dos servizos de restauración, persoais e vendedores. Nesta última categoría se concentra o 74% de emprego feminino.

Cadro nº 68: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio do curso 2013-2014 en Galicia e que están traballando en 2019

|                                                                                                                                     | Homes        | Mulleres     | Total        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Directores e xerentes                                                                                                               | 18           | 7            | 26           |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais                                                                                  | 154          | 222          | 376          |
| Técnicos profesionais de apoio                                                                                                      | 286          | 125          | 412          |
| Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina                                                                | 119          | 69           | 188          |
| Traballadores dos servizos de restauración, personais, protección e vendedores                                                      | 399          | 1.116        | 1.515        |
| Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro                                                       | 71           | 3            | 74           |
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) | 837          | 62           | 899          |
| Operadores de instalacións e maquinaria e montadores                                                                                | 116          | 67           | 184          |
| Ocupacións elementais                                                                                                               | 375          | 222          | 597          |
| Ocupacións militares                                                                                                                | 45           | 0            | 45           |
| Non consta                                                                                                                          | 8            | 0            | 8            |
| <b>Total</b>                                                                                                                        | <b>2.427</b> | <b>1.895</b> | <b>4.322</b> |

Fonte INE

O cadro 69 recolle información relativa á idoneidade da formación tal como a perciben os graduados que traballan. Chama a atención a elevada porcentaxe dos que consideran que a formación recibida é suficiente para desempeñar o seu traballo, un 79%. O restante 21% considera que precisarían máis formación teórica, práctica ou ben as dúas.

Cadro nº 69: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio en Galicia que traballaban en 2019 segundo consideran que recibiron suficiente formación para desempeñar o seu traballo

|                                                            | Centro público | Centro privado | Total        |
|------------------------------------------------------------|----------------|----------------|--------------|
| A formación recibida é suficiente para o posto de traballo | 2.223          | 542            | 2.765        |
| Precisaría máis formación teórica                          | 82             | 30             | 112          |
| Precisaría máis formación práctica                         | 583            | 94             | 677          |
| Precisaría máis formación tanto teórica como práctica      | 540            | 129            | 669          |
| Non consta                                                 | 74             | 25             | 99           |
| <b>Total</b>                                               | <b>3.503</b>   | <b>819</b>     | <b>4.322</b> |

Fonte INE

Respecto dos niveis retributivos, algo máis da terceira parte dos traballadores percibe un salario mensual (transcorridos tres anos desde que atoparon emprego) inferior a 1000 euros. Deles, en Galicia, o 64% son mulleres, polo que podemos falar dunha concentración elevada dos baixos salarios no emprego feminino, tendo en conta que as mulleres representan o 44% do emprego total. Por outra banda, a diferenza cos graduados universitarios é importante xa que a porcentaxe destes con salarios inferior a 1000 euros era do 16%.

Cadro nº 70: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio en Galicia segundo o salario mensual neto en 2019

|                | Menos de 999 euros | De 1.000 a 1.999 euros | Más de 2.000 euros | Non consta   | Total         |
|----------------|--------------------|------------------------|--------------------|--------------|---------------|
| <b>Galicia</b> |                    |                        |                    |              |               |
| Homes          | 567                | 1.698                  | 69                 | 94           | 2.427         |
| Mulleres       | 989                | 738                    | 29                 | 139          | 1.895         |
| <b>Total</b>   | <b>1.557</b>       | <b>2.436</b>           | <b>97</b>          | <b>233</b>   | <b>4.322</b>  |
| <b>España</b>  |                    |                        |                    |              |               |
| Homes          | 10.645             | 25.860                 | 966                | 1.469        | 38.941        |
| Mulleres       | 17.468             | 14.752                 | 181                | 1.539        | 33.939        |
| <b>Total</b>   | <b>28.112</b>      | <b>40.613</b>          | <b>1.147</b>       | <b>3.008</b> | <b>72.880</b> |

Fonte INE

As diferencias por sexo tamén son importantes cando falamos de desemprego. As mulleres supoñen o 55% dos parados cando representan un peso sensiblemente menor no emprego. Por outra banda, no colectivo dos parados de moi longa duración (dous ou máis anos buscando emprego), a porcentaxe de mulleres alcanza o 68%, aumentando moito a desproporción respecto do seu peso no emprego total.

Cadro nº 71: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Medio en Galicia do curso 2013-2014 desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda de emprego

|              | Menos de 1 ano | De 1 a 2 anos | 2 anos ou mais | Non consta | Total      |
|--------------|----------------|---------------|----------------|------------|------------|
| Homes        | 263            | 37            | 63             | 0          | 362        |
| Mulleres     | 261            | 33            | 135            | 14         | 442        |
| <b>Total</b> | <b>522</b>     | <b>70</b>     | <b>198</b>     | <b>14</b>  | <b>804</b> |

Fonte INE

### 6.2.5 A inserción laboral nos ciclos formativos de Grado Superior

Nos ciclos formativos de Grado Superior o comportamento das taxas de afiliación é similar, en liñas xerais, ao dos ciclos de Grado medio, no sentido de que as taxas aumentan entre a primeira e a cuarta cohorte, reflexando a mellora cíclica da economía e, ademais, nos catro anos posteriores á finalización dos estudos a taxa de afiliación tamén aumenta. Isto sucede tanto para Galicia como para o conxunto do Estado se ben as taxas sempre son inferiores na comunidade autónoma.

Cadro nº 72: Afiliación por sexo e período de análise. F.P. Grao superior. Curso 2014-2015. Taxa de afiliación media (%)

|                     | Galicia | España |
|---------------------|---------|--------|
| <b>Homes</b>        |         |        |
| Previo á graduación | 7,8     | 12,9   |
| Primeiro ano        | 42,3    | 45,9   |
| Segundo ano         | 50,8    | 55,9   |
| Terceiro ano        | 59,2    | 63,1   |
| Cuarto ano          | 65,0    | 68,2   |
| <b>Mulleres</b>     |         |        |
| Previo á graduación | 9,3     | 13,4   |
| Primeiro ano        | 38,7    | 42,0   |
| Segundo ano         | 47,1    | 50,3   |
| Terceiro ano        | 53,7    | 57,1   |
| Cuarto ano          | 58,2    | 62,3   |
| <b>Total</b>        |         |        |
| Previo á graduación | 8,5     | 13,1   |
| Primeiro ano        | 40,5    | 43,9   |
| Segundo ano         | 48,9    | 53,0   |
| Terceiro ano        | 56,3    | 60,0   |
| Cuarto ano          | 61,5    | 65,2   |

Fonte: S.G. de Estatística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

As taxas de afiliación no cuarto ano, para a cohorte 2014-15, son parecidas nos dous niveis da F. Profesional: 64,9% para o Grado medio en España e 65,2% para o Grado Superior, sendo as diferencias algo maiores en Galicia (64,9% e 61,5% respectivamente). Polo tanto, neste caso, a inserción é algo menor nos ciclos de Grado Superior na comunidade autónoma. Respecto da traxectoria ao longo dos catro anos, prodúcese nos dous territorios un incremento en torno aos 20 puntos porcentuais, algo menos que nos ciclos de Grado Medio.

A efectos de comparar as taxas de inserción coa dos estudos de grado universitario, os datos da cohorte 2013-14 son algo menores cas que acabamos de analizar (62,8% España e 58,2% Galicia), aumentando aínda máis a diferenza coas taxas de inserción dos estudos universitarios.

Cando desagregamos por sexo e réxime de traballo, o traballo por conta allea é maioritario, 95,1% en España e 93,7% en Galicia, porcentaxes que varían pouco cando desagregamos por xénero. En todos os casos, o traballo por conta propia (4,9% España e 6,3% Galicia) é residual.

Cadro nº 73: Distribución dos afiliados por sexo e réxime. F.P. Grao superior. Curso 2014-2015. Cuarto ano

|                 | Galicia | España |
|-----------------|---------|--------|
| <b>Homes</b>    |         |        |
| Conta allea     | 93,0    | 94,2   |
| Conta propia    | 7,0     | 5,8    |
| <b>Mulleres</b> |         |        |
| Conta allea     | 94,4    | 96,1   |
| Conta propia    | 5,6     | 3,9    |
| <b>Total</b>    |         |        |
| Conta allea     | 93,7    | 95,1   |
| Conta propia    | 6,3     | 4,9    |

Fonte: S.G. de Estatística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

Os resultados relativos aos traballadores con contrato indefinido nos ciclos formativos de Grado Superior son bastante parecidos aos que xa comentamos para os ciclos formativos de Grado Medio. O peso dos contratos indefinidos é algo máis elevado (52,7% España e 46,9% Galicia no terceiro ano). Por xénero, nos dous casos os homes teñen unha porcentaxe maior de contratos indefinidos cas mulleres.

Cadro nº 74: Porcentaxe de afiliados por conta allea con contrato indefinido. F.P. Grao superior. Curso 2014-2015

|                 | Galicia | España |
|-----------------|---------|--------|
| <b>Homes</b>    |         |        |
| Primeiro ano    | 33,1    | 39,6   |
| Segundo ano     | 44,3    | 50,0   |
| Terceiro ano    | 48,8    | 56,0   |
| <b>Mulleres</b> |         |        |
| Primeiro ano    | 29,0    | 34,4   |
| Segundo ano     | 38,6    | 44,0   |
| Terceiro ano    | 45,0    | 49,4   |
| <b>Total</b>    |         |        |
| Primeiro ano    | 31,0    | 37,0   |
| Segundo ano     | 41,4    | 47,0   |
| Terceiro ano    | 46,9    | 52,7   |

Fonte: S.G. de Estatística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

Por tipo de xornada, a inserción laboral se manifesta transcorridos catro anos para a cohorte 2014-15, nun 68% de traballadores a tempo completo en España e un 73% en Galicia. As mulleres mostran porcentaxes máis elevados de tempo parcial cos homes: 41% en España e 36% en Galicia de emprego feminino a tempo parcial fronte a un 20% e un 17% respectivamente no caso dos homes.

Cadro nº 75: Distribución dos afiliados por conta allea segundo tipo de xornada F.P. Grao superior. Curso 2014-2015. Cuarto ano

|                 | Galicia | España |
|-----------------|---------|--------|
| <b>Homes</b>    |         |        |
| Tempo completo  | 83,1    | 79,9   |
| Tempo parcial   | 16,9    | 19,1   |
| <b>Mulleres</b> |         |        |
| Tempo completo  | 64,4    | 58,9   |
| Tempo parcial   | 35,6    | 41,1   |
| <b>Total</b>    |         |        |
| Tempo completo  | 73,8    | 69,4   |
| Tempo parcial   | 26,2    | 29,6   |

Fonte: S.G. de Estatística e Estudos, Ministerio de Educación e Formación Profesional

A estatística do INE, *Encuesta de transición educativa-formativa e inserción laboral*, ofrece información adicional que permite completar a análise. O cadro 77 recolle a situación laboral en 2019 dos titulados da cohorte 2013-14. Como se pode observar, mentres que as mulleres representan o 52% dos ocupados e os homes o 48% restante, as porcentaxes invértense cando falamos de paro. A diferenza das outras titulación analizadas, o desemprego é lixeiramente máis elevado nos homes, tendo un peso inferior no emprego total.

Cadro nº 76: Situación laboral en 2019 dos titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior en Galicia. Curso 2013-2014

|              | Traballando  | En desemprego | Inactivo   | Total        |
|--------------|--------------|---------------|------------|--------------|
| Homes        | 2.549        | 430           | 238        | 3.217        |
| Mulleres     | 2.778        | 401           | 341        | 3.520        |
| <b>Total</b> | <b>5.327</b> | <b>830</b>    | <b>580</b> | <b>6.737</b> |

Fonte: INE

Si temos en conta a situación profesional, os asalariados representan o 93% do emprego total e a taxa de temporalidade alcanza o 37%, con pequenas diferenzas por sexo.

Cadro nº 77: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior do curso 2013-2014 en Galicia segundo a súa situación profesional en 2019

|                                                     | Homes        | Mulleres     | Total        |
|-----------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| En prácticas, formación ou becario                  | 100          | 82           | 182          |
| Asalariado con contrato permanente                  | 1.492        | 1.604        | 3.096        |
| Asalariado con contrato temporal                    | 831          | 852          | 1.683        |
| Empresario con asalariados                          | 65           | 33           | 98           |
| Trabador independente ou empresario sen asalariados | 31           | 188          | 219          |
| Axuda familiar                                      | 29           | 18           | 48           |
| <b>Total</b>                                        | <b>2.549</b> | <b>2.778</b> | <b>5.327</b> |

Fonte: INE

A concentración do emprego feminino en determinadas actividades, ponse de manifesto no cadro 78. O 70% do emprego das mulleres está vinculado con 6 das 21 actividades nel recollidas. Unha vez máis as mulleres ostentan unha presenza maioritaria en Educación, Sanidade e servizos sociais, Hostalería e Comercio.

Cadro nº 78: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior en Galicia segundo a actividade económica principal da empresa na que traballa en 2019

|                                                                                                            | Homes        | Mulleres     | Total        |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Agricultura, gandería, silvicultura e pesca                                                                | 47           | 40           | 87           |
| Industrias extractivas                                                                                     | 18           | 34           | 52           |
| Industria manufacturera                                                                                    | 396          | 336          | 732          |
| Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado                                           | 20           | 15           | 35           |
| Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación                      | 14           | 0            | 14           |
| Construción e enxeñaría civil                                                                              | 187          | 36           | 222          |
| Comercio polo xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas                          | 166          | 254          | 420          |
| Transporte, almacenamento                                                                                  | 124          | 54           | 178          |
| Hostelería                                                                                                 | 140          | 249          | 388          |
| Información e comunicacións                                                                                | 369          | 181          | 550          |
| Actividades financeiras e de seguros                                                                       | 46           | 28           | 73           |
| Actividades inmobiliarias                                                                                  | 0            | 0            | 0            |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas                                                           | 352          | 206          | 559          |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares                                                          | 164          | 121          | 285          |
| Administración Pública e defensa Seguridad Social obligatoria                                              | 187          | 31           | 218          |
| Educación                                                                                                  | 92           | 288          | 380          |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais                                                               | 110          | 616          | 726          |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento                                                      | 75           | 145          | 220          |
| Otros servizos                                                                                             | 23           | 53           | 76           |
| Particulares como empregadorews de persoal doméstico ou como produtores de bens e servizos para uso propio | 0            | 17           | 17           |
| Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais                                                | 19           | 74           | 93           |
| Non consta                                                                                                 | 0            | 0            | 0            |
| <b>Total</b>                                                                                               | <b>2.549</b> | <b>2.778</b> | <b>5.327</b> |

Fonte: INE

Por outra banda, case dúas terceiras partes dos titulados consideran que recibiron unha formación suficiente (63%), sen diferencias apreciables por sexo. Non en tanto, sí existen diferencias no 37% restante. Así, no colectivo que considera que se precisaría máis formación teórica, o 94% son homes e naquel outro que considera necesaria máis formación práctica, o 62% son mulleres.

Cadro nº 79: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior que traballaban en 2019 segundo consideren que recibiron suficiente formación para desempeñar o seu traballo

|                                                       | Homes        | Mulleres     | Total        |
|-------------------------------------------------------|--------------|--------------|--------------|
| Formación suficiente                                  | 1.596        | 1.793        | 3.389        |
| Precisaría máis formación teórica                     | 140          | 9            | 149          |
| Precisaría máis formación práctica                    | 330          | 537          | 867          |
| Precisaría máis formación tanto teórica como práctica | 441          | 439          | 880          |
| Non consta                                            | 42           | 0            | 42           |
| <b>Total</b>                                          | <b>2.549</b> | <b>2.778</b> | <b>5.327</b> |

Fonte: INE

En relación coas remuneracións percibidas, subliñar en primeiro lugar que, de novo, as mulleres teñen unha presenza moito máis forte que os homes no segmento de baixos salarios (representan o 77% dos traballadores que perciben un salario inferior aos 1000

euros), mentres que soamente representan o 5% nos salarios superiores aos 2000 euros mensuais, sendo tamén menor o seu peso no intervalo central (1000-2000 euros).

Cando comparamos Galicia con España, na nosa comunidade autónoma ten un maior peso relativo o segmento de baixos salarios (36% fronte a 31%) e un menor peso os restantes tramos salariais.

Cadro nº 80: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior. Salario mensual neto en 2019

|                | Menos de<br>1.000 euros | De 1.000 a<br>2.000 euros | Máis de<br>2.000 euros | Non consta   | Total         |
|----------------|-------------------------|---------------------------|------------------------|--------------|---------------|
| <b>Galicia</b> |                         |                           |                        |              |               |
| Homes          | 433                     | 1.850                     | 181                    | 83           | 2.549         |
| Mulleres       | 1.484                   | 1.238                     | 10                     | 46           | 2.778         |
| <b>Total</b>   | <b>1.917</b>            | <b>3.089</b>              | <b>190</b>             | <b>130</b>   | <b>5.327</b>  |
| <b>España</b>  |                         |                           |                        |              |               |
| Homes          | 9.527                   | 30.408                    | 3.859                  | 1.674        | 45.468        |
| Mulleres       | 18.910                  | 24.114                    | 921                    | 1.092        | 45.039        |
| <b>Total</b>   | <b>28.437</b>           | <b>54.523</b>             | <b>4.780</b>           | <b>2.766</b> | <b>90.506</b> |

Fonte: INE

A forte diferenza por sexo no cadro 80 do último grupo (Non consta), dificulta analizar con rigor as diferencias por sexo do desemprego por tempo de busca. Reseñar soamente que, no caso da F.P de Grado Superior, o peso do desemprego masculino supera ao das mulleres, a diferenza do observado cos titulados de F.P. de Grado Medio

Cadro nº 81: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior do curso 2013-2014 en Galicia que estaban desempregados en 2019 segundo o tempo de búsqueda

|                 | Homes      | Mulleres   | Total      |
|-----------------|------------|------------|------------|
| Menos de un ano | 280        | 237        | 516        |
| De 1 a 2 anos   | 53         | 28         | 81         |
| 2 o más años    | 85         | 5          | 91         |
| No consta       | 12         | 131        | 143        |
| <b>Total</b>    | <b>430</b> | <b>401</b> | <b>830</b> |

Fonte: INE

Por último, o cadro 82 recolle información relacionada coa rotación dos traballadores. Tamén no caso dos titulados de F.P. de Grado Superior a rotación é elevada. O 56% dos homes e o 55% das mulleres traballaron para tres ou máis empregadores unha vez finalizados os estudos en 2014.

Cadro nº 82: Titulados en Ciclos Formativos de Grao Superior en Galicia segundo o número de empregadores para os que traballaron despois de titularse en 2014

|                                             | Homes | Mulleres | Total |
|---------------------------------------------|-------|----------|-------|
| Trabajadores independientes sin empleadores | 50    | 72       | 122   |
| 1 empleador                                 | 622   | 536      | 1.158 |
| 2 empleadores                               | 695   | 935      | 1.630 |
| De 3 a 5 empleadores                        | 1.343 | 1.294    | 2.637 |
| De 6 a 10 empleadores                       | 316   | 506      | 822   |
| Más de 10 empleadores                       | 74    | 78       | 152   |
| Total                                       | 3.101 | 3.421    | 6.522 |

Fonte: INE

### 6.2.6 A inserción laboral na Formación Profesional Básica.

A única información dispoñible sobre a inserción dos titulados da F.P. Básica é a relativa á taxa de afiliación. Cando a comparamos coa da F.P. Media o a F.P. Superior, os resultados son claramente inferiores. Así, no terceiro ano desde a finalización dos estudos, a taxa é dun 39% para o total, fronte a un 64,9% na F.P. de Grado Medio e o 61,5% en Grado Superior. Aínda que en ambos casos a comparación por cohorteé ano exhiben un desfase dun ano, as grandes diferencias observadas nas taxas de afiliación, sinalan claramente as dificultades máis grandes no proceso de inserción laboral deste colectivo.

Cadro nº 83: Inserción laboral para os titulados da Formación Profesional básica

|          |              | %    |
|----------|--------------|------|
| Homes    | Primeiro ano | 8,8  |
|          | Segundo ano  | 21,5 |
|          | Terceiro ano | 40,8 |
| Mulleres | Primeiro ano | 7,1  |
|          | Segundo ano  | 19,3 |
|          | Terceiro ano | 33,8 |
| Total    | Primeiro ano | 8,3  |
|          | Segundo ano  | 20,9 |
|          | Terceiro ano | 39   |

Fonte: Ministerio de Educación y Formación Profesional. Estadística de inserción de los graduados en Formación Profesional

## 7 A actuación do sector público para combater o desemprego xuvenil

### 7.1 As políticas de emprego xuvenil no marco orzamentario da Unión Europea 2014-2020.

O Consello recomendou o 22 de abril de 2013 a implantación da **Garantía Xuvenil** (cuxo obxectivo actual é garantir que os mozos menores de 30 anos poidan recibir unha oferta de emprego, de educación ou formación tras finalizar os seus estudos ou quedar desempregados). Para iso dispoñíanse dos recursos do FSE e complementariamente da nova **Iniciativa de Emprego Xuvenil**, cuxos fondos destinar exclusivamente aos mozos sen estudos, traballo nin formación ("ninis"), e tamén aos desempregados de longa duración e os que non están inscritos como solicitantes de emprego. Desde 2017 estas actuacións realízanse nas rexións cuxa taxa de desemprego xuvenil era superior ao 25% en 2016. Ante a pandemia, en xullo de 2020 a Comisión presentou un novo paquete de apoio no que se efectúa a proposta de recomendación de reforzar a Garantía Xuvenil.

Desde varias institucións analizáronse os resultados acadados en Europa pola Garantía Xuvenil. O CES no seu Informe sobre os mozos e o mercado de traballo en España, publicado en novembro de 2020, fai unha síntese das críticas que xurdiron da súa avaliación, aínda que, polo xeral, se recoñece que este instrumento é o primeiro paso para loitar contra o desemprego xuvenil e que tería que converterse en un instrumento permanente, o que parece concordar coa posición da Comisión Europea.

En canto a súa correccións indícase que o Sistema de Garantía Xuvenil non dispuxo dun financiamento adecuado para poder alcanzar os seus obxectivos e, tamén, o compromiso de gran parte dos Estados non foi o esperado. Constatouse que a cobertura foi baixa, cunha media do 42%, se ben nalgún Estado membro nos se acadou o 20%. Ademais, o programa queda lonxe de proporcionar unha auténtica oferta de calidade aos mozos e mozas e non se centrou nos que presentan unha maior vulnerabilidade. Tamén destacan a falla de información pola carencia de datos por parte de algúns Estados e a ausencia de avaliacións.

Para a articulación do Programa Operativo (PO) e do sistema de axudas, España remitiu o **Plan Nacional de Garantía Xuvenil** á Comisión o 13 de decembro de 2013. Este Plan aliñábase coa **Estratexia de Emprendemento e Emprego Xuvenil 2013-2016**.

O **PO FSE Emprego Xuvenil 2014-2020** de España aprobado a finais de 2013 ten un carácter plurirrexional. Desde a súa posta en práctica foi experimentando modificacións e actualizacións. Actualmente está dotado con 3.208.771.280 euros, dos que a **Iniciativa de Emprego Xuvenil** aporta 1.361.660.750 euros e o FSE o resto. Segundo a administración autonómica, Galicia participa na xestión deste PO cunha axuda estimada de 123.501.000 euros para todo o período subvencionable que alcanza ata finais do ano 2023.

O 7 de decembro de 2018 o goberno de España aprobou o **Plan de Choque polo Emprego Xuvenil (2019-2021)**, programa trianual con 50 medidas, que conta cun orzamento de 2.000 millóns de euros dos que 670 consignábanse a 2019. Especificábase que as actuacións das Comunidades autónomas serían determinantes.

## 7.2 A posta en práctica das actuacións.

A Xunta xestiona a metade dos fondos do PO de Emprego Xuvenil e a outra metade corresponde á Administración Central do Estado. As actuacións da administración autonómica se engloban dentro da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade.

Así, as medidas actuais que desenvolven a Xunta no programa de Garantía Xuvenil se articulan en catro eixes:

- Mellora da intermediación: Orientación laboral, información laboral e acompañamento, actuacións con axencias de colocación, etc.
- Mellora da empregabilidade: Programas formativos, programas de adquisición de experiencia e prácticas non laborais en empresas.
- Estímulos á contratación: Incentivos á contratación indefinida, á contratación temporal así como á transformación de contratos temporais en indefinidos compatibles coas bonificacións das cotizacións á Seguridade Social para as empresas que contraten a mozos inscritos no sistema nacional de Garantía Xuvenil.
- Fomento do emprendemento: Entre as que se inclúen axudas para a creación do propio posto de traballo xa sexa de forma individual como traballadores ou traballadoras autónomas ou xa sexa de forma colectiva constituíndo cooperativas.

A evolución das inscricións no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil en Galicia recóllese no cadro 84:

Cadro nº 84: Sistema de Garantía Xuvenil (ninis). Incidencia en Galicia

| Ano             | Inscricións | Diferenza |
|-----------------|-------------|-----------|
| 2015            | 7.353       |           |
| 2016            | 20.753      | 13.400    |
| 2017            | 55.242      | 34.489    |
| 2018            | 81.702      | 26.460    |
| 2019            | 97.916      | 16.214    |
| 2020 (novembro) | 114.461     | 16.545    |

Fonte: SEPE

O persoal mozo español que desexe participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil hase de inscribir nun ficheiro para poder ser beneficiario. A 30 de novembro de 2020 o número de mozos inscritos en Galicia era de 114.461 persoas (o 6% do total español)

dos que 56.701 eran homes e 57.760 mulleres. Estes datos o 29 de febreiro de 2020 eran os seguintes: 104.073 persoas (o 6% do total español dos que 51.647 eran homes e o 52.42 mulleres).

En Galicia, o PO ten como organismo intermedio á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia. No ámbito estatal actúan como organismos intermedios: AE Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC); Agencia Estatal de Investigación (MICINN); Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios y Navegación de España; Dirección General de Cooperación Autonómica y Local (DGCAL); Entidad Pública Empresarial RED.es; Fundación Bancaria La Caixa; Fundación Escuela de Organización Industrial (EOI); Fundación Instituto Cameral de Creación e Desenvolvemento de la Empresa (INCYDE); Fundación ONCE para la Cooperación e Inclusión Social de personas con discapacidade; Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE). Tamén actúan como beneficiarios directos: Cruz Roja Española (CRE) ; Fundación ONCE (INSERTA) ; Fundación Secretariado Gitano (FSG), YMCA ; Fundación Acción contra el Hambre (FACH).

No Informe de execución de 2019 recóllese que a Xunta actúa, desde o inicio do PO en 2.619 proxectos. Ademais iniciou o Programa de Mobilidade Transnacional Xuvenil Galeuropa 2019, para a realización de prácticas non laborais durante 2 a 3 meses na Unión Europea dos mozos e mozas inscritos. Neste programa participaron en total 333 persoas: 102 homes e 231 mulleres. Tamén proseguíu o programa do talleres de emprego con Obradoiros 2018 e Obradoiros 2019 e con eles búscanse: “a través de itinerarios de inserción profesional, dar resposta ás demandas do mercado laboral a fin de activar o desenvolvemento territorial e crear postos de traballo”. Nos Obradoiros participaron 282 mulleres e 378 homes.

Ata 2019 en toda España houbo unha participación no PO de 103.825 mozos.

En canto á execución da parte do **PO FSE Emprego Xuvenil** financiada pola Iniciativa de Emprego Xuvenil, ata 2017 (último período dispoñible ao redactar este Informe e corresponde con segundo informe de execución) estes son os resultados máis significativos. O obxectivo como xa se indicou son os ninis que en 2017 o Informe de execución os cifraba en Galicia no 14,3% do total de mozos e mozas de 16 a 29 anos. Deles, o 14,1% son homes e o 14,5% mulleres.

En canto o tipo de actuacións, apréciase o notable peso da orientación laboral sobre calquera das outras. O peso en Galicia do 85,7% supera ao do conxunto de España. O peso relativo do emprendemento 1,4 de cada 100 mozos e de emprego 4,1 de cada 100 son baixos.

Cadro nº 85: Distribución do tipo de actuacións. Total do período 2013-2017

|              | Orientación | Educación | Aprendizaxe | Prácticas | Emprendemento | Emprego |
|--------------|-------------|-----------|-------------|-----------|---------------|---------|
| Galicia      | 85,70%      | 4,80%     | 3,70%       | 0,30%     | 1,40%         | 4,10%   |
| Total España | 80,70%      | 7,30%     | 3,80%       | 0,60%     | 1,10%         | 6,40%   |

Fonte: II Avaliación da Iniciativa de Emprego Xuvenil. Xunta de Galicia.

Pola contra, a ratio de inserción transcorridos 12 meses da actividade realizada no programa en Galicia en 2017, o 60%, supera a media española e tamén e 3.3 puntos superior a porcentaxe de empregados de persoas mozas sobre a poboación activa.

Cadro nº 86: Ratio de inserción laboral aos 12 meses

|         | Ratio de inserción<br>aos 12 meses | Taxa de desemprego<br>de menores de 25<br>años | Taxa de empregados<br>menores 25 anos (sobre<br>activos) | Diferenza ratio de<br>inserción e taxa de<br>empregados |
|---------|------------------------------------|------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|
| Galicia | 60,00%                             | 43,30%                                         | 56,70%                                                   | 3,30                                                    |
| Total   | 55,50%                             | 50,40%                                         | 49,60%                                                   | 5,90                                                    |

Fonte: II Avaliación da Iniciativa de Emprego Xuvenil. Xunta de Galicia.

No Informe de avaliación e preceptivo a realización dunha enquisa entre os participantes no PO e ten que cumprir unha serie de criterios para garantir a súa fiabilidade. E enquisa realizouse entre os mozos e mozas de 16 a 29 anos. No eido das actuacións de formación no cadro 87 mostra que a maioría dos enquisados realizaron tres tipos de actuación ata 2017 e nese ano engadiuse unha cuarta. Os contratos de formación e aprendizaxe foron perdendo relevancia conforme transcorreron os anos gañando peso a formación prestada desde os Servizos Públicos de Emprego. Tamén compre destacar o pulo da formación dual en 2017 cando nos outros anos practicamente foi irrelevante. As actuacións para mellorar a empregabilidade representaron en torno a décima parte das totais e compre sinalar que non houbo formación en algo tan básico na actualidade como as Tics ou os idiomas.

Cadro nº 87: Distribución da enquisa de actuacións de formación en Galicia

| Actuacións                                                     | 2013-2015 | 2016  | 2017  | Total |
|----------------------------------------------------------------|-----------|-------|-------|-------|
| Actuacións para mellorar a empregabilidade                     | 7,7%      | 14,9% | 11,4% | 11,9% |
| Programa de segunda oportunidade                               | 0,0%      | 2,9%  | 2,9%  | 2,3%  |
| Impulso da Formación Profesional Dual                          | 0,5%      | 2,4%  | 8,5%  | 4,4%  |
| Formación para a obtención de certificados de profesionalidade | 0,0%      | 0,0%  | 0,5%  | 0,2%  |
| Programas Escola Taller e Casas de Oficios                     | 0,1%      | 5,3%  | 3,0%  | 3,3%  |
| Formación en idiomas                                           | 0,0%      | 0,0%  | 0,2%  | 0,1%  |
| Formación en TICs                                              | 0,0%      | 0,3%  | 0,7%  | 0,4%  |
| Formación desde os Servizos Públicos de Emprego                | 33,1%     | 42,7% | 44,8% | 41,5% |
| Contratos de Formación e Aprendizaxe                           | 58,6%     | 31,5% | 27,8% | 35,9% |

Fonte: II Avaliación da Iniciativa de Emprego Xuvenil. Xunta de Galicia.

En canto a calidade de emprego logrado polos participantes no PO compre resaltar que as porcentaxes da contratación temporal, xa sexa a tempo completo ou a tempo parcial, mantivéronse estables desde 2013 a 2017 e sobrepasan o 70 % do total. A contratación indefinida foi aumentando en porcentaxe conforme avanzou o período e lembremos que a taxa de temporalidade que xurde deste cadro é superior ao 63,3% que se opten da EPA para o colectivo de 16 a 29 anos en Galicia.

Cadro nº 88: Calidade do emprego dos enquisados aos 12 meses do fin da actuación en Galicia

|                                                            | 2013-2015 | 2016  | 2017  | Total  |
|------------------------------------------------------------|-----------|-------|-------|--------|
| Tipo de contrato aos 12 meses indeterminado                | 12,3%     | 13,7% | 11,5% | 12,70% |
| Tipo de contrato aos 12 meses Indefinido a tiempo completo | 9,0%      | 10,3% | 13,4% | 11,30% |
| Tipo de contrato aos 12 meses indefinido a tiempo parcial  | 4,8%      | 5,5%  | 6,7%  | 5,90%  |
| Tipo de contrato aos 12 meses "Fijo discontinuo"           | 0,1%      | 0,4%  | 0,6%  | 0,40%  |
| Tipo de contrato aos 12 meses "Temporal a tempo completo"  | 49,3%     | 43,8% | 44,8% | 44,90% |
| Tipo de contrato aos 12 meses "Temporal a tempo parcial"   | 25,9%     | 28,4% | 25,2% | 26,90% |

Fonte: II Avaliación da Iniciativa de Emprego Xuvenil. Xunta de Galicia.

No apoio ao emprego xuvenil compre destacar as últimas novidades que parten da administración central ante un ano tan complicado como é 2020. En canto o papel da administración central nas actuacións e reparto de fondos para a incentivación do mercado de traballo xuvenil, o goberno, de acordo coa LXXVIII Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais que se celebrou o 30 de setembro de 2020, aprobou o reparto de 895.916.723 euros as comunidades autónomas. Destínanse a execución do Plan de Choque polo Emprego Novo 2019-2021 e o Plan Reincorpora-T 2019-2021. A isto tense que sumar os 1.048,5 millóns de euros con cargo aos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) que se repartiron entre as comunidades autónomas no mes de abril.

Tamén anunciouse un conxunto de iniciativas que terán impacto nos mozos e mozas, así, un total de 800.000.000 euros destinaranse a iniciativas de formación profesional para o emprego en colaboración co Ministerio de Educación e Formación Profesional; 9.720.000,00 euros a financiar o reforzo do persoal encargado dos labores de orientación nos Servizos Públicos de Emprego Autonómicos, 23.104.760,00 euros distribúense en función das persoas con discapacidade severa que prestan os seus servizos en Centros Especiais de Emprego

Ante a grave crise sanitaria o goberno aprobou o Plan Anual de Política de Emprego para 2020 (PAPE), por un importe total de 5.793.704.000 euros, dos cales 1.944.461.523 euros repartíronse ás comunidades autónomas. Entre estas medidas destacan a prestación para traballadores afectados por Expedientes de Regulación Temporal de Emprego, o reforzo da protección fronte ao desemprego ou a creación de subsidios extraordinarios

como o destinado ás empregadas de fogar. Tamén incorpora medidas para mozas e persoas paradas de longa duración.

De seguido faise unha síntese do conxunto dos programas máis recentes que dispón a Xunta dirixidos directa ou indirectamente a mellorar a situación das persoas mozas no mercado de traballo galego e que seguen as liñas do PO antes comentado.

Os incentivos a contratación e formación desenvólvense no denominado **Programa Emprega Xuventude** do cal “considérase de grande importancia combinar incentivos á contratación das mozas e mozos participantes, así como medidas de apoio á mellora das capacidades das novas persoas empregadas que se incorporan aos centros de traballo. Deste xeito, satisfáise a necesidade das empresas de contaren con persoas traballadoras cuns perfís adecuados aos postos de traballo e á forma de produción, incluíndo as liñas máis innovadoras e as novas tecnoloxías ao servizo da produción. E, ademais, perséguese consolidar un emprego estable, de calidade e con futuro, especialmente entre os galegos e galegas de menos de 30 anos sen experiencia laboral, co fin de contribuír a fixar poboación xuvenil na comunidade”.

Como apoio as actividades das entidades locais, concellos. Mancomunidades de concellos ou entidades públicas vencelladas aos concellos a Xunta contou en 2020 cunha serie de axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas novas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) do que xa nos referimos anteriormente. Dispón de 3.528.546 de euros en 2020 e facilitará a mesma contía en 2021.

Sendo, ao noxo xuízo os dous programas anteriores os de maior incidencia, compre tamén mencionar unha serie de liñas de actuación que desenvolven obxectivos do PO en canto aos talleres e obradoiros de emprego:

- Axudas e subvencións para os talleres de emprego dirixidos a persoas novas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.
- Axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

No eido das accións formativas específicas con compromiso de contratación están activos dous tipos de programas:

- Programa de financiación de accións formativas con compromiso de contratación inmediata.
- Programa de incentivos á actividade laboral vencellada as accións formativas con compromiso de contratación inmediata.

O crédito era de 1.000.000 euros no 2019 y de 2.000.000 euros no 2020.

Poderán ser entidades beneficiarias as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica que adopten, e as agrupacións temporais de empresas.

A Dirección Xeral de Promoción Laboral da Xunta de Galicia xestiona e pon en práctica una parte das liñas e programas a que nos estamos referindo, e outras con fondos propios ou de outras entidades. En canto as accións formativas, no cadro 90, preséntanse as

realizadas desde este organismo no ano 2019 para todos os grupos de idade. Dun total de 1.637 accións cun gasto de 60,6 millóns de euros, destacan as actividades dirixidas as persoas desempregadas, nas que participaron un total de 14.432 estudantes dos cales 3.741 tiñan menos de 30 anos. Este número de participantes se incrementa en 3.086 (1.395 mozos e mozas) se se engaden as actuacións formativas pero con compromiso de contratación. Compre destacar que participaron nestes dous programas un total de 5.136 mozos e lembremos que o número de desempregados en 2019 era de 32.422 persoas, polo que o peso relativo no conxunto do paro xuvenil é significativo. En todas as actuacións que se reflicten no cadro 90 participaron 6.565 persoas con menos de 30 anos o que supón o 42,5% do total.

Cadro nº 89: Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral en 2019. Número de accións formativas, importe económico e distribución dos participantes

| Actuacións                                                                                                                                             | Número de accións | Tipo fondo                    | Total concedido en euros |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------------------|--------------------------|
| Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.                                   | 211               | Finalista do Estado           | 5.878.761,70             |
| Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.                                                                   | 1.020             | Finalista do Estado           | 45.893.263,77            |
| Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade | 33                | Privado                       | 0,00                     |
| Convenio co Concello de Sada                                                                                                                           | 1                 | Non Xunta                     | 0,00                     |
| Convenio Garantía Xuvenil 2018                                                                                                                         | 4                 | Non Xunta                     | 0,00                     |
| Convenio ONCE 2019.                                                                                                                                    | 11                | Non Xunta                     | 0,00                     |
| Medios propios – Concurso de Lotes: centros dependentes de Traballo                                                                                    | 127               | Finalista do Estado           | 3.179.768,51             |
| Medios propios - Convenio de Educación, centros desta Consellería                                                                                      | 97                | Finalista do Estado           | 3.895.410,46             |
| Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo FSE       | 133               | FSE-cofinanciado pola Xunta   | 1.764.792,17             |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                                           | <b>1.637</b>      |                               | <b>60.611.996,61</b>     |
| Actuacións                                                                                                                                             | Alumnos/as        | Homes                         | Mulleres                 |
| Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.                                   | 3.086             | 1.820                         | 1.252                    |
| Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.                                                                   | 14.432            | 6.317                         | 8.085                    |
| Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade | 372               | 185                           | 138                      |
| Convenio co Concello de Sada                                                                                                                           | 9                 | 1                             | 8                        |
| Convenio Garantía Xuvenil 2018                                                                                                                         | 42                | 26                            | 16                       |
| Convenio ONCE 2019.                                                                                                                                    | 151               | 100                           | 51                       |
| Medios propios – Concurso de Lotes: centros dependentes de Traballo                                                                                    | 1.753             | 1.110                         | 641                      |
| Medios propios - Convenio de Educación, centros desta Consellería                                                                                      | 1.232             | 815                           | 416                      |
| Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo FSE       | 1.108             | 864                           | 164                      |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                                           | <b>22.185</b>     | <b>11.238</b>                 | <b>10.771</b>            |
| Actuacións                                                                                                                                             | Sen datos idade   | Alumnos/as menores de 30 anos | Resto de alumnos/as      |
| Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.                                   | 14                | 1.395                         | 1.677                    |
| Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas.                                                                   | 19                | 3.741                         | 10.672                   |
| Autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade | 49                | 165                           | 158                      |
| Convenio co Concello de Sada                                                                                                                           | 0                 | 1                             | 8                        |
| Convenio Garantía Xuvenil 2018                                                                                                                         | 0                 | 42                            | 0                        |
| Convenio ONCE 2019.                                                                                                                                    | 0                 | 42                            | 109                      |
| Medios propios – Concurso de Lotes: centros dependentes de Traballo                                                                                    | 1                 | 469                           | 1.283                    |
| Medios propios - Convenio de Educación, centros desta Consellería                                                                                      | 1                 | 498                           | 733                      |
| Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo FSE       | 84                | 212                           | 812                      |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                                           | <b>168</b>        | <b>6.565</b>                  | <b>15.452</b>            |

Fonte: Dirección Xeral de Promoción Laboral da Xunta de Galicia

A continuación, enuméranse un conxunto de programas que estiveron en vigor nos últimos anos na administración autonómica e que inciden nos resultados do mercado de traballo xuvenil galego:

- Procedemento de Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (2017)
- Programa de incentivos á contratación indefinida inicial (2017)
- Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos (2016)
- Fomento do contrato para a formación e á aprendizaxe (2015)

- Programa de incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas de longa duración (2020)
- Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación (2019-2020)
- Programa de axudas para a contratación de remudistas (2020)
- Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas (2020)
- Promoción do emprego autónomo (2020)

Nestes dous últimos, que atenden a un colectivo que xa analizamos a súa evolución na primeira parte de este Informe, outórgalle a varios colectivos entre os que se atopan os menores de 30 anos:

Tamén son de interese os Programas mixtos de formación e emprego para maiores de dezoito anos e inscritos e en situación de persoas beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outros programas de interese nos últimos anos, xestionados por diferentes organismos da Xunta de Galicia, que poden contar con mozos e mozas como beneficiarios son os seguintes:

- Emprego xuvenil innovador
- Axudas para a incorporación de novos titulados a actividades de mellora competitiva das empresas (Programa Talento Industria 4.0), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas mozas para a realización de servizos de interese xeral e social. Programa operativo de emprego xuvenil.
- Axudas do Igape para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020
- Axudas para o financiamento de acordos de formación de aprendices en obradoiros artesanais
- Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas traballadoras desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social.
- Programa de axudas para a creación de postos de traballo estables en función do investimento en activo fixo
- Programa de axudas á contratación en Organismos Intermedios
- Programa cheque autónomo seguimos adiante
- Axudas para a organización de accións formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia
- Programa do bono nova oportunidade.
- Axudas para a organización de accións formativas non regradas e de divulgación que impulsen o coñecemento, a competitividade e a innovación da industria forestal de Galicia

- Programa II: Axudas e subvencións ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica-IEBT
- Bono das persoas autónomas.
- Subvención para entidades locais que contraten traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social.
- Subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).
- Programa emprego muller de incentivos á contratación por conta allea e a formación de mulleres desempregadas.
- Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.
- Axudas a persoas traballadoras afectadas por expedientes de suspensión de contratos de traballo por causa de forza maior.

### 7.3 As actuacións de fomento do mercado de traballo xuvenil doutros organismos ou institucións

Acudindo aos apoios da administración central e da autonómica outras institucións ou organismos executan as actuacións previstas no PO antes mencionado para o que tamén aportan en ocasións fondos propios.

Neste sentido, cabo destacar a regulación efectuada en 2018 polo entón Ministerio de Política Territorial e Función Pública destinada aos municipios españois de menor poboación recolleita no Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para o financiamento de proxectos de emprego, autoempleo e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP-POEJ). Os principais organismos executores desta última política son as Deputacións provinciais.

#### *Deputación de A Coruña*

A súa actuación específica neste ámbito canalizar, dentro do **Plan de Emprego Local**, a través da liña creada en 2018, **PEL, Emprego Xuvenil**, que consistía na execución de programas de formación e prácticas polas entidades locais de menos de 50.000 habitantes para a integración sostible dos mozos no mercado de traballo. Céntranse nas TIC e o turismo. O financiamento alcanza 868.695 cunha parte aportada polo FSE.

**PEL Emprego Xuvenil**, está destinada a mozos dos concellos coruñeses de entre 16 e 30 anos que seguen seis itinerarios de formación e prácticas profesionais en empresas da provincia.

Para impulsar o emprego no rural e destinado a municipios con menos de 5.000 habitantes ou de 5.000 a 10.000 con saldo demográfico negativo, esta Institución dentro do PEL aprobou o pasado decembro dúas novas liñas:

**PEL Rurinnova**, dotado de 489.000 euros, para financiar proxectos empresariais innovadores promovidos por persoas menores de 30 anos do rural da provincia. As axudas poderán oscilar entre un mínimo de 4.050 e un máximo de 8.100.000 euros.

**PEL Substitución** co que se pretende contratar a mozos empadroados en concellos da provincia da Coruña de menos de 10.000 habitantes co fin de facilitar a substitución xeracional. Conta cun orzamento de 432.000 euros para incentivar a contratación de persoas menores de 30 anos, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, en empresas implantadas nos concellos da provincia de poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes ou concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes que contén cun saldo demográfico negativo.

As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 2.700 euros e un máximo de 28.500 euros. Os contratos deberán manterse por un mínimo de seis meses, ser indefinidos e de xornada completa. Subvencionarase a contratación baixo a modalidade de contrato indefinido a tempo completo da mocidade desempregada durante un intervalo de 6 meses a 12 meses. Cada empresa ou empregadora poderá efectuar a solicitude de subvención para contratar entre unha e ata cinco acodes mozas traballadoras distintas.

En 2020 o PEL estableceu as seguintes liñas de actuación: **PEL Concellos** (contratación de traballadores para prestar servizos municipais); **PEL Emprende** (apoio á creación de empresas no ámbito local, en particular o apoio “a persoas mozas emprendedores na posta en marcha dá súa idea de negocio a través de incentivos á investimento en bens inventariables necesarios para a realización da actividade da empresa”); **PEL Pemes** (contribuír á inserción laboral das persoas desempregadas, favorecendo ou emprego estable e de calidade a nivel local das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade); **PEL-Financiamento Europeo** (deseño e presentación de candidaturas ás convocatorias dous distintos programas de financiamento da Unión Europea); **PEL-Reactiva** (paliar ou impacto socioeconómico derivado da crise ocasionada polo Covid-19 sobre as microempresas e as persoas profesionais autónomas dous municipios de menos de 50.000 habitantes).

### ***Deputación de Lugo***

Para beneficiarse do xa citado Real Decreto 1234/2018, de 5 de outubro, dispón do **Plan de emprego xuvenil Prende!** e diríxese a menores de 30 anos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, e empadroados nos 58 concellos lucenses de menos de 5.000 habitantes ou de entre 5.000 e 10.000 con saldo demográfico negativo.

Os mozos reciben formación e experiencia laboral nos seguintes sectores: enerxías renovables, turismo, xestión forestal, agricultura e gandería.

A formación durará 4 semanas e o período de prácticas en empresas 8 meses. Aos interesados no emprendemento, a Deputación outorgaralles 5.510 euros para iniciar a súa actividade.

### ***Deputación de Ourense***

No caso dos municipios con menor contía de poboación na provincia de Ourense o proxecto denomínase **EmprendOU-reto demográfico**. O obxectivo é “mellorar nos 82 concellos da provincia de Ourense, que non superan os 10.000 habitantes, os índices de autoemprego e emprendemento, entre mozos de 16 a 30 anos, ofrecéndolles unha axuda económica para que poidan iniciar proxectos”.

A dispoñibilidade orzamentaria para este programa de emprendemento ascende aos 2.025.000 euros, sendo a contía da axuda concedida ás persoas beneficiarias deste Proxecto de 675 euros por cada mes de exercicio efectivo, cun mínimo de 6 meses e un máximo de 12 meses.

### ***Deputación de Pontevedra***

Deputación de Pontevedra deseñou o **Proxecto Millenials. Let's go to work**, dirixido a mozos de entre 18 e 30 anos. Dispón de máis de medio millón de euros. Con sé en Lalín e en colaboración coa Escola de Organización Industrial o programa pon en marcha sete accións formativas de balde.

Tamén, a Deputación dispón dun programa que proporcionar contratos en prácticas a tempo completo denominado O teu primeiro emprego.

En 2020 iniciou o **Programa Labora 2020** é un proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo que pretende “a posta en marcha de itinerarios integrados e personalizados para mellóraa da formación e a empregabilidade das persoas desempregadas, respondendo a necesidades locais xeradoras de emprego nos sectores con maiores oportunidades de crecemento e creación de emprego”. Está destinado entre outros beneficiarios a persoas novas menores de 30 anos non atendidas no **Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ)**

Acolléndose aos apoios prestados por programas estatais ou autonómicos e con fondos propios, os municipios galegos de maior dimensión tamén contan cun amplo conxunto de actuacións de apoio ao emprego xuvenil. En canto aos sete grandes concellos cabo destacar, aínda que non sexa dun modo exhaustivo, o seguinte:

### ***Concello de A Coruña***

Dispón do **Plan Municipal de Emprego Xuvenil**. Dispón desde 2018 a 2020 de 1.440.430,80 euros e abarca medidas en dous ámbitos, como son a formación para o emprego e o emprendemento.

Ademais, a Confederación de Empresarios da Coruña, con financiamento do Concello, puxo en marcha o programa de balde **Plan Laboral CEC Coruña**, cuxo obxectivo é

incentivar o emprego, por conta propia ou allea, dos menores de 30 anos nos municipios da Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros e Cambre.

### ***Concello de Santiago de Compostela***

O Concello de Santiago recibiu unha subvención de 526.000 euros procedentes dos fondos europeos, a través do antigo Ministerio de Emprego, para a posta en marcha dun programa de emprego xuvenil. A esta actuación súmanse as captacións de fondos para o **Plan Mocidade con Emprego** tamén vinculado á incorporación dos mozos e mozas ao mercado laboral.

### ***Concello de Ferrol***

Executa o **Programa Integrado de Emprego do Concello de Ferrol** no que se poñen en práctica accións de diversa natureza entre as que se inclúen aos mozos. Esencialmente é un programa que presta información, orientación e asesoramiento.

Ademais, o Concello de Ferrol, en colaboración coa Asociación de Novos Empresarios (AJE), TIC Ferrolterra e TIC Cofer, elabora un proxecto de emprego xuvenil co que opta a unha liña de subvencións da Xunta de Galicia.

### ***Concello de Lugo***

Dispón de **Empregalia**, plan de emprego que beneficia en torno a 105 mozos inscritos no programa de Garantía Xuvenil. Conta cun orzamento total de 600.000 euros, dos que o Fondo Social Europeo aporta o 91,8% e o Concello o 8,2%. Consta de 7 accións formativas.

### ***Concello de Ourense***

Dispón do programa de emprego xuvenil **Ourense Activa**, dotado cun orzamento de 1,2 millóns de euros e cofinanciado nun 92% polo Fondo Social Europeo

As persoas interesadas deberán estar inscritas como desempañadas no Servizo Público de Emprego de Galicia; estar dadas de alta no sistema de Garantía Xuvenil, ser menores de 30 anos e non estar realizando estudos oficiais nin traballando.

### ***Concello de Vigo***

Xa rematou o programa **Vigo polo Emprego da Xuventude**, xestionado polo Concello de Vigo, dentro das axudas do Fondo Social Europeo no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. A actuación consistía en establecer unha serie de Itinerarios

Integrados de Inserción para as persoas novas na súa contorna de xeito integral, considerando todos os ámbitos que inflúen nos procesos de inserción das persoas (social, laboral, xurídico, participación social, formativo).

Ademais, actualmente no Programa integrado de emprego do Concello de Vigo 2019-2020, de 100 participantes ofertados, 30 prazas diríxense a menores de 30 anos con baixa cualificación e 48 para mozas con cualificación.

Nos restantes municipios de certa dimensión é habitual que desenvolvan plans de fomento do emprego xuvenil cos fondos antes citados: Vilagarcía de Arousa, Lalín, Ribeira, Ames, Narón, entre outros son claros exemplos. Existen ademais programas supramunicipais.

Por outra banda, outras institucións públicas e privadas colaboran na execución dos diferentes programas estatais ou autonómicos. Anteriormente xa se fixo referencia a Asociacións de Empresarios. Ademais, por exemplo, a Fundación Once apoia á Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegá na convocatoria pública de Reforzos da Empregabilidade de persoas novas con trastorno mental, incluído no PO.

Neste contexto é importante o **Plan Integral de Cualificación e Emprego (PICE)** que dispoñen as Cámaras de Comercio de España dentro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. En Galicia desenvólveno todas as Cámaras de Comercio e o programa está destinado a formar, cualificar e inserir aos mozos de entre 16 e 29 anos inscritos no ficheiro Nacional de Garantía Xuvenil, nas Empresas da nosa demarcación.

## 8 Resumo e Conclusións

### Poboación inactiva

- En 2019 había en Galicia 131.098 persoas menos de 16 a 29 anos que en 2008. Ante unha estabilización na contía da poboación galega total, esta caída supoñía que de representar este colectivo ao 18,7% da poboación en idade de traballar pasase ao 13,6% en 2019.
- O número de persoas inactivas de 16 a 24 anos practicamente permaneceu estabilizado entre 2008 e 2019 o que implicou unha progresiva caída na taxa de actividade.
- Nos tres primeiros trimestres de 2020 o número de persoas inactivas situouse no 53,9% da poboación total de 16 a 29 anos, cun aumento tanto do segmento de 16 a 24 anos como da de 25 a 29 anos.
- A maioría das persoas inactivas de 16 a 24 anos están dedicadas exclusivamente á súa formación, sen desexar, polo tanto, participar no mercado laboral. A porcentaxe de persoas inactivas que se declaran estudantes neste segmento de idade superaba o 90% tanto en 2008 como en 2019.
- De entre as persoas inactivas máis novas (entre 16 a 24 anos) que non estudan en Galicia, a actividade que declaran como a máis determinante é a realización dos labores domésticas (inclúense ás que teñen responsabilidades persoais ou que coidan a familiares dependentes) e iso verifícase tanto en homes como en mulleres.
- O grupo de mozos e mozas que nin estuda nin traballa e que está en condicións de incorporarse rapidamente ao mercado de traballo oscilou na pasada década entre o 1,4% das persoas inactivas totais en 2017 e 2019 e o 2,6% en 2015 (3.500 mozos/as). Este grupo ten que ser o principal obxectivo das políticas activas de emprego que faciliten a súa incorporación ao mercado laboral.
- As diferenzas por sexo en canto ás persoas activas potenciais desanimadas son notables no conxunto da poboación total inactiva galega. En 2010, as mulleres desanimadas galegas triplicaban, en número, aos homes o non se corrixiu conforme avanzou a década, de tal modo que en 2019 aínda se duplicaba. En 2020 coa pandemia non se modificou esta situación.
- Unha ampla maioría de persoas inactivas de entre 16 a 29 anos está cursando estudos sen traballar e sen experiencia laboral previa. No colectivo de persoas inactivas que non estaban estudando, obsérvase un cambio entre 2010 e 2019, xa que, mentres en 2010 primaba o colectivo de xente moza que traballou anteriormente e non cursaba estudos, en 2019 predominaban máis os mozos e mozas que nin traballaron algunha vez nin realizaban estudos.
- No grupo de 25 a 29 anos, idade na que habitualmente xa se remataron os estudos universitarios ou a formación profesional, cabe destacar, por un lado, o peso elevado dos estudantes (en 2019, o 55,8%) e, polo outro, vese que os que teñen unha experiencia laboral previa e non cursa estudos superan aos que non a teñen.

### Poboación activa

- O descenso da taxa de actividade xuvenil en Galicia (16 a 29 anos) de 10,5 puntos en tan só nove anos (de 2010 a 2019) evidencia que, nun contexto demográfico descendente, as persoas novas galegas optaron, cada vez en maior medida, por permanecer fora do mercado de traballo.
- A sensible caída na taxa de actividade na primavera de 2020, tanto en Galicia como é España, debeuse á contabilización como persoas inactivas aos parados e paradas que deixaron de buscar emprego ante a situación de confinamento e de sucesivos estados de alarma.
- Mentres en 2008, de cada 100 mozos/as de 16 a 24 anos, case 50 desexaban estar no mercado de traballo, en 2019 ese desexo tan só mostrábanos 29 mozos/as.
- Ante a perda de activos xuvenís, o peso relativo do grupo de 34 a 64 anos sobre o de 16 a 64 pasou do 78,2% en 2008 ao 87,8% en 2019, porcentaxes que colocan, pola súa falta de efectivos, nun lugar un tanto marxinal ao mercado xuvenil e, en especial, aos de 16 a 24 anos.
- En 2008 a diferenza da taxa de actividade de os homes e da mulleres entre 16 a 24 anos era de 13,8 puntos. En 2012 a diferenza reduciuse a 2,5 puntos, e todo apuntaba a que en poucos anos estas dúas taxas coincidirían, pero non foi así xa que, coa recuperación, tanto a taxa masculina como a feminina foron descendendo e, nos últimos anos, esta caída intensificouse no caso das mulleres.

---

### A ocupación

- Os resultados da ocupación mostran que a crise destruíu unha cantidade inxente de emprego xuvenil. De 2008 a 2014 pasouse de 241.599 persoas ocupadas a 118.336, cunha traxectoria moi descendente e cunha destrución de emprego cada ano, en promedio, do 11,2%. A partir de 2015, se ben conseguiu frear a redución na ocupación, o mercado mantívose estable e foi incapaz de recuperar o perdido nos anos da crise. Desde 2015 a 2019 o crecemento promedio foi de tan só un 0,9%.
- Os resultados sobre ocupación nos tres primeiros trimestres de 2020 volven poñer de manifesto que os mozos e mozas son, de novo, o colectivo máis vulnerable nesta nova crise, motivada pola situación sanitaria. A utilización do instrumento dos ERTes agrandou a brecha xa existente entre as persoas ocupadas máis novas con respecto ás de maior idade, ao non alcanzar a todos os colectivos de igual xeito. A porcentaxe de ocupados e ocupadas que no segundo trimestre de 2020 traballaron ou menos horas das habituais ou ningunha representaba en torno ao 34% das persoas traballadoras de 16 a 29 anos, cando no grupo de 30 a 64 anos alcanzaba ao 25%.
- En 2018, o grupo de 30 a 64 anos recuperou a taxa de emprego existente en 2008, e en 2019 e nos nove primeiros meses de 2020 conseguía incrementala situándoa no 70,2%. Nas persoas mozas (ata 29 anos) a taxa de emprego descendeu 19,6 puntos de 2008 ao terceiro trimestre de 2020.

- Os resultados de 2019, no grupo de 25 a 29 anos, mostran unha situación diferente á de fai 12 anos. A taxa de emprego en 2008 era case 8 puntos máis alta que a do grupo de 30 a 64 anos. Os últimos datos mostran como a taxa de emprego deste último colectivo supera en case 9 puntos á de 25 a 29 anos.
- Mentres no grupo de mozos/as de 16 a 29 anos estaban ocupados 34 persoas por cada 100 habitantes nos tres primeiros trimestres 2020, no colectivo de 30 a 64 anos esta relación era de 70/100.
- A traxectoria trimestral da taxa de emprego no grupo de 25 a 29 anos é máis volátil en Galicia que en España nos meses de verán. Isto suxire unha estacionalidade na contratación, máis acentuada en Galicia, a pesar do menor peso relativo, que no doutras comunidades autónomas españolas, das actividades vinculadas co turismo.
- As variacións trimestrais nas taxas de emprego nas dúas taxas xuvenís (de 16 a 24 anos e de 25 a 29 anos) non se aprecian coa mesma intensidade no colectivo de 30 e máis anos. Iso é o froito da repercusión do peso da contratación temporal na xente moza, cunhas relacións laborais diferentes ás existentes nas persoas ocupadas de maior idade.
- Na caída dun terzo da ocupación xuvenil entre 2010 e 2015 contribuíron, en maior ou menor medida, todos os grandes sectores económicos. Coa paulatina recuperación da economía galega, o máis notable e positivo foi a recuperación do emprego industrial xuvenil de 2015 a 2019, se ben persistiu a especialización en servizos.
- A ocupación das persoas mozas galegas nos servizos excedía o 71% en 2019, cos riscos inherentes de que a ocupación xuvenil tenda a concentrarse nas ramas de servizos non especializadas. O peso relativo dos servizos é máis elevado na ocupación xuvenil que na total.
- No sector terciario, no grupo de 16 a 29 anos, predomina maioritariamente a ocupación de mulleres. Iso contraponse á masculinización dos tres sectores restantes.
- En 2020, case a metade das persoas traballadoras xuvenís cun emprego teñen educación superior, mentres que o nivel máximo da formación do 30% dos ocupados e ocupadas é educación secundaria de segunda etapa.
- No grupo de 25 a 29 anos predomina a persoa ocupada con educación superior. No período 2014-2019 resentíuse o emprego daquelas persoas que contan con formación secundaria de primeira etapa, mentres se mantivo estabilizado o número de xente contratada con educación secundaria de segunda etapa. O incremento dun 17,5% do emprego de persoas traballadoras con educación superior suxire que as diferenzas entre os colectivos agrandaranse nos próximos anos.
- A taxa de emprego do colectivo xuvenil con educación superior duplicou á das persoas mozas con educación secundaria de primeira e segunda etapa e foi catro veces maior que a de quen non alcanzou estes niveis formativos. Obsérvase que 2 de cada 3 persoas mozas galegas con educación secundaria de segunda etapa ou están paradas ou son inactivas, proporción que aumenta a 3 de cada 4 para as persoas mozas con educación secundaria de primeira etapa e a 4 de cada 5 ás que teñen estudos primarios.

- No grupo de persoas mozas xa con educación superior de 16 a 24 anos, aínda que se incrementou a taxa de emprego no período de 2014 a 2019, non superaba o 45% en 2019. A do colectivo de entre 25 a 29 anos era dun 69,9%. A fenda de case 25 puntos, evidencia as dificultades do colectivo máis novo, xa titulado, de lograr unha ocupación.
- A taxa de emprego que experimentou a maior caída durante os primeiros trimestres da crise sanitaria foi a das persoas mozas con educación secundaria de primeira etapa, o que confirma a súa maior vulnerabilidade.
- Por sexos, sobresaí o notable predominio nas mulleres ocupadas que contan con educación superior sobre o resto de mulleres, peso relativo que, do mesmo xeito que as que dispoñen da educación secundaria de segunda etapa, incrementouse nos últimos anos a costa da educación secundaria de primeira etapa.
- Mentres o número de persoas asalariadas de 30 ou máis anos apenas variou de 2008 a 2011 e de feito incrementouse nun 0,4%, neste curto período prescindíuse de 1 de cada 3 persoas traballadoras asalariadas de 16 a 29 anos. Xa en 2019, con relación a 2008, o emprego asalariado de máis idade aumentou un 7,9% mentres que o máis novo caeu nun 51,6% para o colectivo de 16 a 24 anos e o 45,3% para o de 25 a 29 anos. Estes datos mostran que persoas mozas foron o colectivo máis vulnerable na pasada crise.
- As porcentaxes mostradas anteriormente mostran o pouco éxito de calquera iniciativa de política activa destinada á empregabilidade dos mozos e mozas. Esta traxectoria está causando un notable envellecemento das plantillas. De contar estas, en 2008, cun promedio de 3 persoas asalariadas con menos de 30 anos por cada 10 de entre 16 e 64 anos, en 2019 pasouse a tan só 1,3 persoas asalariadas.
- A contratación máis habitual das persoas máis novas é mediante un contrato temporal, mentres nas persoas traballadoras de maior idade (de 30 a 64 anos) predomina a contratación indefinida.
- Unha das primeiras consecuencias co inicio da crise en 2008 foi o descenso na taxa de temporalidade en todos os segmentos de idade. Esta redución, foi especialmente intensa nas persoas traballadoras de 16 a 29 anos. Coa recuperación volveuse de novo a recorrer aos contratos temporais, especialmente como forma de contratación das persoas mozas de tal modo que a taxa de temporalidade dos asalariados e asalariadas de entre 16 e 24 anos xa se situou en 2019 no 75% (8,8 puntos máis alta que en 2008) e a de 26 a 29 anos no 53,2% (6,2 puntos máis elevada). A fenda, con respecto ás persoas asalariadas de 30 a 64 anos, agrandouse.
- A traxectoria desde 2008 da taxa de temporalidade, tanto no colectivo de 16 a 24 anos como no de 25 a 29 anos, foi similar para homes e mulleres.
- A taxa de tempo parcial apenas variou no grupo de 30 a 64 anos desde 2008, mostrando ao longo destes últimos anos una certa estabilidade. No grupo de persoas mozas presenta un comportamento máis volátil, sendo máis elevadas e con maior incidencia da estacionalidade.
- O grupo máis prexudicado na contratación a tempo parcial é o de entre 25 e 29 anos. Son a porcentaxe máis elevada das persoas traballadoras que declaran que son falsos tempos parciais. Este último colectivo, representaba ao 86,4% no terceiro trimestre de 2014, ou sexa, case a súa totalidade. Coa recuperación e a

melloría do mercado de traballo foi descendendo este número de persoas decepcionadas para de novo medrar en 2019.

- Desde 2008 a 2020, Galicia perdeu un terzo da poboación xuvenil en idade de traballar e a metade das persoas afiliadas do grupo máis novo á Seguridade Social. En termos absolutos pasouse de contar con 213.824 persoas afiliadas en 2008 (en media mensual) a 107.265 en 2020 (en media mensual ata setembro) . Todo apunta a que han de pasar moitos anos para volver alcanzar as cifras de 2008.
- En promedio anual, entre 2008 a 2020 o descenso da poboación foi do 3% fronte ao 5,6% das afiliacións xuvenís. En 2008 a porcentaxe de afiliados e afiliadas novas sobre a poboación foi do 46,6% e en 2020 (ata setembro) do 33,5%, o que supón unha caída de 13,1 puntos.
- Nos anos de crises, todos os réximes da Seguridade Social experimentaron descensos nos seus traballadores e traballadoras novas, sendo especialmente intensa a do réxime xeral que caeu de 2008 a 2013, en media anual de cada ano, o 12,5%. Menor foi o impacto no réxime autónomo, cuxa caída media foi aproximadamente a metade que a do réxime xeral. Nos anos de recuperación as persoas traballadoras novas por conta allea mantiveron relativamente estabilizada a súa participación no mercado de traballo, mentres nos autónomos e autónomas persistiron as mesmas perdas que nos anos de crises.
- En 2019, o réxime xeral, excluídos as persoas traballadoras por conta allea do sector agrario e os do fogar, absorbía o 87,8% das afiliacións totais de 16 a 29 anos mentres o réxime de persoas autónomas representaba o 9,2%. Coa suma de ambos se alcanzaría o 97%.
- Considerando o número de contratos iniciais asinados por persoas mozas e de maior idade de 2012 a 2019 apréciase a dualidade existente. A maioría dos contratos iniciais asinados foron temporais. En 2019, con 67.802 traballadores e traballadoras temporais mozos asináronse un total de 358.783 novos contratos. A proporción foi de 5,3 a 1. Estas proporcións para o grupo de 30 e máis anos era de 4,3 a 1, un punto inferior.
- Nos contratos destinados máis especificamente a poboación moza, predominaban en 2008 os contratos de formación sobre os de prácticas, pero en 2019 o resultado foi o contrario.

---

## O desemprego

- O número de persoas ocupadas de idade comprendida entre 16 a 29 anos pasou de 241.599 en 2008 a 122.326 en 2019 e o de persoas paradas estimadas pola EPA facíao de 41.634 a 32.422 persoas. A traxectoria, desde 2008 na evolución do número de persoas paradas, seguiu unha tendencia moi similar á dos de 30 a 64 anos. A caída máis brusca en ambos colectivos foi en 2009 e posteriormente proseguíu un aumento sistemático no número de persoas paradas ata 2013 para os mozos e mozas e 2014 para as persoas de maior idade. A partir de aí, observouse un descenso ininterrompido ata 2019,

- En 2008 o número de persoas paradas máis novas superaba ao de 25 a 29 anos e en 2019 ocorría o contrario.
- Aprécianse diferenzas elevadas entre o paro estimado a través da EPA fronte ao paro rexistrado publicado polo SEPE, o que non debe estrañar ante as metodoloxías de contabilización tan distintas que se aplican en cada caso.
- As diferenzas na taxa de paro xuvenil de menores de 25 anos son moi acusadas na Unión Europea, xa que mentres que en Alemaña e a República Checa non superan o 6%, en Grecia, Italia e España superan o 30% e a taxa galega está próxima a esta última porcentaxe.
- Desde 2012 a 2016 as taxas de paro estimadas en Galicia subiron do 40% (case o 50% en 2013) no colectivo de 16 a 24 anos, mentres que superaron o 30% no bienio 2013-2014 no grupo de 25 a 29 anos. Cando as taxas alcanzadas nos últimos anos insinuaban que, aínda que lentamente, podían irse aproximando ás de 2008, a crise sanitaria freou bruscamente esta recuperación xa que a taxa dos tres primeiros trimestres de 2020 anticipa un retorno á dos peores anos da crise.
- Na evolución trimestral das taxas de paro obsérvase a evolución cíclica seguida desde 2008. Esta variable nas persoas mozas é volátil e estacional xa que é nos meses de verán onde se alcanzan os valores máis baixos de cada ano.
- Desde 2008, non se constatan grandes diferenzas entre as taxas de desemprego masculinas e femininas, tanto no colectivo de 16 a 24 anos como no de 25 a 29.
- A taxa relativa de desemprego xuvenil, de 16 a 29 anos fronte ao grupo de 30 a 64 anos, mostra unha diferenza estrutural entre as dúas taxa de paro que non se corrixe nin en épocas de crises nin nas de recuperación.
- O índice de desemprego xuvenil relativo de 16 a 29 anos presenta unha traxectoria claramente descendente de 2008 a 2019 acorde á particular evolución no número de persoas paradas e tamén polo efecto da crise demográfica nos diferentes colectivos.
- En 2019, o 28,4% dos parados e paradas do grupo de 16 a 29 anos non tiña experiencia laboral previa. En contraste, a práctica totalidade do grupo de 30 a 64 anos xa tivera algunha experiencia.
- O peso relativo das persoas paradas xuvenís por nivel formativo mudou desde 2014. Si nese ano o prototipo de persoa desempregada entre 16 a 29 anos era unha persoa cun nivel formativo que non superara a educación secundaria na primeira etapa, en 2019 este prototipo mudou cara aos desempregados e desempregadas con educación secundaria de segunda etapa ou superior. Xa nos tres primeiros trimestres de 2020, o maior número de persoas paradas xuvenís concéntrase no colectivo que posúe educación superior.
- En 2014, a taxa de paro xuvenil de 16 a 29 anos, un 38%, alcanzaba o máximo no grupo de estudos primarios (52,2%) e o mínimo na educación superior (30,5%). En 2019, a taxa total de desemprego xuvenil reduciuse en 17 puntos, coa de educación superior no 16,5%, aínda a 10,2 puntos da taxa de paro dos de máis de 29 anos que para ese nivel formativo.
- As persoas paradas de 16 a 29 anos en Galicia que contan con formación superior roldaba en torno ao 30% do total de 2014 a 2018. Esta porcentaxe é máis alta nas mulleres que nos homes. En 2019, había un número moi parecido de homes e mulleres en desemprego (5.400 homes e 5.600 mulleres) e a taxa de paro

masculina, un 17,4 % superaba en dous puntos á feminina, un 15,4% debido a unha ocupación de 30.700 mulleres fronte a 25.600 homes.

- As mulleres contan con ocupacións máis vulnerables que a dos homes na crise actual. Do terceiro trimestre de 2019 ao mesmo de 2020, o emprego masculino xuvenil diminuíu en 1.200 persoas e o das mulleres facíao en 4.500.
- No mercado xuvenil, das 20.700 persoas paradas que levaban buscando máis de dous anos emprego en 2014 (cun efecto embolsamento producido na crise) pasouse a 4.900 en 2019, o que é unha boa noticia, á marxe dos posibles abandonos por parte das persoas desanimadas ou o cambio a outro grupo de idade. Tamén é un dato favorable o feito de que descendese de 17.600 en 2013 a 4.300 en 2019, o número de traballadores e traballadoras que levaban entre un e dous anos buscando emprego.
- Ata marzo de 2020 o traxectoria das persoas demandantes de emprego non paradas seguían as pautas esperadas con respecto aos resultados dos últimos anos. A partir de abril as diferenzas con marzo dispáranse. Este colectivo, debido a entrada de traballadores en ERTE, adquire un peso moi elevado que xa supera, en todos os grupos de idade, ao do paro rexistrado.
- Un feito diferenciado das persoas beneficiarias pola prestacións por desemprego do grupo de persoas mozas con respecto ao colectivo de 30 a 64 anos é que mentres naqueles priman os beneficiados e beneficiadas con prestacións contributivas, no grupo de máis idade faíno os subsidios por desemprego.
- A taxa de cobertura das prestacións de desemprego son máis baixas nas persoas mozas que nos adultos. En 2019, a taxa dos de 30 e máis anos practicamente dobra á de 16 a 29 anos, o que sen dúbida é un obstáculo máis para lograr para que os/as mozos/as de hoxe poidan afrontar o futuro con máis optimismo.

### A inserción laboral

- A inserción laboral da xente nova constitúe un dos obxectivos básicos da Estratexia Educación e Formación 2020 da Unión Europea, establecendo indicadores que serven de referencia no noso estudo, centrado na inserción laboral nos anos recentes, dos titulados e tituladas universitarios e das persoas graduadas das diferentes modalidades da Formación Profesional
- Todos os indicadores de inserción analizados (emprego, tipo de contrato, desemprego, salarios, etc.) mostran diferenzas importantes cando desagregamos as cohortes analizadas por sexo, ámbito de estudo, ocupación ou rama de actividade.
- A inserción laboral dos graduados e graduadas do Sistema Universitario de Galicia, aproximada pola porcentaxe dos que se atopan traballando en 2019 (tendo finalizado os estudos de Grado en 2014) foi do 83,3%, lixeiramente inferior a do conxunto do Estado.
- Existen diferenzas de máis de 20 puntos porcentuais na inserción en termos de emprego, por ámbitos de estudo, no intervalo 70-90%.
- Esas diferenzas se reflexan tamén nas cifras de desemprego por ámbitos de estudo e por sexo. As mulleres, que superan claramente aos homes no número

de persoas graduadas universitarias, teñen un maior peso relativo en termos de desemprego.

- Segundo o tipo de contrato (fixo ou temporal, tempo completo ou tempo parcial) existen tamén diferenzas importantes por ámbitos de estudo.
- Por categorías ocupacionais, o peso relativo das mulleres, que representan o 61% das persoas graduadas traballando, supera ao dos homes en tódalas ocupacións relevantes, excepto na de Directores e Xerentes.
- Forte concentración do emprego feminino nun reducido número de actividades, a maioría delas do sector Servizos.
- Elevada rotación das persoas graduados, medida polo número de empregadores e empregadoras para os que traballaron entre 2014 e 2019.
- Varios indicadores complementarios sinalan a falta de adecuación de moitos dos perfís educativos coas cualificacións requiridas polas empresas.
- Catro anos despois de finalizar os estudos a metade das persoas graduadas tiña un salario inferior aos 1500 euros mensuais. De novo, hai diferenzas importantes por ámbitos de estudo.
- O peso relativo das mulleres en paro duplica ao dos homes. Un terzo das persoas graduadas universitarias tarda máis dun ano en atopar o primeiro emprego.
- Entre as vías de busca de emprego, destaca o papel crecente de internet e se mantén o escaso papel xogado polos servizos públicos de emprego.
- A inserción laboral das persoas graduadas universitarias que realizaron un Máster é algo máis elevada (o 88% atopábase traballando en 2019) que a das que fixeron estudos de Grado.
- As diferenzas xa mencionadas dos diferentes indicadores de inserción, segundo sexo, ámbito de estudo, ocupación ou rama de actividade, xa comentadas para o caso das persoas graduadas, reproducense dun xeito moi parecido para os Másteres.
- A inserción laboral nas diferentes modalidades da Formación Profesional, aproximada pola porcentaxe de graduados e graduadas traballando tres ou catro anos despois de finalizar os estudos, é inferior á das persoas tituladas universitarias.
- A inserción laboral en termos de emprego sitúase entre o 61 e o 65% nos Ciclos Formativos de Grado Medio e Grado Superior, mentres que a Formación Profesional Básica soamente alcanza un 39%.
- Comparando estas porcentaxes co obxectivo de inserción fixado na Estratexia Educación e Formación 2020 da Unión Europea, aínda queda un longo camiño por percorrer.
- As diferenzas observadas nas outras características da inserción laboral no caso da Formación Profesional (sexo, tipo de contrato, ocupación, sector de actividade, etc.) presenta bastantes similitudes (en termos cualitativos, non cuantitativos) coas descritas no caso dos titulados universitarios.

### **Distribución territorial do emprego e desemprego**

- A taxa de paro dos traballadores e traballadoras entre 16 e 29 anos aumenta do 2019 ao 2020 de maneira importante en practicamente todas as comarcas

galegas, o que mostra que os efectos do COVID-19 se estenden por todo o territorio, aínda que con distinta intensidade.

- Os resultados da análise da taxa de desemprego xuvenil indica que os efectos sobre o mercado laboral da crise derivada do COVID-19 está afectando a todas das comarcas galegas, sobre todo no mercado laboral xuvenil feminino, aínda que con menor intensidade en aquelas comarcas que dependen en maior medida do sector agrario. Concretamente, en A Ulloa, Meira, Chantada e a Terra Chá o peso dos afiliados a este réxime é superior ao 3% do total de afiliación.
- En xeral, a taxa de desemprego das mulleres de 16 a 29 anos en 2019 era superior a dos homes da mesma idade en todas as comarcas galegas. A situación no mercado laboral das mulleres novas relativa aos homes empeorou aínda máis coa crise do COVID-19, e no 2020 o 68% das comarcas a taxa de desemprego xuvenil feminina supera o 18%, e delas, Verín, Ourense, Ferrol e A Mariña Oriental, taxa é superior ao 25%. A incidencia é moi alta e afecta as catro provincias galega, aínda que novamente zona rural de Lugo mostras unas taxas relativamente menores.
- Esta análise a nivel comarcal mostra as diferenzas entre subáreas e a súa evolución recente nas dinámicas de emprego das persoas traballadoras máis novas. Os datos suxiren que efectivamente as persoas de 16 a 29 anos están sendo máis afectadas pola crise actual derivada do COVID-19 en comparación coas persoas traballadoras de 30 e máis anos tanto para homes como para mulleres.

### Segregación sectorial do emprego xuvenil

- Aínda que o peso da xente nova no mercado laboral é inferior ás persoas maiores de 30, nalgúns sectores o peso do emprego xuvenil é moi elevado, como ocorre nas actividades deportivas (dun 18% para cada un dos grupos tanto homes como mulleres), seguido dos servizos de hostalería (que conforman os servizos de comidas e bebidas e os de aloxamento, CNAE 55 e 56) e a venda e reparación de vehículos.
- Observando as diferenzas entre mulleres e homes nas actividades económicas, en xeral os homes, e en particular os de 30 e máis anos, distribúense dun xeito máis uniforme que as mulleres. De todos xeitos, destacan o peso das persoas traballadoras entre 16 e 29 anos no sector da restauración, mentres que o grupo de 30 e máis anos están en maior proporcións nas actividades relacionadas coa construción, transporte e Administracións Públicas. No caso das mulleres obsérvase unha maior especialización nalgúns actividades, e polo tanto menor diversidade. As diferenzas por idade son máis notables, cun número máis elevado de persoas traballadoras no comercio ao retalho e na restauración, mentres que as maiores están máis presentes nas Administracións Públicas e no traballo doméstico. Esta última actividade presenta case unha especialización total das mulleres (98% sobre o total de persoas empregadas no sector).
- Os índices de disimilitude mostran valores superiores ao 20% para todos os pares de subgrupos, confirmando que os traballadores e traballadoras están concentrados en diferentes sectores dependendo da súa idade e sexo. O índice

for particularmente alto para os homes de 16 e 29 anos relativos a mulleres de 16 e 29 anos, aínda que diminuíu en máis de 10 puntos porcentuais. Polo contrario, o índice de disimilitude de homes de 16-29 anos versus os homes maiores de 30 anos estívese incrementando dende 2012, significando que as estruturas dos homes maiores e menores de 30 anos se están volvendo máis e máis distintas a través do tempo.

### Descomposición das dinámicas do emprego xuvenil

- Os resultados da descomposición mostran que os/as persoas traballadoras mozas (16-29 anos) empregáronse como "amortecedor" na economía galega: despedidos durante as recesións e contratados durante a crise COVID-19 non foi unha excepción. Isto significa que o uso dunha política sectorial para reducir os efectos no emprego de COVID-19 nos grupos xuvenís pode aliviar os efectos pero non resolve o problema.
- Unha das razóns que hai detrás da posibilidade de empregar o persoas novas como reserva de emprego pode ser a elevada cota de traballadores novos que ocupan empregos temporais en comparación coa media europea. De feito, parece que a medida dos ERTes protexeu menos emprego xuvenil que os empregos de traballadores e traballadoras maiores de 30 anos xa que os seus contratos non se renovaron a finais de febreiro ou principios de marzo, é dicir, antes de que tivese lugar o ERTE.
- Os efectos sobre o feito de utilizar á mocidade como reserva de emprego foron compensadores durante a Gran Recesión por efectos de segregación, especialmente para as mulleres, é dicir, xa que a primeira etapa da Gran Recesión afectou principalmente ao sector da construción, sobrerrepresentado por homes, as mulleres perderon menos emprego. Este efecto sectorial funciona na dirección oposta durante o COVID-19; os sectores máis afectados están máis representados por mulleres e persoas traballadoras novas. Así, as políticas para recuperar o emprego dos sectores máis afectados pola pandemia tamén axudarán a recuperar o emprego feminino e xuvenil.
- Se non é factible recuperar o emprego dos sectores máis danados pola pandemia COVID-19, a política debería identificar as habilidades dos grupos máis afectados e intentar axudalos a incorporarse a outro sector con habilidades similares onde o emprego pode ter crecido ou crecerá a curto prazo (Anghel, Lacuesta e Regil, 2020).
- Pola contra, o grupo demográfico de 30 ou máis anos está comportándose de acordo coa hipótese da substitución, é dicir, dado que os traballadores máis novos perderon o seu emprego nunha proporción maior que os maiores de 30 anos, a proporción de persoas maiores de 30 anos está crescendo durante as recesións e as persoas traballadoras máis novas substituídas. Isto é particularmente certo durante a pandemia COVID-19, xa que como mencionamos antes o ERTes protexían en maior medida ao grupo de maiores que ás persoas traballadoras novas e algunhas xa estaban no paro cando tivo lugar o ERTE. Non obstante, dentro do grupo de 30 anos tamén hai diferenzas importantes entre homes e mulleres. A segregación sectorial adoitaba protexer o emprego das mulleres nas recesións, xa que estaban máis concentradas nos sectores de servizos que logo

serían máis volátiles durante os ciclos comerciais. Pola contra, para a crise en curso a situación invértese e os sectores máis afectados polo COVID-19 son onde se concentran as mulleres (e a mocidade como vimos antes).

- Cando asumimos que o ERTE nunca tivo lugar e que todo o mundo traballaba 0 horas onde realmente estabamos no paro, o efecto do peche sería enorme para todos os grupos demográficos, especialmente no segundo trimestre. O resto dos efectos que acabamos de describir para cada grupo serán os mesmos, aínda que cunha magnitude relativamente inferior, en comparación coa enorme perda de emprego de ERTE.

### Transferencias de competencias

- Os sectores que máis emprego perderon durante o segundo e o terceiro trimestre de 2020 son diferentes para as novas e os novos. Os homes de 16 a 29 anos perderon máis emprego nos sectores de servizos de comidas e bebidas, comercio por xunto, venda e reparación vehículos de motor e metalurxia e produtos metálicos mentres que a perda traballos entre as novas se produciu nos sectores de comercio ao retallo, actividades deportivas, servizos de comidas e bebidas e servizos de aloxamento.
- Ao mesmo tempo, non hai moitos sectores que tiveran crecemento do emprego durante o COVID-19 e polo tanto poucos son susceptibles de recibir traballadores e traballadoras doutros sectores (Enerxía, industrias extractivas, actividades domésticas, investigación, moble) . Non obstante, ademais temos en conta os sectores con potencial crecemento a curto prazo como son transporte, loxística, reparación de vehículos, as actividades relacionadas coa información e comunicación (venda e reparación de ordenadores).
- As actividades que perderon máis emprego son os Servizos de comidas e bebidas e o Comercio ao retallo, polo que se analiza a transferencia de traballadores para estes dous casos.
- Os únicos sectores susceptibles de absorber persoas traballadoras novas dende os Servizos de comidas e bebidas serían as Actividades domésticas e as industrias extractivas, e no caso dos traballadores máis maiores o sector da Enerxía, auga e reciclaxe.
- No caso do Comercio ao retallo, o único sector con crecemento de emprego xuvenil é o Transporte, mentres que para o grupo de maiores é novamente o sector da Enerxía, auga e reciclaxe.
- Isto supón, que se necesita un esforzo para a adaptación de habilidades das persoas traballadoras que perderon o emprego a sectores de potencial crecemento.

## 9 Bibliografía

ACSUG, 2018. Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia, 2013-14.

Arrazola, M, Galán, S., Hevia, J. De, 2018. Desempleo juvenil en España: situación, consecuencias e impacto sobre la vida laboral de los adultos. *Papeles de Economía Española*, Nº 156, *Los problemas del mercado de trabajo y las reformas pendientes*. ISSN: 0210-9107. Madrid.

Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF). Evaluación del Gasto Público, 2018. Proyecto 3 (PAE). Estudio Programa Políticas Activas de Empleo. Madrid.

Ballesteros Doncel, Esmeralda, and Maira Vida, María del Mar, 2019. "Explorando las barreras de la segregación ocupacional. Un estudio comparativo entre mujeres maquinistas de tren y mecánicas de vehículos de automoción." *Cuadernos de Relaciones Laborales*. doi:10.5209/crla.63822.

Banco de España, 2020. "Escenarios macroeconómicos de referencia para la economía española tras el Covid-19. Artículos Analíticos. Boletín Económico, Vol. 2, p. 33.

Bianchi, Suzanne M., 2001. Gender issues: What is equality and how do we get there? Vol. 19. doi:10.1007/s12147-001-0012-y.

Blackburn, Robert M, and Jennifer Jarman, 2005. "Segregation and Inequality." *Exposure*.

Caliendo, M. And Schmidl, R., 2016. "Youth unemployment and active labor market policies in Europe", *IZA Journal of Labor Policy*.

Cebrián, I. e Moreno. G., 2018. Desigualdades de género en el mercado laboral, Brechas de género. *Panorama Social*, nº 27, pp.47-63. Funcas. Madrid.

Consello Económico y Social (CES) España, 2020. Jóvenes y Mercado de Trabajo en España. Informe 02/2020.

Deutsch, Joseph, Yves Flückiger, and Jacques Silber, 1994. "Measuring Occupational Segregation. Summary Statistics and the Impact of Classification Errors and Aggregation." *Journal of Econometrics*. doi:10.1016/0304-4076(94)90080-9.

Dudley, Otis; Duncan, Beverly, 1955. "Residential Distribution and Occupational Stratification Author ( s ): Otis Dudley Duncan and Beverly Duncan Published by : The University of Chicago Press Stable URL : <http://www.jstor.org/stable/2772537>." *American Journal of Sociology*.

Garazi Azanza Martínez de Luco e Garbiñe Henry Moreno, 2016. "Políticas de empleo dirigidas a la juventud: identificación de buenas prácticas europeas para su aplicación regional o local". DEUSTO Social Impact Briefings No. 1.

Humphries J., 1988. Rev. 2012. "Women's Employment in Restructuring America: the Changing Experience of Women in Three Recessions." In *Women and Recession*. J. Rubery (ed). Routledge and Kegan Paul, 100–132.

ILO, 2020. Preventing exclusion from the labour market: Tackling the Covid-19 youth employment crisis. Policy Brief, May.

ILO, 2020, Global Employment Trends for Youth .

INE, 2020 Encuesta de inserción laboral de titulados universitarios. Año 2019.

INE, 2020 Encuesta de transición educativa-formativa e inserción laboral.

Karmel, Tom; MacLachlan, Maureen, 1988. "Occupational Sex Segregation-Increasing or Decreasing?" *The Economic Record*.

Martínez, N., López Martínez C.M., e Riquelme Perea, P., 2010. "La Segregación Ocupacional entre Hombres y Mujeres: Teorías Explicativas y Análisis de su Evolución Reciente en España." *Proyecto Social: Revista de Relaciones Laborales*.

Ministerio de Educación e Formación Profesional, Inserción laboral de los graduados en enseñanzas de Formación Profesional

Ministerio de Trabajo y Economía Social, Secretaría de Estado de Empleo y Economía Social, Subdirección General de Estadística y Análisis Sociolaboral, 2020. Informe jóvenes y mercado de trabajo. Junio 2020. NIPO: 117-20-018-2. Madrid.

OCDE, 2020. Youth and COVID-19: Response, recovery and resilience. OCDE Policy Responses to Coronavirus (COVID-19).

Rubery, J. (Ed.), 2010. *Women and Recession (Routledge Revivals)*. Routledge.

Sanmartín, A., Ballesteros, J.C., Calderón, D., Kuric, S., 2020. De puertas adentro y de pantallas afuera. Jóvenes en confinamiento. Madrid. Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud, Fad.DOI: 10.5281/zenodo.4054836.

Semuonov, Moshe, and Frank L Jones., 1999. "Dimensions of Gender Occupational Differentiation in Segregation and Inequality: A Cross-National Analysis." *Social Indicators Research*. doi:10.1023/A:1006839220017.

Servicio Estatal Público de Empleo, 2019. Plan de choque por el empleo joven 2019-2021. NIPO PDF: 858-19-015-8.

Servicio Público de Empleo Estatal, 2020. Informe del Mercado de Trabajo de los Jóvenes. Datos 2019 Condesa de Venadito, 9. 2802. Madrid

**URLs:**

<https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/estadisticas.html>

[https://www.ige.eu/web/mostrar\\_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0204](https://www.ige.eu/web/mostrar_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0204)

[https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica\\_P&cid=1254735976595](https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254735976595)

<http://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/EstadisticasPresupuestosEstudios/Estadisticas>

[http://www.mitramiss.gob.es/es/sec\\_trabajo/analisismercado-trabajo/jovenes/numeros/index.htm](http://www.mitramiss.gob.es/es/sec_trabajo/analisismercado-trabajo/jovenes/numeros/index.htm)

<https://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/programas-operativos-2014-2020/po-fse-emprego-xuvenil-2014-2020#>

<https://www.ine.es/inebaseDYN/epa30308/docs/resumetepa.pdf>

<https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/estadisticas/datos-avance/conceptos.html>

<https://www.ine.es/metodologia/t22/t22a061p.pdf>

## 10 Anexo

### 10.1 Cadros e gráficos extraídos do Informe da AIReF): *Evaluación del Gasto Público, 2018. Estudio Programa Políticas Activas de Empleo.*

Cadro nº 90. Visión global das PAE por países


| Indicador                                                                   | Alemania | Australia | Bélgica | Francia | Finlandia | España |
|-----------------------------------------------------------------------------|----------|-----------|---------|---------|-----------|--------|
| Evolución de la tasa de paro (promedio 2014-2016 respecto a 1995-1998)      | -50%     | -28%      | -11%    | -16%    | -41%      | 5%     |
| Evolución de la tasa de ocupación (promedio 2014-2016 respecto a 1995-1998) | 8%       | 6%        | 3%      | 0%      | 8%        | -3%    |
| Gasto PAE por participante (2016)                                           | 4.089 €  | 1.773 €   | 1.949 € | 2.752 € | 2.176 €   | 470 €  |
| Evolución del gasto PAE/ PIB (promedio 2014-2016 respecto 1995-1998)        | -45%     | -53%      | -19%    | -24%    | -14%      | 34%    |
| Gasto PAE/PIB (2016)                                                        | 0,63     | 0,24      | 0,73    | 1,01    | 0,99      | 0,6    |
| Ratio demandantes de empleo por funcionario público (2016) *                | 51       | —         | 58      | 107     | 19        | 188    |

Fuente: Elaboración propia a partir de los datos de la OCDE.

\* Nota metodológica: el cálculo de la ratio de demandantes de empleo por funcionario público se ha realizado tomando en consideración:

- Numerador: número de desempleados registrados, según la información de Eurostat.
- Denominador: conjunto de empleados públicos en el ámbito de las políticas activas de empleo y políticas pasivas de empleo tanto en servicios centrales, como de servicios de empleo autonómicos, regionales y oficinas locales de empleo. (OCDE, 2016).

Gráfico nº 69. Esquema global simplificado de financiación do sistema español de emprego




Fuente: Elaboración propia.

Cadro nº 91. Orzamento de gasto en PAE por CCAA en 2017

| Ranking de mayor gasto obligado | Comunidades autónomas      | Crédito inicial (€)  | Crédito definitivo (€) | Gasto ejecutado (€)  | % sobre inicial total | % sobre definitivo total | % sobre obligado total |
|---------------------------------|----------------------------|----------------------|------------------------|----------------------|-----------------------|--------------------------|------------------------|
| 1                               | Andalucía                  | 756.151.978          | 767.581.650            | 403.982.827          | 19,51                 | 16,09                    | 13,70                  |
| 11                              | Aragón                     | 103.737.004          | 112.700.174            | 97.285.805           | 2,68                  | 2,36                     | 3,30                   |
| 8                               | Canarias                   | 215.432.339          | 272.352.916            | 191.354.931          | 5,56                  | 5,71                     | 6,49                   |
| 13                              | Cantabria                  | 91.691.214           | 79.682.639             | 70.236.976           | 2,37                  | 1,67                     | 2,38                   |
| 9                               | Castilla-La Mancha         | 194.484.650          | 304.684.628            | 160.017.461          | 5,02                  | 6,39                     | 5,43                   |
| 6                               | Castilla y León            | 247.420.917          | 256.402.664            | 215.558.143          | 6,38                  | 5,37                     | 7,31                   |
| 3                               | Cataluña                   | 386.087.678          | 572.192.226            | 335.017.788          | 9,96                  | 11,99                    | 11,36                  |
| 2                               | Comunidad de Madrid        | 443.034.943          | 646.963.994            | 341.436.710          | 11,43                 | 13,56                    | 11,58                  |
| 5                               | Comunitat Valenciana       | 319.752.240          | 503.362.577            | 242.545.096          | 8,25                  | 10,55                    | 8,23                   |
| 7                               | Extremadura                | 262.419.111          | 256.327.003            | 203.422.270          | 6,77                  | 5,37                     | 6,90                   |
| 10                              | Galicia                    | 165.036.981          | 238.618.583            | 114.534.506          | 4,26                  | 5,00                     | 3,89                   |
| 15                              | Islas Baleares             | 74.045.358           | 77.556.983             | 49.168.828           | 1,91                  | 1,63                     | 1,67                   |
| 17                              | La Rioja                   | 22.280.495           | 21.179.642             | 12.011.665           | 0,57                  | 0,44                     | 0,41                   |
| 16                              | Comunidad foral de Navarra | 54.433.723           | 55.063.036             | 39.215.187           | 1,40                  | 1,15                     | 1,33                   |
| 4                               | País Vasco                 | 356.651.848          | 351.178.276            | 334.165.258          | 9,20                  | 7,36                     | 11,34                  |
| 14                              | Principado de Asturias     | 89.823.255           | 100.836.479            | 62.880.418           | 2,32                  | 2,11                     | 2,13                   |
| 12                              | Región de Murcia           | 93.509.295           | 154.407.910            | 75.247.415           | 2,41                  | 3,24                     | 2,55                   |
| <b>Total</b>                    |                            | <b>3.875.993.029</b> | <b>4.771.091.380</b>   | <b>2.948.081.283</b> | <b>100 %</b>          | <b>100 %</b>             | <b>100 %</b>           |


Fuente: Elaboración propia a partir de los datos del presupuesto de gastos de los servicios autonómicos de empleo en el año 2017.

Gráfico nº 70. Gasto por CCAA por demandante de emprego en 2017



Fuente: Elaboración propia en base a datos de gasto enviados por las CCAA y datos de demandantes inscritos en oficinas extraídos del SISPE en 2017.

Gráfico nº 71. Servicios realizados por las Oficinas de Empleo por tipología e CCAA en 2017



Fuente: Elaboración propia en base a una extracción de SISPE de los servicios por oficina (UAG) en 2017.

## 10.2 Agregación EPA

| Agregación                                 | CNAE 09 incluídas                                                                                                                                                                                                             |
|--------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Primario                                   | 01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas<br>02 Silvicultura e explotación forestal<br>03 Pesca e acuicultura                                                                                           |
| Industrias extractivas                     | 05 Extracción de antracita, hulla e lignito<br>06 Extracción de cru de petróleo e gas natural<br>07 Extracción de minerais metálicos<br>08 Outras industrias extractivas<br>09 Actividades de apoio ás industrias extractivas |
| Industria da alimentación, bebida e tabaco | 10 Industria da alimentación<br>11 Fabricación de bebidas<br>12 Industria do tabaco                                                                                                                                           |
| Industria téxtil, confección e calzado     | 13 Industria téxtil<br>14 Confección de roupa de vestir<br>15 Industria do coiro e do calzado                                                                                                                                 |
| Industria da madeira, cortiza e papel      | 16 Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestería e espartaría<br>17 Industria do papel                                                                                                                            |
| Petróleo, química e produtos farmacéuticos | 19 Coquerías e refinación de petróleo<br>20 Industria química<br>21 Fabricación de produtos farmacéuticos<br>22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos<br>23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos       |
| Metalurxia e produtos metálicos            | 24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes<br>25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento                                                                                 |
| Maquinaria e equipamento                   | 26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos<br>27 Fabricación de material e equipamento eléctrico<br>28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n                                                     |
| Vehículos de motor e material transporte   | 29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques<br>30 Fabricación doutro material de transporte<br>33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento                                                    |
| Mobles e outras                            | 31 Fabricación de mobles<br>32 Outras industrias manufactureiras                                                                                                                                                              |
| Enerxías, auga e reciclaxe                 | 35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado<br>36 Captación, depuración e distribución de auga                                                                                                      |

|                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|---------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                       | 37 Recolla e tratamento de augas residuais<br>38 Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización<br>39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos                                                                                                              |
| Construción                           | 41 Construción de edificios<br>42 Enxeñaría civil<br>43 Actividades de construción especializada                                                                                                                                                                                                         |
| Venda e reparación vehículos de motor | 45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas                                                                                                                                                                                                                                               |
| Comercio por xunto                    | 46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas                                                                                                                                                                                                           |
| Comercio ao retallo                   | 47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas                                                                                                                                                                                                                                       |
| Transporte                            | 49 Transporte terrestre e por tubaxe<br>50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores<br>51 Transporte aéreo                                                                                                                                                                                   |
| Correos                               | 52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte<br>53 Actividades postais e de correos                                                                                                                                                                                                               |
| Servizos de aloxamento                | 55 Servizos de aloxamento                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Servizos de comida e bebidas          | 56 Servizos de comidas e bebidas                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Edición e servizos de información     | 18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados<br>58 Edición<br>59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical<br>60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión<br>61 Telecomunicacións<br>63 Servizos de información |
| informática                           | 62 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática                                                                                                                                                                                                                           |
| Servizos financeiros e seguros        | 64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións<br>65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións, salvo Seguridade Social obrigatoria<br>66 Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros                                                                                      |
| Servizos inmobiliarios                | 68 Actividades inmobiliarias<br>77 Actividades de aluguer                                                                                                                                                                                                                                                |
| Servizos as empresas                  | 69 Actividades xurídicas e de contabilidade<br>70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial                                                                                                                                                                      |

|                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|-------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                     | 82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas                                                                                                                                                                                 |
| Servizos arquitectura               | 71 Servizos técnicos de arquitectura e enerxía, ensaios e análises técnicas                                                                                                                                                                                            |
| Investigación e estudos de mercados | 72 Investigación e desenvolvemento<br>73 Publicidade e estudos de mercado<br>74 Outras actividades profesionais, científicas técnicas                                                                                                                                  |
| Actividades veterinarias            | 75 Actividades veterinarias                                                                                                                                                                                                                                            |
| Outras actividades profesionais     | 78 Actividades relacionadas co emprego<br>79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes<br>80 Actividades de seguranza e investigación<br>81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría |
| Administración Pública              | 84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria                                                                                                                                                                                                     |
| Educación                           | 85 Educación                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Actividades sanitarias              | 86 Actividades sanitarias                                                                                                                                                                                                                                              |
| Servicios sociais                   | 87 Asistencia en establecementos residenciais<br>88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento                                                                                                                                                                     |
| Actividades culturais e artísticas  | 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos<br>91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais<br>92 Actividades de xogos de azar e apostas                                                                                   |
|                                     | 93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento                                                                                                                                                                                                               |
|                                     | 94 Actividades asociativas<br>95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico<br>96 Outros servizos persoais                                                                                                                                 |
|                                     | 97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico<br>98 Actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio                                                                                                                     |
| Non incluído                        | 99 Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais                                                                                                                                                                                                         |

